



# BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO

ANO CCCXLIII

MARTES 21 DE XANEIRO DE 2003

SUPLEMENTO NÚM. 3 EN LINGUA GALEGA

FASCÍCULO SEGUNDO

**25412** *LEI 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. («BOE» 313, do 31-12-2002.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2003 establece determinados obxectivos de política económica, a consecución dos cales fai necesaria ou conveniente a aprobación de diversas medidas normativas que permiten unha mellor e máis eficaz execución



MINISTERIO  
DE LA PRESIDENCIA

do programa do Goberno, nos distintos ámbitos en que aquel desenvolve a súa acción.

Este é o fin perseguido pola presente lei que, ó igual que en anos anteriores, recolle distintas medidas referentes a aspectos tributarios, sociais, de persoal ó servizo das administracións públicas, de xestión e organización administrativa, e de acción administrativa en diferentes ámbitos sectoriais.

## II

En materia tributaria debe terse en conta que no ano 2003 entrará en vigor a segunda reforma tributaria levada a cabo polo Goberno en materia de imposición directa mediante a modificación do imposto sobre a renda das persoas físicas. Así mesmo, a reforma da tributación local, que será obxecto de modificación en norma independente, permitirá adecuarlo financiamento das entidades locais ó principio de suficiencia financeira, pechando deste modo a reforma financeira territorial unha vez entrado en vigor o novo sistema de financiamento das comunidades autónomas e as cidades con estatuto de autonomía.

No imposto sobre sucesións e doazóns inclúense algunhas modificacións de carácter técnico e que permiten unha mellor xestión do imposto. Así, introdúcense modificacións que afectan a tributación do dereito de núa propiedade, así como o cálculo da base liquidable no suposto de acumulación de doazóns e, por último, acláranse os supostos de responsabilidade subsidiaria de determinados intermediarios.

As modificacións na imposición indirecta que se inclúen na Lei de medidas fiscais, administrativas e da orde social son de carácter técnico ou veñen esixidas, novamente, pola normativa comunitaria, como son as que afectan o imposto sobre o valor engadido, o imposto xeral indirecto canario e os impostos especiais.

No imposto sobre o valor engadido, a maior parte das modificacións introducidas na Lei do imposto derivan da adaptación do dereito interno ás directivas comunitarias sobre comercio electrónico e servizos de radiodifusión e televisión e sobre facturación. En transposición da Directiva 2002/38/CE, régúlase un novo réxime especial aplicable a determinados operadores non comunitarios que presten servizos de comercio electrónico e concréntanse as regras de localización aplicables ós servizos de comercio electrónico e ós de radiodifusión e televisión. En canto ás disposicións sobre facturación, realízanse as adaptacións necesarias para recoller as liñas básicas da Directiva 2001/115/CE, que harmoniza e simplifica no ámbito comunitario as condicións e o contido da facturación no imposto sobre o valor engadido, o que permitirá un ulterior desenvolvemento regulamentario no que se traspoña ó noso dereito o seu contido.

Ademais das anteriores medidas, introdúcense diversas melloras técnicas no imposto, entre as que cabe salientala relativa á sistematización das regras especiais de localización das prestacións de servizos. Así mesmo, especificanse as particularidades que afectan o dereito á deducción no réxime especial simplificado, así como o réxime especial da agricultura, gandería e pesca.

No imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, introdúcense algunhas modificacións tamén de carácter técnico. Clarifícanse as normas relativas á base imponible nos préstamos hipotecarios ou con outra garantía e nos supostos de posesión e mellora das hipotecas no relativo á cota gradual dos documentos notariais. Clarifícase, igualmente, a esixibilidade da cota gradual do concepto de actos xurídicos documentados para documentos notariais ins-

cribibles no Rexistro de Bens Móbiles. Suprímese o feito imponible relativo ó concepto de actos xurídicos documentados nas copias de escrituras que documentan o cambio de valor das accións ou o cambio da súa condición de nominativas ou ó portador e, por último, establécese a obriga de nomear representante por parte dos contribuíntes non residentes fixando como domicilio fiscal destes, en caso de non designar representante, o inmovible obxecto da transmisión.

No ámbito dos impostos especiais especificase que non se considerará exportación a saída do ámbito territorial comunitario dos carburantes contidos nos depósitos normais de vehículos e contedores con ocasión da súa saída do referido ámbito. Modifícanse os tipos impositivos de imposto sobre hidrocarburos para reduci-lo tipo impositivo aplicable ó gas licuado do petróleo utilizado como carburante de uso xeral e redúcese o tipo impositivo do queroseno utilizado como combustible de calefacción.

Con vixencia ata finais de 2012 establécese para os chamados «biocarburantes» un tipo cero do imposto sobre hidrocarburos. Esta medida, conxuntamente coas modificacións normativas que poidan introducirse no prazo máximo de seis meses relativas á calidade destes produtos e á seguridade das instalacións necesarias para a súa utilización en mesturas directas con carburantes fósiles, pretende fomentar a utilización destes carburantes de orixe agrícola ou de orixe vexetal. En efecto, pola vía da supresión do imposto sobre hidrocarburos, compénsase o de momento maior custo da produción dos biocarburantes que, en cambio, presentan evidentes vantaxes ambientais e enerxéticas fronte ós carburantes fósiles convencionais.

Por último, trasponse ó ordenamento interno o establecido na Directiva 2002/10/CE do Consello, do 12 de febreiro de 2002, no referente á definición de cigarros e cigarrillos.

No imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos, as modificacións consisten na eliminación do ámbito obxectivo do imposto do queroseno utilizado como combustible de calefacción, así como de determinados aditivos para carburantes dada a súa exígua recadación en comparación co custo de xestión da esixencia do imposto en relación cos ditos produtos.

En canto ó réxime económico e fiscal de Canarias, as medidas introducidas afectan, dun lado, o arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías en Canarias e, doutro, o imposto xeral indirecto canario.

Polo que se refire ó arbitrio, procédese a efectuar determinadas modificacións nos anexos IV e V que son meras actualizacións das posicións estatísticas do arancel aduaneiro comunitario e procédese a suprimir a figura dos produtos gravados a tipo cero porque a aplicación do dito tipo non supón diferenza de tratamento respecto á súa exclusión do ámbito obxectivo do arbitrio.

Respecto ó imposto xeral indirecto canario, algunhas das modificacións derivan, ó igual que no imposto sobre o valor engadido, da adaptación do dereito interno ás directivas comunitarias sobre comercio electrónico e sobre facturación. Outras, en cambio, son melloras técnicas que afectan diversos aspectos do imposto. Así, restrínxese o concepto de entrega de bens ás execucións de obra inmobiliaria que teñen por obxecto a construción dunha edificación, salvo os supostos en que a propia lei diga o contrario. Actualízase a contía do volume de facturación que actúa como límite para a exención nas entregas de bens e prestacións de servizos realizados por persoas físicas. Aclárase a aplicación do tipo cero para a produción de auga e para a realización de infraestructuras de canalización hidráulica. Eméndase a omisión relativa á deducibilidade do IVE soportado nas entregas

de ouro de investimento cando se renunciase á exención. Simplifícanse os supostos de aplicación do tipo xeral nos automóviles.

Incorpóranse unha serie de medidas que afectan varios impostos, en relación coas cidades de Ceuta e Melilla. En primeiro lugar, no imposto sobre o patrimonio elévase ó 75 por 100 a bonificación correspondente á parte da cota que proporcionalmente corresponda a bens e dereitos situados ou que se debesen exercer ou cumprir en Ceuta e Melilla. De igual forma, establécese unha bonificación nas cotas do imposto sobre sucesións e doazóns do 50 por 100 nas adquisicións mortis causa e nas cantidades percibidas polos beneficiarios de seguros sobre a vida cando o causante tivese a súa residencia habitual á data do devengo en Ceuta ou Melilla durante os cinco anos anteriores e unha bonificación do 50 por 100 nas adquisicións inter vivos pola parte de cota que corresponda a inmobles situados nestas cidades e tamén, para o resto de adquisicións inter vivos, cando o adquirente teña a súa residencia habitual en Ceuta e Melilla.

Por último, no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados bonifícase nun 50 por 100 a cota gradual dos documentos notariais cando o rexistro no que se deba proceder á inscrición ou anotación radique en Ceuta e Melilla e bonifícase nun 50 por 100 a cota polo concepto de operacións societarias cando se cumpran determinados requisitos. Polo que se refire ó concepto de transmisións patrimoniais onerosas, especificanse os supostos en que se aplicará a bonificación do 50 por 100 na cota do citado concepto.

Polo que se refire ás taxas, incorpóranse, como cada ano, modificacións de diversa índole. Así, modifícanse as seguintes taxas e canons: taxa pola autorización, celebración ou organización de rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias, taxa por actuacións dos rexistros de buques e empresas navieiras, taxa por redacción de proxectos, confrontación e taxación de obras e proxectos, taxas da Xefatura Central de Tráfico, taxa de aterraxe, taxa por inspeccións e controis veterinarios de produtos de orixe animal non destinados a consumo humano, que se introduzan en territorio nacional procedentes de países non comunitarios, canons por concesións e autorizacións sobre dominio público marítimo-terrestre, taxas do Boletín Oficial del Estado, taxas esixibles polos servicios e actividades realizados en relación co financiamento con cargo a fondos da Seguridade Social e fixación de prezo dos efectos e accesorios (Lei do medicamento) e os canons que percibirá o Xestor de Infraestructuras Ferroviarias ata a entrada en vigor do novo marco normativo do sector ferroviario.

Doutra parte, créanse, entre outras, as seguintes taxas e canons: taxa por dereitos de exame para as titulacións para o goberno das embarcacións de recreo, taxa polos servicios de habilitación nacional do profesorado universitario, taxa por homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros, taxa de exame preliminar internacional da Oficina Española de Patentes e Marcas, taxas polos servicios e actividades en materia de industrias alimentarias, preparados alimenticios para réximes especiais ou dietéticos e augas minerais naturais e de manancial, taxas en materia de adxudicación do código de identificación dos alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais susceptibles de financiamento polo Sistema Nacional de Saúde, clasificación por tipo de dieta, así como os cambios de nome ou composición dos referidos produtos e taxas esixibles para os servicios e actividades realizados en materia de praguicidas de uso ambiental e na industria alimentaria, así como para tódolos biocidas en xeral.

En canto ó dereito tributario xeral, introdúcese algunhas modificacións na Lei xeral tributaria. En primeiro lugar, aclárase a obriga de conservar copia dos

programas e ficheiros informáticos que serven de soporte ás declaracións que deben presentar certos obrigados tributarios. En segundo lugar, a experiencia acumulada desde a introducción dun procedemento sancionador separado pola Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, determina a conveniencia de fixar con carácter xeral un prazo, ata o de agora inexistente, para o inicio dos expedientes sancionadores derivados das actuacións de comprobación e investigación e, por último, aclárase a posibilidade de que a Inspección dos Tributos analice nas súas propias oficinas as copias dos libros e da documentación do obrigado tributario. Tamén se introducen algunhas modificacións na normativa reguladora das declaracións censuais que deben presentalos obrigados tributarios.

Incorpórase tamén a regulación dos beneficios fiscais aplicables en relación coa celebración do «Ano Santo Xacobeo», con vixencia ata os exercicios 2003 e 2004.

### III

O título II da lei ten por obxecto o establecemento de medidas relacionadas coa orde social.

Comeza o título coa inclusión de reformas no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Así, regúlase a cotización polas retribucións correspondentes a vacacións anuais devengadas e non gozadas con anterioridade á relación laboral que se satisfan ó finalizar esta, as cales serán obxecto de liquidación e cotización complementaria á do mes da extinción do contrato.

Engádeselle unha nova disposición adicional ó texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social. Nela regúlase a extensión da acción protectora por continxencias profesionais ós traballadores incluídos no réxime especial da Seguridade Social de traballadores por conta propia ou autónomos, que poderán mellorar voluntariamente o ámbito da acción protectora que este réxime lles dispensa, incorporando a correspondente ás continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, sempre que, previa ou simultaneamente, optasen por incluír, dentro do dito ámbito, a prestación económica por incapacidade temporal.

No referente ós réximes especiais de Seguridade Social, modifícanse o texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, e o texto refundido das leis 38/1966, do 31 de maio, e 41/1970, do 22 de decembro, polo que se regula o réxime especial agrario da Seguridade Social, aprobado polo Decreto 2123/1971, do 23 de xullo. O obxecto de ámbalas reformas é a mellora da acción protectora nestes réximes especiais, incrementándose a pensión por incapacidade permanente, no grao de incapacidade permanente total para a profesión habitual. En tal sentido, establécese que os traballadores por conta propia, incluídos nestes réximes especiais, que teñan cincuenta e cinco ou máis anos percibirán a prestación económica de incapacidade permanente total para a profesión habitual, nas condicións de percepción e incremento da porcentaxe que se fixe regulamentariamente. En todo caso, será requisito para o recoñecemento do incremento que o pensionista non exerza actividade retribuída nin teña a titularidade dunha explotación marítimo-pesqueira ou agraria ou dun establecemento mercantil ou industrial.

Incorpóranse un grupo de preceptos referidos ós réximes especiais de Seguridade Social dos funcionarios.

Así, modifícase o texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial de Seguridade

Social do persoal ó servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2000, do 23 de xuño, reducindo de cinco a catro anos o prazo de prescrición de determinadas accións e dereitos, en consonancia coas modificacións introducidas no mesmo sentido no réxime xeral de Seguridade Social e nos réximes especiais dos funcionarios civís do Estado e das Forzas Armadas pola Lei 14/2000, do 29 decembro, e Lei 24/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Así mesmo, introdúcese reformas de índole organizativa na Mutualidade Xeral Xudicial.

Regúlase o réxime de infraccións administrativas e sancións no ámbito dos réximes especiais dos funcionarios civís do Estado, das Forzas Armadas e do persoal ó servizo da Administración de xustiza, e modifícase o texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2000, do 23 de xuño, No concernente ó prazo de prescrición da acción para reclama-la devolución total ou parcial das cotas ou ó seu exceso, ingresado indebidamente, que se fixa en catro anos, e a subministración de información procedente do Rexistro Central de Persoal, á Mutualidade Xeral de funcionarios civís do Estado.

Ademais apróbase o programa de fomento do emprego para o ano 2003.

No atinente ás axudas ós afectados por delitos de terrorismo, amplíase o ámbito temporal de aplicación da Lei 31/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, ata o 31 de decembro de 2003.

Así mesmo, regúlase a posibilidade de conceder, en casos de perentoria necesidade, anticipos á conta de axudas extraordinarias, gastos de asistencia médica, traslado de afectados e aloxamentos provisionais, de contía superior ó 70 por 100 da cantidade que previsiblemente puidese outorgarse. En fin, modifícase a Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, no referente ó procedemento de concesión de condecoracións da Real Orde de Recoñecemento Civil ás Víctimas do Terrorismo.

#### IV

O título III da lei contén diversas medidas que afectan o persoal ó servizo das administracións públicas e do sector público estatal.

En canto ó réxime xeral do persoal funcionario e estatutario, en materia de corpos e escalas, regúlase a convocatoria extraordinaria para a integración de funcionarios de novo ingreso dos organismos públicos de investigación adscritos ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía na escala de investigadores titulados, creada pola Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e créanse o corpo superior de xestión catastral e a escala de axentes ambientais de parques nacionais.

No referido a permisos e licencias, modifícase a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, para recolle-la posibilidade de que os permisos por maternidade se poidan gozar en réxime de xornada completa ou a tempo parcial, en consonancia co establecido na lexislación laboral.

No atinente ós funcionarios das entidades locais, modifícase o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, regulando as competencias para a imposición de sancións ós funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

No referido ó réxime de clases pasivas, modifícase o texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado,

aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril, adecuando determinados preceptos a modificacións xa introducidas en anos anteriores, e dáselle carácter indefinido á regulación contida nas disposicións adicionais vixésimo segunda e vixésimo terceira da Lei 23/2001, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2002, pola que se harmoniza o sistema de cálculo das pensións extraordinarias por actos de terrorismo, e elévanse as pensións extraordinarias causadas por actos de terrorismo a favor de persoas que non teñen dereito a pensión por ningún réxime público de Seguridade Social, á vez que establece esta contía como garantía mínima para pensións extraordinarias por actos de terrorismo que se recoñezan por calquera réxime público de Seguridade Social.

No concernente a outros réximes de persoal, modifícase a Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, con relación á provisión de destinos ó persoal de novo acceso.

Por último, modifícase a Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ó servizo das administracións públicas, no concernente á elección a representantes do persoal laboral ó servizo da Sociedade Estatal «Correos y Telégrafos Sociedad Anónima».

#### V

O título IV da lei dedícase á regulación das medidas de xestión e organización administrativa.

En materia de xestión financeira, en primeiro lugar, modifícanse diversos preceptos do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobada polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Elimínase a posibilidade de imputar ó orzamento obrigas recoñecidas durante o mes de xaneiro seguinte ó exercicio correspondente ó dito orzamento. Recóllese así con carácter indefinido o previsto na disposición adicional segunda das leis de orzamentos xerais do Estado para os anos 2001 e 2002, para aqueles exercicios.

En consonancia co disposto na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e as cidades con estatuto de autonomía, que prevé que o procedemento para a determinación das entregas á conta e liquidación definitiva de determinados impostos se realice como devolución de ingresos nos distintos conceptos, inclúese tal posibilidade como excepción ó principio de orzamento bruto.

En materia de modificacións orzamentarias, para adecualo texto refundido da Lei xeral orzamentaria ás innovacións contidas na Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria na materia, elimínase a posibilidade de realizar ampliacións de crédito por ingresos afectados, supostos que se tratan como xeracións de crédito ó igual que as reposicións como consecuencia de pagamentos indebidos que actualmente se consideran como reintegros.

Ademais, dáselle nova regulación á apertura de contas de situación de fondos do Tesouro Público no exterior a nome das embaixadas, representacións permanentes, consulados de España e órganos da Axencia Española de Cooperación Internacional. Por último, actualízanse as competencias da Intervención Xeral da Administración do Estado como centro directivo da contabilidade pública, e a regulación da obriga de subministrar información á Intervención Xeral da Administración do Estado, en consonancia coas competencias para elaboralo informe sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria que a este órgano superior lle atribúe a Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

Modifícase a Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, introducindo diversas melloras de carácter técnico.

No concernente á xestión en materia de contratación, modifícase o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, engadindo unha disposición adicional que lles permite ós órganos de contratación crear rexistros de licitadores. Así mesmo, modifícase a Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas, regulando determinados aspectos do réxime dos contratos de arrendamento das vivendas militares.

No que atinxe á xestión en materia de patrimonio do Estado, modifícase o texto articulado da Lei de bases do patrimonio do Estado, aprobada polo Decreto 1022/1964, do 15 de abril.

Recóllese o principio de liberdade de pacto respecto dos negocios xurídicos que afecten os bens e dereitos do patrimonio do Estado, establécese que a condición ou modo de afectación a determinado destino imposto ás doazóns realizadas a favor do Estado se entenderá cumprido e consumado cando durante trinta anos servise ó citado destino. Regúlanse os arrendamentos con opción de compra, dáselle nova regulación ó alleamento de bens litixiosos e establécese a formalización en documento administrativo da cesión de bens, que será título suficiente para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

Así mesmo, regúlase a cesión gratuita de bens inmobles a outras administracións, organismos ou institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, cando non fose posible vendelos ou permutalos, ou cando razoablemente se poida prever que en caso de venda o seu valor sería inferior ó 25 por 100 do que tivesen no momento da súa adquisición. Por último, regúlase a mutación de destino de bens mobles entre distintos departamentos de adscrición.

No atinente á organización administrativa, inclúense normas relativas ó réxime de distintos órganos da Administración xeral do Estado, de organismos públicos e de sociedades mercantís estatais.

Modifícase a Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, prevendo a posibilidade de crear subdelegacións do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais, atendendo ás especiais circunstancias que concorran naquelas, tales como a poboación do territorio, o volume de xestión ou as súas singularidades xeográficas, sociais ou económicas. Ademais, modifícase a Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuita, no concernente á composición da Comisión Central de Asistencia Xurídica Gratuita, así como as comisións de asistencia xurídica provinciais, das illas con partidos xudiciais, e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla; prevese a posibilidade de que a Axencia Española de Cooperación Internacional poida delegar o exercicio das competencias que lle atribúe a lei nas misións diplomáticas e oficinas consulares de España; amplíase o ámbito das funcións formativas atribuídas ó Centro de Estudos Xurídicos da Administración de Xustiza, e modifícase o réxime xurídico da Entidade Pública Empresarial Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea, atribuíndolle competencias para xestionar os aeródromos, heliportos e demais superficies aptas para o transporte aéreo que se lle encomenden.

Así mesmo, modifícase o réxime xurídico da «Sociedade Estatal de Gestión Inmobiliaria de Patrimonio, Sociedade Anónima» (SEGIPSA), e da «Empresa de Transformación Agraria, Sociedade Anónima» (TRAGSA).

## VI

O título V da lei contén previsións relativas a diversos aspectos da acción administrativa sectorial, entre as que cabe salientalas seguintes:

En canto á acción administrativa en materia de ordeñación económica, no que se refire a seguros, introdúcese diversas modificacións na Lei 87/1978, do 28 de decembro, de seguros agrarios combinados. En materia de enerxía, establécese que «Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima», terá dereito de adquisición preferente sobre as instalacións de transporte autorizadas, no caso de que os titulares propietarios delas pretendesen vendérllelas a outras empresas que reúnan os requisitos legais necesarios para desenvolver a actividade de transporte en España. Ademais, en materia monetaria, modifícase a Lei 10/1975, do 12 de maio, de regulación de moeda metálica, no que atinxe ó réxime de infraccións e sancións administrativas en relación coa alteración da moeda metálica, manipulación de moedas para realización de artigos de ourivería ou xoiería, e uso industrial delas.

No concernente á acción administrativa en materia de infraestruturas e transporte, modifícase a Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, no concernente ós requisitos de inscrición das empresas navieiras e de buques. Así mesmo, modifícase a Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, prevendo que as administracións públicas territoriais e as persoas e entidades particulares nacionais dun estado membro da Unión Europea deberán obter unha autorización previa, de acordo coas condicións que determine o Ministerio de Fomento, para construír ou participar na construción de aeroportos de interese xeral.

En canto á acción administrativa en materia de réxime do solo e vivenda, introdúcese unha aclaración na Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, no referente ós criterios de valoración aplicables ós solos destinados a infraestruturas e servizos públicos de interese xeral supramunicipal, autonómico ou estatal. Ratifícase o actual criterio rector, polo que a valoración se determina, en todo caso, segundo a clase de solo sobre o que se asenten ou discorran estas infraestruturas ou servizos, deixando claro que só se valorarán en función do aproveitamento dun determinado ámbito do planeamento urbanístico, se este os adscribise ou incluíse expresamente nel, para os efectos da súa obtención a través dos mecanismos de equidistribución de beneficios e cargas. Así mesmo, modifícase a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, excluíndo da esixencia de garantía contra danos materiais ocasionados por vicios e defectos na construción os supostos de autopromoción individual dunha vivenda familiar de uso propio, sen prexuízo de que, en caso de transmisión inter vivos da citada vivenda, se esixa a constitución de tal garantía.

En materia de servizos postais, introdúcese unha importante modificación da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, pola que se traspón ó ordenamento xurídico interno a Directiva 2002/39/CE, do 10 de xuño de 2002, pola que se modifica a Directiva 97/67/CE, co fin de proseguir a apertura á competencia dos servizos postais da Comunidade.

No atinente ás telecomunicacións e á sociedade da información, modifícase a Lei 12/1997, do 24 de abril, de liberalización das telecomunicacións, no que concirne ás competencias para o exercicio da potestade sancionadora; así como se modifica o Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións, no referido ó bucle virtual de abonado,

con obxecto de amplia-las opcións dos usuarios, de forma que, pola súa elección, poidan romper-lo vínculo comercial co operador que lles prové o acceso a prol de quen elixiu para cursa-las súas chamadas mediante preselección, ó tempo que se promove a innovación en tarifas.

Nesa materia, modifícase tamén a Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, co fin de facilita-lo desenvolvemento da televisión dixital, e modifícase a Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, suprimindo o límite do 49 por 100 para que un mesmo accionista participe no capital dunha sociedade concesionaria de televisión privada.

No que atinxe á acción administrativa en materia de deportes, inclúese unha importante modificación da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, introducindo un conxunto de medidas tendentes á erradicación da violencia no deporte. Así, ampliáanse as competencias da Comisión Nacional contra a Violencia nos espectáculos deportivos; regúlase a asunción de responsabilidades por danos e desordes orixinados en eventos deportivos; ampliáanse os ilícitos administrativos tipificados, concretando as competencias para a imposición de sancións, e incorpóranse novas infraccións ás xa existentes no ámbito da disciplina deportiva.

En materia de agricultura, decláranse de interese xeral determinadas obras hidráulicas con destino á rega.

En materia de ambiente, decláranse de urxente ocupación determinadas obras hidráulicas e decláranse de interese xeral obras hidráulicas con destino a abastecemento de localidades.

O tempo, modifícase a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, co obxecto de coordina-las actuacións das administracións con competencias concorrentes no ámbito costeiro, tendo en conta a doutrina do Tribunal Constitucional para os efectos de delimita-las competencias das diferentes administracións maiores actuañtes. Así mesmo, complétase a regulación dos procedementos regulados na Lei de costas, fixando expresamente o prazo para dictar resolución e notificárllela ós interesados nos procedementos de deslindamento e de extinción dos dereitos de ocupación do dominio público marítimo-terrestre; en fin, aclárase e precísase a regulación contida na disposición transitoria terceira, relativa á servidume de protección de 20 metros para os terreos clasificados como urbanos á entrada en vigor da Lei 22/1988, do 28 de xullo, co obxecto de facilita-la súa uniforme interpretación e aplicación.

Remata o título con diversas disposicións en materia de sanidade.

## VII

Na parte final recóllense diversas previsións que, por razóns de técnica lexislativa, non se consideran susceptibles de inclusión nos títulos anteriormente aludidos.

## TÍTULO I

### Normas tributarias

#### CAPÍTULO I

#### Impostos directos

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES

Artigo 1. *Modificación da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.*

Un. Incorpórase un novo parágrafo final á letra a) do número 1 do artigo 33 da Lei 43/1995, do 27 de

decembro, do imposto sobre sociedades, que queda redactado nos seguintes termos:

«a) Concepto de investigación e desenvolvemento.

Considerarase investigación a indagación orixinal planificada que persiga descubrir novos coñecementos e unha superior comprensión no ámbito científico e tecnolóxico, e desenvolvemento á aplicación dos resultados da investigación ou de calquera outro tipo de coñecemento científico para a fabricación de novos materiais ou produtos ou para o deseño de novos procesos ou sistemas de produción, así como para a mellora tecnolóxica substancial de materiais, produtos, procesos ou sistemas preexistentes.

Considerarase tamén actividade de investigación e desenvolvemento a materialización dos novos produtos ou procesos nun plano, esquema ou deseño, así como a creación dun primeiro prototipo non comercializable e os proxectos de demostración inicial ou proxectos piloto sempre que estes non se poidan converter ou utilizarse para aplicacións industriais ou para a súa explotación comercial.

Así mesmo, considerarase actividade de investigación e desenvolvemento o deseño e a elaboración do mostrario para o lanzamento de novos produtos, así como a concepción de "software" avanzado, sempre que supoña un progreso científico ou tecnolóxico significativo mediante o desenvolvemento de novos teoremas e algoritmos ou mediante a creación de sistemas operativos e linguaxes novas. Non se inclúen as actividades habituais ou rutinarias relacionadas co "software".

Para efectos da deducción por investigación e desenvolvemento en deseño e elaboración de mostrarios entenderase como lanzamento dun novo produto a súa introducción no mercado e como novo produto, aquel de novidade esencial e non simplemente formal ou accidental.»

Dous. Engádeselle un novo número 7 ó artigo 35, pasando o actual número 7 a se-lo número 8. O novo número 7 quedará redactado nos seguintes termos:

«7. Os investimentos e gastos en locais homologados pola Administración pública competente para presta-lo servicio de primeiro ciclo de educación infantil ós fillos dos traballadores da entidade, e os gastos derivados da contratación deste servicio cun terceiro debidamente autorizado, darán dereito a practicar unha deducción da cota íntegra do 10 por 100 do importe destes investimentos e gastos.

A base da deducción minorarase na parte do custo do servicio repercutido pola empresa ós traballadores e no 65 por 100 das subvencións recibidas para a prestación do dito servicio e imputables como ingreso no período impositivo.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 36 ter, que quedará redactado nos seguintes termos:

«1. Deducción na cota íntegra.

Deducirase da cota íntegra o 20 por 100 das rendas positivas obtidas na transmisión onerosa dos elementos patrimoniais detallados no número seguinte integradas na base imponible sometida ó tipo xeral de gravame ou á escala prevista no artigo 127 bis desta lei, a condición de reinvestimento, nos termos e requisitos deste artigo.

Esta deducción será do 10 por 100, do 5 por 100 ou do 25 por 100 cando a base imponible tribute

ós tipos do 25 por 100, do 20 por 200 ou do 40 por 100, respectivamente.

Entenderase que se cumpre a condición de reinvestimento se o importe obtido na transmisión onerosa se reinvieste nos elementos patrimoniais a que se refire o número 3 deste artigo e a renda procede dos elementos patrimoniais enumerados no número 2 deste artigo.

Non se lle aplicará a esta deducción o límite a que se refire o último parágrafo do número 1 do artigo 37 desta lei. Para efectos do cálculo deste límite non se computará esta deducción.»

Catro. Modifícase o artigo 116, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 116. *Exploración, investigación e explotación de hidrocarburos: factor de esgotamento.*

As sociedades cun obxecto social que sexa exclusivamente a exploración, investigación e explotación de xacigos e de almacenamentos subterráneos de hidrocarburos naturais, líquidos ou gasosos, existentes no territorio español e no subsolo do mar territorial e dos fondos mariños que estean baixo a soberanía do Reino de España, nos termos da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e con carácter complementario destas, as de transporte, almacenamento, depuración e venda dos produtos extraídos, terán dereito a unha redución na súa base imponible, en concepto de factor de esgotamento, que poderá ser, a elección da entidade, calquera das dúas seguintes:

- a) O 25 por 100 do importe da contraprestación pola venda de hidrocarburos e da prestación de servizos de almacenamento, co límite do 50 por 100 da base imponible previa a esta redución.
- b) O 40 por 100 da contía da base imponible previa a esta redución.»

Cinco. Modifícase o artigo 117, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 117. *Factor de esgotamento: requisitos.*

1. O concesionario deberá investir as cantidades que reduciron a base imponible en concepto de factor de esgotamento nas actividades de exploración, investigación e explotación de xacigos ou de almacenamentos subterráneos de hidrocarburos que desenvolve no territorio español e no subsolo do mar territorial e dos fondos mariños que estean baixo a soberanía do Reino de España, así como no abandono de campos e no desmantelamento de plataformas mariñas, no prazo de dez anos contados desde a conclusión do período impositivo no que se reduza a base imponible en concepto de esgotamento. A mesma consideración terán as actividades de exploración, investigación e explotación realizadas nos catro anos anteriores ó primeiro período impositivo en que se reduza a base imponible en concepto de esgotamento.

Para estes efectos, entenderase por exploración ou investigación os estudos preliminares de natureza xeolóxica, xeofísica ou sísmica, así como todos os gastos realizados na área dun permiso de exploración ou investigación, tales como as sondaxes de exploración, así como os de avaliación e desenvolvemento, se resultan negativos, os gastos de obras para o acceso e preparación dos terreos e de localización destas sondaxes. Tamén se considerarán gastos de exploración ou investigación os realizados nunha concesión e que se refiran a traballos para a localización e perforación dunha estrutura capaz

de conter ou almacenar hidrocarburos, distinta á que contén o xacigo que deu lugar á concesión de explotación outorgada. Entenderase por abandono de campos e desmantelamento de plataformas mariñas os traballos necesarios para desmantela-las instalacións productivas terrestres ou as plataformas mariñas deixando libre e expedito o solo ou o espazo mariño que estas ocupaban na forma establecida polo decreto de outorgamento.

Entenderase, para estes efectos, por investimentos en explotación os realizados na área dunha concesión de explotación, tales como o deseño, a perforación e a construción dos pozos, as instalacións de explotación, e calquera outro investimento, tanxible ou intanxible, necesario para poder levar a cabo os labores de explotación, sempre que non se correspondan con investimentos realizados polo concesionario nas actividades de exploración ou de investigación referidas anteriormente.

Incluiranse como explotación, para estes efectos, as sondaxes de avaliación e de desenvolvemento que resulten positivas.

2. En cada período impositivo deberanse incrementar as contas de reserva da entidade no importe que reduciu a base imponible en concepto de factor de esgotamento.

3. Só se poderá dispor libremente das reservas constituídas en cumprimento do número anterior, na medida en que se vaian amortizando os bens financiados cos ditos fondos.

4. O suxeito pasivo deberá recoller na memoria dos dez exercicios seguintes a aquel no que se realizou a correspondente redución o importe desta, os investimentos realizados con cargo a ela e as amortizacións realizadas, así como calquera diminución nas contas de reservas que se incrementaron como consecuencia do previsto no número 2 e o seu destino. Estes feitos poderán ser obxecto de comprobación durante este mesmo período, para o cal o suxeito pasivo deberá presenta-la contabilidade e os oportunos soportes documentais que acrediten o cumprimento dos requisitos esixidos ó factor de esgotamento.

5. Os investimentos financiados por aplicación do factor de esgotamento non poderán acollerse ás deduccións previstas no capítulo IV do título VI.»

Seis. Modifícase o número 2 da disposición adicional oitava, que quedará redactado da seguinte forma:

«2. As referencias que o artigo 21 e o artigo 45.1.b).10 da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados fan ás definicións de fusión e escisión do artigo 2, números 1, 2 e 3, da Lei 29/1991, do 16 de setembro, de adecuación de determinados conceptos impositivos ás directivas e regulamentos das Comunidades Europeas, entenderanse feitas ó artigo 97, números 1, 2, 3 e 5, así como ás achegas non en diñeiro a que se refire o número 2 do artigo 132 desta lei, e as referencias ó réxime especial do título I da Lei 29/1991, entenderanse feitas ó capítulo VIII do título VIII da presente lei.»

## SECCIÓN 2.<sup>a</sup> IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO

Artigo 2. *Modificación da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2003, modifícase o artigo 33 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do

imposto sobre o patrimonio, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 33. *Bonificación da cota en Ceuta e Melilla.*

1. Se entre os bens ou dereitos de contido económico computados para a determinación da base imponible figurase algún situado ou que se debese exercer ou cumprir en Ceuta e Melilla e nas súas dependencias, bonificarase no 75 por 100 a parte da cota que proporcionalmente corresponda ós mencionados bens ou dereitos.

A anterior bonificación non será de aplicación ós non residentes nestas cidades, salvo polo que se refira a valores representativos do capital social de entidades xurídicas domiciliadas e con obxecto social nas citadas cidades ou cando se trate de establecementos permanentes situados nelas.

2. A Comunidade Autónoma, de acordo co previsto na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, poderá establecer deducións neste imposto, que resultarán compatibles coas establecidas polo Estado sen que poidan supoñer a súa modificación, aplicándose con posterioridade ás estatais.»

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> IMPOSTO SOBRE SUCESIÓN E DOAZÓN

Artigo 3. *Modificación da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2003, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns:

Un. Modifícase o primeiro parágrafo da letra c) do número 2 do artigo 20, que quedará redactado da seguinte forma:

«c) Nos casos nos que na base imponible dunha adquisición mortis causa que corresponda ós cónxuxes, descendentes ou adoptados da persoa falecida, estivese incluído o valor dunha empresa individual, dun negocio profesional ou participacións en entidades, ós que lles sexa de aplicación a exención regulada no número oitavo do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ou o valor de dereitos de usufructo sobre eles, ou de dereitos económicos derivados da extinción do dito usufructo, sempre que con motivo do falecemento se consolidase o pleno dominio no cónxuxe, descendentes ou adoptados, ou percibisen estes os dereitos debidos á finalización do usufructo en forma de participacións na empresa, negocio ou entidade afectada, para obter a base liquidable aplicarase na imponible, con independencia das reducións que procedan de acordo cos números anteriores, outra do 95 por 100 do mencionado valor, sempre que a adquisición se mantéña, durante os dez anos seguintes ó falecemento do causante, salvo que falecese o adquirente dentro dese prazo.»

Dous. Engádese un novo artigo, o 23 bis, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 23 bis. *Bonificación da cota en Ceuta e Melilla.*

1. Nas cotas deste imposto derivadas de adquisicións mortis causa e as cantidades percibidas

polos beneficiarios de seguros sobre a vida, que se acumulen ó resto de bens e dereitos que integran a porción hereditaria do beneficiario, efectuarase unha bonificación do 50 por 100 da cota, sempre que o causante tivese a súa residencia habitual á data do devengo en Ceuta ou Melilla e durante os cinco anos anteriores, contados data a data, que rematen o día anterior ó do devengo.

2. Nos supostos de adquisicións inter vivos, aplicarase unha bonificación do 50 por 100 da parte da cota que proporcionalmente corresponda ós inmobles situados en Ceuta ou Melilla. Para os efectos desta bonificación, terán a consideración de bens inmobles as transmisións a título gratuito dos valores a que se refire o artigo 108 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

3. No caso das demais adquisicións inter vivos, aplicarase unha bonificación do 50 por 100 da cota que corresponda cando o adquirente teña a súa residencia habitual en Ceuta ou Melilla.

4. Para a aplicación destas bonificacións, teranse en conta as normas establecidas sobre residencia habitual e puntos de conexión na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.»

Tres. Modifícase o artigo 25, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A prescrición aplicarase de acordo co previsto nos artigos 64 e seguintes da Lei xeral tributaria.

2. No suposto de escrituras autorizadas por funcionarios estranxeiros, o prazo de prescrición computarase desde a data da súa presentación ante calquera administración española, salvo que un tratado, convenio ou acordo internacional, suscrito por España, fixe outra data para o inicio deste prazo.»

Catro. Modifícase o artigo 26, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 26. *Usufructo e outras institucións.*

Serán de aplicación as normas contidas nos números seguintes á tributación do dereito de usufructo, tanto á constitución como á extinción, das substitucións, reservas, fideicomisos e institucións sucesorias forais:

a) O valor do usufructo temporal reputarase proporcional ó valor total dos bens, en razón do 2 por 100 por cada período dun ano, sen exceder do 70 por 100.

Nos usufructos vitalicios considerarase que o valor é igual ó 70 por 100 do valor total dos bens cando o usufructuario conte menos de vinte anos, minorando a medida que aumenta a idade, na proporción dun 1 por 100 menos por cada ano máis, co límite mínimo do 10 por 100 do valor total.

O valor do dereito de núa propiedade computarase pola diferenza entre o valor do usufructo e o valor total dos bens. Nos usufructos vitalicios que, pola súa vez, sexan temporais, a núa propiedade valorarase aplicando, das regras anteriores, aquela que lle atribúa menor valor.

Ó adquirirla núa propiedade efectuarase a liquidación, tendo en conta o valor correspondente a aquela, minorado, de se-lo caso, polo importe de



tódalas reducións a que teña dereito o contribuínte e con aplicación do tipo medio efectivo de gravame correspondente ó valor íntegro dos bens.

b) O valor dos dereitos reais de uso e habitación será o que resulte de lles aplicar ó 75 por 100 do valor dos bens sobre os que foron impostos as regras correspondentes á valoración dos usufructos temporais ou vitalicios, segundo os casos.

c) Na extinción do usufructo esixírase o imposto segundo o título de constitución, aplicando o tipo medio efectivo de gravame correspondente á desmembración do dominio.

d) Sempre que o adquirente teña facultade de dispor dos bens, o imposto liquidarase en pleno dominio, sen prexuízo da devolución que, de se-lo caso, proceda.

e) A atribución do dereito a gozar de todo ou parte dos bens da herdanza, temporal ou vitaliciamente, terá para efectos fiscais a consideración de usufructo, e valorarase conforme as regras anteriores.

f) Na substitución vulgar entenderase que o substituto herda ó causante e nas substitucións pupilar e exemplar, que herda ó substituído.»

Cinco. Modifícase o artigo 30, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 30. *Acumulación de doazóns.*

1. As doazóns e demais transmisións inter vivos equiparables que outorgue un mesmo doador a un mesmo donatario dentro do prazo de tres anos, contado a partir da data de cada unha, consideraranse como unha soa transmisión para os efectos da liquidación do imposto. Para determinar a cota tributaria aplicarase á base liquidable da actual adquisición o tipo medio correspondente á base liquidable teórica do total das adquisicións acumuladas.

2. O disposto no número anterior, para efectos da determinación da cota tributaria, será igualmente aplicable ás doazóns e demais transmisións inter vivos equiparables acumulables á sucesión que cause o doador a prol do donatario, sempre que o prazo que medie entre esta e aquelas non exceda de catro anos.

3. Para estes efectos, entenderase por base liquidable teórica do total das adquisicións acumuladas a suma das bases liquidables das doazóns e demais transmisións inter vivos equiparables anteriores e a da adquisición actual.»

Seis. Modifícase o artigo 32, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 32. *Deberes das autoridades, funcionarios e particulares.*

1. Os órganos xudiciais remitirán ós organismos da Administración tributaria da súa respectiva xurisdicción relación mensual das resolucións executoriadas ou que teñan o carácter de sentenza firme, das que se desprenda a existencia de incrementos de patrimonio gravados polo imposto sobre sucesións e doazóns.

2. Os encargados do Rexistro Civil remitirán ós mesmos organismos, dentro da primeira quincena de cada mes, relación nominal dos falecidos no mes anterior e do seu domicilio.

3. Os notarios están obrigados a facilitar os datos que lles reclamen os organismos da Admi-

nistración tributaria acerca dos actos en que interviñesen no exercicio das súas funcións, e a expedir gratuitamente no prazo de quince días as copias que aqueles lles pidan dos documentos que autoricen ou teñan no seu protocolo, salvo cando se trate dos instrumentos públicos a que se refiren os artigos 34 e 35 da Lei do 28 de maio de 1862 e os relativos a cuestións matrimoniais, con excepción dos referentes ó réxime económico da sociedade conxugal.

Así mesmo, estarán obrigados a remitir, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de tódolos documentos autorizados no trimestre anterior que se refiran a actos ou contratos que puidesen dar lugar ós incrementos patrimoniais que constitúen o feito imponible do imposto. Tamén están obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación dos documentos privados co contido indicado que lles fosen presentados para o seu coñecemento ou lexitimación de sinaturas.

4. Os órganos xudiciais, intermediarios financeiros, asociacións, fundacións, sociedades, funcionarios, particulares e calquera outra entidade pública ou privada non acordarán entregas de bens a persoas distintas do seu titular sen que se acredite previamente o pagamento do imposto ou a súa exención, a menos que a Administración o autorice.

5. As entidades de seguros non poderán efectuar a liquidación e o pagamento dos concertados sobre a vida dunha persoa a menos que se xustifique ter presentado a liquidación a documentación correspondente ou, de se-lo caso, o ingreso da autoliquidación practicada.

6. Exceptúanse do disposto nos dous números anteriores os supostos ós que se refire o número 1 do artigo 8 desta lei, nos termos e coas condicións alí establecidos.

7. O incumprimento das obrigas establecidas nos números 1 ó 5 anteriores sancionárase de acordo co disposto no artigo 40 desta lei.

Cando se trate de órganos xurisdiccionais, a autoridade competente do Ministerio de Facenda porá os feitos en coñecemento do Consello Xeral do Poder Xudicial, por conducto do Ministerio Fiscal, para os efectos pertinentes.»

## CAPÍTULO II

### Impostos indirectos

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO

Artigo 4. *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2003, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido:

Un. Modifícase o número 7.<sup>o</sup> do número dous do artigo 8, que quedará redactado da seguinte maneira:

«7.<sup>o</sup> A subministración dun produto informático normalizado efectuado en calquera soporte material.

Para estes efectos, consideraranse como produtos informáticos normalizados aqueles que non precisen de ningunha modificación substancial para seren utilizados por calquera usuario.»

Dous. O parágrafo c) do número 1.º do artigo 9 quedará redactado da seguinte maneira:

«c) O cambio de afectación de bens corporais dun sector a outro diferenciado da súa actividade empresarial ou profesional.

O suposto de autoconsumo a que se refire este parágrafo c) non resultará aplicable nos seguintes casos:

Cando, por unha modificación na normativa vixente, unha determinada actividade económica pase obrigatoriamente a formar parte dun sector diferenciado distinto daquel no que viña estando integrada con anterioridade.

Cando o réxime de tributación aplicable a unha determinada actividade económica cambie do réxime xeral ó réxime especial simplificado, ó da agricultura, gandería e pesca, ó da recarga de equivalencia ou ó das operacións con ouro de investimento, ou viceversa, mesmo polo exercicio dun dereito de opción.

O disposto nos dous guións do parágrafo anterior debe entenderse, de se-lo caso, sen prexuízo do seguinte:

Das regularizacións de deducións previstas nos artigos 101, 105, 106, 107, 109, 110, 112 e 113 desta lei.

Da aplicación do previsto no número dous do artigo 99 desta lei, en relación coa rectificación de deducións practicadas inicialmente segundo o destino previsible dos bens e servicios adquiridos, cando o destino real destes resulte diferente do previsto, no caso de cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación de bens ou servicios distintos dos bens de investimento que non fosen utilizados en ningunha medida no desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional con anterioridade ó momento en que a actividade económica á que estaban previsiblemente destinados no momento en que se soportaron as cotas pase a formar parte dun sector diferenciado distinto daquel no que viña estando integrada con anterioridade.

Do previsto nos artigos 134 bis e 155 desta lei, en relación cos supostos de comezo ou cesamento na aplicación dos réximes especiais da agricultura, gandería e pesca ou da recarga de equivalencia respectivamente.

Para efectos do disposto nesta lei, consideraranse sectores diferenciados da actividade empresarial ou profesional os seguintes:

a') Aqueles nos que as actividades económicas realizadas e os réximes de dedución aplicables sexan distintos.

Consideraranse actividades económicas distintas aquelas que teñan asignados grupos diferentes na Clasificación Nacional de Actividades Económicas.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, non se reputará distinta a actividade accesoria a outra cando, no ano precedente, o seu volume de operacións non excedese do 15 por 100 do desta última e, ademais, contribúa á súa realización. Se non se exercese a actividade accesoria durante o ano precedente, no ano en curso o requisito relativo á mencionada porcentaxe será aplicable segundo as previsións razoables do suxeito pasivo, sen prexuízo da regularización que proceda se a porcentaxe real excedese do límite indicado.

As actividades accesorias seguirán o mesmo réxime que as actividades das que dependan.

Os réximes de dedución a que se refire esta letra a') consideraranse distintos se as porcentaxes de dedución, determinadas conforme o disposto no artigo 104 desta lei, que resultarían aplicables na actividade ou actividades distintas da principal diferisen en máis de 50 puntos porcentuais do correspondente á citada actividade principal.

A actividade principal, coas actividades accesorias a ela e as actividades económicas distintas con porcentaxes de dedución que non diferisen en máis de 50 puntos porcentuais co de aquela constituirán un só sector diferenciado.

As actividades distintas da principal cunhas porcentaxes de dedución que diferisen en máis de 50 puntos porcentuais co desta constituirán outro sector diferenciado do principal.

Para os efectos do disposto nesta letra a'), considerarase principal a actividade na que se realizase maior volume de operacións durante o ano inmediato anterior.

b') As actividades acollidas ós réximes especiais simplificados, da agricultura, gandería e pesca, das operacións con ouro de investimento ou da recarga de equivalencia.

c') As operacións de arrendamento financeiro a que se refire a disposición adicional sétima da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

d') As operacións de cesión de créditos ou préstamos.»

Tres. Modifícase o número 16.º do número dous do artigo 11, que quedará redactado da seguinte maneira:

«16.º A subministración de produtos informáticos cando non teña a condición de entrega de bens, considerándose accesoria á prestación de servicios a entrega do correspondente soporte.

En particular, considerarase prestación de servicios a subministración de produtos informáticos que fosen confeccionados logo de encargo do seu destinatario conforme as especificacións deste, así como aqueles outros que sexan obxecto de adaptacións substanciais necesarias para o uso polo seu destinatario.»

Catro. Modifícase o parágrafo segundo do número dous do artigo 20, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Entenderase que o adquirente ten dereito á dedución total cando a porcentaxe de dedución provisionalmente aplicable no ano no que se teña que soporta-lo imposto permita a súa dedución íntegra, mesmo no suposto de cotas soportadas con anterioridade ó comezo da realización de entregas de bens ou prestacións de servicios correspondentes a actividades empresariais ou profesionais. Para estes efectos, non se tomará en conta para calcula-la referida porcentaxe de dedución o importe das subvencións que deban integrarse no denominador da pro rata de acordo co disposto no número 2.º do punto dous do artigo 104 desta lei.»

Cinco. Modifícase o número 2.º do artigo 66, que quedará redactado da seguinte maneira:

«2.º As importacións temporais de bens con exención parcial dos dereitos de importación, cando fosen cedidos polo seu propietario mediante operacións suxeitas e non exentas do imposto, en virtude do previsto no artigo 70, punto un, número 5.º, parágrafo B), letra j), desta lei.»

Seis. Modifícase o artigo 70, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 70. *Lugar de realización das prestacións de servizos. Regras especiais.*

Un. Entenderanse prestados no territorio de aplicación do imposto os seguintes servizos:

1.º Os relacionados con bens inmobles que radiquen no citado territorio.

Consideraranse relacionados con bens inmobles, entre outros, os seguintes servizos:

a) O arrendamento ou cesión de uso por calquera título destes bens, incluídas as vivendas amobladas.

b) Os relativos á preparación, coordinación e realización das execucións de obra inmobiliarias.

c) Os de carácter técnico relativos a estas execucións de obra, incluídos os prestados por arquitectos, arquitectos técnicos e enxeñeiros.

d) Os de xestión relativos a bens inmobles ou operacións inmobiliarias.

e) Os de vixilancia ou seguridade relativos a bens inmobles.

f) Os de aluguer de caixas de seguridade.

g) A utilización de vías de peaxe.

2.º Os de transporte, distintos ós referidos no artigo 72 desta lei, pola parte de traxecto que transcorra nel, tal e como este se define no artigo 3 desta lei.

3.º Os que se enuncian a continuación, cando se presten materialmente no dito territorio:

a) Os de carácter cultural, artístico, deportivo, científico, docente, recreativo ou similares, incluíndo os seus servizos de organización e os demais servizos accesorios dos anteriores.

b) Os de organización para terceiros de feiras e exposicións de carácter comercial.

c) Os xogos de azar.

d) Os accesorios ós transportes de mercadorías, distintos ós referidos no artigo 73 desta lei, relativos ás propias mercadorías, tales como a carga e descarga, transbordo, mantemento e servizos análogos.

Para estes efectos, non se considerarán accesorios ós servizos de transporte os servizos de mediación.

4.º A) Os prestados por vía electrónica nos seguintes supostos:

a) Cando o destinatario sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, e radique no citado territorio a sede da súa actividade económica, ou teña nel un establecemento permanente ou, no seu defecto, o lugar do seu domicilio, sempre que se trate de servizos que teñan por destinatarios esta sede, establecemento permanente ou domicilio. O disposto neste parágrafo aplicarase con independencia de onde se encontre establecido o prestador dos servizos e do lugar desde o que os preste.

b) Cando os servizos os preste un empresario ou profesional e a sede da súa actividade económica ou establecemento permanente desde o que se presten os servizos se atope no territorio de aplicación do imposto, sempre que o seu destinatario non teña a condición de empresario ou profesional actuando como tal e se encontre establecido ou teña a súa residencia ou domicilio habitual na Comunidade, así como cando non resulte posible determina-lo seu domicilio.

Para efectos do disposto neste parágrafo, presumirase que o destinatario do servizo é residente na Comunidade cando se efectúe o pagamento da contraprestación do servizo con cargo a contas abertas en establecementos de entidades de crédito situadas en tal territorio.

c) Cando os servizos sexan prestados desde a sede de actividade ou un establecemento permanente dun empresario ou profesional que se atope fóra da Comunidade, e o destinatario non teña a condición de empresario ou profesional actuando como tal, sempre que este último se atope establecido ou teña a súa residencia ou domicilio habitual no territorio de aplicación do imposto.

Para efectos do disposto neste parágrafo, presumirase que o destinatario do servizo está establecido ou é residente no territorio de aplicación do imposto cando se efectúe o pagamento da contraprestación do servizo con cargo a contas abertas en establecementos de entidades de crédito situadas no dito territorio.

B) Para efectos desta lei, e sen prexuízo do establecido no punto 8.º deste número, consideraranse servizos prestados por vía electrónica aqueles servizos que consistan na transmisión enviada inicialmente e recibida en destino por medio de equipos de procesamento, incluída a compresión numérica e o almacenamento de datos, e enteiramente transmitida, transportada e recibida por cable, radio, sistema óptico ou outros medios electrónicos e, entre outros, os seguintes:

a) A subministración e o aloxamento de sitios informáticos.

b) O mantemento á distancia de programas e de equipos.

c) A subministración de programas e a súa actualización.

d) A subministración de imaxes, texto, información e a posta á disposición de bases de datos.

e) A subministración de música, películas, xogos, incluídos os de azar ou de diñeiro, e de emisións e manifestacións políticas, culturais, artísticas, deportivas, científicas ou de lecer.

f) A subministración de ensino á distancia.

Para estes efectos, o feito de que o prestador dun servizo e o seu destinatario se comuniquen por correo electrónico non implicará, por si mesmo, que o servizo prestado teña a consideración de servizo prestado por vía electrónica.

5.º A) Os servizos que se enuncian no parágrafo seguinte deste número, nos supostos que se citan a continuación:

a) Cando o destinatario sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, e radique no citado territorio a sede da súa actividade económica, ou teña nel un establecemento permanente ou, no seu defecto, o lugar do seu domicilio, sempre que se trate de servizos que teñan por destinatarios esta sede, establecemento permanente ou domicilio. O disposto neste parágrafo aplicarase con independencia de onde estea establecido o prestador dos servizos e do lugar desde o que os preste.

b) Cando os servizos os preste un empresario ou profesional e a sede da súa actividade económica ou establecemento permanente desde o que se presten os servizos se atope no territorio de aplicación do imposto, sempre que o seu destinatario non teña a condición de empresario ou pro-

fesional actuando como tal e estea establecido ou teña a súa residencia habitual ou o seu domicilio na Comunidade, Canarias, Ceuta ou Melilla, así como cando non resulte posible determina-lo seu domicilio.

B) Os servicios ós que se refire o parágrafo anterior son os seguintes:

a) As cesións e concesións de dereitos de autor, patentes, licencias, marcas de fábrica ou comerciais e os demais dereitos de propiedade intelectual ou industrial, así como calquera outro dereito similar.

b) A cesión ou concesión de fondos de comercio, de exclusivas de compra ou venda ou do dereito a exercer unha actividade profesional.

c) Os de publicidade.

d) Os de asesoramento, auditoría, enxeñería, gabinete de estudos, avogacía, consultores, expertos contables ou fiscais e outros análogos, con excepción dos comprendidos no punto 1.º deste número un.

e) Os de tratamento de datos e a subministración de informacións, incluídos os procedementos e experiencias de carácter comercial.

f) Os de tradución, corrección ou composición de textos, así como os prestados por intérpretes.

g) Os de seguro, reaseguro e capitalización, así como os servicios financeiros, citados respectivamente polo artigo 20, punto un, números 16.º e 18.º, desta lei, incluídos os que non estean exentos, con excepción do aluguer de caixas de seguridade.

h) Os de cesión de persoal.

i) A dobraxe de películas.

j) Os arrendamentos de bens mobles corporais, con excepción dos medios de transporte e os contedores.

k) As obrigas de non prestar, total ou parcialmente, calquera dos servicios enunciados neste número.

6.º Os de mediación en nome e por conta allea, sempre que as operacións respecto das que se intermedie sexan distintas das prestacións de servicios enunciadas nos artigos 72 e 73 desta lei, nos seguintes supostos:

a) Os de mediación nas prestacións de servicios a que se refire o punto 1.º deste número, cando as operacións respecto ás que se intermedia se refiran a bens inmobles radicados no territorio de aplicación do imposto.

b) Os de mediación nas prestacións de servicios a que se refiren os números 4.º, 5.º e 8.º deste punto, en canto os servicios respecto dos que se produce a mediación teñan por destinatario a un empresario ou profesional establecido noutro estado membro ou a unha persoa non establecida na Comunidade, cando o destinatario do servicio de mediación dispoña no territorio de aplicación do imposto da sede da súa actividade económica, dun establecemento permanente ou, no seu defecto, do lugar do seu domicilio, sempre que os servicios de mediación teñan por destinatarios tales sedes, establecemento ou domicilio.

c) Os demais, nos seguintes supostos:

1.º) Cando a operación respecto da que se produce a mediación se entenda efectuada no territorio de aplicación do imposto, salvo que o destinatario do servicio de mediación comunicase, con ocasión da súa realización, un número de identificación para efectos do imposto sobre o valor engadido

que fose atribuído por outro estado membro da Comunidade.

2.º) Cando a operación respecto da que se produce a mediación se deba entender efectuada no territorio doutro estado membro, pero o destinatario do servicio de mediación comunicase, con ocasión da súa realización, un número de identificación para efectos do imposto sobre o valor engadido que fose atribuído pola Administración española.

7.º Os traballos realizados sobre bens mobles corporais e os informes periciais, valoracións e dictames relativos a estes bens, nos seguintes supostos:

a) Cando estes servicios se realicen materialmente no territorio de aplicación do imposto, salvo no caso de que o seu destinatario lle comunique ó prestador un número de identificación para efectos do imposto sobre o valor engadido que lle fose atribuído por outro estado membro, e os bens a que se refiren os servicios sexan expedidos ou transportados fóra do territorio de aplicación do imposto.

En todo caso, entenderanse prestados no territorio de aplicación do imposto os servicios a que se refire esta letra relativos ós medios de transporte matriculados neste territorio.

b) Cando estes servicios se presten materialmente noutro estado membro, o seu destinatario lle comunique ó prestador un número de identificación para efectos do imposto sobre o valor engadido que lle fose atribuído pola Administración española e os bens a que se refiren os servicios sexan expedidos ou transportados fóra do territorio do citado Estado membro.

Non obstante, non se entenderán prestados no territorio de aplicación do imposto os servicios a que se refire esta letra relativos ós medios de transporte que estean matriculados no Estado membro en que se presten, coa condición de que se acredite a suxeición ó imposto no dito Estado.

8.º A) Os servicios de telecomunicacións, de radiodifusión e de televisión, nos seguintes supostos:

a) Cando o destinatario sexa un empresario ou profesional que actúe como tal e radique no citado territorio a sede da súa actividade económica, ou teña nel un establecemento permanente ou, no seu defecto, o lugar do seu domicilio, sempre que se trate de servicios que teñan por destinatarios esta sede, establecemento permanente ou domicilio. O disposto nesta letra aplicarase con independencia de onde se atope establecido o prestador dos servicios e do lugar desde o que os preste.

b) Cando os servicios os preste un empresario ou profesional e a sede da súa actividade económica ou establecemento permanente desde o que se presten os servicios se atope no territorio de aplicación do imposto, sempre que o seu destinatario non teña a condición de empresario ou profesional actuando como tal e estea establecido ou teña a súa residencia ou domicilio habitual na Comunidade, así como cando non resulte posible determina-lo seu domicilio.

Para efectos do disposto neste parágrafo, presumirase que o destinatario do servicio é residente na Comunidade, cando se efectúe o pagamento da contraprestación do servicio con cargo a contas abertas en establecementos de entidades de crédito situadas no dito territorio.

c) Cando os servicios sexan prestados desde a sede de actividade ou un establecemento permanente dun empresario ou profesional que se

encontre fóra da Comunidade, e o destinatario non teña a condición de empresario ou profesional actuando como tal, sempre que este último estea establecido ou teña a súa residencia ou domicilio habitual no territorio de aplicación do imposto e a utilización ou explotación efectivas destes servizos se realicen no citado territorio.

Para efectos do disposto neste parágrafo, presumirase que o destinatario do servizo está establecido ou é residente no territorio de aplicación do imposto cando se efectúe o pagamento da contraprestación do servizo con cargo a contas abertas en establecementos de entidades de crédito situadas no dito territorio.

B) Para efectos desta lei, consideraranse servizos de telecomunicación os que teñan por obxecto a transmisión, emisión e recepción de sinais, textos, imaxes e sons ou información de calquera natureza, por fío, radio, medios ópticos ou outros medios electromagnéticos, incluíndo a cesión ou concesión dun dereito ó uso de medios para tal transmisión, emisión ou recepción e, igualmente, a provisión de acceso a redes informáticas.

Dous. Non obstante o disposto no número anterior, consideraranse prestados no territorio de aplicación do imposto os servizos comprendidos nos números 4.º, 5.º e 6.º, letra b) do dito número que teñan por destinatario un empresario ou profesional actuando como tal, así como os servizos comprendidos no número 8.º deste en todo caso, cando a súa utilización ou explotación efectivas se realicen no citado territorio, sempre que, conforme as regras de localización aplicables a estes servizos, non se entenden prestados na Comunidade, Canarias, Ceuta e Melilla.»

Sete. Modifícase o número catro do artigo 78, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Catro. Cando as cotas do imposto sobre o valor engadido que graven as operacións suxeitas a este tributo non se repercutisen expresamente en factura, entenderase que a contraprestación non incluíu estas cotas.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior:

1.º Os casos en que a repercusión expresa do imposto non fose obrigatoria.

2.º Os supostos a que se refire o punto dous, número 5.º deste artigo.»

Oito. Modifícase o número un do artigo 87, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Un. Serán responsables solidarios da débeda tributaria que lle corresponda satisfacer ó suxeito pasivo, os destinatarios das operacións que, mediante acción ou omisión culposa ou dolosa, eludan a correcta repercusión do imposto.

Para estes efectos, a responsabilidade alcanzará a sanción que poida proceder.»

Nove. Modifícanse os números dous e tres do artigo 88 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que quedarán redactados da seguinte maneira:

«Dous. A repercusión do imposto deberá efectuarse mediante factura ou documento substitutivo, nas condicións e cos requisitos que se determinen regulamentariamente.

Para estes efectos, a cota repercutida consignarase separadamente da base imponible, mesmo

no caso de prezos fixados administrativamente, indicando o tipo impositivo aplicado.

Exceptuaranse do disposto nos parágrafos anteriores deste número as operacións que se determinen regulamentariamente.

Tres. A repercusión do imposto deberá efectuarse ó tempo de expedir e entrega-la factura ou o documento substitutivo correspondente.»

Dez. Modifícase o número dous do artigo 89, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Dous. O disposto no número anterior será tamén de aplicación cando, non se tendo repercutido ningunha cota, se expedise a factura ou o documento substitutivo correspondente á operación.»

Once. Modifícase o número 6.º do punto un.1 do artigo 91, que quedará redactado da seguinte maneira:

«6.º Os aparellos e complementos, incluídas as lentes graduadas e as lentes de contacto que, polas súas características obxectivas, sexan susceptibles de se destinaren esencial ou principalmente a suplir as deficiencias físicas do home ou dos animais, incluídas as limitativas da súa mobilidade e comunicación.

Os produtos sanitarios, material, equipos ou instrumental que, obxectivamente considerados, soamente se poidan utilizar para previr, diagnosticar, tratar, aliviar ou curar enfermidades ou doenzas do home ou dos animais.

Non se inclúen neste número os cosméticos nin os produtos de hixiene persoal, a excepción de compresas, tampóns e protexeslips.»

Doce. O número un.3 do artigo 91 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, queda redactado nos seguintes termos:

«3. As seguintes operacións:

1.º As execucións de obras, con ou sen achega de materiais, consecuencia de contratos directamente formalizados entre o promotor e o contratista que teñan por obxecto a construción ou rehabilitación de edificacións ou partes delas destinadas principalmente a vivendas, incluídos os locais, anexos, garaxes, instalacións e servizos complementarios neles situados.

Consideraranse destinadas principalmente a vivendas as edificacións nas que, polo menos, o 50 por 100 da superficie construída se destine á dita utilización.

2.º As vendas con instalación de armarios de cociña e de baño e de armarios encastrados para as edificacións a que se refire o número 1.º anterior, que sexan realizadas como consecuencia de contratos directamente formalizados co promotor da construción ou rehabilitación das ditas edificacións.

3.º As execucións de obra, con ou sen achega de materiais, consecuencia de contratos directamente formalizados entre as comunidades de propietarios das edificacións ou partes delas a que se refire o número 1.º anterior e o contratista que teñan por obxecto a construción de garaxes complementarias destas edificacións, sempre que tales execucións de obra se realicen en terreos ou locais que sexan elementos comúns das ditas comunidades e o número de prazas de garaxe que se lles vaian adxudicar a cada un dos propietarios non exceda de dúas unidades.»

Trece. Modifícase o número un do artigo 92, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Un. Os suxeitos pasivos poderán deducir das cotas do imposto sobre o valor engadido devengadas polas operacións gravadas que realicen no interior do país as que, devengadas no mesmo territorio, soportasen por repercusión directa ou satisfíxesen polas seguintes operacións:

1.º As entregas de bens e prestacións de servizos efectuadas por outro suxeito pasivo do imposto.

2.º As importacións de bens.

3.º As entregas de bens e prestacións de servizos comprendidas nos artigos 9, número 1.º, letras c) e d), 84, punto un, número 2.º, e 140 quinquies, todos eles desta lei.

4.º As adquisicións intracomunitarias de bens definidas nos artigos 13, número 1.º, e 16 desta lei.»

Catorce. Modifícase o artigo 97, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 97. *Requisitos formais da deducción.*

Un. Só poderán exercer-lo dereito á deducción os empresarios ou profesionais que estean en posesión do documento xustificativo do seu dereito.

Para estes efectos, unicamente se considerarán documentos xustificativos do dereito á deducción:

1.º A factura orixinal expedida por quen realice a entrega ou preste o servizo ou, no seu nome e pola súa conta, polo seu cliente ou por un terceiro, sempre que, para calquera destes casos, se cumpran os requisitos que se establezan regulamentariamente.

2.º O documento acreditativo do pagamento do imposto á importación.

3.º A factura expedida polo suxeito pasivo nos supostos previstos no artigo 165, número un, desta lei.

4.º O recibo orixinal asinado polo titular da explotación agrícola, forestal, gandeira ou pesqueira a que se refire o artigo 134, número tres, desta lei.

Dous. Os documentos anteriores que non cumpran todos e cada un dos requisitos establecidos legal e regulamentariamente non xustificarán o dereito á deducción, salvo que se produza a correspondente rectificación deles. O dereito á deducción das cotas das que se xustifique o exercicio mediante un documento rectificativo só poderá efectuarse no período impositivo no que o empresario ou profesional reciba este documento ou nos seguintes, sempre que non transcorrese o prazo ó que fai referencia o artigo 100 desta lei, sen prexuízo do disposto no número dous do artigo 114 desta.

Tres. En ningún caso será admisible o dereito a deducir en contía superior á cota tributaria expresa e separadamente consignada que fose repercutida ou, de se-lo caso, satisfeita segundo o documento xustificativo da deducción.

Catro. Tratándose de bens ou servizos adquiridos en común por varias persoas, cada un dos adquirentes poderá efectuar a deducción, de se-lo caso, da parte proporcional correspondente, sempre que no orixinal e en cada un dos exemplares duplicados da factura se consigne, en forma distinta e separada, a porción de base imponible e cota repercutida a cada un dos destinatarios.»

Quince. Modifícase o número catro do artigo 99, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Catro. Entenderanse soportadas as cotas deducibles no momento en que o empresario ou profesional que as soportou reciba a correspondente factura ou demais documentos xustificativos do dereito á deducción.

Se o devengo do imposto se producise nun momento posterior ó da recepción da factura, estas cotas entenderanse soportadas cando se devenguen.

Nos casos ós que se refire o artigo 165 desta lei, as cotas entenderanse soportadas no momento no que se expida a factura á que se refire este artigo, salvo que o momento do devengo sexa posterior ó da dita emisión, caso no que estas cotas se entenderán soportadas no momento do seu devengo.

Nos casos a que se refire o artigo 98, números dous e catro desta lei, as cotas deducibles entenderanse soportadas no momento en que naza o dereito á deducción.»

Dezaseis. Modifícase o número tres do artigo 115, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Tres. Nos supostos a que se refiren este artigo e o seguinte, a administración procederá, de se-lo caso, a practicar liquidación provisional dentro dos seis meses seguintes ó termo do prazo previsto para a presentación da declaración-liquidación en que se solicite a devolución do imposto. Non obstante, cando a citada declaración-liquidación se presentase fóra deste prazo, os seis meses computaranse desde a data da súa presentación.

Cando da declaración-liquidación, ou de se-lo caso, da liquidación provisional resulte cantidade para devolver, a Administración tributaria procederá á súa devolución de oficio, sen prexuízo da práctica das ulteriores liquidacións provisionais ou definitivas, que procedan.

Se a liquidación provisional non se practicasen no prazo establecido no primeiro parágrafo deste número, a Administración tributaria procederá a devolver de oficio o importe total da cantidade solicitada, sen prexuízo da práctica das liquidacións provisionais ou definitivas ulteriores que puidesen resultar procedentes.

Transcorrido o prazo establecido no primeiro parágrafo deste número sen que se ordenase o pagamento da devolución por causa imputable á Administración tributaria, aplicaráselle á cantidade pendente de devolución o xuro de demora a que se refire o artigo 58.2.c) da Lei xeral tributaria, desde o día seguinte ó da finalización do dito prazo e ata a data do ordenamento do seu pagamento, sen necesidade de que o suxeito pasivo así o reclame.

Reglamentariamente se determinarán o procedemento e a forma de pagamento da devolución de oficio a que se refire o presente número.»

Dezasete. Modifícase o número un do artigo 101, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Un. Os suxeitos pasivos que realicen actividades económicas en sectores diferenciados da actividade empresarial ou profesional deberán aplicar separadamente o réxime de deduccións respecto de cada un deles.

A aplicación da regra de pro rata especial poderase efectuar independentemente respecto de cada un dos sectores diferenciados da actividade empre-

sarial ou profesional determinados por aplicación do disposto no artigo 9, número 1.º, letra c), letras a'), c') e d') desta lei.

Os réximes de dedución correspondentes ós sectores diferenciados de actividade determinados por aplicación do disposto no artigo 9, número 1.º, letra c), letra b') desta lei rexeranse, en todo caso, polo previsto nela para os réximes especiais simplificado, da agricultura, gandería e pesca, das operacións con ouro de investimento e da recarga de equivalencia, segundo corresponda.

Cando se efectúen adquisicións ou importacións de bens ou servicios para a súa utilización en común en varios sectores diferenciados de actividade, será de aplicación o establecido no artigo 104, números dous e seguintes desta lei, para determinar a porcentaxe de dedución aplicable respecto das cotas soportadas nestas adquisicións ou importacións, computándose para tal fin as operacións realizadas nos sectores diferenciados correspondentes e considerándose que, para tales efectos, non orixinan o dereito a deducir as operacións incluídas no réxime especial da agricultura, gandería e pesca ou no réxime especial da recarga de equivalencia.

Por excepción ó disposto no parágrafo anterior e sempre que non se poida aplicalo previsto nel, cando tales bens ou servicios se destinen a ser utilizados asemade en actividades acollidas ó réxime especial simplificado e noutras actividades sometidas ó réxime especial da agricultura, gandería e pesca ou da recarga de equivalencia, a referida porcentaxe de dedución para efectos do réxime simplificado será do 50 por 100 se a afectación se produce respecto de actividades sometidas a dous dos citados réximes especiais, ou dun tercio noutro caso.»

Dezaioito. Dáselle nova redacción ó artigo 120, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 120. *Normas xerais.*

Un. Os réximes especiais no imposto sobre o valor engadido son os seguintes:

- 1.º Réxime simplificado.
- 2.º Réxime especial da agricultura, gandería e pesca.
- 3.º Réxime especial dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección.
- 4.º Réxime especial aplicable ás operacións con ouro de investimento.
- 5.º Réxime especial das axencias de viaxes.
- 6.º Réxime especial da recarga de equivalencia.
- 7.º Réxime especial aplicable ós servicios prestados por vía electrónica.

Dous. Os réximes especiais regulados neste título terán carácter voluntario, a excepción dos comprendidos nos puntos 4.º, 5.º e 6.º do número anterior, sen prexuízo do establecido no artigo 140 ter desta lei.

Tres. O réxime especial dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección aplicaráselles exclusivamente ós suxeitos pasivos que presentasen a declaración prevista no artigo 164, punto un, número 1.º desta lei, relativa ó comezo das actividades que determinan a súa suxeición ó imposto.

Catro. Os réximes especiais simplificado e da agricultura, gandería e pesca aplicaranse salvo renuncia dos suxeitos pasivos, exercida nos prazos e na forma que se determinen regulamentariamente.

O réxime especial dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección aplicarase salvo renuncia dos suxeitos pasivos, que se poderá efectuar para cada operación en particular e sen comunicación expresa á administración.

Cinco. O réxime especial aplicable ós servicios prestados por vía electrónica aplicaráselles a aqueles operadores que presentasen a declaración prevista no artigo 163 ter desta lei, relativa ó comezo da realización das prestacións de servicios electrónicos efectuadas no interior da Comunidade.»

Dezanove. Modifícase o artigo 122 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 122. *Réxime simplificado.*

Un. O réxime simplificado aplicaráselles ás persoas físicas e ás entidades en réxime de atribución de rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas, que desenvolvan as actividades e reúnan os requisitos previstos nas normas que o regulen, salvo que renuncien a el nos termos que regulamentariamente se establezan.

Dous. Quedarán excluídos do réxime simplificado:

1.º Os empresarios ou profesionais que realicen outras actividades económicas non comprendidas no réxime simplificado, salvo que por tales actividades estean acollidos ós réximes especiais da agricultura, gandería e pesca ou da recarga de equivalencia. Non obstante, non suporá a exclusión do réxime simplificado a realización polo empresario ou profesional doutras actividades que se determinen regulamentariamente.

2.º Aqueles empresarios ou profesionais nos que conorra calquera das seguintes circunstancias, nos termos que regulamentariamente se establezan:

Que o volume de ingresos no ano inmediato anterior supere calquera dos seguintes importes:

Para o conxunto das súas actividades empresariais ou profesionais, 450.000 euros anuais.

Para o conxunto das actividades agrícolas, forestais e gandeiras que determine o ministro de Facenda, 300.000 euros anuais.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, o volume de ingresos elevarase ó ano.

Para efectos do previsto neste número, o volume de ingresos incluirá a totalidade dos obtidos no conxunto das actividades mencionadas, non computándose entre eles as subvencións correntes ou de capital nin as indemnizacións, así como tampouco o imposto sobre o valor engadido que grave a operación.

3.º Aqueles empresarios ou profesionais con adquisicións e importacións de bens e servicios para o conxunto das súas actividades empresariais ou profesionais, excluídas as relativas a elementos do inmovilizado, que superasen no ano inmediato anterior o importe de 300.000 euros anuais, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, o importe das citadas adquisicións e importacións elevarase ó ano.

4.º Os empresarios ou profesionais que renuncien ou quedasen excluídos da aplicación do réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas por calquera das súas actividades.

Tres. A renuncia ó réxime simplificado terá efecto para un período mínimo de tres anos, nas condicións que regulamentariamente se establezan.»

Vinte. Modifícase o número un do artigo 123, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Un. A) Os empresarios ou profesionais acollidos ó réxime simplificado determinarán, para cada actividade a que resulte aplicable este réxime especial, o importe das cotas devengadas en concepto de imposto sobre o valor engadido e da recarga de equivalencia, en virtude dos índices, módulos e demais parámetros, así como do procedemento que estableza o ministro de Facenda.

Do importe das cotas devengadas indicado no parágrafo anterior, poderase deducir o importe das cotas soportadas ou satisfeitas por operacións correntes relativas a bens ou servicios afectados á actividade pola que o empresario ou profesional estea acollido a este réxime especial, de conformidade co previsto no capítulo I do título VIII desta lei. Non obstante, a dedución destas axustarase ás seguintes regras:

a) Non serán deducibles as cotas soportadas polos servicios de desprazamento ou viaxes, hostalería e restauración, no suposto de empresarios ou profesionais que desenvolven a súa actividade en local determinado. Para estes efectos, considerarase local determinado calquera edificación, excluindo os almacéns, aparcadoiros ou depósitos pechados ó público.

b) As cotas soportadas ou satisfeitas só serán deducibles na declaración-liquidación correspondente ó último período impositivo do ano no que deban entenderse soportadas ou satisfeitas, polo que, con independencia do réxime de tributación aplicable en anos sucesivos, non procederá a súa dedución nun período impositivo posterior.

c) A dedución das cotas soportadas ou satisfeitas non se verá afectada pola percepción polo empresario ou profesional de subvencións que non formen parte da base imponible das súas operacións, e que se destinen a financiar tal actividade.

d) Cando se realicen adquisicións ou importacións de bens e servicios para a súa utilización en común en varias actividades polas que o empresario ou profesional estea acollido a este réxime especial, a cota que se deducirá en cada unha delas será a que resulte do rateo en función da súa utilización efectiva. Se non fose posible aplicar este procedemento, imputaranse por partes iguais a cada unha das actividades.

e) Poderán deducirse as compensacións agrícolas a que se refire o artigo 130 desta lei, satisfeitas polos empresarios ou profesionais pola adquisición de bens ou servicios a empresarios acollidos ó réxime especial da agricultura, gandería e pesca.

f) Adicionalmente, os empresarios ou profesionais terán dereito, en relación coas actividades polas que estean acollidos a este réxime especial, a deducir o 1 por 100 do importe da cota devengada a que se refire o parágrafo primeiro deste número, en concepto de cotas soportadas de difícil xustificación.

B) Ó importe resultante do disposto na letra anterior engadiránselle-las cotas devengadas polas seguintes operacións:

- 1.º As adquisicións intracomunitarias de bens.
- 2.º As operacións a que se refire o artigo 84, punto un, número 2.º desta lei.

3.º As entregas de activos fixos materiais e as transmisións de activos fixos inmateriais.

C) Do resultado das dúas letras anteriores deducirase o importe das cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación de activos fixos, considerándose como tales os elementos do inmovilizado e, en particular, aqueles dos que se dispoña en virtude de contratos de arrendamento financeiro con opción de compra, tanto se esta opción é vinculante, como se non o é. Para estes efectos, terase en conta a percepción de subvencións de capital destinadas a financiar a compra de determinados bens ou servicios, adquiridos en virtude de operacións suxeitas e non exentas do imposto, nos termos dispostos polos parágrafos segundo e terceiro do punto 2.º do número dous do artigo 104 desta lei.

O exercicio deste dereito á dedución efectuarase nos termos que regulamentariamente se establezan.

D) A liquidación do imposto correspondente ás importacións de bens destinados a ser utilizados en actividades polas que o empresario ou profesional estea acollido a este réxime especial, efectuarase conforme as normas xerais establecidas para a liquidación das importacións de bens.»

Vinteun. Modifícase o artigo 124 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 124. *Ámbito subxectivo de aplicación.*

Un. O réxime especial da agricultura, gandería e pesca será de aplicación ós titulares de explotacións agrícolas, forestais, gandeiras ou pesqueiras nas que concorran os requisitos sinalados neste capítulo, salvo que renuncien a el nos termos que regulamentariamente se establezan.

Dous. Quedarán excluídos do réxime especial da agricultura, gandería e pesca:

- 1.º As sociedades mercantís.
- 2.º As sociedades cooperativas e as sociedades agrarias de transformación.
- 3.º Os empresarios ou profesionais cun volume de operacións, durante o ano inmediatamente anterior, superior ó importe que se determine regulamentariamente.
- 4.º Os empresarios ou profesionais que renuncien á aplicación do réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas por calquera das súas actividades económicas.
- 5.º Os empresarios ou profesionais que renuncien á aplicación do réxime simplificado.
- 6.º Aqueles empresarios ou profesionais con adquisicións e importacións de bens e servicios para o conxunto das súas actividades empresariais ou profesionais, excluídas as relativas a elementos do inmovilizado, que superasen no ano inmediato anterior o importe de 300.000 euros anuais, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, o importe das citadas adquisicións e importacións elevarase ó ano.

Tres. Os empresarios ou profesionais que, quedando excluídos deste réxime especial por superalos límites de volume de operacións ou de adquisicións ou importacións de bens ou servicios previstos nos puntos 3.º e 6.º do número dous anterior, non superen estes límites en anos sucesivos, que-



darán sometidos ó réxime especial da agricultura, gandería e pesca, salvo que renuncien a el.

Catro. A renuncia ó réxime especial da agricultura, gandería e pesca terá efecto para un período mínimo de tres anos, nas condicións que regulamentariamente se establezan.»

Vintedous. Engádese un novo artigo 134 bis, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 134 bis. *Comezo ou cesamento na aplicación do réxime especial da agricultura, gandería e pesca.*

Un. Cando o réxime de tributación aplicable a unha determinada actividade agrícola, gandeira, forestal ou pesqueira cambie do réxime xeral do imposto ó especial da agricultura, gandería e pesca, o empresario ou profesional titular da actividade quedará obrigado a:

1.º Ingresalo importe da compensación correspondente á futura entrega dos produtos naturais que xa se obtivesen na actividade á data do cambio do réxime de tributación e que non se entregasen na dita data. O cálculo desta compensación efectuarase conforme o disposto no artigo 130 desta lei, fixando provisionalmente a base do seu cálculo mediante a aplicación de criterios fundados, sen prexuízo da súa rectificación cando este importe resulte coñecido.

2.º Rectifícalas deducións correspondentes ós bens, salvo os de investimento, e os servizos que non fosen consumidos ou utilizados efectivamente de forma total ou parcial na actividade ou explotación.

Para o efecto do cumprimento das obrigas que se establecen neste número, o empresario ou profesional quedará obrigado a confeccionar e presentar un inventario na data en que se deixe de aplica-lo réxime xeral. Tanto a presentación deste inventario como a realización do ingreso correspondente se axustarán ós requisitos e condicións que se establezan regulamentariamente.

Dous. Cando o réxime de tributación aplicable a unha determinada actividade agrícola, gandeira, forestal ou pesqueira cambie do réxime especial da agricultura, gandería e pesca ó xeral do imposto, o empresario ou profesional titular da actividade terá dereito a:

1.º Efectualas dedución da cota resultante de lle aplicar ó valor dos bens afectos á actividade, imposto sobre o valor engadido excluído, na data en que se deixe de aplica-lo réxime especial, os tipos do dito imposto que estivesen vixentes na citada data. Para estes efectos, non se terán en conta os seguintes:

a) Bens de investimento, definidos conforme o disposto no artigo 108 desta lei.

b) Bens e servizos que fosen utilizados ou consumidos total ou parcialmente na actividade.

2.º Deducíala compensación a tanto alzado que prevé o artigo 130 desta lei polos produtos naturais obtidos nas explotacións que non se entregasen na data do cambio do réxime de tributación.

Para efectos do exercicio dos dereitos recollidos neste número, o empresario ou profesional deberá confeccionar e presentar un inventario á data en que se deixe de aplica-lo réxime xeral. Tanto a presentación deste inventario coma o exercicio destes dereitos se axustarán ós requisitos e ás condicións que se establezan regulamentariamente.

Tres. Para a regularización de deducións das cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación de bens de investimento, será cero a pro rata de dedución aplicable durante o período ou períodos en que a actividade estea acollida a este réxime especial.»

Vintetrés. Engádese un novo artigo, o 140 sexies, na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 140 sexies. *Conservación das facturas.*

Os empresarios e profesionais que realicen operacións que teñan por obxecto ouro de investimento, deberán conservar as copias das facturas correspondentes a estas operacións, así como os seus rexistros, durante un período de cinco anos.»

Vintecatros. Engádeselle un novo capítulo VIII ó título IX, que quedará redactado da seguinte maneira:

#### «CAPÍTULO VIII

#### **Réxime especial aplicable ós servizos prestados por vía electrónica**

Artigo 163 bis. *Ámbito de aplicación e definicións.*

Un. Os empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade que presten servizos electrónicos a persoas que non teñan a condición de empresario ou profesional, e que estean establecidas na Comunidade ou que teñan nela o seu domicilio ou residencia habitual, poderán acollerse ó réxime especial previsto no presente capítulo.

O réxime especial aplicaráselles a tódalas prestacións de servizos que, de acordo co disposto pola letra c) da letra A) do número 4.º do número un do artigo 70 desta lei, ou os seus equivalentes nas lexislacións doutros estados membros, deban entenderse efectuadas na Comunidade.

Dous. Para efectos do presente capítulo, serán de aplicación as seguintes definicións:

a) “Empresario ou profesional non establecido na Comunidade”: todo empresario ou profesional que non teña a sede da súa actividade económica na Comunidade nin posúa un establecemento permanente no territorio da Comunidade nin tampouco teña a obriga, por outro motivo, de estar identificado na Comunidade conforme o punto 2.º do número un do artigo 164 desta lei ou os seus equivalentes nas lexislacións doutros estados membros;

b) “Servizos electrónicos” ou “servizos prestados por vía electrónica”: os servizos definidos na letra B) do punto 4.º do número un do artigo 70 desta lei;

c) “Estado membro de identificación”: o estado membro polo que optase o empresario ou profesional non establecido para declara-lo inicio da súa actividade como tal empresario ou profesional no territorio da Comunidade, de conformidade co disposto no presente artigo;

d) “Estado membro de consumo”: o estado membro no que se considera que ten lugar a prestación dos servizos electrónicos conforme a letra c) da letra A) do punto 4.º do número un do artigo 70 ou os seus equivalentes noutros estados membros;

e) “Declaración-liquidación periódica do réxime especial aplicable ós servizos prestados por vía electrónica”: a declaración-liquidación na que consta a información necesaria para determinala contía do imposto correspondente en cada estado membro.

Tres. Será causa de exclusión deste réxime especial calquera das seguintes circunstancias:

- a) A presentación da declaración de cesamento das operacións comprendidas neste réxime especial.
- b) A existencia de feitos que permitan presumir que as operacións do empresario ou profesional incluídas neste réxime especial concluíron.
- c) O incumprimento dos requisitos necesarios para acollerse a este réxime especial.
- d) O incumprimento reiterado das obrigas impostas pola normativa deste réxime especial.

Artigo 163 ter. *Obrigas formais.*

Un. En caso de que España sexa o estado de identificación elixido polo empresario ou profesional non establecido na Comunidade, este quedará obrigado a:

- a) Declara-lo inicio, a modificación ou o cesamento das súas operacións comprendidas neste réxime especial. Esta declaración presentarase por vía electrónica.

A información facilitada polo empresario ou profesional non establecido ó declara-lo inicio das súas actividades gravadas incluírá os seguintes datos de identificación: nome, enderezo postal e de correo electrónico, os enderezos electrónicos dos sitios de internet a través dos que opere, de se-lo caso, o número mediante o que estea identificado ante a Administración fiscal do territorio terceiro no que teña a súa sede de actividade, e unha declaración na que manifieste que carece de identificación para efectos da aplicación dun imposto análogo ó imposto sobre o valor engadido nun estado membro. Igualmente, o empresario ou profesional non establecido comunicará toda posible modificación da citada información.

Para efectos deste réxime, a Administración tributaria identificará o empresario ou profesional non establecido mediante un número individual.

A Administración tributaria notificaralle por vía electrónica ó empresario ou profesional non establecido o número de identificación que lle asignase.

- b) Presentar por vía electrónica unha declaración-liquidación do imposto sobre o valor engadido por cada trimestre natural, independentemente de que subministrase ou non servicios electrónicos. A declaración presentarase dentro do prazo de vinte días a partir do final do período ó que se refire a declaración.

Esta declaración-liquidación deberá incluí-lo número de identificación e, por cada estado membro de consumo en que se devengase o imposto, o valor total, excluído o imposto sobre o volume de negocios que grave a operación, dos servicios prestados por vía electrónica durante o período ó que se refire a declaración, a cantidade global do imposto correspondente a cada estado membro e o importe total, resultante da suma de todas estas, que debe ser ingresado en España.

Se o importe da contraprestación das operacións se fixase en moeda distinta do euro, este converterase a euros aplicando o tipo de cambio válido que corresponda ó último día do período de declaración. O cambio realizarase seguindo os tipos de cambio publicados polo Banco Central Europeo para ese día ou, se non houberse publicación correspondente a ese día, do día seguinte.

- c) Ingesa-lo imposto no momento en que se presente a declaración. O importe ingresarase en euros na conta bancaria designada pola Administración tributaria.

- d) Manter un rexistro das operacións incluídas neste réxime especial. Este rexistro deberase levar coa precisión suficiente para que a Administración tributaria do estado membro de consumo poida comprobar se a declaración mencionada no parágrafo b) anterior é correcta.

Este rexistro estará á disposición tanto do estado membro de identificación coma do de consumo, quedando obrigado o empresario ou profesional non establecido a poñelo á disposición das administracións tributarias dos referidos estados, logo de solicitude destas, por vía electrónica.

O empresario ou profesional non establecido deberá conservar este rexistro de operacións durante un período de dez anos desde o final do ano en que se realizase a operación.

- e) Expedir e entregar factura ou documento substitutivo cando o destinatario das operacións se atope establecido ou teña a súa residencia ou domicilio habitual no territorio de aplicación do imposto.

Dous. En caso de que o empresario ou profesional non establecido elixise calquera outro estado membro distinto de España para presentala declaración de inicio neste réxime especial, e en relación coas operacións que, de acordo co disposto pola letra c) da letra A) do punto 4.º do número un do artigo 70 desta lei, deban considerarse efectuadas no territorio de aplicación do imposto, o ingreso do imposto correspondente a elas deberase efectuar mediante a presentación no estado membro de identificación da declaración a que se fai referencia no número anterior.

Ademais, o empresario ou profesional non establecido deberá cumprilo resto de obrigas contidas no número un anterior no estado membro de identificación e, en particular, as establecidas na letra d) do dito número. Así mesmo, o empresario ou profesional deberá expedir e entregar factura ou documento substitutivo cando o destinatario das operacións se atope establecido ou teña a súa residencia ou o seu domicilio habitual no territorio de aplicación do imposto.

Tres. O ministro de Facenda dictará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do establecido no presente capítulo.

Artigo 163 quáter. *Dereito á deducción das cotas soportadas.*

Sen prexuízo do disposto no punto 2.º do número dous do artigo 119 desta lei, os empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade que se acollan a este réxime especial terán dereito á devolución das cotas do imposto sobre o valor engadido soportadas ou satisfeitas na adquisición ou importación de bens e servicios que deban entenderse realizadas no territorio de aplicación do imposto, sempre que estes bens e servicios se destinen á prestación dos servicios ós que se refire a letra b) do número dous do artigo 163 bis desta lei. O procedemento para o exercicio deste dereito será o previsto no artigo 119 desta lei.

Para estes efectos non se esixirá que estea recoñecida a existencia de reciprocidade de trato a prol dos empresarios ou profesionais establecidos no territorio de aplicación do imposto.

Os empresarios ou profesionais que se acollan ó disposto neste artigo non estarán obrigados a nomear representante ante a Administración tributaria para estes efectos.»

Vintecinco. Dáselle nova redacción ó artigo 164, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 164. *Obrigas dos suxeitos pasivos.*

Un. Sen prexuízo do establecido no título anterior, os suxeitos pasivos do imposto estarán obrigados, cos requisitos, límites e condicións que se determinen regulamentariamente, a:

1.º Presentar declaracións relativas ó comezo, á modificación e ó cesamento das actividades que determinen a súa suxeición ó imposto.

2.º Solicitar da Administración o número de identificación fiscal e comunicalo e acreditarlo nos supostos que se establezan.

3.º Expedir e entregar factura de tódalas súas operacións, axustada ó que se determine regulamentariamente.

4.º Leva-la contabilidade e os rexistros que se establezan, sen prexuízo do disposto no Código de comercio e demais normas contables.

5.º Presentar periodicamente ou por requirimento da Administración, información relativa ás súas operacións económicas con terceiras persoas.

6.º Presenta-las declaracións-liquidacións correspondentes e ingresa-lo importe do imposto resultante.

Sen prexuízo do previsto no parágrafo anterior, os suxeitos pasivos deberán presentar unha declaración-resumo anual.

Nos supostos do artigo 13, número 2.º desta lei deberase acreditar-lo pagamento do imposto para efectua-la matriculación definitiva do medio de transporte.

7.º Nomear un representante para efectos do cumprimento das obrigas impostas nesta lei cando se trate de suxeitos pasivos non establecidos na Comunidade, salvo que se encontren establecidos en Canarias, Ceuta ou Melilla, ou nun estado co que existan instrumentos de asistencia mutua análogos ós instituídos na Comunidade.

Dous. A obriga de expedir e entregar factura polas operacións efectuadas polos empresarios ou profesionais poderá cumprila, nos termos que regulamentariamente se establezan, o cliente dos citados empresarios ou profesionais ou un terceiro, os cales actuarán, en todo caso, no nome e por conta deste.

Cando a citada obriga a cumpra un cliente do empresario ou profesional, deberá existir un acordo previo entre ámbalas partes, formalizado por escrito. Así mesmo, este empresario ou profesional deberá garanti-la aceptación de cada unha das facturas expedidas no seu nome e pola súa conta, polo seu cliente.

As facturas expedidas polo empresario ou profesional, polo seu cliente ou por un terceiro, no nome e por conta do citado empresario ou profesional, poderán ser transmitidas por medios electrónicos, sempre que, neste último caso, o destinatario das facturas dese o seu consentimento e os medios electrónicos utilizados na súa transmisión garantan a autenticidade da súa orixe e a integridade do seu contido.

Reglamentariamente se determinarán os requisitos ós que deba axustarse a facturación electrónica.

Tres. O previsto nos números anteriores será igualmente aplicable ós que, sen seren suxeitos

pasivos deste imposto, teñan sen embargo a condición de empresarios ou profesionais para os seus efectos, cos requisitos, límites e condicións que se determinen regulamentariamente.

Catro. A Administración tributaria, cando o considere necesario para os efectos de calquera actuación dirixida á comprobación da situación tributaria do empresario ou profesional ou suxeito pasivo, poderá esixir unha tradución ó castelán, ou a calquera outra lingua oficial, das facturas correspondentes a entregas de bens ou prestacións de servicios efectuadas no territorio de aplicación do imposto, así como das recibidas polos empresarios ou profesionais ou suxeitos pasivos establecidos no dito territorio.»

Vinteseis. Modifícase o artigo 165, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 165. *Regras especiais en materia de facturación.*

Un. Nos supostos a que se refiren os artigos 84, punto un, números 2.º e 3.º, e 140 quinquies desta lei e nas adquisicións intracomunitarias definidas no seu artigo 13, número 1.º, á factura expedida por quen efectuou a entrega de bens ou prestación de servicios correspondente ou ó xustificante contable da operación unirase unha factura que conteña a liquidación do imposto. Esta factura axustarase ós requisitos que se establezan regulamentariamente.

Dous. As facturas recibidas, os xustificantes contables, as facturas expedidas conforme o disposto no número anterior e as copias das demais facturas expedidas deberán conservarse, mesmo por medios electrónicos, durante o prazo de prescrición do imposto. Esta obriga poderá cumprila un terceiro, que actuará en nome e por conta do suxeito pasivo.

Cando as facturas recibidas ou expedidas se refiran a adquisicións polas cales se soportasen ou satisfíxesen cotas do imposto sobre o valor engadido, con deducción sometida a un período de regularización, estas facturas deberanse conservar durante o período de regularización correspondente ás ditas cotas e os catro anos seguintes.

Reglamentariamente se establecerán os requisitos para o cumprimento das obrigas que establece este número.

Tres. Reglamentariamente poderán establecerse fórmulas alternativas para o cumprimento das obrigas de facturación e de conservación dos documentos a que se refire o número dous anterior, co fin de impedir perturbacións no desenvolvemento das actividades empresariais ou profesionais.

Catro. Cando o suxeito pasivo conserve por medios electrónicos as facturas expedidas ou recibidas, deberáselle garantir á Administración tributaria tanto o acceso en liña a estas facturas como a súa carga remota e utilización. A anterior obriga será independente do lugar de conservación.»

Vintesete. Modifícase o punto 3.º do número dous do artigo 170, que quedará redactado da seguinte maneira:

«3.º A repercusión improcedente en factura, por persoas que non sexan suxeitos pasivos do imposto, de cotas impositivas que non fosen obxecto de ingreso no prazo correspondente.»

Vinteito. Modifícase o parágrafo b) do anexo quinto, que quedará redactado da seguinte maneira:

«b) En relación cos demais bens, o réxime de depósito distinto dos aduaneiros será o réxime suspensivo aplicable ós bens excluídos do réxime de depósito aduaneiro por razón da súa orixe ou procedencia con suxeición, no demais, ás mesmas normas que regulan o mencionado réxime aduaneiro.

Tamén se incluírán neste réxime os bens que se negocien en mercados oficiais de futuros e opcións baseados en activos non financeiros, mentres os referidos bens non se poñan á disposición do adquirente.

O réxime de depósito distinto dos aduaneiros a que se refire este parágrafo b) non será aplicable ós bens destinados á súa entrega a persoas que non actúen como empresarios ou profesionais con excepción dos destinados a seren introducidos nas tendas libres de impostos.»

## SECCIÓN 2.<sup>a</sup> IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS

Artigo 5. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2003, introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro.

Un. Modifícase o artigo 30, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 30.

1. Nas primeiras copias de escrituras públicas que teñan por obxecto directo cantidade ou cousa taxable servirá de base o valor declarado, sen prexuízo da comprobación administrativa. A base imponible nos dereitos reais de garantía e nas escrituras que documenten préstamos con garantía estará constituída polo importe da obriga ou capital garantido, comprendendo as sumas que se aseguren por xuros, indemnizacións, penas por incumprimento ou outros conceptos análogos. Se non constase expresamente o importe da cantidade garantida, tomarase como base o capital e tres anos de xuros.

Na posposición e mellora de rango das hipotecas ou de calquera outro dereito de garantía, a base imponible estará constituída pola total responsabilidade asignada ó dereito que empeore de rango. Na igualación de rango, a base imponible determinarase polo total importe da responsabilidade correspondente ó dereito de garantía establecido en primeiro lugar.

2. Nas actas notariais observarase o disposto no número anterior, salvo nas de protesto, nas que a base imponible coincidirá coa terceira parte do valor nominal do efecto protestado ou da cantidade que dese lugar ó protesto.

3. Entenderase que o acto é de obxecto non taxable cando durante toda a súa vixencia, mesmo no momento da súa extinción, non se poida determina-la contía da base. Se esta non se puidese fixar ó se realiza-lo acto, esixírase o imposto como

se se tratara de obxecto non taxable, sen prexuízo de que a liquidación se complete cando a contía quede determinada.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 31, que quedará da seguinte maneira:

«2. As primeiras copias de escrituras e actas notariais, cando teñan por obxecto cantidade ou cousa taxable, conteñan actos ou contratos inscribibles nos rexistros da Propiedade, Mercantil, da Propiedade Industrial e de Bens Mobles non suxeitos ó imposto sobre sucesións e doazóns ou ós conceptos comprendidos nos números 1 e 2 do artigo 1 desta lei, tributarán, ademais, ó tipo de gravame que, conforme o previsto na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, fose aprobado pola Comunidade Autónoma.

Se a comunidade autónoma non aprobase o tipo a que se refire o parágrafo anterior, aplicarase o 0,50 por 100, en canto a tales actos ou contratos.»

Tres. Engádeselle un parágrafo 4 ó artigo 50, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. No suposto de escrituras autorizadas por funcionarios estranxeiros, o prazo de prescrición computarase desde a data da súa presentación ante calquera administración española, salvo que un tratado, convenio ou acordo internacional, suscrito por España, fixe outra data para o inicio do dito prazo.»

Catro. Engádeselle un novo número 5 ó artigo 56, que quedará redactado da seguinte maneira:

«5. Nas transmisións de inmobles, os contribuíntes non residentes en España terán o seu domicilio fiscal, para efectos do cumprimento das súas obrigas tributarias por este imposto, no domicilio do seu representante, que deben designar segundo o previsto no artigo 9 da Lei 41/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda de non residentes e normas tributarias. Este nomeamento deberá ser comunicado á Administración tributaria competente no prazo de dous meses desde a data de adquisición do inmovible.

Cando non se designase representante ou se incumprise a obriga de comunicar tal designación, considerarase como domicilio fiscal do contribuínte non residente o inmovible obxecto da transmisión.»

Cinco. Incorpórase un novo artigo numerado como 57 bis, co seguinte contido:

«Artigo 57 bis. *Bonificación da cota en Ceuta e Melilla.*

1. A cota gradual de documentos notariais do gravame de actos xurídicos documentados bonifícase nun 50 por 100 cando o rexistro no que se deba proceder á inscrición ou anotación dos bens ou actos radique en Ceuta ou Melilla.

2. Bonifícase nun 50 por 100 a cota que corresponda ó gravame de operacións societarias cando concorra calquera das seguintes circunstancias:

a) Que a entidade teña en Ceuta ou Melilla o seu domicilio fiscal.

b) Que a entidade teña nesas cidades con estatuto de autonomía o seu domicilio social, sempre que a sede de dirección efectiva non se atope situada no ámbito territorial doutra Administración tributaria dun estado membro da Unión Europea ou, estándoo, o dito Estado non grave a operación societaria cun imposto similar.

c) Que a entidade realice nas mencionadas cidades con estatuto de autonomía operacións do seu tráfico, cando a súa sede de dirección efectiva e o seu domicilio social non se atopen situados no ámbito territorial doutra Administración tributaria dun estado membro da Unión Europea ou, estándoo, estes estados non graven a operación societaria cun imposto similar.

3. As cotas derivadas da aplicación da modalidade de transmisións patrimoniais onerosas terán dereito á aplicación dunha bonificación do 50 por 100 nos seguintes casos:

a) Transmisións e arrendamento de inmobles situados en Ceuta ou Melilla e constitución ou cesión de dereitos reais, mesmo de garantía sobre eles. Considerarase transmisión de bens inmobles os supostos previstos no artigo 108 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, podéndose aplica-la bonificación cando os inmobles integrantes do activo da entidade das que se transmitan os valores estean radicados en calquera das dúas cidades con estatuto de autonomía.

b) Constitucións de hipotecas mobiliarias ou peñores sen desprazamento ou se refira a buques e aeronaves, que deban inscribirse nos rexistros que radiquen en Ceuta ou Melilla.

c) Transmisións de bens mobles, semoventes ou créditos, constitución e cesión de dereitos reais sobre eles, de adquirentes con residencia habitual, se é persoa física ou domicilio fiscal, se é persoa xurídica, nas citadas cidades con estatuto de autonomía.

d) Transmisións de valores que se formalicen en Ceuta e Melilla.

e) Constitución de préstamos simples, fianzas, arrendamentos non inmobiliarios e pensións de suxeitos pasivos con residencia habitual ou domicilio fiscal, segundo se trate de persoas físicas ou xurídicas, en Ceuta e Melilla.

f) Concesións administrativas de bens, execucións de obras ou explotacións de servizos que radiquen, se executen ou se presten nas citadas cidades con estatuto de autonomía. Así mesmo, aplicaráselle-la bonificación ós actos e negocios administrativos que tributen por equiparación ás concesións e cumpran as condicións anteriores. No suposto de concesións ou de actos ou negocios administrativos equiparados a estas, que excedan o ámbito territorial de Ceuta ou Melilla, aplicarase a bonificación sobre a parte da cota que, de acordo coas regras previstas no artigo 25.2.C).6.<sup>a</sup> da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, lles correspondese atribuír ós territorios de Ceuta e Melilla.

g) Anotacións preventivas que se produzan nun órgano rexistral que teña a súa sede en Ceuta ou Melilla.

4. Para a aplicación destas bonificacións, teranse en conta as normas establecidas sobre residen-

cia habitual e puntos de conexión na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.»

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> IMPOSTOS ESPECIAIS

Artigo 6. *Modificación da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.*

Con efectos a partir do día 1 de xaneiro do ano 2003, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais:

Un. Modifícanse os números 7 e 8 do artigo 4, que quedarán redactados da seguinte maneira:

«7. “Depósito fiscal”. O establecemento ou a rede de oleodutos ou gasodutos onde, en virtude da autorización concedida e con cumprimento das condicións e requisitos que se establezan regulamentariamente, poden almacenarse, recibirse, expedirse e, de se-lo caso, transformarse, en réxime suspensivo, produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación.

8. Exportación. A saída do ámbito territorial interno con destino fóra do ámbito territorial comunitario.

Non obstante, non se considerará exportación a saída do ámbito territorial comunitario dos carburantes contidos nos depósitos normais de vehículos e contedores especiais e utilizados no funcionamento destes con ocasión da súa circulación de saída do referido ámbito.»

Dous. Adiciónaselle un novo parágrafo ó número 1 do artigo 21, que quedará redactado da seguinte maneira:

«1. A fabricación e importación de alcohol e de bebidas alcohólicas que se destinen á produción de vinagre. Enténdese por vinagre o produto clasificado no código NC 2209.

A aplicación da exención, nos casos de utilización de alcohol destilado de orixe agrícola, queda condicionada a que este alcohol leve incorporado, como marcador, vinagre de alcohol con cumprimento das condicións e nas porcentaxes esixidas regulamentariamente.»

Tres. Modifícanse os parágrafos a) e c) do artigo 35, que quedan redactados da seguinte maneira:

«a) A existencia de diferencias en máis en relación co grao alcohólico volumétrico adquirido do viño ou as bebidas fermentadas en existencias nunha fábrica de produtos intermedios ou utilizados nela. A infracción sancionárase con multa do 100 por 100 da cota que correspondería á diferenza expresada en hectolitros de alcohol puro, aplicando o tipo impositivo establecido para o imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas.»

«c) A existencia de diferenza en máis en primeiras materias, distintas do alcohol e as bebidas derivadas, en fábricas de produtos intermedios, que excedan das porcentaxes autorizadas regulamentariamente. A infracción sancionárase con multa equivalente ó 100 por 100 da cota que correspondería ós produtos intermedios á fabricación dos cales se fosen destina-las primeiras materias, presumíndose que, salvo proba en contrario, os produtos intermedios a que se ían destinar terían un grao alcohólico volumétrico adquirido superior ó 15 por 100 vol.»

Catro. Modifícanse os seguintes epígrafes da tarifa 1.<sup>a</sup> do número 1 do artigo 50, que quedarán redactados do modo que a continuación se indica:

«Epígrafe 1.6. GLP para uso xeral: 125 euros por tonelada.

Epígrafe 1.12. Queroseno destinado a usos distintos dos de carburante: 78,714555 euros por 1.000 litros.»

Cinco. Engádense un novo artigo 50 bis, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 50 bis. *Tipo impositivo especial para biocarburantes.*

1. Con efectos ata o día 31 de decembro de 2012, nas condicións que regulamentariamente se determinen e sen prexuízo do disposto no número 3 deste artigo, aplicaráselles ós biocarburantes un tipo especial de cero euros por 1.000 litros. O tipo especial aplicarase exclusivamente sobre o volume de biocarburante aínda cando este se utilice mesturado con outros produtos.

2. Para os efectos do establecido neste artigo considéranse “biocarburantes” os seguintes produtos incluídos no ámbito obxectivo do imposto sobre hidrocarburos en virtude do disposto no número 2 do artigo 46 desta lei:

a) O alcohol etílico producido a partir de produtos agrícolas ou de orixe vexetal (bioetanol) definido no código NC 2207.20, xa se utilice como tal ou logo de modificación química.

b) O alcohol metílico (metanol) definido no código NC 2905.11.00 e obtido a partir de produtos de orixe agrícola ou vexetal, xa se utilice como tal ou logo de modificación química.

c) Os aceites vexetais definidos nos códigos NC 1507, 1508, 1510, 1511, 1512, 1513, 1514, 1515 e 1518, xa se utilicen como tales ou logo de modificación química.

O disposto nos artigos 50.2 e 54.1 da lei non será aplicable en relación cos biocarburantes definidos neste número 2.

3. Sempre que a evolución comparativa dos custos de produción dos produtos petrolíferos e dos biocarburantes así o aconselle, as leis de orzamentos xerais do Estado poderán substituí-lo tipo cero previsto no número 1 deste artigo por un tipo de gravame de importe positivo, que non excederá do importe do tipo impositivo aplicable ó carburante convencional equivalente.»

Seis. Modifícase o parágrafo c) do número 2 do artigo 51, que quedará redactado da seguinte maneira:

«c) A produción de electricidade en centrais eléctricas ou á produción de electricidade ou á coxeración de electricidade e de calor en centrais combinadas.

Para os efectos da aplicación desta exención considéranse:

“Central eléctrica”: a instalación cunha actividade de produción de enerxía eléctrica comprendida no ámbito de aplicación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e con establecemento e funcionamento autorizados conforme o establecido no capítulo I do título IV da dita lei.

“Central combinada”: a instalación cunha actividade de produción de electricidade ou de coxeración de enerxía eléctrica e calor útil para o seu posterior apro-

veitamento enerxético comprendida no ámbito de aplicación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e con establecemento e funcionamento autorizados conforme o establecido no capítulo II do título IV da dita lei.»

Sete. Modifícase o número 3 do artigo 51 da Lei 38/1992, de impostos especiais, que quedará redactado da seguinte maneira:

«3. A fabricación ou importación dos produtos que a continuación se relacionan, que se destinen ó seu uso como carburante, directamente ou mesturados con carburantes convencionais, no campo dos proxectos piloto para o desenvolvemento tecnolóxico de produtos menos contaminantes:

a) O alcohol etílico producido a partir de produtos agrícolas ou de orixe vexetal (bioetanol) definido no código NC 2207.20, xa se utilice como tal ou logo de modificación química.

b) O alcohol metílico (metanol) definido no código NC 2905.11.00 e obtido a partir de produtos de orixe agrícola ou vexetal, xa se utilice como tal ou logo de modificación química.

c) Os aceites vexetais definidos nos códigos NC 1507, 1508, 1510, 1511, 1512, 1513, 1514, 1515 e 1518, xa se utilicen como tales ou logo de modificación química.

Para os efectos do presente número e do parágrafo c) do artigo 52 desta lei, terán a consideración de “proxectos piloto para o desenvolvemento tecnolóxico de produtos menos contaminantes” os proxectos de carácter experimental e limitados no tempo, relativos á produción ou utilización dos produtos indicados e dirixidos a demostra-la viabilidade técnica ou tecnolóxica da súa produción ou utilización, con exclusión da ulterior explotación industrial dos seus resultados. Poderase considerar acreditado o cumprimento destas condicións respecto dos proxectos que afecten unha cantidade reducida de produtos que non exceda da que se determine regulamentariamente.»

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 59, que quedará redactado da seguinte maneira:

«1. Para efectos deste imposto, terán a consideración de cigarros ou cigarrillos, sempre que sexan susceptibles de seren fumados tal como se presentan:

a) Os rolos de tabaco constituídos totalmente por tabaco natural.

b) Os rolos de tabaco provistos dunha capa exterior de tabaco natural.

c) Os rolos de tabaco cunha mestura de tripa batida e provistos dunha capa exterior da cor normal dos cigarros que cobre integramente o produto, incluído o filtro se o houber, pero non a boquilla no caso dos puros con boquilla, e unha subcapa, ambas de tabaco reconstituído, cando a súa masa unitaria sen filtro nin boquilla sexa igual ou superior a 1,2 gramos e cando a capa estea axustada en espiral cun ángulo agudo mínimo de 30 graos respecto ó eixe lonxitudinal do cigarro.

d) Os rolos de tabaco cunha mestura de tripa batida e provistos dunha capa exterior de tabaco reconstituído da cor normal dos cigarros que cobre integramente o produto, incluído o filtro se o houber, pero non a boquilla no caso dos puros con boquilla, cando a súa masa unitaria sen filtro nin boquilla sexa igual ou superior a 2,3 gramos e o

seu perímetro, polo menos nun tercio da súa lonxitude, sexa igual ou superior a 34 milímetros.

Estes elaborados terán a consideración de cigarros ou cigarrillos segundo que o seu peso exceda ou non de 3 gramos por unidade.»

Novo. Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2003, o número 1 do artigo 70 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, quedará redactado da seguinte forma:

«1. Os suxeitos pasivos que sexan titulares dun vehículo automóbil de turismo usado, que cumpra as condicións establecidas no número 2 seguinte, terán dereito a practicar na cota do imposto esixible con ocasión da primeira matriculación definitiva dun vehículo automóbil de turismo novo ó seu nome, unha dedución cun importe que en ningún caso excederá do da propia cota, será de 480,81 euros.»

#### SECCIÓN 4.<sup>a</sup> IMPOSTO SOBRE AS VENDAS RETALLISTAS DE DETERMINADOS HIDROCARBUROS

**Artigo 7. Modificación do ámbito obxectivo do imposto sobre as vendas retallistas de determinados hidrocarburos.**

Con efectos a partir do día 1 de xaneiro do ano 2003, introdúcese as seguintes modificacións no artigo 9 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Un. Modifícase o artigo 9.tres, que quedará redactado da seguinte maneira:

«1. Os hidrocarburos que se inclúen no ámbito obxectivo deste imposto son as gasolinas, o gasóleo, o fuel óleo e o queroseno non utilizado como combustible de calefacción, tal como se definen no artigo 49 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

2. Tamén se inclúen no ámbito obxectivo:

a) Os hidrocarburos líquidos distintos dos citados no número 1 anterior, que se utilicen como combustible de calefacción.

b) Os produtos distintos dos citados no número 1 anterior que, con excepción do gas natural, do metano, do gas licuado do petróleo, demais produtos equivalentes e aditivos para carburantes contidos en envases de capacidade non superior a un litro, se destinen a ser utilizados como carburante ou para aumentalo volume final dun carburante.

3. Os produtos incluídos no ámbito obxectivo, conforme o disposto no número 2 anterior, tributarán ó tipo impositivo aplicable ó produto dos citados no número 1 ó que se engadan ou ó que se considere que substitúen, conforme os criterios establecidos en relación co imposto sobre hidrocarburos para a aplicación dos números 2 e 3 do artigo 46 e da tarifa segunda do artigo 50.1 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.»

Dous. Suprímense os números 7 e 8 do artigo 9.cuatro e substitúense por un novo número 7, que quedaría redactado como segue:

«7. Queroseno. O queroseno que, con cumprimento dos requisitos e condicións establecidos nas disposicións fiscais e de ordenación sectorial, non se utiliza como combustible de calefacción.»

Tres. Suprímese o parágrafo f) do número 2 do artigo 9.dez, relativo ó tipo de gravame para o queroseno de calefacción.

#### SECCIÓN 5.<sup>a</sup> RÉXIME ECONÓMICO FISCAL DE CANARIAS

**Artigo 8. Imposto xeral indirecto canario.**

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2003, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias.

Un. Modifícanse os puntos 1.º e 4.º do número 2 do artigo 6, que quedarán redactados da seguinte maneira:

«1.º A subministración dun produto informático normalizado efectuado en calquera soporte material.

Para estes efectos, consideraranse como produtos informáticos normalizados aqueles que non precisen de ningunha modificación substancial para seren utilizados por calquera usuario.»

«4.º As execucións de obra que teñan por obxecto a construción ou rehabilitación dunha edificación, cando o empresario que execute a obra achegue unha parte dos materiais utilizados, sempre que o seu custo exceda o 20 por 100 da base imponible.»

Dous. Modifícanse os puntos 3.º e 16.º do número 2 do artigo 7, que quedarán redactados da seguinte maneira:

«3.º As cesións de uso ou gozo de bens.»

«16.º A subministración de produtos informáticos cando non teña a condición de entrega de bens, considerándose accesoria á prestación de servizos a entrega do correspondente soporte.

En particular, consideraranse prestación de servizos a subministración de produtos informáticos que fosen confeccionados logo de encargo do seu destinatario conforme as especificacións deste, así como aqueles outros que fosen obxecto de adaptacións substanciais necesarias para o uso polo seu destinatario.»

Tres. Dáselle unha nova redacción ó parágrafo j) do punto 18.º do número 1 do artigo 10, coa seguinte redacción:

«j) Os servizos de intervención prestados por fedatarios públicos, incluídos os rexistradores da propiedade e mercantís, nas operacións exentas a que se refiren as letras anteriores deste número e nas operacións de igual natureza non realizadas no exercicio de actividades empresariais ou profesionais.

Entre os servizos de intervención comprenderanse a cualificación, inscrición e demais servizos relativos á constitución, modificación e extinción de garantías a que se refire o parágrafo d) anterior.»

Catro. Modifícase o número 28) do número 1 do artigo 10, que quedará redactado da seguinte maneira:

«28) As entregas de bens e prestacións de servizos realizadas por suxeitos pasivos persoas físicas cun volume total de operacións realizadas durante o ano natural anterior que non excedese de 25.000 euros. Este límite revisarase automaticamente cada ano pola variación do índice de prezos ó consumo en Canarias.

Para os efectos deste número, considerarase volume de operacións o importe total das entregas de bens e prestacións de servizos efectuadas polo suxeito pasivo durante o ano natural anterior, con independencia do réxime tributario ou territorio onde se entreguen ou presten.

Os empresarios persoas físicas, que sexan titulares de explotacións agrícolas nos termos establecidos no artigo 55, poderán renunciar á exención prevista no parágrafo anterior sempre que cumpran os requisitos que se establezan regulamentariamente e desenvolvan as actividades a que sexa aplicable o réxime especial da agricultura e gandería e non renuncien a el.

A renuncia á exención operará respecto á totalidade das súas actividades empresariais ou profesionais.»

Cinco. Modifícase o artigo 17, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 17. *Lugar de realización das prestacións de servizos.*

Para a determinación do lugar de realización das prestacións de servizos nas relacións coa Península, Illas Baleares, Ceuta, Melilla, calquera outro estado membro da Comunidade Europea ou ben con países terceiros, serán de aplicación as regras seguintes:

1. Regra xeral:

1.º Os servizos considerarase prestados no lugar onde estea situada a sede da actividade económica de quen os preste.

Para os efectos deste imposto, entenderase situada a sede da actividade económica no territorio onde o interesado centraliza a xestión e o exercicio habitual da súa actividade empresarial ou profesional, sempre que, ademais, careza de establecementos permanentes noutros territorios.

2.º Se o suxeito pasivo exerce a súa actividade con habitualidade e asemade nas illas Canarias e na Península, Illas Baleares, Ceuta, Melilla, calquera outro estado membro da Comunidade Europea ou ben en países terceiros, entenderanse prestados os servizos onde radique o establecemento permanente desde o que se realice a prestación destes.

Considerarase establecemento permanente calquera lugar fixo de negocios onde o suxeito pasivo realice actividades empresariais ou profesionais.

En particular terán esta consideración:

a) A sede de dirección, sucursais, oficinas, fábricas, talleres, instalacións, almacéns, tendas e, en xeral, as axencias ou representacións autorizadas para contratar en nome e por conta do suxeito pasivo.

b) As minas, canteiras ou escouriais, pozos de petróleo ou de gas ou outros lugares de extracción de produtos naturais.

c) As obras de construción, instalación ou montaxe efectuadas polo suxeito pasivo e cunha duración superior a doce meses.

d) As explotacións agrarias, forestais ou pecuarias.

3.º En defecto dos anteriores criterios considerarase lugar de prestación dos servizos o do domicilio de quen os preste.

2. Regras especiais:

1.º Os servizos directamente relacionados con inmobles, mesmo o aluguer de caixas de seguridade e a mediación nas transaccións inmobiliarias, entenderanse realizados no lugar onde radiquen os bens inmobles a que se refiran.

2.º Os transportes entenderanse efectuados nas illas Canarias ou noutros territorios pola parte de traxecto realizada en cada un deles, incluídos o espazo aéreo e as augas xurisdiccionais.

3.º Entenderanse prestados no lugar onde se realicen materialmente os seguintes servizos:

a) Os de carácter cultural, artístico, deportivo, científico, docente, recreativo ou similares, así como os accesorios dos anteriores.

b) Os de organización para terceiros de feiras e exposicións de carácter comercial.

c) Os accesorios ós transportes, tales como carga e descarga, transbordo, depósito e servizos análogos.

d) Os realizados en bens mobles corporais, mesmo os de construción, transformación e reparación deles, así como os informes periciais, dictames e valoracións relativos a estes bens.

e) Os xogos de azar.

4.º A) Os servizos de telecomunicación, de radiodifusión e de televisión, entenderanse realizados nas illas Canarias nos seguintes casos:

a) Cando o destinatario sexa un empresario ou profesional e radique no territorio de aplicación do imposto a sede da súa actividade económica ou teña nel un establecemento permanente ou, no seu defecto, o seu domicilio, calquera que sexa o lugar onde estea establecido o prestador do servizo e o lugar desde o que o preste.

b) Cando o destinatario do servizo non teña a condición de empresario ou profesional actuando como tal e estea establecido ou teña o seu domicilio ou residencia habitual nas illas Canarias.

c) Cando o destinatario do servizo non teña a condición de empresario ou profesional actuando como tal e a utilización ou explotación efectivas destes servizos se realicen en territorio canario, nos dous casos seguintes:

a') Cando o destinatario do servizo teña a súa residencia ou domicilio habitual fóra da Comunidade Europea, ou das illas Canarias, así como cando non resulte posible determinalo seu domicilio.

b') Cando o destinatario do servizo teña a súa residencia ou domicilio habitual na Comunidade Europea, e a sede da actividade económica ou o establecemento permanente desde o que o empresario ou profesional presta os servizos se atope fóra da citada Comunidade.

Presumirase que o destinatario do servizo ten o seu domicilio ou residencia habitual nun determinado territorio cando se efectúe o pagamento da contraprestación do servizo con cargo a contas abertas en establecementos de entidades de crédito situadas no dito territorio.

Para os efectos deste artigo, enténdese por Comunidade Europea o territorio comprendido no ámbito de aplicación do tratado constitutivo da Comunidade Europea para cada estado membro, coas seguintes exclusións:

Na República Federal de Alemaña, a illa de Helgoland e o territorio de Büsingen; no Reino de Espa-



ña, Ceuta e Melilla e na República Italiana, Livigno, Campione d'Italia e as augas nacionais do lago de Lugano, en canto territorios non comprendidos na Unión Aduaneira.

No Reino de España, Canarias; na República Francesa, as provincias de Ultramar e na República Helénica, Monte Athos, en canto territorios excluídos da harmonización dos impostos sobre o volume de negocios.

Para efectos desta lei, consideraranse servicios de telecomunicación os que teñan por obxecto a transmisión, emisión e recepción de sinais de textos, imaxes e sons ou información de calquera natureza, por fío, radio, medios ópticos ou outros medios electromagnéticos, incluíndo a cesión ou concesión dun dereito ó uso de medios para tal transmisión, emisión ou recepción e igualmente a provisión de acceso a redes informáticas.

B) Os servicios de mediación en nome e por conta allea nos servicios de telecomunicación, de radiodifusión e televisión, entenderanse realizados na sede da actividade económica, establecemento permanente ou, no seu defecto, no lugar do domicilio do destinatario dos servicios de mediación, sempre que tales servicios teñan por destinatarios tal sede, establecemento ou domicilio.

5.º A) Os servicios que a continuación se relacionan consideraranse prestados onde radique a sede da actividade económica ou o establecemento permanente do destinatario dos ditos servicios ou, no seu defecto, no lugar do seu domicilio, salvo cando tal destinatario estea domiciliado nun estado membro da Comunidade Europea e non sexa empresario ou profesional ou ben os servicios prestados non estean relacionados co exercicio da súa actividade empresarial ou profesional:

a) As cesións e concesións de dereitos de autor, patentes, licencias, marcas de fábrica ou comerciais e os demais dereitos de propiedade intelectual ou industrial.

b) A cesión ou concesión de fondos de comercio, de exclusivas de compra ou venda ou do dereito a exercer unha actividade profesional.

c) Os servicios publicitarios.

d) Os servicios profesionais de asesoramento, auditoría, enxeñería, gabinete de estudos, avogacía, consultores, expertos contables ou fiscais e outros análogos, agás os comprendidos no punto 2, número 1.º, deste artigo.

e) A subministración de informacións, incluídos os procedementos e experiencias de carácter comercial.

f) Os servicios de tradución, corrección ou composición de textos, así como os prestados por intérpretes.

g) As operacións de seguro, reaseguro, capitalización e financeiras descritas no artigo 10, punto 1, números 16 e 18 desta lei, incluídas as que non gocen de exención.

O disposto no parágrafo anterior non se estende ó aluguer de caixas de seguridade.

h) As cesións, mesmo por tempo determinado, dos servicios de persoas físicas.

i) A dobraxe de películas.

j) Os arrendamentos de bens mobles corporais, con excepción dos medios de transporte e os contedores.

k) As obrigas de non prestar total ou parcialmente calquera dos servicios mencionados neste número.

l) Os de mediación e xestión nas operacións definidas nos parágrafos anteriores deste número, cando o intermediario ou xestor actúen en nome e por conta allea.

A carga da proba da condición do destinatario incúmbelle ó suxeito pasivo que preste o servicio.

B) Consideraranse prestados onde radique a sede da actividade económica ou o establecemento permanente do destinatario ou, no seu defecto, no lugar do seu domicilio, os servicios prestados por vía electrónica, así como os servicios de mediación e xestión nestes, cando o intermediario ou xestor actúen en nome e por conta allea.

Para efectos desta lei, considéranse servicios prestados por vía electrónica aqueles que consistan na transmisión enviada inicialmente e recibida en destino por medio de equipos de procesamento, incluída a comprensión numérica e o almacenamento de datos, e enteiramente transmitida, transportada e recibida por cable, radio, sistema óptico ou outros medios electrónicos. Entre outros, considéranse tales os seguintes:

a) A subministración e o aloxamento de sitios informáticos.

b) O mantemento á distancia de programas e de equipos.

c) A subministración de programas e a súa actualización.

d) A subministración de imaxes, texto, información e a posta á disposición de bases de datos.

e) A subministración de música, películas, xogos, incluídos os de azar e de diñeiro, e de emisións e manifestacións políticas, culturais, artísticas, deportivas, científicas e de lecer.

f) A subministración de ensino a distancia.

Para estes efectos, o feito de que o prestador dun servicio e o seu destinatario se comuniquen por correo electrónico non implicará, por si mesmo, que o servicio prestado teña a consideración de servicio prestado por vía electrónica.

6.º Os servicios de mediación en nome e por conta de terceiros, en operacións distintas das comprendidas nos puntos 1.º, 4.º e 5.º deste número 2, entenderanse prestados onde se localice a operación principal.

3. Non obstante o disposto no número anterior, consideraranse prestados nas illas Canarias os servicios comprendidos nos números 4.º e 5.º deste número que teñan por destinatario un empresario ou profesional actuando como tal cando a súa utilización ou explotación efectivas se realicen no citado territorio, sempre que, conforme as regras de localización aplicables a estes servicios, non se entendesen prestados en Canarias, na Comunidade Europea, Ceuta ou Melilla.»

Seis. Modifícanse os puntos 2 e 3 do número un, e o punto 2 do número dous do artigo 20 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, que quedarán redactados da seguinte maneira:

«2. A repercusión do imposto deberá efectuarse mediante factura ou documento substitutivo, nas condicións e cos requisitos que se determinen regulamentariamente.

Para estes efectos, a cota repercutida consignarase separadamente da base imponible, mesmo

no caso de prezos fixados administrativamente, indicando o tipo impositivo aplicado.

Exceptuaranse do disposto nos parágrafos anteriores deste número as operacións que se determinen regulamentariamente.

3. A repercusión do imposto deberá efectuarse ó tempo de expedir e entrega-la factura ou documento substitutivo correspondente.»

«2. O disposto no número anterior tamén será de aplicación cando, non téndose repercutido ningunha cota, se expedise a factura ou o documento substitutivo correspondente á operación.»

Sete. Modifícase o número 1 do artigo 21 bis, que quedará redactado da seguinte maneira:

«1. Serán responsables solidarios da débeda tributaria que corresponda satisfacer ó suxeito pasivo os destinatarios das operacións que, mediante acción ou omisión culposa ou dolosa, eludan a correcta repercusión do imposto.

Para os efectos deste número, a responsabilidade alcanzará a sanción que poida proceder.»

Oito. Modifícase o número 10 do artigo 22, que quedará redactado da seguinte maneira:

«10. Cando as cotas do imposto xeral indirecto canario que graven as operacións suxeitas a el non se repercutisen expresamente en factura enténdese que a contraprestación non incluíu tales cotas.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior:

1.º Os casos en que a repercusión expresa do imposto non fose obrigatoria.

2.º Os supostos a que se refire o número 2, letra d), deste artigo.»

Nove. Modifícase o número 1.º, a), do número 1 do artigo 27, que quedará redactado da seguinte maneira:

«a) A entrega de auga, mesmo a envasada, e as entregas de bens e prestacións de servizos con destino á captación e produción de auga e á realización de infraestructuras de canalización hidráulica.»

Dez. Dáselle unha nova redacción ó parágrafo f) do número 1.º do número 1 do artigo 27, que quedará redactado do modo seguinte:

«f) As execucións de obras, con ou sen achega de materiais, consecuencia de contratos directamente formalizados entre o promotor e o contratista, que teñan por obxecto a construción e rehabilitación das vivendas cualificadas administrativamente como de protección oficial de réxime especial, así como a construción ou rehabilitación de obras de equipamento comunitario. Para os efectos desta lei, considéranse de rehabilitación as actuacións destinadas á reconstrución mediante a consolidación e o tratamento de estruturas, fachadas ou cubertas e outras análogas, sempre que o custo global destas operacións exceda do 25 por 100 do prezo de adquisición se se efectuase durante os dous anos inmediatamente anteriores ou, noutro caso, do verdadeiro valor que tivese a edificación ou parte dela antes da súa rehabilitación.

Para os efectos deste parágrafo e do anterior, entenderase por equipamento comunitario aquel que consiste en:

Os edificios públicos de carácter demanial.

As infraestructuras públicas de auga, telecomunicación, ferroviarias, enerxía eléctrica, rede de sumidoiro, parques, xardíns e superficies viarias en zonas urbanas.

Non se inclúen, en ningún caso, as obras de conservación, mantemento, reformas, rehabilitación, ampliación ou mellora das ditas infraestructuras.

As potabilizadoras, desalinizadoras e depuradoras de titularidade pública.»

Once. Modifícase o número 1 do artigo 29, que quedará redactado da seguinte maneira:

«1. Os suxeitos pasivos a que se refire o artigo anterior poderán deducir as cotas do imposto xeral indirecto canario devengadas nas illas Canarias que soportasen por repercusión directa nas súas adquisicións de bens ou nos servizos a eles prestados.

Serán tamén deducibles as cotas do mesmo imposto devengadas no dito territorio e satisfeitas á Facenda Pública polo suxeito pasivo nos supostos seguintes:

1.º Nas importacións.

2.º Nos supostos de investimento do suxeito pasivo que se regulan no número 2.º do número 1 dos artigos 19 e 58 ter.6 desta lei, e no suposto de substitución a que se refire o número 2 do artigo 25 da Lei 19/1994, do 6 de xullo.»

Doce. Modifícase o artigo 31, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 31. *Requisitos formais da deducción.*

1. Só poderán exercer-lo dereito á deducción os suxeitos pasivos que estean en posesión do documento xustificativo do seu dereito.

Para estes efectos, unicamente se consideran documentos xustificativos do dereito á deducción:

1.º A factura orixinal expedida por quen realice a entrega ou preste o servizo ou, no seu nome e pola súa conta, polo seu cliente ou por un terceiro, sempre que, para calquera destes casos, se cumpran os requisitos que se establezan regulamentariamente.

2.º O documento acreditativo do pagamento do imposto á importación.

3.º A factura expedida nos supostos de investimento do suxeito pasivo que se regulan no punto 2.º do número 1 dos artigos 19 e 58 ter.6 desta lei, e no suposto de substitución a que se refire o número 2 do artigo 25 da Lei 19/1994, do 6 de xullo.

4.º O recibo orixinal asinado polo titular da explotación agrícola, forestal, gandeira ou pesqueira a que se refire o artigo 58.4 desta lei.

2. Os documentos anteriores que non cumpran todos e cada un dos requisitos establecidos legal e regulamentariamente non xustificarán o dereito á deducción, salvo que se produza a súa correspondente rectificación. O dereito á deducción das cotas o exercicio das cales se xustifique mediante un documento rectificativo só se poderá efectuar cando o empresario ou profesional reciba este documento ou nos seguintes, sempre que non transcorrese o prazo ó que fai referencia o artigo 33 bis desta lei.

3. Tratándose de bens ou servizos adquiridos en común por varios suxeitos pasivos, cada un dos adquirentes poderán efectuar a deducción da parte proporcional correspondente, sempre que en cada un dos exemplares da factura ou documento xustificativo se consigne, en forma distinta e separada, a porción de base imponible e cota repercutida a cada un dos adquirentes en común.

4. En ningún caso será admisible o dereito a deducir en contía superior á cota tributaria expresa e separadamente consignada que fose repercutida ou, de se-lo caso, satisfeita segundo o documento xustificativo da deducción, salvo no caso da deducción que se establece no número 3 do artigo 29 desta lei.»

Trece. Modifícase o número 4 do artigo 33, que quedará redactado da seguinte maneira:

«4. Entenderanse soportadas as cotas deducibles, así como a carga impositiva implícita nas adquisicións a comerciantes retallistas, no momento en que o empresario ou profesional que as soportou reciba a correspondente factura ou demais documentos xustificativos do dereito a deducir.

Se o devengo do imposto se producise nun momento posterior ó da recepción da factura, estas cotas entenderanse soportadas cando se devenguen.

Nos supostos de investimento do suxeito pasivo que se regulan no número 2.º do número 1 dos artigos 19 e 58 ter.6 desta lei, e no suposto de substitución a que se refire o número 2 do artigo 25 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, as cotas entenderanse soportadas no momento no que se expida a factura á que se refiren os artigos citados, salvo que o momento do devengo sexa posterior ó da dita emisión, caso no que estas cotas se entenderán soportadas no momento do seu devengo.

No caso a que se refire o número 2 do artigo anterior desta lei, as cotas deducibles entenderanse soportadas no momento en que naza o dereito á deducción.»

Catorce. Modifícase o número 3 do artigo 44, que quedará redactado da seguinte maneira:

«3. A rectificación de deduccións poderá efectuarse no prazo máximo de catro anos a partir do nacemento do dereito a deducir ou, de se-lo caso, da data de realización do feito que determina a variación no importe das cotas por deducir.

Non obstante, nos supostos de erro na liquidación das cotas repercutidas que determinen un incremento das cotas por deducir, non se poderá efectuar a rectificación despois de transcorrido un ano a partir da data de expedición da factura rectificada.»

Quince. Modifícase o artigo 49 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 49. *Réxime simplificado.*

1. O réxime simplificado aplicaráselles ós suxeitos pasivos persoas físicas e ás entidades en réxime de atribución de rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas que desenvolven as actividades e reúnan os requisitos previstos nas normas que o regulen, salvo que renuncien a el nos termos que regulamentariamente se establezan.

2. Quedarán excluídos do réxime simplificado:

1.º Os suxeitos pasivos que realicen outras actividades económicas non comprendidas no réxime simplificado, salvo que por tales actividades estean acollidos ós réximes especiais da agricultura e gandería ou dos comerciantes retallistas ou resulten

exentas en virtude do disposto no artigo 10, punto 1, número 27), desta lei.

Non obstante, non suporá a exclusión do réxime simplificado a realización polo suxeito pasivo doutras actividades que se determinen regulamentariamente.

2.º Aqueles suxeitos pasivos nos que concorra calquera das seguintes circunstancias, nos termos que regulamentariamente se establezan:

Que o volume de ingresos no ano inmediato anterior supere calquera dos seguintes importes:

Para o conxunto das súas actividades empresariais ou profesionais, 450.000 euros anuais.

Para o conxunto das actividades agrícolas, forestais e gandeiras que determine a consellería competente en materia de facenda do Goberno Autónomo de Canarias, 300.000 euros anuais.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, o volume de ingresos elevarase ó ano.

Para efectos do previsto neste número, o volume de ingresos incluirá a totalidade dos obtidos no conxunto das actividades mencionadas, non computándose entre eles as subvencións correntes ou de capital nin as indemnizacións, así como tampouco o imposto xeral indirecto canario que grave a operación.

3.º Aqueles suxeitos pasivos con adquisicións e importacións de bens e servizos para o conxunto das súas actividades empresariais ou profesionais, excluídas as relativas a elementos do inmovilizado, que superasen no ano inmediato anterior o importe de 300.000 euros anuais, excluído o imposto xeral indirecto canario.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, o importe das citadas adquisicións e importacións elevarase ó ano.

4.º Os suxeitos pasivos que renuncien ou quedasen excluídos do réxime da aplicación do réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas por calquera das súas actividades.

3. A renuncia ó réxime simplificado terá efecto para un período mínimo de tres anos, nas condicións que regulamentariamente se establezan.»

Dezaseis. Modifícase o número 1 do artigo 50, que quedará redactado da seguinte maneira:

«1. A) Os suxeitos pasivos acollidos ó réxime simplificado determinarán, con referencia a cada actividade a que resulte aplicable este réxime especial, o importe das cotas devengadas en concepto de imposto xeral indirecto canario, en virtude dos índices, módulos e demais parámetros, así como do procedemento que estableza a consellería competente en materia de facenda do Goberno Autónomo de Canarias.

Do importe das cotas devengadas indicado no parágrafo anterior, poderase deducir-lo importe das cotas soportadas ou satisfeitas por operacións correntes relativas a bens ou servizos afectados á actividade pola que o empresario ou profesional estea acollido a este réxime especial, de conformidade co previsto no capítulo primeiro do título II do libro primeiro desta lei. Non obstante, a deducción destas axustarase ás seguintes regras:

a) Non serán deducibles as cotas soportadas polos servizos de desprazamento ou viaxes, hos-

taloría e restauración no suposto de empresarios ou profesionais que desenvolven a súa actividade en local determinado. Para estes efectos, considerase local determinado calquera edificación, excluindo os almacéns, aparcadoiros ou depósitos pechados ó público.

b) As cotas soportadas ou satisfeitas só serán deducibles na declaración-liquidación correspondente ó último período impositivo do ano no que se deban entender soportadas ou satisfeitas, polo que, con independencia do réxime de tributación aplicable en anos sucesivos, non procederá a súa deducción nun período impositivo posterior.

c) A deducción das cotas soportadas ou satisfeitas non se verá afectada pola percepción polo empresario ou profesional de subvencións que non formen parte da base imponible das súas operacións e que se destinen a financiar a dita actividade.

d) Cando se realicen adquisicións ou importacións de bens e servizos para a súa utilización en común en varias actividades polas que o empresario ou profesional estea acollido a este réxime especial, a cota que se deducirá en cada unha delas será a que resulte do rateo en función da súa utilización efectiva. Se non fose posible aplicar este procedemento, imputaranse por partes iguais a cada unha das actividades.

e) Poderanse deduci-las compensacións agrícolas a que se refire o artigo 57 desta lei, satisfeitas polos empresarios ou profesionais pola adquisición de bens ou servizos a empresarios acollidos ó réxime especial da agricultura e gandería.

f) Adicionalmente, os empresarios ou profesionais terán dereito, en relación coas actividades polas que estean acollidos a este réxime especial, a deduci-lo 1 por 100 do importe da cota devengada a que se refire o parágrafo primeiro deste número, en concepto de cotas soportadas de difícil xustificación.

B) Ó importe resultante do disposto na letra anterior engadiranse as cotas devengadas polas seguintes operacións:

1.º As operacións a que se refire o artigo 19, punto 1, número 2.º, desta lei.

2.º As entregas de activos fixos materiais e as transmisións de activos fixos inmateriais.

C) Do resultado das dúas letras anteriores deducirase o importe das cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación de activos fixos, considerándose como tales os elementos do inmovilizado e, en particular, aqueles dos que se dispoña en virtude de contratos de arrendamento financeiro con opción de compra, tanto se esta opción é vinculante, como se non o é. Para estes efectos, terase en conta a percepción de subvencións de capital destinadas a financiar a compra de determinados bens ou servizos, adquiridos en virtude de operacións suxeitas e non exentas do imposto, nos termos dispostos polos parágrafos cuarto e quinto do punto 2.º do número 2 do artigo 37 desta lei.

O exercicio deste dereito á deducción efectuarase nos termos que regulamentariamente se establezan.

D) A liquidación do imposto correspondente ás importacións de bens destinados a ser utilizados en actividades sometidas ó réxime simplificado

efectuarase conforme as normas xerais establecidas para a liquidación das importacións de bens.»

Dezasete. Modifícanse os números 1, 2 e 3 do artigo 55 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, que quedarán redactados da seguinte maneira:

«1. O réxime especial da agricultura e gandería será de aplicación ós titulares de explotacións agrícolas, forestais, gandeiras ou pesqueiras nas que concorran os requisitos sinalados neste capítulo, sempre que non renunciaren a el.

A renuncia ó réxime especial da agricultura e gandería producirá efectos mentres non sexa revogada polo interesado e, en todo caso, para un período mínimo de tres anos.

2. Quedarán excluídos do réxime especial da agricultura e gandería:

1.º As sociedades mercantís.

2.º As sociedades cooperativas.

3.º Os suxeitos pasivos cun volume de operacións durante o ano inmediatamente anterior que excedese do importe que se determine regulamentariamente.

4.º Os suxeitos pasivos que renunciaren ó réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas por calquera das súas actividades económicas.

5.º Os suxeitos pasivos que renunciaren á aplicación do réxime simplificado.

6.º Aqueles empresarios ou profesionais con adquisicións e importacións de bens e servizos para o conxunto das súas actividades empresariais ou profesionais, excluídas as relativas a elementos do inmovilizado, que superasen no ano inmediato anterior o importe de 300.000 euros anuais, excluído o imposto xeral indirecto canario.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, o importe das citadas adquisicións e importacións elevarase ó ano.

Os suxeitos pasivos que, quedando excluídos deste réxime especial por ter superado os límites de volume de operacións ou de adquisicións ou importacións de bens ou servizos previstos nos números 3.º e 6.º anteriores, non superen estes límites en anos sucesivos, quedarán sometidos ó réxime especial da agricultura e gandería, salvo que renunciaren a el.

3. A renuncia ó réxime especial da agricultura e gandería terá efecto para un período mínimo de tres anos, nas condicións que regulamentariamente se establezan.»

Dezaioito. Modifícanse os parágrafos b) e c) do número 1, e introdúcese dous novos números, o 4 e o 5, no artigo 59, que quedarán redactados da seguinte maneira:

«b) Expedir e entregar facturas das operacións en que interveñen, adaptadas ás normas xerais que regulan o deber de expedir e entregar factura que lles incumbe ós empresarios e profesionais.

c) Conserva-las facturas recibidas e os duplicados das facturas emitidas durante o prazo de prescrición do imposto. Cando as facturas recibidas se refiran a bens de investimento deberán conservarse durante o seu correspondente período de regularización e os cinco anos seguintes.»

«4. A obriga de expedir e entregar factura polas operacións efectuadas polos empresarios ou pro-

fesionais poderá cumprila, nos termos que regulamentariamente se establezan, o cliente do citado empresario ou profesional ou un terceiro, os cales actuarán, en todo caso, en nome e por conta deste.

Cando a citada obriga a cumpra un cliente do empresario ou profesional, deberá existir un acordo previo entre ámbalas partes, formalizado por escrito. Así mesmo, deberase garanti-la aceptación do dito empresario ou profesional de cada unha das facturas expedidas, en nome e pola súa conta, polo seu cliente.

As facturas expedidas polo empresario ou profesional, polo seu cliente ou por un terceiro, en nome e por conta do citado empresario ou profesional, poderán ser transmitidas por medios electrónicos, sempre que neste último caso, o destinatario das facturas dese o seu consentimento e os medios electrónicos utilizados na súa transmisión garantan a autenticidade da súa orixe e a integridade do seu contido.

Reglamentariamente se determinarán os requisitos ós que deba axustarse a facturación electrónica.»

«5. A Administración tributaria, cando o considere necesario para os efectos de calquera actuación dirixida á comprobación da situación tributaria do empresario ou profesional ou suxeito pasivo, poderá esixir unha tradución ó castelán, ou a calquera outra lingua oficial, das facturas correspondentes a entregas de bens ou prestacións de servizos efectuadas no territorio de aplicación do imposto, así como das recibidas polos empresarios ou profesionais ou suxeitos pasivos establecidos no dito territorio.»

Dezanove. Dáselle unha nova redacción ó punto 3.º do número 2 do artigo 63:

«3.º A repercusión improcedente en factura por persoas que non sexan suxeitos pasivos do imposto, ou que, séndoo, non debesen realizar tal repercusión, de cotas impositivas que non fosen devoltas ós que as soportaron nin declaradas nos prazos de presentación das declaracións-liquidacións do imposto correspondente.»

Vinte. Dáselle unha nova redacción ó parágrafo a) do anexo I bis:

«a) Os vehículos accionados a motor con potencia igual ou inferior a 11 CV fiscais, agás:

a') Os vehículos incluídos nos puntos 4.º e 5.º do número 1 do anexo I da presente lei.

b') Os vehículos de dúas, tres e catro rodas cunha cilindrada que non sexa superior a 50 centímetros cúbicos e cumpran a definición xurídica de ciclomotor.

c') Os vehículos exceptuados da aplicación do tipo incrementado do 13 por 100 contidos no punto 3.º do número 1 do anexo II da presente lei.»

Vinteun. Modifícanse os números 1.º, 2.º, 3.º, 7.º, 8.º, 10.º e 11.º do número 1 do anexo II, que quedarán redactados da seguinte maneira:

«1.º Cigarros puros con prezo superior a 1,8 euros por unidade. Os demais cigarros puros tributan ó tipo xeral.

2.º As augardentes compostas, os licores, os aperitivos sen viño base e as demais bebidas derivadas de alcohois naturais, conforme as definicións

do Estatuto da viña do viño e dos alcohois e regulamentacións complementarias e, así mesmo, os extractos e concentrados alcohólicos aptos para a elaboración de bebidas derivadas.

3.º Os vehículos accionados a motor con potencia superior a 11 CV fiscais, agás:

a) Os camións, tractocamións, furgóns e furgonetas e demais vehículos que, pola súa configuración obxectiva, non se poidan destinar a outra finalidade que o transporte de mercadorías.

b) Os autobuses e demais vehículos aptos para o transporte colectivo de viaxeiros que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do conductor.

c) Os vehículos automóbiles considerados como taxi, autotaxi ou autoturismos pola lexislación vixente.

d) Os que, obxectivamente considerados, sexan de exclusiva aplicación industrial, comercial, agraria, clínica ou científica, sempre que os seus modelos de serie ou os vehículos individualmente fosen debidamente homologados pola Administración tributaria canaria. Para estes efectos, considerase que teñen exclusivamente algunhas destas aplicacións os automóbiles derivados de turismo sempre que dispoñan unicamente de dous asentos para o conductor e o axudante, en ningún caso posúan asentos adicionais, e o espacio destinado á carga non goce de visibilidade lateral e sexa superior ó 50 por 100 do volume interior.

e) Os vehículos mixtos adaptables cunha altura total sobre o solo que sexa superior a 1.800 mm que non sexan vehículos todo terreo, nas condicións que determine regulamentariamente o Goberno de Canarias.

f) Os vehículos adquiridos por minusválidos, non recollidos no anexo I, para o seu uso exclusivo sempre que concorran os seguintes requisitos:

Que transcorresen polo menos catro anos desde a adquisición doutro vehículo en análogas condicións.

Non obstante, este requisito non se esixirá en supostos de sinistro total dos vehículos, certificado pola compañía aseguradora.

Que non sexan obxecto dunha transmisión posterior por actos inter vivos durante o prazo de catro anos seguintes á data da súa adquisición.

O incumprimento deste requisito determinará a obriga, a cargo do beneficiario, de ingresar á Facenda Pública a diferenza entre a cota que debese soportar por aplicación do tipo incrementado e a efectivamente soportada ó efectua-la adquisición do vehículo.

A aplicación do tipo impositivo xeral requirirá o previo recoñecemento do dereito do adquirente na forma que se determine regulamentariamente, logo de certificado ou resolución, que acredite o grao de minusvalidez, expedido polo Instituto de Migracións e Servizos Sociais ou polo órgano competente das comunidades autónomas en materia de valoración de minusvalidez.»

«7.º Escopetas, mesmo as de aire comprimido, e as demais armas longas de fogo, cunha contra prestación por unidade igual ou superior a 270,46 euros.

8.º Cartuchería para escopetas de caza e, en xeral, para as demais armas enumeradas no número anterior, cando a súa contraprestación por unidade sexa superior a 0,10 euros.»

«10.º Reloxos de peto, pulso, sobremesa, pé, parede, etc., cunha contraprestación por unidade igual ou superior a 120,20 euros.

11.º Toda clase de artigos de vidro, cristal, louza, cerámica e porcelana que teñan finalidade artística ou de adorno cunha contraprestación por unidade igual ou superior a 60,10 euros.»

Vintedous. Modifícase o anexo VI, que quedará redactado da seguinte maneira:

#### «ANEXO VI

Aplicaranse os seguintes tipos impositivos do imposto xeral indirecto canario cando as operacións ás que se refiren os distintos números estean suxeitas e non exentas do arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías:

1. Tipo cero do imposto xeral indirecto canario na importación e entrega dos bens mobles corporais incluídos nas partidas arancelarias 1604, 4418, 481840, 6802, 7308, 9401 e 9403, cando, nos dous últimos casos, os mobles sexan de madeira ou de plástico.

2. Tipo reducido do 2 por 100 do imposto xeral indirecto canario na importación e entrega de mobles de metal incluídos nas partidas arancelarias 9401 e 9403 (agás a 9403209900).»

Artigo 9. *Arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías en Canarias.*

Modifícase a Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, nos termos que a continuación se sinalan:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 70, que quedará redactado como segue:

«2. Están exentas as seguintes entregas de combustible:

a) O necesario para o funcionamento dos grupos xeradores das empresas produtoras de enerxía eléctrica en Canarias, así como o necesario para a coxeración da mesma enerxía por calquera dos produtores autorizados en Canarias.

b) O necesario para a realización de actividades de captación e produción de auga e á realización de infraestructuras de canalización hidráulica.

c) O que se utilice no transporte regular marítimo ou aéreo de pasaxeiros e de mercadorías entre as illas Canarias.

Reglamentariamente establecerá a consellería competente en materia de facenda do Goberno de Canarias módulos de consumo límite de combustible para a realización das actividades a que se refire este número, así como os específicos deberes de información dos suxeitos pasivos que realicen as entregas exentas.»

Dous. Modifícanse os números 2 e 3 do número un do artigo 78, que quedarán redactados como segue:

«2. A repercusión do arbitrio deberase efectuar na factura, que poderá emitirse por vía telemática,

nas condicións e cos requisitos que se determinen regulamentariamente.

3. Os que soporten cotas de conformidade co disposto no número 2 anterior terán dereito a esixir a expedición de factura.»

Tres. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2003, modifícase o artigo 83, que quedará redactado como segue:

«Artigo 83. *Tipos impositivos.*

1. O tipo de gravame está constituído pola porcentaxe fixada para cada clase de ben moble corporal no anexo IV da lei, ou polo tipo específico establecido neste para os produtos derivados do petróleo, e será o mesmo para a importación ou entrega dos bens.

2. Non obstante o disposto no número anterior, cando da aplicación do tipo impositivo previsto no anexo IV para os cigarros resultase unha cota tributaria inferior a 6 euros por cada 1.000 cigarros, aplicarase, en lugar do tipo impositivo contido no dito anexo, un tipo impositivo de carácter específico de importe igual a 6 euros por cada 1.000 cigarros.

3. O tipo de gravame aplicable a cada operación será o vixente no momento do devengo.

4. Os anexos IV e V desta lei estableceranse seguindo a estrutura do arancel aduaneiro das Comunidades Europeas. Cando se produzan variacións na estrutura do arancel aduaneiro das Comunidades Europeas, o conselleiro de Economía, Facenda e Comercio do Goberno de Canarias procederá á actualización formal das correspondentes referencias contidas nos anexos IV e V desta lei. Tal actualización formal de referencias en ningún caso poderá implicar unha modificación do contido real destes anexos.»

Catro. Modifícase o artigo 84, que quedará redactado como segue:

«Artigo 84. *Devolucións nas exportacións en réxime de viaxeiros.*

No suposto de operacións de entrega de bens suxeitas ó arbitrio pero exentas por aplicación do disposto no artigo 71.1 desta lei, cando a entrega se realizase en favor de viaxeiros, repercutirase o arbitrio non obstante estaren exentas as operacións. A cota do arbitrio repercutida devolverase na forma e condicións que estableza regulamentariamente o Goberno de Canarias.»

Cinco. Modifícase o número 2 do artigo 85, que quedará redactado como segue:

«2. Non poderán ser obxecto de devolución as cotas soportadas pola importación de bens incluídos no anexo V desta lei, salvo que tales bens se utilicen na realización das operacións descritas nos artigos 71 e 72 da presente lei, mesmo cando os envíos ou as exportacións non estean suxeitos ó arbitrio.»

Seis. Modifícase o parágrafo b) do número 1 do artigo 88, que quedará redactado como segue:

«b) Expedir e entregar facturas das operacións suxeitas ó arbitrio, adaptados ás normas xerais que regulan o deber de expedir e entregar factura que lles incumbe ós empresarios e profesionais.»

Sete. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2003, modifícanse os anexos IV e V nos termos que a continuación se indican:

«1. Inclúense no anexo IV as mercadorías que a continuación se indican:

P. estatística	Descrición	Tipo
0302699500	Pragos dourados ("sparus aurata").	5
200911	Zume de laranxa conxelado.	5
20091200	Soamente gravados os produtos de envase inferior a 150 quilos.	
200919	Zume de laranxa sen conxelar de valor Brix inferior ou igual a 20.	5
200941	Os demais zumes de laranxa sen conxelar.	5
	Zume de piña (de valor Brix inferior ou igual a 20).	5
200949	Soamente gravados os produtos de envase inferior a 150 quilos.	
	Os demais zumes de piña.	5
200971	Soamente gravados os produtos de envase inferior a 150 quilos.	
200979	Zume de mazá (de valor Brix inferior ou igual a 20).	5
	Os demais zumes de mazá.	5
200990	Soamente gravados os produtos de envase inferior a 150 quilos.	
	Mesturas de zumes.	5
2103, salvo a	Soamente gravados os produtos de envase inferior a 150 quilos.	
2103909081	Preparacións para prebes e prebes preparados; condimentos e sazoadores; compostos; fariña de mostaza e mostaza preparada.	15
220850	Xenebra e gin.	0
220860	Vodka.	0
220870	Licores.	0
2710114100	As demais gasolinas cun contido en chumbo igual ou inferior a 0,013 g por litro cunha octanaxe inferior a 95.	7 euros/1.000 litros
2710114500	As demais gasolinas cun contido en chumbo igual ou inferior a 0,013 g por litro cunha octanaxe inferior a 95.	7 euros/1.000 litros
2710114900	As demais gasolinas cun contido en chumbo igual ou inferior a 0,013 g por litro cunha octanaxe igual ou superior a 98.	7,5 euros/1.000 litros
2710115100	As demais gasolinas cun contido en chumbo superior a 0,013 g por litro cunha octanaxe inferior a 98.	7,5 euros/1.000 litros
2710119000	Os demais aceites lixeiros.	7,5 euros/1.000 litros
2710192100	Aceites medios carburorretores.	8,5 euros/1.000 litros
2710192500	Os demais aceites medios.	8,5 euros/1.000 litros
2710194100	Aceites pesados ou gasóleos que se destinen a outros usos cun contido en xofre inferior ou igual ó 0,05 por 100.	6,5 euros/1.000 litros
2710194500	Aceites pesados ou gasóleos que se destinen a outros usos cun contido en xofre superior ó 0,05 por 100 pero inferior ou igual ó 0,2 por 100.	6,5 euros/1.000 litros
2710194900	Aceites pesados ou gasóleos que se destinen a outros usos con contido en xofre superior ó 0,2 por 100.	6,5 euros/1.000 litros
2710195500	Fuel que se destine a unha transformación química mediante un tratamento distinto dos definidos para a subpartida 27101951.	4 euros/Tm
2710196100	Fuel que se destine a outros usos cun contido en xofre inferior ou igual ó 1 por 100.	4 euros/Tm
2710196300	Fuel que se destine a outros usos cun contido en xofre superior ó 1 por 100 sen exceder do 2 por 100.	4 euros/Tm
2710196500	Fuel que se destine a outros usos cun contido en xofre superior ó 2 por 100 sen exceder do 2,8 por 100.	4 euros/Tm
2710196900	Fuel que se destine a outros usos cun contido en xofre superior ó 2,8 por 100.	4 euros/Tm
391710	Tripas artificiais de proteínas endurecidas ou de plásticos celulósicos.	0
39172110	Tubos ríxidos de polímeros de etileno soamente gravados os de diámetro inferior a 250 mm.	15
39172199	Os demais tubos ríxidos de polímeros de etileno destinados á agricultura con goteiro inserido.	0
391722	Tubos ríxidos de polímeros de propileno.	0
391723	Tubos ríxidos de polímeros de cloruro de vinilo de parede compacta soamente gravados os de diámetro inferior a 400 mm.	15
391729	Tubos ríxidos dos demais plásticos.	0
391731	Tubos flexibles para unha presión igual ou superior a 27,6 m.p.a.	0
39173210	Os demais, sen reforzar nin combinar con outras materias, sen accesorios, de produtos de polimerización de reorganización ou de condensación, mesmo modificados quimicamente.	0
39173231	Tubos ríxidos de polímeros de etileno de dobre parede do tipo estrutural con rixidez circunferencial igual ou superior a 6 KNm <sup>2</sup> .	0
39173235	Tubos ríxidos de polímeros de cloruro de vinilo de dobre parede do tipo estrutural con rixidez circunferencial igual ou superior a 6 KNm <sup>2</sup> .	0

P. estatística	Descrición	Tipo
39173239	Os demais, sen reforzar nin combinar con outras materias, sen accesorios, dos demais produtos de polimerización de adición. Soamente gravados os de diámetro inferior a 250 mm.	15
39173251	Os demais, sen reforzar nin combinar con outras materias, sen accesorios. Soamente gravados os de diámetro inferior a 250 mm.	15
39173291	Tripas artificiais.	0
39173299	Os demais, sen reforzar nin combinar con outras materias, sen accesorios. Soamente gravados os de diámetro inferior a 250 mm.	15
391733	Os demais, sen reforzar nin combinar con outras materias, con accesorios. Soamente gravados os de diámetro inferior a 250 mm.	15
391739	Os demais. Soamente gravados os de diámetro inferior a 250 mm.	15
391740	Accesorios. Soamente gravados os de polímeros de cloruro de vinilo cun diámetro inferior a 200 mm.	15
40121100	Pneumáticos recauchutados dos tipos utilizados en automóbiles de turismo, incluídos os do tipo familiar (break ou station wagon) e os de carreiras.	5
40121200	Pneumáticos recauchutados dos tipos utilizados en autobuses ou camiós.	5
401213	Pneumáticos recauchutados dos tipos utilizados en aeronaves.	5
40121900	Os demais pneumáticos recauchutados.	5
4819	Caixas; sacos; bolsas; cucuruchos e demais envases de papel; cartón; guata de celulosa ou napas de fibra de celulosa; cartonaxes de oficina, tenda ou similares, agás os envases "tetrabrik" e "tetrapack" da 481920 e a 481940.	15
48239014	Os demais papeis e cartóns dos tipos utilizados na escritura, impresión ou outros fins gráficos, sen imprimir, estampar ou perforar.	15
9404, salvo a 940430 e a 940490	Somieres, artigos de cama e artigos similares (por exemplo: colchóns, cubrepés, edredóns, coxíns, pufs ou almofadas), con resortes ou ben recheos ou gornecidos interiormente con calquera materia; incluídos os de caucho ou plástico celulares; recubertos ou non.	15

2. Inclúense no anexo V as mercadorías que a continuación se indican:

P. estatística	Descrición
0302699500	Pragos dourados ("sparus aurata").
200911	Zume de laranxa conxelado. Soamente gravados os produtos de envase inferior a 150 quilos.
20091200	Zume de laranxa sen conxelar de valor Brix inferior ou igual a 20.
200919	Os demais zumes de laranxa sen conxelar.
200941	Zume de piña (de valor Brix inferior ou igual a 20). Soamente gravados os produtos de envase inferior a 150 quilos.
200949	Os demais zumes de piña. Soamente gravados os produtos de envase inferior a 150 quilos.
200971	Zume de mazá (de valor Brix inferior ou igual a 20).
200979	Os demais zumes de mazá. Soamente gravados os produtos de envase inferior a 150 quilos.
200990	Mesturas de zumes. Soamente gravados os produtos de envase inferior a 150 quilos.
2103, salvo a 2103909081	Preparacións para prebes e prebes preparados; condimentos e sazonadores; compostos; fariña de mostaza e mostaza preparada.
391710	Tripas artificiais de proteínas endurecidas ou de plásticos celulósicos.
39172110	Tubos ríxidos de polímeros de etileno soamente gravados os de diámetro inferior a 250 mm.
39172199	Os demais tubos ríxidos de polímeros de etileno destinados á agricultura con goteiro inserido.
391722	Tubos ríxidos de polímeros de propileno.
391723	Tubos ríxidos de polímeros de cloruro de vinilo de parede compacta soamente gravados os de diámetro inferior a 400 mm.
391729	Tubos ríxidos dos demais plásticos.
391731	Tubos flexibles para unha presión igual ou superior a 27,6 m.p.a.



P. estatística	Descrición
39173210	Os demais, sen reforzar nin combinar con outras materias, sen accesorios, de produtos de polimerización de reorganización ou de condensación, mesmo modificados quimicamente.
39173231	Tubos ríxidos de polímeros de etileno de dobre parede do tipo estrutural con rixidez circunferencial igual ou superior a 6 KNm <sup>2</sup> .
39173235	Tubos ríxidos de polímeros de cloruro de vinilo de dobre parede do tipo estrutural con rixidez circunferencial igual ou superior a 6 KNm <sup>2</sup> .
39173239	Os demais, sen reforzar nin combinar con outras materias, sen accesorios, dos demais produtos de polimerización de adición.
39173251	Soamente gravados os de diámetro inferior a 250 mm. Os demais, sen reforzar nin combinar con outras materias, sen accesorios. Soamente gravados os de diámetro inferior a 250 mm.
39173291	Tripas artificiais.
39173299	Os demais, sen reforzar nin combinar con outras materias, sen accesorios. Soamente gravados os de diámetro inferior a 250 mm.
391733	Os demais, sen reforzar nin combinar con outras materias, con accesorios. Soamente gravados os de diámetro inferior a 250 mm.
391739	Os demais. Soamente gravados os de diámetro inferior a 250 mm.
391740	Accesorios.
40121100	Soamente gravados os de polímeros de cloruro de vinilo cun diámetro inferior a 200 mm. Pneumáticos recauchutados dos tipos utilizados en automóviles de turismo, incluídos os do tipo familiar (break ou station wagon) e os de carreiras.
40121200	Pneumáticos recauchutados dos tipos utilizados en autobuses ou camións.
401213	Pneumáticos recauchutados dos tipos utilizados en aeronaves.
40121900	Os demais pneumáticos recauchutados.
4819	Caixas; sacos; bolsas; cucuruchos e demais envases de papel; cartón; guata de celulosa ou naps de fibra de celulosa; cartonaxes de oficina, tenda ou similares, agás os envases "tetrabrik" e "tetrapack" da 481920 e a 481940.
48239014	Os demais papeis e cartóns dos tipos utilizados na escritura, impresión ou outros fins gráficos, sen imprimir, estampar ou perforar.
9404, salvo a 940430 e a 940490	Somieres, artigos de cama e artigos similares (por exemplo: colchóns, cubrepés, edredóns, coxíns, pufs ou almofadas), con resortes ou ben recheos ou gornecidos interiormente con calquera materia; incluídos os de caucho ou plástico celulares; recubertos ou non.

3. Exclúense no anexo IV as mercadorías que a continuación se indican:

P. estatística	Descrición	Tipo
0302696100	Douradas de mar (das especies "Dentex dentex" e "Pagellus spp.") frescas ou refrixeradas.	5
0406	Queixo e requeixón, agás 0406902300 e 0406907800.	0
1507909000	Os demais (aceite de soia e as súas fraccións, mesmo refinado pero sen modificar quimicamente).	0
1508909000	Os demais (aceite de cacahuete e as súas fraccións, mesmo refinado pero sen modificar quimicamente).	0
1512199100	De xirasol (aceites de xirasol, de cártamo ou de algodón, e as súas fraccións, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente).	0
1514909000	Os demais (aceite de nabiña, de colza ou de mostaza, e as súas fraccións, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente).	0
1515299000	Os demais (as demais graxas e aceites vexetais fixos, incluído o aceite de jojoba e as súas fraccións, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente).	0
20079939	As demais (compotas, xeleas e marmeladas, purés e pastas de froitos, obtidos por cocción, mesmo azucrados doutro modo).	5
200911	Zume de laranxa conxelado.	5
200919	Os demais zumes de laranxa.	5
200940	Zume de piña.	5
200970	Zume de mazá.	5
200990	Mesturas de zumes.	5
2103	Preparacións para prebes e prebes preparados; condimentos e sazonadores; compostos; fariña de mostaza e mostaza preparada.	15
220850	Xenebra e gin.	15
220860	Vodka.	15
220870	Licores.	15

P. estatística	Descrición	Tipo
2710002700	As demais gasolinas cun contido en chumbo igual ou inferior a 0,013 g por litro cunha octanaxe inferior a 95.	7 euros/1.000 litros
2710002900	As demais gasolinas cun contido en chumbo igual ou inferior a 0,013 g por litro cunha octanaxe igual ou superior a 95 pero inferior a 98.	7 euros/1.000 litros
2710003200	As demais gasolinas cun contido en chumbo igual ou inferior a 0,013 g por litro cunha octanaxe igual ou superior a 98.	7,5 euros/1.000 litros
2710003400	As demais gasolinas cun contido en chumbo superior a 0,013 g por litro cunha octanaxe inferior a 98.	7,5 euros/1.000 litros
2710003900	Os demais aceites lixeiros.	7,5 euros/1.000 litros
2710005100	Aceites medios carburorreectores.	8,5 euros/1.000 litros
2710005500	Os demais aceites medios.	8,5 euros/1.000 litros
2710006600	Aceites pesados ou gasóleos que se destinen a outros usos cun contido en xofre inferior ou igual ó 0,05 por 100.	6,5 euros/1.000 litros
2710006700	Aceites pesados ou gasóleos que se destinen a outros usos cun contido en xofre superior ó 0,05 por 100 pero inferior ou igual ó 0,2 por 100.	6,5 euros/1.000 litros
2710006800	Aceites pesados ou gasóleos que se destinen a outros usos con contido en xofre superior ó 0,2 por 100.	6,5 euros/1.000 litros
2710007200	Fuel que se destine a unha transformación química mediante un tratamento distinto dos definidos para a subpartida 27100071.	4 euros/Tm
2710007400	Fuel que se destine a outros usos cun contido en xofre inferior ou igual ó 1 por 100.	4 euros/Tm
2710007600	Fuel que se destine a outros usos cun contido en xofre superior ó 1 por 100 sen exceder do 2 por 100.	4 euros/Tm
2710007700	Fuel que se destine a outros usos cun contido en xofre superior ó 2 por 100 sen exceder do 2,8 por 100.	4 euros/Tm
2710007800	Fuel que se destine a outros usos cun contido en xofre superior ó 2,8 por 100.	4 euros/Tm
3917	Tubos e accesorios de tubería de plástico.	15
401210	Pneumáticos recauchutados.	5
481840	Compresas e tampóns hixiénicos; cueiros e artigos hixiénicos similares.	5
4819	Caixas; sacos; bolsas, cucuruchos e demais envases de papel; cartón; guata de celulosa ou napas de fibra de celulosa; cartonaxes de oficina, tenda ou similares.	15
48235910	Para máquinas de oficina e similares; en bandas ou en bobinas.	15
48235990	Os demais (os demais papeis, cartóns, guatas de celulosa e napas de fibras de celulosa, cortados ó seu tamaño, os demais artigos de pasta de papel, de papel, cartón, guata de celulosa ou de napas de fibra de celulosa).	15
7325	As demais manufacturas moldeadas; de fundición, de ferro ou aceiro.	15
85445910	Fíos e cables para electricidade; con cabos de diámetro superior a 0,51 mm.	5
9404	Somieres, artigos de cama e artigos similares (por exemplo: colchóns, cubrepés, edredóns, coxíns, pufs ou almofadas), con resortes ou ben recheos ou gornecidos interiormente con calquera materia; incluídos os de caucho ou plástico celulares; recubertos ou non.	15
94060031	Construcións prefabricadas de ferro ou aceiro para invernadoiros.	5

4. Exclúense do anexo V as mercadorías que a continuación se indican:

P. estatística	Descrición
10302696100 0406	Douradas de mar (das especies "Dentex dentex" e "Pagellus spp.") frescas ou refrixeradas. Queixo e requeixón, agás 0406902300 e 0406907800.
1507909000	Os demais (aceite de soia e as súas fraccións, mesmo refinado pero sen modificar quimicamente).
1508909000	Os demais (aceite de cacahuete e as súas fraccións, mesmo refinado pero sen modificar quimicamente).
1512199100	De xirasol (aceites de xirasol, de cártamo ou de algodón, e as súas fraccións, mesmo refinados pero sen modificar quimicamente).
1514909000	Os demais (aceite de nabiña, de colza ou de mostaza, e as súas fraccións, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente).
1515299000	Os demais (as demais graxas e aceites vexetais fixos, incluído o aceite de jojoba, e as súas fraccións, mesmo refinados pero sen modificar quimicamente).
20079939	As demais (compotas, xeleas e marmeladas, purés e pastas de froitos, obtidos por cocción, mesmo azucrados doutro modo).

P. estatística	Descrición
200911	Zume de laranxa conxelado.
200919	Os demais zumes de laranxa.
200940	Zume de piña.
200970	Zume de mazá.
200990	Mesturas de zumes.
2103	Preparacións para prebes e prebes preparados; condimentos e sazonadores; compostos; fariña de mostaza e mostaza preparada.
3917	Tubos e accesorios de tubería de plástico.
401210	Pneumáticos recauchutados.
481840	Compresas e tampóns hixiénicos, cueiros e artigos hixiénicos similares.
4819	Caixas; sacos; bolsas; cucuruchos e demais envases de papel; cartón; guata de celulosa ou napas de fibra de celulosa; cartonaxes de oficina, tenda ou similares.
48235910	Para máquinas de oficina e similares; en bandas ou en bobinas.
48235990	Os demais (os demais papeis, cartóns, guatas de celulosa e napas de fibras de celulosa, cortados ó seu tamaño, os demais artigos de pasta de papel, de papel, cartón, guata de celulosa ou de napas de fibra de celulosa).
7325	As demais manufacturas moldeadas, de fundición, de ferro ou aceiro.
9404	Somieres, artigos de cama e artigos similares (por exemplo: colchóns, cubrepés, edredóns, coxíns, pufs ou almofadas), con resortes ou ben recheos ou gornecidos interiormente con calquera materia; incluídos os de caucho ou plástico celulares; recubertos ou non.
94060031	Construcións prefabricadas de ferro ou aceiro para invernaoiros.

Oito. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2002 e sen prexuízo do disposto no número segundo anterior, decláranse exentas do arbitrio as importacións dos seguintes bens realizadas durante o ano 2002:

P. estatística	Descrición
0302696100 20079939	Douradas de mar (das especies "Dentex dentex" e "Pagellus spp.") frescas ou refrixeradas. As demais (compotas, xeleas, e marmeladas, purés e pastas de froitos, obtidos por cocción, mesmo azucrados doutro modo).

Os suxeitos pasivos que satisfixesen o arbitrio como consecuencia de importacións das citadas mercadorías levadas a cabo durante o ano 2002 terán dereito á devolución das cotas satisfeitas, que se fará efectiva polo procedemento e nas condicións establecidas para a devolución de ingresos indebidos de natureza tributaria.»

**Artigo 10. Modificación da Lei 19/1994, do 6 de xullo, do réxime económico e fiscal de Canarias.**

Un. Con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2002, modifícase o número 1 do artigo 26 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, que quedará redactado nos seguintes termos:

«1. Os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades aplicarán unha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente ós rendementos derivados da venda de bens corporais producidos en Canarias por eles mesmos, propios de actividades agrícolas, gandeiras, industriais e pesqueiras, sempre que, neste último caso, a pesca de altura se desembarque nos portos canarios e se manipule ou transforme no arquipélago. Poderanse beneficiar desta bonificación as persoas ou entidades domiciliadas en Canarias ou noutros territorios que se dediquen á produción de tales bens no arquipélago, mediante sucursal ou establecemento permanente.»

Dous. Modifícanse os números 2, 4, 7 e 8, e engádesse un novo número 10 no artigo 27 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico

e fiscal de Canarias, que quedarán redactados nos seguintes termos:

«2. A redución a que se refire o número anterior aplicaráselles ás dotacións que en cada período impositivo se fagan á reserva para investimentos ata o límite do 90 por 100 da parte de beneficio obtido no mesmo período que non sexa obxecto de distribución, en canto proceda de establecementos situados en Canarias.

En ningún caso a aplicación da redución poderá determinar que a base impositiva sexa negativa.

Para estes efectos consideraranse beneficios non distribuídos os destinados a nutri-las reservas, excluída a de carácter legal. Tampouco terá a consideración de beneficio non distribuído o correspondente ás rendas que se beneficiasen da dedución establecida no artigo 36 ter da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

As asignacións a reservas consideraranse diminuídas no importe que eventualmente se detraese dos fondos propios, xa no exercicio ó que a redución da base impositiva se refire, xa no que se adoptara o acordo de realiza-las mencionadas asignacións.»

«4. As cantidades destinadas á reserva para investimentos en Canarias deberán materializarse no prazo máximo de tres anos, contados desde a data do devengo do imposto correspondente ó exercicio en que esta se dotou, na realización dalgun dos seguintes investimentos:

a) A adquisición de activos fixos situados ou recibidos no arquipélago canario, utilizados nel e necesarios para o desenvolvemento de actividades

empresariais do suxeito pasivo ou que contribúan á mellora e protección do ambiente no territorio canario. Para tal efecto entenderanse situados e utilizados no arquipélago as aeronaves que teñan a súa base en Canarias e os buques con pavillón español e matriculados en Canarias, incluídos os inscritos no Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras.

Consideraranse como adquisición de activo fixo os investimentos realizados por arrendatarios en inmobles, cando o arrendamento teña unha duración mínima de cinco anos, e os investimentos destinados á rehabilitación dun activo fixo se, en ámbolos casos, cumpren os requisitos contables para seren considerados como activo fixo para o investidor.

Para os efectos deste número, entenderanse situados ou recibidos no arquipélago canario as concesións administrativas de uso de bens de dominio público radicados en Canarias, as concesións administrativas de prestación de servizos públicos que se desenvolven exclusivamente no arquipélago, así como as aplicacións informáticas, e os dereitos de propiedade industrial, que non sexan meros signos distintivos do suxeito pasivo ou dos seus produtos, e que se vaian aplicar exclusivamente en procesos productivos ou actividades comerciais que se desenvolvan no ámbito territorial canario.

O importe dos gastos en investigación que cumpran os requisitos para seren contabilizados como activo fixo considerarase materialización da reserva para investimentos na parte correspondente ós gastos de persoal satisfeitos a investigadores cualificados adscritos en exclusiva a actividades de investigación e desenvolvemento realizadas en Canarias, e na parte correspondente ós gastos de proxectos de investigación e desenvolvemento contratados con universidades, organismos públicos de investigación ou centros de innovación e tecnoloxía, oficialmente recoñecidos e rexistrados e situados en Canarias. Esta materialización será incompatible, para os mesmos gastos, con calquera outro beneficio fiscal.

Tratándose de activos fixos usados, estes non poderán terse beneficiado anteriormente do réxime previsto neste artigo, e deberán supor unha mellora tecnolóxica para a empresa.

O inmovible adquirido para a súa rehabilitación terá a consideración de activo usado apto para a materialización da reserva cando o custo da reforma sexa superior á parte do prezo de adquisición correspondente á construción.

b) A subscrición de títulos valores ou anotacións en conta de débeda pública da Comunidade Autónoma de Canarias, das corporacións locais canarias ou das súas empresas públicas ou organismos autónomos, sempre que esta se destine a financiar investimentos en infraestrutura ou de mellora e protección do ambiente no territorio canario, co límite do 50 por 100 das dotacións.

Para estes efectos o Goberno da Nación aprobará a contía e o destino das emisións, a partir das propostas que en tal sentido lle formule a Comunidade Autónoma de Canarias, logo de informe do Comité de Investimentos Públicos.

c) A subscrición de accións ou participacións no capital de sociedades que desenvolvan no arquipélago a súa actividade, sempre que estas realicen os investimentos previstos na letra a) deste artigo, nas condicións reguladas nesta lei. Estes investi-

mentos non darán lugar á aplicación de ningún outro beneficio fiscal por tal concepto.»

«7. A aplicación do beneficio da reserva para investimentos será incompatible, para os mesmos bens, coa dedución por investimentos e coa dedución por reinvestimento de beneficios extraordinarios a que se refire o artigo 36 ter da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.»

«8. O cumprimento dos requisitos considerados neste artigo poderase acreditar polos medios de proba admitidos en dereito. Para estes efectos, a dotación da reserva poderase entender probada cando o suxeito pasivo presentase dentro do prazo legalmente establecido a declaración tributaria na que aplique o incentivo regulado neste artigo.

A disposición da reserva para investimentos con anterioridade ó prazo de mantemento do investimento ou para investimentos diferentes ós previstos, así como o incumprimento de calquera outro dos requisitos establecidos neste artigo, dará lugar á integración na base imponible do exercicio en que ocorresen estas circunstancias das cantidades que no seu día deron lugar á súa redución.

Sobre a parte de cota derivada do previsto no parágrafo anterior xirarase o xuro de demora correspondente, calculado desde o último día do prazo de ingreso voluntario da liquidación na que se realizou a correspondente redución da base imponible.»

«10. Os suxeitos pasivos a que se refire este artigo poderán levar a cabo investimentos anticipados de futuras dotacións á reserva para investimentos, sempre que cumpran os restantes requisitos esixidos nel e as citadas dotacións se realicen con cargo a beneficios obtidos ata o 31 de decembro de 2005.

Comunicarase a citada materialización e o seu sistema de financiamento conxuntamente coa declaración do imposto sobre sociedades, o imposto sobre a renda de non residentes ou o imposto sobre a renda das persoas físicas do período impositivo en que se realicen os investimentos anticipados.

O incumprimento de calquera dos requisitos previstos neste número ocasionará a perda do beneficio fiscal e será de aplicación o previsto no número 8 deste artigo.»

#### SECCIÓN 6.<sup>a</sup> IMPOSTO SOBRE A PRODUCCIÓN, OS SERVICIOS E A IMPORTACIÓN PARA AS CIDADES DE CEUTA E MELILLA

*Artigo 11. Compensación pola que se garante a evolución da recadación polo imposto sobre a produción, os servizos e a importación das cidades de Ceuta e Melilla.*

Un. Co fin de mante-la suficiencia financeira das cidades de Ceuta e Melilla, garántese unha recadación líquida do imposto sobre a produción, os servizos e a importación correspondente ás importacións e ó gravame complementario sobre os elaborados do tabaco das cidades de Ceuta e Melilla do exercicio equivalente á recadación líquida do exercicio 2001 polos ditos conceptos incrementada na variación do PIB nominal, ó custo dos factores, habida no período.

Dous. No caso de que a recadación líquida do exercicio polos ditos conceptos non alcance a contía que se debe garantir a que se refire o número anterior, com-

pensarase cada unha das cidades con cargo ós orzamentos xerais do Estado para o exercicio seguinte pola diferenza calculada conforme a seguinte fórmula:

$$C(x)_i = [RL(2001)_i * PIB(x)/PIB(2001)] - RL(x)_i$$

Onde:

$C(x)_i$  é a compensación que se lle efectuará á cidade (i) correspondente ó exercicio (x) con cargo ós orzamentos xerais do Estado para (x + 1);

$RL(2001)_i$  e  $RL(x)_i$  son a recadación líquida, deducida da liquidación do orzamento do exercicio, polo imposto sobre a produción, os servizos e a importación correspondente ás importacións e ó gravame complementario sobre os elaborados do tabaco de cada cidade (i), no exercicio (2001) e (x), respectivamente;

$PIB(2001)$  e  $PIB(x)$  é o PIB nominal, ó custo dos factores, Base-2001, correspondente ós anos (2001) e (x), respectivamente.

Tres. A garantía a que se refire o número anterior calcularase por vez primeira en relación co exercicio 2002, con cargo ós orzamentos xerais do Estado para 2003.

### CAPÍTULO III

#### Taxas

Artigo 12. *Taxa pola autorización, celebración ou organización de rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido de taxas fiscais, aprobado polo Decreto 3059/1966, do 1 de decembro.

Un. Modifícase o artigo 36 do texto refundido de taxas fiscais, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 36. *Feito imposable.*

Esixiranse estas taxas pola autorización, celebración ou organización de rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias.

A súa exacción corresponderalle ó Estado cando, calquera que sexa o medio manual, técnico, telemático ou interactivo a través do cal se realicen as actividades gravadas, o ámbito territorial de participación sexa nacional ou superior ó dunha comunidade autónoma. Pola contra, será esixible por cada concreta comunidade autónoma cando o ámbito territorial de participación non exceda do seu propio.»

Dous. Modifícanse os parágrafos a) e b) do número 1 do artigo 38 do texto refundido de taxas fiscais, que quedarán redactados como segue:

a) As rifas e tómbolas tributarán con carácter xeral ó tipo do 15 por 100 do importe total dos boletos, billetes ou medios de participación ofrecidos ou, en defecto de soportes físicos, do importe total dos ingresos obtidos.

Cando por calquera causa non se puidesen coñecer con carácter previo os ingresos que se vaian obter, practícase unha liquidación á conta segundo os ingresos susceptibles de obtención, de conformidade, de se-lo caso, co órgano autorizante, sen prexuízo da liquidación tributaria que proceda unha vez acreditado o importe definitivo dos ingresos obtidos.

b) As declaradas de utilidade pública ou benéfica tributarán ó tipo do 5 por 100.»

Artigo 13. *Modificación da Lei 16/1979, do 2 de outubro, sobre taxas da Xefatura Central de Tráfico.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2003, modifícase a Lei 16/1979, do 2 de outubro, sobre taxas da Xefatura Central de Tráfico, nos termos que a continuación se sinalan:

Un. Créase unha nova tarifa 9 dentro do artigo 6, no grupo IV, «Outras tarifas», coa seguinte redacción:

«Grupo IV.9. Prestación dos seguintes servizos, efectuados polos axentes da Agrupación de Tráfico da Garda Civil:

Escolta, control e regulación da circulación de vehículos que, polas súas características técnicas ou en razón das cargas que transportan, exceden das masas e dimensións máximas autorizadas ou transitan a velocidades inferiores ás mínimas regulamentariamente establecidas.

Tarifa: 22 euros por hora e axente destinado á prestación do servizo.

O importe da liquidación será o resultado da aplicación da tarifa da taxa ó número de horas empregadas no servizo.»

Dous. Modifícase o artigo 14, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 14. *Substitutos do contribuínte.*

1. Non obstante o previsto no artigo cuarto desta lei, serán suxeitos pasivos, como substitutos do contribuínte, da taxa por anotación do resultado da inspección técnica de vehículos, as persoas, organismos ou estacións que realicen a inspección.

Os suxeitos pasivos substitutos repercutirán o importe da taxa a quen solicite os servizos de inspección.

Por orde do Ministerio do Interior establecerase a forma e os prazos en que os suxeitos pasivos substitutos deberán liquidar e ingresa-lo importe das taxas, non sendo para estes efectos de aplicación o establecido no artigo décimo desta lei.

Os resultados da inspección efectuada comunicánselle á Xefatura Central de Tráfico, que efectuará a anotación correspondente.

2. Serán tamén suxeitos pasivos, como substitutos do contribuínte, da taxa por anotación da baixa do vehículo, os centros autorizados de recepción e descontaminación que emitan os certificados de destrución do vehículo á fin da súa vida útil, e nesa condición repercutirán o importe da taxa a quen solicite a destrución do vehículo.

Por orde do Ministerio do Interior estableceranse a forma e os prazos en que os suxeitos pasivos deberán liquidar e ingresar o importe das taxas, previas as comprobacións correspondentes, non sendo para estes efectos de aplicación o establecido no artigo décimo desta lei.

Os referidos centros autorizados de recepción e descontaminación comunicarán á Xefatura Central de Tráfico a relación identificativa dos vehículos que fosen destruídos, coa periodicidade e o procedemento que se establezan.»

Artigo 14. *Modificación das taxas do Boletín Oficial del Estado.*

Os artigos 16, 17, 23 e 24 da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas esta-

tais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, quedan redactados como segue:

«Artigo 16. *Contía.*

Un. Os anuncios que, por instancia do anunciante, se publiquen dentro das vinte e catro horas seguintes á súa entrega na administración do Boletín Oficial del Estado, satisfarán unha contía dobre á que, noutro caso, resultaría esixible.

Idéntica contía deberá satisfacerse para os anuncios que sexan entregados o venres para a súa publicación o luns seguinte.

Dous. A liquidación e o ingreso das tarifas efectuarase conforme a normativa reguladora do Boletín Oficial del Estado.»

«Artigo 17. *Modificación das contías da taxa.*

Un. Só se poderán modificar mediante lei o número e a identidade dos elementos e criterios de cuantificación sobre os cales se determinan as cotas e os tipos esixibles.

Dous. Para os efectos do previsto no número anterior, considéranse elementos e criterios de cuantificación do importe esixible polos anuncios a que se refire o feito impositivo da taxa, o número de liñas de texto e, para os anuncios que se publiquen na sección VC, o número de liñas de título e o número de liñas de texto.

Tres. A modificación das contías fixas resultantes da aplicación dos elementos e criterios a que se refiren os números anteriores poderá efectuarse mediante orde ministerial.

Catro. As ordes ministeriais que, de conformidade co establecido no anterior número deste artigo, modifiquen as contías fixas da taxa deberán ir acompañadas dunha memoria económico-financieira sobre o custo ou valor do recurso ou actividade de que se trate e sobre a xustificación da contía da taxa proposta, a cal se deberá axustar ó principio de equivalencia establecido no artigo 7 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

A falta deste requisito determinará a nulidade de pleno dereito da disposición.»

«Artigo 23. *Contía.*

Un. Mentres non se produza a súa modificación, continuarán vixentes as tarifas previstas no artigo 46.4 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, para os actos que se vaian publicar na sección I do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil.

Dous. Os anuncios que, por instancia do anunciante, se publiquen dentro das vinte e catro horas seguintes á súa entrega na administración do Boletín Oficial del Estado, satisfarán unha contía dobre á que, noutro caso, resultase esixible.

Idéntica contía deberá satisfacerse para os anuncios que sexan entregados o venres para a súa publicación o luns seguinte.

Tres. A liquidación e o ingreso das tarifas efectuarase conforme a regulación contida no Regulamento do Rexistro Mercantil e na normativa reguladora do Boletín Oficial del Estado.»

«Artigo 24. *Modificación das contías da taxa.*

Un. Só se poderán modificar mediante lei o número e identidade dos elementos e criterios de

cuantificación sobre os cales se determinan as cotas e os tipos esixibles.

Dous. Para os efectos do previsto no número anterior, considéranse elementos e criterios de cuantificación do importe esixible polos anuncios e avisos legais constitutivos da sección II do "Boletín Oficial do Rexistro Mercantil" a que se refire o feito impositivo da taxa, o número de liñas de título e o número de liñas de texto.

Tres. A modificación das contías fixas resultantes da aplicación dos elementos e criterios a que se refiren os números anteriores poderase efectuar mediante orde ministerial.

Catro. As ordes ministeriais que, de conformidade co establecido no anterior número deste artigo, modifiquen as contías fixas da taxa deberán ir acompañadas dunha memoria económico-financieira, sobre o custo ou valor do recurso ou actividade de que se trate e sobre a xustificación da contía da taxa proposta, a cal deberá axustarse ó principio de equivalencia establecido no artigo 7 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

A falta deste requisito determinará a nulidade de pleno dereito da disposición.»

Artigo 15. *Taxa de exame preliminar internacional da Oficina Española de Patentes e Marcas.*

Créanse e establécense as seguintes contías para as taxas e os dereitos relativos ós exames preliminares internacionais que efectúe a Oficina Española de Patentes e Marcas, como consecuencia da designación como Administración de exame preliminar internacional para os efectos do procedemento previsto no Tratado de cooperación en materia de patentes (PCT) e no seu regulamento de execución:

Parte I. Táboa de taxas e dereitos

Tipo de taxa ou dereito	Cantidade (Euros)
Taxa de exame preliminar [Regra 58.1.b)] ....	493,11
Taxa adicional [Regra 68.3.a)] .....	993,11
Custo das copias [Regra 71.2.b)], agás primeira copia:	
Documentos nacionais, cada documento ....	3,81
Documentos internacionais, cada documento .	5,37
Custo das copias (Regra 94.2), agás primeira copia:	
Cada documento .....	0,23

Parte II. Condicións do reembolso das taxas e medida na que se efectuarán

1) Será reembolsada calquera cantidade pagada por erro, sen necesidade, ou en exceso da cantidade adecuada, en concepto das taxas indicadas na parte 1.

2) Nos casos previstos na regra 58.3, a cantidade pagada da taxa de exame preliminar será reembolsada integramente.

3) Cando se retire a solicitude internacional ou a solicitude de exame preliminar internacional antes do comezo do exame preliminar internacional, a cantidade pagada da taxa de exame preliminar será reembolsada integramente.

**Artigo 16. Reforma dos canons por concesións e autorizacións sobre dominio público marítimo-terrestre.**

Un. Modifícase o número 4 do artigo 84 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, que queda redactado como segue:

«O tipo de gravame anual será do 8 por 100 sobre o valor da base, salvo no caso de aproveitamento, que será do 100 por 100.»

Dous. Modifícase o número 7 do artigo 84 da Lei 22/1988, de costas, de 28 de xullo, coa seguinte redacción:

«O devengo do canon, calculado de acordo cos criterios establecidos nos números anteriores, producirase co outorgamento inicial e mantemento anual da concesión ou autorización, e será esixible na contía que corresponda e nos prazos que se sinalen nas condicións desta concesión ou autorización. No caso de aproveitamento, o devengo producirase cando aquel se leve a cabo.

No suposto de concesións de duración superior a un ano, poderase proceder á actualización da base cando esta non responda ó valor actual dos bens ocupados ou aproveitados, caso no que se tramitará un procedemento para o efecto.»

**Artigo 17. Modificación da taxa por redacción de proxectos, confrontación e taxación de obras e proxectos.**

Un. Dáselle nova redacción ó artigo 4.º do Decreto 139/1960, do 4 de febreiro, polo que se valida a taxa por redacción de proxectos, confrontación e taxación de obras e proxectos, que pasará a se-lo seguinte:

«Artigo 4.º *Bases e tipos de gravame.*

A base da taxa é o importe do orzamento total de execución material do proxecto de obras, servizos ou instalacións, e no caso de taxación, o valor que resulte para ela.

O importe da taxa obterase multiplicando a raíz cúbica do cadrado da base polo coeficiente que a continuación se sinala, é dicir, por aplicación da fórmula

$$t = c \times b^{2/3}$$

a) No caso de redacción de proxectos de obras, servizos e instalacións, aplicarase o coeficiente  $c = 0,490898259$ .

A taxa mínima será de 99,83 euros.

b) No caso de confrontación e informe aplicarase o coeficiente  $c = 0,145451336$ .

A taxa mínima será de 49,88 euros.

c) No caso de taxacións de obras, servizos ou instalacións, e no de taxacións de terreos ou edificios aplicarase o coeficiente  $c = 0,090907085$ .

A taxa mínima será de 41,71 euros.

d) No caso de taxacións de proxectos de obras, servizos ou instalacións, aplicarase o coeficiente  $c = 0,054544251$ .

A taxa mínima será de 33,30 euros.»

Dous. A redacción establecida no número anterior terá vixencia a partir do 1 de xaneiro de 2002.

**Artigo 18. Taxa por actuacións dos rexistros de buques e empresas navieiras.**

A taxa por actuacións dos rexistros de buques e empresas navieiras creadas pola Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante,

na súa actual redacción dada pola Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no seu artigo 17, non será esixible ó Estado e ós demais entes públicos territoriais ou institucionais.

Así mesmo, esta taxa non será esixible ós buques de lista oitava pertencentes ós suxeitos citados no parágrafo anterior, afectos a unha actividade pública.

**Artigo 19. Taxa de aterraxe.**

O número 7 do artigo 11 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, queda redactado nos seguintes termos a partir do 1 de xaneiro do ano 2003:

«7. Clasificación dos aeroportos españois:

1. Para os efectos da aplicación das contías da presente taxa, os aeroportos españois quedan clasificados nas seguintes categorías:

Primeira categoría: Madrid-Barajas, Barcelona, Gran Canaria, Málaga, Palma de Mallorca, Tenerife Sur, Alicante, Lanzarote, Fuerteventura, Bilbao, Tenerife Norte, Sevilla e Valencia. Menorca e Ibiza durante o período comprendido entre o 1 de maio e o 31 de outubro, inclusive.

Segunda categoría: Granada, A Coruña, Santiago, La Palma, Almería, Asturias, Jerez, Vigo. Girona e Reus durante o período comprendido entre o 1 de maio ó 31 de outubro. Menorca e Ibiza durante o período comprendido entre o 1 de novembro e o 30 de abril, inclusive.

Terceira categoría: Santander, Zaragoza, Córdoba, El Hierro, Madrid-Cuatro Vientos, Vitoria, Melilla, Pamplona, San Sebastián, Badajoz, Murcia-San Javier, Valladolid, Salamanca, Sabadell, Son Bonet, Torrejón, La Gomera, León, Burgos, Albacete, Monflorit-Huesca e La Rioja-Logroño. Girona e Reus durante o período comprendido entre o 1 de novembro ó 30 de abril, inclusive.

2. O resto dos aeroportos e bases aéreas que con posterioridade á publicación desta lei poidan ser xestionados pola entidade pública empresarial Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea quedarán clasificados en terceira categoría para efectos de aplicación da taxa de aterraxe.

3. A presente clasificación poderá ser modificada polo Ministerio de Fomento mediante orde ministerial en función do tráfico rexistrado nos aeroportos.»

**Artigo 20. Incremento do 4 por 100 da taxa de aproximación.**

A tarifa unitaria da taxa de aproximación regulada no artigo 22 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, elévase para o 2003 ata a cantidade que resulte da aplicación do coeficiente 1,04 á contía fixada para o ano 2002.

Non será de aplicación o disposto no artigo 62.1 da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2003.

**Artigo 21. Incremento do 4 por 100 da taxa de seguridade.**

A taxa de seguridade regulada no artigo 28 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, elévase para o 2003 ata a cantidade que resulte da aplicación do coeficiente 1,04 á contía fixada para o ano 2002.

Non será de aplicación o disposto no artigo 62.1 da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2003.

**Artigo 22. Taxa por dereitos de exame para as titulacións para o goberno das embarcacións de recreo.**

Un. A taxa por dereitos de exame rexeráse pola presente lei e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

Dous. Constitúe o feito imponible da taxa a realización de exames teóricos para acceder ás titulacións para o goberno de embarcacións de recreo e de motos náuticas.

Tres. O devengo da taxa produciráse no momento da inscrición nas probas de exame.

A solicitude non se tramitará ata que non se efectuase o pagamento.

Catro. Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas que soliciten a inscrición como aspirantes ás probas de exame.

Cinco. As contías da taxa serán as seguintes:

Tarifa única para a realización do exame teórico de acceso ás titulacións de recreo e de motos náuticas;

- 1) Capitán de iate: 70 euros.
- 2) Patrón de iate: 60 euros.
- 3) Patrón de embarcacións de recreo: 45 euros.
- 4) Patrón de navegación básica: 35 euros.
- 5) Patrón de moto náutica «A»: 35 euros.
- 6) Patrón de moto náutica «B»: 30 euros.

Seis. O pagamento da taxa realizarase mediante ingreso efectivo en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Facenda, séndolle aplicable o disposto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro. A xestión da taxa será efectuada pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, dependente do Ministerio de Fomento.

**Artigo 23. Canon por utilización das infraestructuras ferroviarias.**

Un. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible do canon a utilización das infraestructuras ferroviarias a administración das cales lle fose encomendada polo Ministerio de Fomento á entidade pública empresarial Xestor de Infraestructuras Ferroviarias, así como a prestación de servicios inherentes a tal utilización, nos termos que se especifican nas tarifas seguintes:

a) A asignación de capacidade e supervisión da circulación dos trens (tarifa A).

b) A reserva de capacidade respecto da capacidade práctica do traxecto reservado ou utilizado (tarifa B).

Para os efectos da aplicación desta tarifa entenderase como capacidade práctica para un traxecto o número máximo de circulacións posibles conforme as necesidades de mantemento e as características técnicas e comerciais das liñas polas que transcorra.

c) A circulación de trens ou vehículos illados (tarifa C).

d) O tráfico producido sobre a infraestrutura ferroviaria (tarifa D).

e) A subministración de enerxía eléctrica de tracción ós trens (tarifa E).

f) O estacionamento e a utilización de plataformas nas estacións (tarifa F).

g) O paso por cambiadores de largo (tarifa G).

h) A emisión de acreditacións con validez anual necesarias para facilita-lo acceso non ocasional de vehículos e persoas ás instalacións ferroviarias (tarifa H).

i) A prestación de facilidades de infraestrutura ás empresas de telecomunicacións para a transmisión de sinal cos seus propios equipos (tarifa I).

Dous. Devengo.

O devengo do canon produciráse no momento da adxudicación do dereito ó uso da infraestrutura no caso das tarifas A) e B), cando se inicie a utilización efectiva da infraestrutura nas tarifas C), D), E), F) e G), coa emisión ou renovación anual do documento acreditativo na tarifa H) e co outorgamento inicial e mantemento anual da concesión, autorización ou adxudicación na tarifa I).

Tres. Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos do canon no caso das tarifas A), B), C), D), E), F) e G) as empresas que presten os servicios de transporte ferroviario e no caso das tarifas H) e I) o usuario, persoa autorizada ou receptor do servicio de acreditación e a persoa física ou xurídica receptora das facilidades de infraestrutura, respectivamente.

Catro. Contías.

1. Só se poderán modificar mediante lei o número ou a identidade dos elementos e criterios de cuantificación sobre os cales se determinen as cotas esixibles en cada tarifa.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, consideraranse elementos e criterios de cuantificación para cada unha das tarifas do presente canon os seguintes:

Tarifa A: os servicios comerciais e manobras en distancias superiores a 10 km e as manobras entre dependencias con distancias que non excedan a quilometraxe sinalada.

Tarifa B: os quilómetros de lonxitude do suco reservado polo operador ferroviario.

Para os efectos desta tarifa, por suco entenderase a capacidade de infraestrutura necesaria para que un tren ou vehículo illado circule entre dous puntos nun momento dado, ben en circulación comercial ou de natureza técnica.

Tarifa C: as toneladas, toneladas dinámicas, o número de pantógrafos en captación ou outras características técnicas significativas dos vehículos e a distancia percorrida polo tren.

Tarifa D: o valor económico da capacidade de tráfico ofertada (prazas-km, tm-km, TEU-km).

Repercutiranlles ós obrigados ó pagamento os custos de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, de se-lo caso, os necesarios para garanti-lo desenvolvemento razoable das infraestructuras ferroviarias.

Tarifa E: o custo da subministración correspondente á prestación efectuada.

Tarifa F: o tempo de estacionamento do tren, a realización de operacións de cambio de vía por solicitude do operador e a categoría da estación.

Tarifa G: os pasos de tren por cambiador de largo.

Tarifa H: o ámbito obxectivo da autorización.

Tarifa I: as instalacións (antenas, redes, etc.) ou infraestructuras postas á disposición do usuario.

3. O establecemento e modificación das contías resultantes da aplicación dos elementos e criterios a que se refiren os números anteriores poderá efectuarse mediante orde ministerial.

4. As ordes ministeriais que, de conformidade co establecido no anterior punto deste número, establezan ou modifiquen as contías do canon deberán ir acompañadas dunha memoria económico-financeira sobre o custo ou valor do recurso ou actividade de que se trate e sobre a xustificación da contía proposta, a cal deberá axustarse ó establecido no artigo 20.1 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos. A falta deste requisito determinará a nulidade de pleno dereito da disposición.



5. Sobre as contías que resulten esixibles aplicaranse os impostos indirectos que graven a prestación dos servizos obxecto de gravame, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Cinco. Xestión, recadación e afectación.

1. A xestión do canon corresponderalle á entidade pública empresarial Xestor de Infraestructuras Ferroviarias.

2. As tarifas poderán ser obxecto de liquidación de forma individualizada ou conxunta nos termos que preveña a orde ministerial que aprobe os modelos de liquidación e regule os prazos e medios para facer efectivo o ingreso das contías esixibles.

3. O importe do recadado por este canon formará parte do orzamento de ingresos da entidade pública empresarial Xestor de Infraestructuras Ferroviarias.

**Artigo 24. Canon por utilización das plataformas e terminais ferroviarios.**

Un. Feito impositivo.

Constitúe o feito impositivo do canon a utilización das plataformas e terminais ferroviarios a administración dos cales lle fose encomendada polo Ministerio de Fomento á entidade pública empresarial Xestor de Infraestructuras Ferroviarias, así como a prestación de servizos inherentes a tal utilización nos termos que se especifican nas tarifas seguintes:

- a) A utilización de estacións por parte dos viaxeiros (tarifa A).
- b) A utilización dos aparcadoiros de vehículos abertos ó público que sexan explotados directamente polo Xestor de Infraestructuras Ferroviarias (tarifa B).
- c) A utilización de oficinas, locais e terreos sen edificar (tarifa C).
- d) A prestación de servizos que precisen de autorización para o uso do dominio público ferroviario (tarifa D).
- e) A explotación de expendedores automáticos (tarifa E).
- f) A instalación de equipos terminais de autoservizos bancarios (tarifa F).
- g) A instalación de elementos publicitarios (tarifa G).

Dous. Devengo.

O canon devengarase no momento do outorgamento inicial e mantemento anual da concesión, autorización ou adxudicación, coa excepción das tarifas A) e B), nas que o devengo coincidirá co momento de produción do feito impositivo.

Tres. Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos do canon as persoas físicas ou xurídicas que utilicen ou se beneficien da explotación das estacións ferroviarias, instalacións e dependencias a que se refire o primeiro número deste artigo.

Catro. Contías.

1. Só se poderán modificar mediante lei o número ou a identidade dos elementos e criterios de cuantificación sobre os cales se determinen as cotas esixibles en cada tarifa.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, consideraranse elementos e criterios de cuantificación para cada unha das tarifas do presente canon os seguintes:

Tarifa A: a duración do percorrido dos viaxeiros.

Para os efectos desta tarifa considéranse viaxeiros todas aquelas persoas que non poidan ser consideradas tripulación e persoal de supervisión tanto do operador como do xestor da infraestrutura.

A presente tarifa deberá ser incluída no prezo do transporte polo operador ferroviario.

Tarifa B: o tempo de aparcamento e o tipo de vehículo estacionado.

Tarifa C: a categoría da estación e a situación, dimensión e destino comercial do local.

No caso de que se utilicen procedementos de licitación pública, poderán incluírse un importe fixo relacionado coa superficie, situación e destino do local e outro variable en función da actividade desenvolvida polo suxeito pasivo sobre a infraestrutura ferroviaria. A contía esixible será a que resulte da adxudicación.

Tarifa D: o volume de negocio e a intensidade no uso do dominio público.

Precisará de autorización por parte do GIF o desenvolvemento de calquera actividade que se desenvolva no ámbito do dominio público ferroviario, cando para o seu normal desenvolvemento precisen da súa ocupación.

Cando se utilicen procedementos de licitación pública, a contía esixible será a que resulte da adxudicación.

Tarifa E: a categoría da estación ou instalación ferroviaria.

Tarifa F: a categoría da estación ou instalación ferroviaria.

Tarifa G: a categoría da estación ou instalación ferroviaria e o tipo e dimensións do soporte publicitario.

3. O establecemento e modificación das contías resultantes da aplicación dos elementos e criterios a que se refiren os números anteriores poderán efectuarse mediante orde ministerial.

4. As ordes ministeriais que, de conformidade co establecido no anterior número deste número, establezan ou modifiquen as contías do canon, deberán ir xunto cunha memoria económico-financieira sobre o custo ou valor do recurso ou actividade de que se trate e sobre a xustificación da contía proposta, a cal se deberá axustar ó establecido no artigo 20.1 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos. A falta deste requisito determinará a nulidade de pleno dereito da disposición.

5. As tarifas indicadas no número 2 deste número non inclúen no consumo de enerxía eléctrica, liñas de teléfono, limpeza e similares, sendo por conta do explotador os gastos por consumos ou subministracións que facilite o Xestor de Infraestructuras Ferroviarias.

6. Sobre as contías que resulten esixibles aplicaranse os impostos indirectos que graven a prestación dos servizos obxecto de gravame, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Cinco. Xestión, recadación e afectación.

1. A xestión do canon corresponderá á entidade pública empresarial Xestor de Infraestructuras Ferroviarias, a cal poderá esixir a presentación de calquera documento acreditativo que sexa preciso para a práctica das liquidacións procedentes por aplicación do presente canon.

2. As tarifas poderán ser obxecto de liquidación de forma individualizada ou conxunta nos termos que preveña a orde ministerial que aprobe os modelos de liquidación e regule os prazos e medios para facer efectivo o ingreso das contías esixibles.

3. O importe do recadado por este canon formará parte do orzamento de ingresos da entidade pública empresarial Xestor de Infraestructuras Ferroviarias.

**Artigo 25. Prezos privados por servizos e actividades comerciais.**

Un. A prestación de servizos adicionais á posta á disposición de infraestructuras polo Xestor de Infraestructuras Ferroviarias e a realización por este de acti-

vidades comerciais estará suxeita ó pagamento de prezos privados, que se rexerán polo previsto neste artigo e na norma regulamentaria dictada no seu desenvolvemento.

Dous. Os prezos serán esixibles desde que se solicite a prestación do servizo, a actividade ou utilización de que se trate, aboándose o seu importe en efectivo nas condicións que se establezan no momento do seu establecemento ou modificación.

Tres. No suposto de non pagamento dos prezos que correspondan, o Xestor de Infraestructuras Ferroviarias poderá suspender a prestación dos servizos, logo de comunicación expresa dirixida ó obrigado ó pagamento, mentres este non se efectúe ou se garanta suficientemente. Igualmente, poderá solicitar depósitos, avais, pagamentos á conta ou calquera outra garantía suficiente para o cobro dos importes que resulten esixibles.

**Artigo 26. Modificación do artigo 29 da Lei 24/2001, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.**

Un. Modifícase o número dous do artigo 29, que quedará redactado como segue:

«Dous: Feito imponible. Constitúe o feito imponible a prestación do servizo de inspección, vixilancia e control de acceso, tanto de viaxeiros como de equipaxes, nas estacións e demais recintos ferroviarios que, sendo titularidade estatal, estean administrados por RENFE ou o Xestor de Infraestructuras Ferroviarias.»

Dous. Dáselle nova redacción ó número tres do artigo 29, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Tres. Devengo.

A taxa devengarase no momento en que se inicie a prestación do servizo que constitúe o feito imponible, sen prexuízo do previsto no seguinte número deste punto.

De forma simultánea á formalización do contrato de transporte ou de arrendamento, deberase constituír un depósito previo equivalente ó importe desta taxa por parte do suxeito pasivo. Para aqueles contratos formalizados mediante venda a crédito ó abeiro dun convenio, a liquidación da taxa realizarase no prazo que estea pactado.»

Tres. Engádese un novo parágrafo ó número catro do artigo 29, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Cando a prestación do servizo gravado por esta taxa fose realizada polo Xestor de Infraestructuras Ferroviarias (GIF), o operador de transporte que a incluíse no prezo dos títulos habilitantes de transporte estará obrigado a lle liquidar a GIF o importe da taxa e a ingresar esta contía nos prazos e nas condicións convidos con aquel ou, no seu defecto, no prazo máximo dos quince días seguintes á finalización do mes no que o contribuínte adquirise o título habilitante para o transporte por ferrocarril.»

Catro. Modifícase o número cinco.5) do artigo 29, que quedará redactado da seguinte forma:

«5) Naqueles contratos de transporte habilitantes para realizar un número indeterminado de viaxes en dous ou máis medios, a contía da taxa será o produto de multiplicar 0,20 euros polo número de meses de validez do título. Se a validez do título fose inferior a un mes, a contía da taxa será o produto de multiplicar 0,02 euros polo número de días de validez do título. Naqueles contratos de transporte habilitantes para realizar un

número determinado de viaxes en dous ou máis medios, a contía da taxa será 0,02 euros para aqueles títulos de transporte que habiliten para a realización de 10 viaxes ou menos; e para aqueles títulos habilitantes para a realización de máis de 10 viaxes, a contía da taxa será o produto de multiplicar 0,20 euros polo número de meses ou fracción de mes de validez do título.»

Cinco. Suprímese o segundo parágrafo do número cinco.1) e o segundo parágrafo do número cinco.4) do artigo 29.

Seis. O número seis quedará redactado como segue:

«Seis: xestión, recadación e afectación.

A xestión desta taxa correspóndelle á entidade pública empresarial que prestase o servizo gravado e a recadación corresponderá á RENFE.

O recadado por esta taxa ingresarase no orzamento da entidade pública empresarial que prestase o servizo gravado.»

**Artigo 27. Taxa polos servizos de habilitación nacional do profesorado universitario.**

Un. Créase a taxa polos servizos de habilitación nacional do profesorado universitario, ós que fai referencia no artigo 57 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. Esta taxa rexerase polo presente artigo e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

Dous. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación, pola Administración xeral do Estado, dos servizos e actuacións inherentes á realización das probas de habilitación nacional, con carácter previo ó acceso mediante concurso ós corpos de funcionarios docentes universitarios.

Tres. O devengo da taxa nace no momento en que se presente a solicitude que motive o servizo ou a actuación administrativa que constitúe o seu feito imponible.

Non obstante, naqueles supostos en que o servizo ou a actuación que constitúe o feito imponible da taxa a prestase de oficio a administración, a obriga do pagamento daquela nacerá no momento en que se inicie a prestación do servizo ou se realice a actividade, sen prexuízo da posibilidade de esixilo seu depósito previo.

Catro. Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas incluídas nos artigos 58, 59 e 60 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, que soliciten ou ós que se lles preste calquera dos servizos e actuacións que constitúen o feito imponible.

Cinco. A contía da taxa é a seguinte:

	Euros
1. Habilitación nacional de profesores titulares de escolas universitarias .....	24,04
2. Habilitación nacional de profesores titulares de universidade e catedráticos de escolas universitarias .....	24,04
3. Habilitación nacional de catedráticos de universidade .....	24,04

Seis. O pagamento da taxa realizarase mediante ingreso efectivo en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Facenda, de acordo coa liquidación que lle será presentada pola administración e lle será aplicable o disposto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro.

O pagamento da taxa é requisito indispensable para a entrega do correspondente certificado de habilitación nacional.

**Artigo 28. Taxa por homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros.**

**Un. Creación da taxa.**

Créase a taxa por homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros, que se rexerá pola presente lei e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

**Dous. Feito impoñible.**

Constitúe o feito impoñible da taxa a iniciación, por solicitude do interesado, dun expediente de homologación de títulos estranxeiros de educación superior, ou ben dun expediente de homologación ou validación de títulos ou estudos estranxeiros de educación non universitaria.

**Tres. Devengo.**

O devengo da taxa producirase no momento da presentación da solicitude de homologación ou validación. A xustificación do aboamento da taxa será requisito necesario para a tramitación do expediente.

**Catro. Suxeito pasivo.**

Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas que soliciten a homologación ou validación de títulos ou estudos estranxeiros.

**Cinco. Contía.**

**1. As contías da taxa serán as seguintes:**

	Euros
a) Solicitude de homologación ó título español de doutor .....	118
b) Solicitude de homologación a un título español universitario de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto .....	80
c) Solicitude de homologación a un título español universitario de diplomado, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico .....	40
d) Solicitude de homologación ó título superior de música, danza ou arte dramática .....	80
e) Solicitude de homologación ó título español de bacharel, técnico superior de formación profesional, técnico superior de artes plásticas e deseño, técnico deportivo superior, ou título profesional de música ou danza ...	40
f) Solicitude de homologación ó título español de técnico de formación profesional, técnico de artes plásticas e deseño, ou técnico deportivo .....	40
g) Solicitude de homologación ó título español de conservación e restauración de bens culturais .....	40
h) Solicitude de homologación ó certificado de aptitude das escolas oficiais de idiomas .....	40
i) Solicitude de validación por cursos ou módulos de ensinanzas españolas de nivel non universitario .....	20

**2.** Cando se trate de títulos ou estudos non mencionados expresamente nos números anteriores, aplicase a contía correspondente ó título ou estudos equivalentes polos seus efectos ou nivel académico.

**Seis. Exencións.**

Non se devengará ningunha taxa pola solicitude de homologación ó título español de graduado en educación

secundaria, nin pola solicitude de homologación de títulos de especialidades en ciencias da saúde.

**Sete. Xestión e recadación.**

**1.** O pagamento da taxa realizarase mediante ingreso en efectivo en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Facenda, séndolle aplicable o disposto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro.

**2.** Non obstante, naqueles países de residencia dos solicitantes en que non exista entidade de depósito autorizada, o ingreso verificarase mediante o seu ingreso en contas restrinxidas de recadación abertas en entidades de depósito para este fin.

**3.** A xestión da taxa será levada a cabo polos servicios competentes do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

**Artigo 29. Taxa por inspeccións e controis veterinarios de produtos de orixe animal non destinados a consumo humano, que se introduzan en territorio nacional procedentes de países non comunitarios.**

**Un.** A taxa por inspeccións e controis veterinarios de produtos de orixe animal non destinados a consumo humano, que se introduzan en territorio nacional procedentes de países non comunitarios, rexerase pola presente lei e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

A taxa non será de aplicación ós produtos que estean exentos de control veterinario en fronteira de acordo coa normativa vixente.

**Dous.** Constitúe o feito impoñible da taxa, a prestación das actividades de inspección e control veterinario sinaladas no número anterior, polos servicios de inspección fronteiriza dependentes funcionalmente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, nos lugares especificamente autorizados para a introducción destes produtos.

**Tres.** Son suxeitos pasivos da taxa, en calidade de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas para as que se realicen os servicios e actividades descritas no número anterior.

**Catro.** Será responsable da taxa o interesado na carga que participe na introducción dos produtos de orixe animal non destinados a consumo humano, no territorio nacional, procedentes de países terceiros. Esta responsabilidade será de carácter solidario cando actúe en nome propio e por conta do suxeito pasivo, e subsidiaria cando actúen en nome e por conta do suxeito pasivo.

Así mesmo, serán responsables das débedas tributarias derivadas desta taxa as persoas e entidades a que se refire a sección II do capítulo III do título II da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, nos termos previstos nela.

**Cinco.** A taxa devengarase no momento en que se inicien as actividades de inspección e control sanitario nas instalacións en que estas se desenvolven, sen prexuízo de que o seu pagamento se esixa no momento en que se soliciten as actuacións de inspección e control a realización das cales constitúe o feito impoñible.

**Seis.** Procederá o reembolso do importe da taxa, por solicitude do suxeito pasivo, cando non chegue a realizarse a actuación administrativa que constitúe o feito impoñible por causa non imputable a el.

**Sete.** As contías da taxa, para os produtos de orixe animal non destinados a consumo humano, serán as seguintes:

a) Carnes frescas, refrixeradas ou conxeladas de calquera especie animal, incluídos os seus restos e vísceras, destinados á alimentación animal; produtos cárnicos,

preparados cárnicos e preparacións alimenticias, que conteñan carne de calquera especie animal, destinada á alimentación animal: a cota tributaria será a resultante de aplicar 5 euros por tonelada de peso, cun mínimo de 29 euros por partida.

b) Productos da pesca e subproductos da pesca destinados á alimentación animal: a cota tributaria será a resultante de aplicar 5 euros por tonelada de peso, cun mínimo de 29 euros por partida.

c) Leite cru, leite tratado termicamente, leite destinado á elaboración de produtos lácteos, e produtos lácteos: a cota tributaria será a resultante de aplicar 5 euros por tonelada de peso, cun mínimo de 29 euros por partida.

d) Ovos para incubar: a cota tributaria será a resultante de aplicar 10 euros por cada unidade, sendo unha unidade ata 10.000 ovos (inclusive), cun mínimo de 29 euros por partida.

e) Proteínas animais elaboradas: a cota tributaria será a resultante de aplicar 5 euros por tonelada de peso, cun mínimo de 29 euros por partida.

f) Alimentos para animais de compañía: a cota tributaria será a resultante de aplicar 5 euros por tonelada de peso, cun mínimo de 29 euros por partida.

g) Graxas animais: a cota tributaria será a resultante de aplicar 5 euros por tonelada de peso, cun mínimo de 29 euros por partida.

h) Peles, pelos, sedas, la, plumas: a cota tributaria será a resultante de aplicar 5 euros por tonelada de peso, cun mínimo de 29 euros por partida.

i) Trofeos de caza: a cota tributaria será a resultante de aplicar 5 euros por tonelada de peso, cun mínimo de 29 euros por partida.

j) Esterco: a cota tributaria será a resultante de aplicar 5 euros por tonelada de peso, cun mínimo de 29 euros por partida.

k) Esperma de calquera especie animal: a cota tributaria será a resultante de aplicar 10 euros por cada unidade, sendo unha unidade ata 100 paxueiras (inclusive), cun mínimo de 29 euros por partida.

l) Óvulos e embrións de calquera especie animal: a cota tributaria será a resultante de aplicar 10 euros por cada unidade, sendo unha unidade ata 10 óvulos ou 10 embrións (inclusive), cun mínimo de 29 euros por partida.

m) Outros produtos de orixe animal, non incluídos nos números anteriores: a cota tributaria será a resultante de aplicar 5 euros por tonelada de peso, cun mínimo de 29 euros por partida.

Estas tarifas incrementaranse nun 50 por 100 cando as actuacións teñan que ser realizadas fóra da xornada ou horario de traballo.

No caso de importacións procedentes de países terceiros cos que existan acordos globais de equivalencia coa Unión Europea en materia de garantías veterinarias, baseadas no principio de reciprocidade de trato, a cota tributaria será a que resulte da aplicación dos ditos acordos.

Oito. En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como na determinación das sancións correspondentes, aplicarase, en cada caso, o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.

Nove. O importe da taxa correspondente non poderá ser obxecto de restitución a terceiros, xa sexa de forma directa ou indirecta.

Dez. De acordo co principio de equivalencia recollido no artigo 7 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e coa normativa que aprobe a Unión Europea, o Goberno, mediante real decreto, poderá modificar as contías recollidas no número sete deste artigo.

Once. O pagamento da taxa realizarase mediante ingreso en efectivo en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Facenda, séndolle aplicable o disposto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro.

O ingreso realizarase mediante autoliquidación do suxeito pasivo correspondente, aboándose a taxa antes de que comecen as actividades de inspección e control. Os produtos non poderán abandonar o posto de inspección fronteirizo, centro de inspección ou punto de entrada, sen que se efectuase este pagamento.

As autoridades non poderán autorizarlo despacho no territorio da Unión Europea sen que se acredite o pagamento da taxa.

Doce. A xestión da taxa levaraa a cabo o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Artigo 30. *Taxas esixibles polos servicios e actividades realizados en relación co financiamento con cargo a fondos da Seguridade Social e fixación de prezo dos efectos e accesorios.*

Créase o grupo XI no número 1 do artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento:

«Grupo XI: Procedementos de financiamento con cargo a fondos da Seguridade Social e fixación de prezo dos efectos e accesorios.

11.4 Procedemento de inclusión dun efecto e accesorio na prestación farmacéutica da Seguridade Social: 318,24 euros.

11.5 Procedemento de exclusión dun efecto e accesorio na prestación farmacéutica da Seguridade Social: 318,24 euros.»

Artigo 31. *Taxas esixibles polos servicios e actividades en materia de industrias alimentarias, preparados alimenticios para réximes especiais ou dietéticos e augas minerais naturais e de manancial.*

Un. Estas taxas rexeranse por esta lei e polas demais fontes normativas que se establezan para as taxas no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

Dous. Constitúe o feito impositivo da taxa a realización polos órganos competentes da Axencia Española de Seguridade Alimentaria, da tramitación, estudos ou avaliacións para a autorización ou inscrición no Rexistro Xeral Sanitario de Alimentos de industrias e establecementos alimentarios situados en calquera outro estado membro da Unión Europea e a súa renovación de inscrición cada cinco anos; de preparados alimenticios especiais ou dietéticos procedentes de países non pertencentes á Unión Europea, ou que, mesmo procedendo de países integrantes dela, o responsable non teña establecido o seu domicilio social en España e cando se trate da primeira comercialización en España de produtos xa comercializados noutro Estado membro, así como os cambios de composición dos referidos produtos; recoñecemento e rexistro das augas minerais naturais e de manancial procedentes de países non pertencentes á Unión Europea e o seu traslado á Comisión Europea; e a expedición de certificados sobre datos rexistrados.

Igualmente, constitúe o feito impositivo a tramitación, estudos ou avaliacións necesarias para conseguirla idoneidade do expediente para o seu estudo polo Comité Científico da Alimentación Humana e remisión deste á Comisión Europea.

Tres. Serán suxeito pasivo das taxas as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a prestación de calquera dos servicios que constitúan o feito impositivo destas.

Catro. O devengo da taxa producirase cando se presente a solicitude que inicie a actuación ou o expediente, que non se realizará ou tramitará sen que se efectuase o pagamento correspondente.

Cinco. Contía das taxas:

	Euros
1) Por inscrición no Rexistro Xeral Sanitario de Alimentos dunha industria ou establecemento alimentario situado en calquera outro estado membro da Unión Europea .....	120
2) Por renovación da inscrición rexistral a que se refire o punto anterior .....	60
3) Por avaliación, estudio e, de se-lo caso, rexistro de preparados alimenticios especiais ou dietéticos procedentes de países non pertencentes á Unión Europea, ou que mesmo procedendo de países integrantes dela, o responsable non teña establecido o seu domicilio social en España e cando se trate da primeira comercialización en España de produtos xa comercializados noutro estado membro .....	700
4) Por modificacións significativas nos produtos a que se refire o punto 3 (por exemplo: cambios de composición) .....	700
5) Por modificacións menores nos produtos ós que se refiren os puntos 3 e 4 (por exemplo: cambios de nome do produto, cambios de titular, fabricante) ....	200
6) Por autorización temporal de comercialización de produtos alimenticios destinados a réximes especiais e posterior rexistro .....	700
7) Estudos e avaliación para, de se-lo caso, a inscrición no Rexistro Xeral Sanitario de Alimentos dos complementos alimenticios .	700
8) Por modificacións significativas nos produtos a que se refire o punto 7 (por exemplo: cambios de composición) .....	700
9) Por modificacións menores nos produtos ós que se refiren os puntos 7 e 8 (por exemplo: cambios de nome do produto, cambios de titular, fabricante) ....	200
10) Por recoñecemento e rexistro das augas minerais naturais e de manancial procedentes de países non pertencentes á Unión Europea .....	2.325
11) Por avaliación de modificacións sobre recoñecementos previamente autorizados .....	1.650
12) Por expedición de certificados simples sobre os datos rexistrados dunha empresa ou produto .....	60
(No caso de que nunha mesma certificación se comprendan varias empresas ou produtos, aboarase unha taxa igual por cada un deles .)	
13) Por expedición de certificación detallada da composición dun produto .....	120

Seis. As taxas serán obxecto de autoliquidación polos suxeitos pasivos, de acordo cos modelos que se aproben, realizándose o seu pagamento mediante ingreso en efectivo en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Facenda, séndolle aplicable o disposto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro.

Sete. A xestión das taxas correspóndelle á Axencia Española de Seguridade Alimentaria.

**Artigo 32. *Taxas esixibles polos servicios e actividades en materia de adxudicación do código de identificación dos alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais susceptibles de financiamento polo Sistema Nacional de Saúde, clasificación por tipo de dieta, así como os cambios de nome ou composición dos referidos productos.***

Un. Estas taxas rexeranse por esta lei e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

Dous. Constitúe o feito impositivo da taxa a realización polos órganos competentes da Axencia Española de Seguridade Alimentaria da tramitación, estudos ou avaliacións para a adxudicación do código de identificación dos alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais susceptibles de financiamento polo Sistema Nacional de Saúde, clasificación por tipo de dieta, así como os cambios de nome ou composición dos referidos productos.

Tres. Serán suxeitos pasivos das taxas as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a prestación de calquera dos servicios que constitúan o feito impositivo destas.

Catro. O devengo da taxa producirase cando se presente a solicitude que inicie a actuación ou o expediente, que non se realizará ou tramitará sen que se efectuase o pagamento correspondente.

Cinco. Contía das taxas:

	Euros
1. Por estudio, avaliación e, de se-lo caso, adxudicación do Código de identificación para os alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais que se comercializan en España, susceptibles de financiamento polo Sistema Nacional de Saúde ...	300
2. Por modificacións significativas nos produtos a que se refire o punto 1 (por exemplo: cambios de composición) .....	300
3. Por modificacións menores nos produtos ós que se refiren os puntos 1 e 2 (por exemplo: cambios de nome do produto, cambios de titular, fabricante) .....	125

Seis. As taxas serán obxecto de autoliquidación polos suxeitos pasivos, de acordo cos modelos que se aproben, realizándose o seu pagamento mediante ingreso en efectivo en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Facenda, séndolle aplicable o disposto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro.

Sete. A xestión das taxas correspóndelle á Axencia Española de Seguridade Alimentaria.

**Artigo 33. *Taxas esixibles polos servicios e actividades realizados en materia de praguicidas de uso ambiental e na industria alimentaria, así como para tódolos biocidas en xeral, en aplicación da Directiva 98/8/CE.***

Un. Estas taxas rexeranse por esta lei e polas demais fontes normativas previstas no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

Dous. Constitúe o feito impositivo da taxa a realización, polos órganos competentes da Administración xeral do Estado da tramitación, estudos ou avaliacións derivadas da autorización ou rexistro de produtos biocidas segundo o previsto na súa regulamentación específica.

Tres. Serán suxeito pasivo das taxas as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a prestación de calquera dos servizos que constitúan o feito impositivo destas.

Catro. O devengo da taxa producirase cando se presente a solicitude que inicie a actuación ou o expediente, que non se realizará ou tramitará sen que se efectuase o pagamento correspondente.

Cinco. Contía das taxas:

A contía das taxas determinarase en función da aplicación da Directiva 98/8/CE, trasposta ó noso ordenamento xurídico mediante a súa regulamentación específica. Estas taxas serán as seguintes:

	Euros
1. Por avaliación dun expediente dunha substancia activa (nova ou existente) para a súa inclusión no anexo I, IA ou IB .....	100.000
2. Por avaliación (autorización ou rexistro) dun expediente dun produto biocida .....	2.100
3. Por avaliación (autorización ou rexistro) dun expediente en aplicación de formulacións marco .	1.000
4. Por recoñecemento de autorizacións ou rexistros concedidos noutros estados membros .	1.000
5. Por autorizacións provisionais .	7.500/producto +4.500/substancia activa
6. Por uso temporal de produtos biocidas (120 días) .....	2.100
7. Por notificación sobre o procedemento orientado a investigación e desenvolvemento .....	2.100
8. Por renovación de produtos biocidas ós que se refiren os puntos 2 e 3 .....	1.050/500
9. Por modificacións significativas nos produtos biocidas ós que se refiren os puntos 2 e 3 (ex.: cambios na formulación, extensións de uso) .....	1.050/500
10. Por modificacións menores nos produtos biocidas ós que se refiren os puntos 2 e 3:	
a) Modificacións técnicas (ex.: cambios en clasificación e etiquetaxe) .....	210/100
b) Cambios administrativos (ex.: cambio nome produto, cambio titular) .....	210/100
11. Pola autorización de praguicidas de uso ambiental e industria alimentaria que conteñan substancias activas existentes ata a súa revisión en función da Directiva 98/8/CE:	
a) Substancias activas .....	600
b) Formulacións .....	600
12. Por renovación de autorización de produtos ós que se refire o punto 11 .....	450
13. Por procedementos de ampliación de autorización dun produto xa rexistrado ós que se refire o punto 11 .....	300

	Euros
14. Por modificacións significativas nos produtos ós que se refire o punto 11 (ex.: cambios na formulación, extensións de usos) .	450
15. Por modificacións menores nos produtos ós que se refire o punto 11:	
a) Modificacións técnicas (ex.: cambios en clasificación e etiquetaxe) .....	150
b) Cambios administrativos (ex.: cambio nome produto, cambio titular, cambio de fabricante) .....	150

Seis. As taxas serán obxecto de autoliquidación polos suxeitos pasivos, de acordo cos modelos que se aproben, realizándose o seu pagamento en efectivo mediante ingreso en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Facenda.

Sete. A xestión das taxas correspóndelle ó Ministerio de Sanidade e Consumo.

Artigo 34. *Modificación da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento.*

Con efectos a partir do 1 de xaneiro do ano 2003, adiciónase un parágrafo ó artigo 115 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, coa seguinte redacción:

«Así mesmo, estarán exentos os servizos e as actividades por modificacións no material de acondicionamento que teñan como obxecto facer efectiva a impresión en linguaxe Braille, de acordo co previsto no punto 10 do artigo 19 desta lei.»

Artigo 35. *Taxa polo exercicio da potestade xurisdiccional nas ordes civil e contencioso-administrativa.*

Un. Feito impositivo e ámbito de aplicación.

1. Constitúe o feito impositivo da taxa o exercicio da potestade xurisdiccional, por instancia de parte, nas ordes xurisdiccionais civil e contencioso-administrativa, mediante a realización dos seguintes actos procesuais:

a) A interposición da demanda en toda clase de procesos declarativos e de execución na orde xurisdiccional civil, así como a formulación de reconvencción.

b) A interposición de recursos de apelación, extraordinario por infracción procesual e de casación na orde civil.

c) A interposición de recurso contencioso-administrativo.

d) A interposición de recursos de apelación e casación no ámbito da xurisdicción contencioso-administrativa.

2. A taxa regulada nesta lei ten carácter estatal e será esixible por igual en todo o territorio nacional, sen prexuízo das taxas e demais tributos que as comunidades autónomas poidan esixir en exercicio das súas respectivas competencias financeiras.

Dous. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos da taxa os que promovan o exercicio da potestade xurisdiccional e realicen o seu feito impositivo.

## Tres. Exencións.

## 1. Exencións obxectivas.

Están exentos desta taxa:

a) A interposición de demanda e a presentación de posteriores recursos en materia de sucesións, familia e estado civil das persoas.

b) A interposición de recursos contencioso-administrativos e a presentación de ulteriores recursos en materia de persoal, protección dos dereitos fundamentais da persoa e actuación da Administración electoral, así como a impugnación de disposicións de carácter xeral.

## 2. Exencións subxectivas.

Están en todo caso exentos desta taxa:

a) As entidades sen fins lucrativos que optasen polo réxime fiscal especial da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal especial das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

b) As entidades total ou parcialmente exentas no imposto sobre sociedades.

c) As persoas físicas.

d) Os suxeitos pasivos que teñan a consideración de entidades de reducida dimensión de acordo co previsto na normativa reguladora do imposto sobre sociedades.

## Catro. Devengo da taxa.

1. O devengo da taxa prodúcese, na orde xurisdiccional civil, nos seguintes momentos procesuais:

- Interposición do escrito de demanda.
- Formulación do escrito de reconvención.
- Interposición do recurso de apelación.
- Interposición do recurso extraordinario por infracción procesual.
- Interposición do recurso de casación.

2. Na orde contencioso-administrativa, o devengo da taxa prodúcese nos seguintes momentos procesuais:

- A interposición do recurso contencioso-administrativo, acompañada ou non da formulación de demanda.
- A interposición do recurso de apelación.
- A interposición do recurso de casación.

## Cinco. Base imponible.

1. A base imponible coincide coa contía do procedemento xudicial, determinada conforme as normas procesuais.

2. Os procedementos de contía indeterminada ou aqueles nos que resulte imposible a súa determinación de acordo coas normas da Lei de axuízamento civil, valoraranse en dezaioito mil euros (18.000 €) para os únicos efectos de establecer a base imponible desta taxa.

3. Nos supostos de acumulación de accións ou nos casos en que se reclamen distintas pretensións nunha mesma demanda, reconvención ou interposición de recurso, a base imponible da taxa estará integrada pola suma das contías correspondentes ás pretensións exercidas ou ás distintas accións acumuladas. No caso de que algunha das pretensións ou accións acumuladas non fose susceptible de valoración económica, aplicaráselle a esta a regra sinalada no número anterior.

## Seis. Determinación da cota tributaria.

1. Será esixible a cantidade fixa que, en función de cada clase de proceso, se determina na seguinte táboa:

## Na orde xurisdiccional civil

Verbal — Euros	Ordinario — Euros	Monitorio cambiarío — Euros	Execución extraxudicial — Euros	Concursal — Euros	Apelación — Euros	Casación e de infracc. procesual — Euros
90	150	90	150	150	300	600

## Na orde xurisdiccional contencioso-administrativa

Abreviado — Euros	Ordinario — Euros	Apelación — Euros	Casación — Euros
120	210	300	600

2. Ademais, satisfarase a cantidade que resulte de lle aplicar á base imponible determinada consonte o disposto no número anterior o tipo de gravame que corresponda, segundo a seguinte escala:

De	A	Tipo	Máximo
0	1.000.000 € Resto	0,5 % 0,25 %	6.000 €

## Sete. Autoliquidación e pagamento.

1. Os suxeitos pasivos autoliquidarán esta taxa conforme o modelo oficial establecido polo Ministerio de Facenda e procederán ó seu ingreso no Tesouro Público consonte o disposto na lexislación tributaria xeral e nas normas regulamentarias de desenvolvemento deste artigo.

2. O xustificante do pagamento da taxa conforme o modelo oficial, debidamente validado, irá xunto a todo escrito procesual mediante o que se realice o feito imponible deste tributo, sen o cal o secretario xudicial non dará curso a este, salvo que se emendase a omisión nun prazo de dez días.

## Oito. Xestión da taxa.

A xestión da taxa regulada neste artigo correspóndelle ó Ministerio de Facenda.

Nove. Bonificacións derivadas da utilización de medios telemáticos.

A taxa xudicial regulada neste artigo poderá ser obxecto de bonificacións na cota pola utilización de medios telemáticos na presentación dos escritos procesuais que constitúen o feito imponible da taxa e no resto das comunicacións cos xulgados e tribunais nos termos que establece a lei que as regula.

Dez. O Goberno, por proposta conxunta dos ministerios de Facenda e Xustiza, dictará as disposicións regulamentarias complementarias que sexan necesarias para a aplicación desta taxa.

Once. A taxa xudicial entrará en vigor o 1 de abril de 2003.

Artigo 36. *Modificación da Lei 8/1989, de taxas e prezos públicos.*

O parágrafo m) do artigo 13 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, terá a seguinte redacción:

«m) O exercicio da potestade xurisdiccional por instancia de parte nas ordes civil e contencioso-administrativa.»

O actual parágrafo m) pasa a se-lo parágrafo n).

## CAPÍTULO IV

## Outras normas tributarias

Artigo 37. *Modificación da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.*

Con efectos a partir do 1 de xaneiro do ano 2003, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.

Un. Introdúcese un novo número 3 e modifícase o actual número 3, que pasa a se-lo 4, ambos do artigo 35, que quedarán redactados da seguinte forma:

«3. O contribuínte que estea obrigado a presentar declaracións ou declaracións-liquidacións por medios telemáticos deberá conservar copia dos programas e ficheiros xerados que conteñan os datos orixinais dos que deriven os estados contables e as declaracións tributarias, sen prexuízo do previsto na normativa de cada tributo.

4. As obrigas a que se refiren os números 2 e 3 anteriores, en canto teñan o carácter de accesorias, non se poderán esixir unha vez expirado o prazo de prescrición da acción administrativa para facer efectiva a obriga principal.»

Dous. Introdúcese un novo número 6 no artigo 81, que quedará redactado da seguinte forma:

«6. Os procedementos sancionadores que se incoen como consecuencia dun procedemento de comprobación e investigación non se poderán iniciar unha vez transcorrido o prazo de tres meses desde que se notificase ou se entendese notificada a correspondente liquidación.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 142, que quedará redactado da seguinte forma:

«1. Os libros e a documentación do suxeito pasivo, incluídos os programas informáticos e arquivos en soporte magnético, que teñan relación co feito imponible deberán ser examinados polos inspectores dos tributos no domicilio, local, despacho ou oficina daquel, na súa presenza ou na da persoa que designe, salvo que o obrigado tributario consinta o seu exame nas oficinas públicas. Non obstante, a inspección dos tributos poderá analizar nas súas oficinas as copias dos mencionados libros e documentos.»

Artigo 38. *Declaracións censuais.*

Modifícanse os números un e tres do artigo 107 da Lei 37/1988, de orzamentos xerais do Estado para 1989, que quedarán redactados da seguinte forma:

«Un. As persoas ou entidades que desenvolvan ou vaian desenvolver en territorio español actividades empresariais ou profesionais ou satisfagan rendementos suxeitos a retención deberán comunicar á Administración tributaria a través das correspondentes declaracións censuais a súa alta no censo de obrigados tributarios, as modificacións que se produzan na súa situación tributaria e a baixa neste censo. O censo de obrigados tributarios formará parte do censo de contribuíntes, no que figurarán a totalidade de persoas físicas ou xurídicas e entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, identificadas para efectos fiscais en España.

As declaracións censuais servirán, así mesmo, para comunica-lo inicio das actividades económicas que desenvolvan, as modificacións que lles afecten e o cesamento nelas. Para efectos do disposto neste artigo, terán a consideración de empresarios ou profesionais os que tivesen tal condición de acordo coas disposicións propias do imposto sobre o valor engadido, mesmo cando desenvolvan a súa actividade fóra do territorio de aplicación deste imposto.»

«Tres.

1. Regulamentariamente se regulará o contido, a forma e os prazos para a presentación destas declaracións censuais.

2. A declaración censual de alta no censo de obrigados tributarios conterá, polo menos, a seguinte información:

O nome e apelidos ou razón social do declarante.

O seu número de identificación fiscal se se trata dunha persoa física que o teña atribuído. Se se trata de persoas xurídicas ou entidades do artigo 33 da Lei xeral tributaria, a declaración de alta servirá para solicitar este número, para o cal deberán achegala documentación que se estableza regulamentariamente e completa-lo resto da información que se relaciona neste número. De igual forma procederán as persoas físicas sen número de identificación fiscal que resulten obrigadas á presentación da declaración censual de alta, porque vaian realizar actividades económicas ou vaian satisfacer rendementos suxeitos a retención.

O seu domicilio fiscal, e o seu domicilio social, cando sexa distinto daquel.

A relación de establecementos e locais nos que vaia desenvolver actividades económicas, con identificación da comunidade autónoma, provincia, municipio, e enderezo completo de cada un deles.

A clasificación das actividades económicas que vaia desenvolver segundo a codificación de actividades establecida para efectos do imposto sobre actividades económicas.

O ámbito territorial no que vaia desenvolver as súas actividades económicas, distinguindo se se trata de ámbito nacional, da Unión Europea ou internacional. Para estes efectos, o contribuínte que vaia operar na Unión Europea solicitará a súa alta no censo de operadores intracomunitarios nos termos que se definan regulamentariamente.

A súa condición de persoa ou entidade residente ou non residente. Neste último caso, especificarase se conta ou non con establecementos permanentes, identificándose todos eles, con independencia de que estes deban darse de alta individualmente. Se se trata dun establecemento permanente, na declaración de alta identificarase a persoa ou entidade non residente da que dependa, así como o resto dos establecementos permanentes desta persoa ou entidade que se desen de alta no Censo de Obrigados Tributarios.

O seu réxime de tributación no imposto sobre sociedades, no imposto sobre a renda das persoas físicas ou no imposto sobre a renda de non residentes, segundo corresponda, con mención expresa dos réximes e das modalidades de tributación que lle resulten de aplicación e os pagamentos á conta que lle incumban.

O seu réxime de tributación no imposto sobre o valor engadido, con referencia ás obrigas periódicas derivadas deste imposto que lle correspondan e o prazo previsto para o inicio da actividade, distinguindo o previsto para o inicio das adquisicións



e importacións de bens e servicios do previsto para as entregas de bens e prestacións de servicios que constitúen o obxecto da súa actividade, no caso de que un e outro sexan diferentes.

O seu réxime de tributación nos impostos que se determinen regulamentariamente.

No caso en que se trate de entidades en constitución, a declaración de alta conterà, polo menos, os datos identificativos e domicilio completo das persoas ou entidades que promovan a súa constitución.

3. A declaración censual de modificación conterà calquera variación que afecte os datos consignados na declaración de alta ou en calquera outra declaración de modificación anterior, nos termos que se establezan regulamentariamente.

4. A declaración censual de baixa presentarase cando se produza o cesamento efectivo en tódalas actividades a que se refire este artigo, de acordo co que se dispoña regulamentariamente.

5. A Administración tributaria levará conxuntamente co Censo de Obrigados Tributarios un Censo de Operadores Intracomunitarios no que se darán de alta os suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido que realicen entregas e adquisicións intracomunitarias de bens, así como determinadas prestacións de servicios nos termos que se establezan regulamentariamente.

6. As persoas ou entidades a que se refire o número un deste artigo poderán resultar exoneradas regulamentariamente de presentar outras declaracións de contido ou finalidade censual establecidas polas normas propias de cada tributo.

7. As sociedades en constitución que presenten o documento único electrónico para realizar telematicamente os seus trámites de constitución, de acordo co previsto na Lei da sociedade limitada Nueva Empresa, quedarán exoneradas da obriga de presenta-la declaración censual de alta, sen prexuízo da presentación posterior das declaracións de modificación que correspondan na medida en que varíe ou se deba amplia-la información e circunstancias contidas no dito documento único electrónico.»

## TÍTULO II

### Do social

## CAPÍTULO I

### Normas laborais

#### Artigo 39. *Relación laboral de carácter especial dos menores internados.*

Considerarase relación laboral de carácter especial a dos menores incluídos no ámbito de aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, sometidos á execución de medidas de internamento.

Con respecto á relación laboral de carácter especial a que se refire a presente disposición, terá a consideración de empregador a entidade pública correspondente ou a persoa física ou xurídica coa que teña establecido o oportuno concerto, sen prexuízo da responsabilidade solidaria da entidade pública respecto dos incumprimentos en materia salarial e de Seguridade Social.

Autorízase o Goberno para establecer un marco de protección de Seguridade Social para os menores a que se refire esta disposición, que teña en conta as especiais características e necesidades do colectivo.

## CAPÍTULO II

### Seguridade Social

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> NORMAS XERAIS DA SEGURIDADE SOCIAL

Artigo 40. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

Modifícanse os seguintes preceptos do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Un. Engádenselle dous parágrafos, terceiro e cuarto, ó número 1 do artigo 109 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, co seguinte contido:

«As percepcións correspondentes a vacacións anuais devengadas e non gozadas e que sexan retribuídas á finalización da relación laboral serán obxecto de liquidación e cotización complementaria á do mes da extinción do contrato. A liquidación e cotización complementaria comprenderán os días de duración das vacacións, mesmo cando alcancen tamén o seguinte mes natural ou se inicie unha nova relación laboral durante eles, sen ningún rateo e con aplicación, de se-lo caso, do tope máximo de cotización correspondente ó mes ou meses que resulten afectados.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, serán aplicables as normas xerais de cotización nos termos que regulamentariamente se determinen cando, mediante lei ou en execución dela, se estableza que a remuneración do traballador debe incluír, conxuntamente co salario, a parte proporcional correspondente ás vacacións devengadas.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 112 bis) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobada polo Real decreto lexislativo 1/1994, que queda redactado como segue:

«1. Os empresarios e traballadores quedarán exentos de cotizar á Seguridade Social por contingencias comúns, salvo por incapacidade temporal derivada delas, respecto daqueles traballadores por conta allea con contratos de traballo de carácter indefinido, así como dos socios traballadores ou de traballo das cooperativas, nos que concorran as circunstancias de ter cumpridos sesenta e cinco ou máis anos de idade e acreditar trinta e cinco ou máis anos de cotización efectiva á Seguridade Social, sen que se computen para estes efectos as partes proporcionais de pagas extraordinarias.»

Tres. Modificación da rúbrica e do número 1 da disposición adicional trixésima da Lei xeral da Seguridade Social, aprobada polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Modifícase a rúbrica da disposición adicional trixésima da Lei xeral da Seguridade Social, coa seguinte denominación:

«Bonificacións de cotas á Seguridade Social e de achegas de recadación conxunta en determinadas relacións laborais de carácter especial.»

Introdúcese un novo parágrafo situado a continuación do que figura en segundo lugar no número 1 da disposición adicional trixésima da Lei xeral da Seguridade Social coa seguinte redacción:

«As partes da relación laboral de carácter especial dos menores incluídos no ámbito de aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, poderán beneficiarse das bonificacións ás que se refiren os dous parágrafos anteriores.»

Catro. Agrégaselle unha nova disposición adicional, a trixésimo cuarta, ó texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, co seguinte teor:

«Disposición adicional trixésimo cuarta. *Extensión da acción protectora por continxencias profesionais ós traballadores incluídos no réxime especial da Seguridade Social de traballadores por conta propia ou autónomos.*

1. Os traballadores por conta propia incluídos no réxime especial da Seguridade Social de traballadores por conta propia ou autónomos poderán mellorar voluntariamente o ámbito da acción protectora que este réxime lles dispensa, incorporando a correspondente ás continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, sempre que os interesados, previamente ou asemade, optasen por incluír, dentro deste ámbito, a prestación económica por incapacidade temporal. A mellora da acción protectora sinalada determinará a obriga de efectuar as correspondentes cotizacións, nos termos previstos no número 2.

Entenderase como accidente de traballo do traballador autónomo o acontecido como consecuencia directa e inmediata do traballo que realiza pola súa propia conta e que determina a súa inclusión no campo de aplicación deste réxime especial. Entenderase, para idénticos efectos, por enfermidade profesional a contraída a consecuencia do traballo executado por conta propia, que estea provocada pola acción dos elementos e substancias e nas actividades que se especifican na lista de enfermidades profesionais coas relacións das principais actividades capaces de producilas, anexa ó Real decreto 1995/1978, do 12 de maio, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema de Seguridade Social.

Polas continxencias indicadas, recoñeceranse as prestacións que, por estas, se lles conceden ós traballadores incluídos no réxime xeral, nas condicións que regulamentariamente se establezan.

2. Para a cotización polas continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicaranse os epígrafes específicos e as porcentaxes que se determinen para a súa inclusión na tarifa de primas, aprobada polo Real decreto 2930/1979, do 29 de decembro. As porcentaxes aplicaranse sobre a base de cotización elixida polo interesado.

Para tales efectos, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais aprobará a correspondente clasificación dos traballadores autónomos por actividades económicas e epígrafes aplicables para a súa inclusión neste real decreto.

3. A cobertura das continxencias profesionais dos traballadores por conta propia ou autónomos levarase a cabo coa mesma entidade, xestora ou colaboradora, coa que se formalizase a cobertura da incapacidade temporal.»

## SECCIÓN 2.<sup>a</sup> NORMAS RELATIVAS ÓS RÉXIMES ESPECIAIS DA SEGURIDADE SOCIAL

Artigo 41. *Modificación do texto refundido das Leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto.*

Modifícanse os seguintes preceptos do texto refundido das Leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto.

Un. Engádense dous novos parágrafos ó número 2 do artigo 36 do texto refundido, nos termos que a continuación se expoñen:

«Os traballadores por conta propia que teñan 55 ou máis anos percibirán, nas condicións que se establezan regulamentariamente, a prestación económica de incapacidade permanente total para a profesión habitual, incrementada na porcentaxe que, pola súa vez, se fixe regulamentariamente.

Será requisito para o recoñecemento do incremento a que se refire o parágrafo anterior que o pensionista non exerza unha actividade retribuída, por conta allea ou propia, nin teña a titularidade dunha explotación marítimo-pesqueira ou agraria ou dun establecemento mercantil ou industrial, como propietario, arrendatario, usufructuario ou outro concepto análogo.»

Dous. Engádese un parágrafo c) ó número 1 do artigo 41 do texto refundido nos seguintes termos:

«c) Os traballadores por conta propia que teñan 55 ou máis anos percibirán a prestación económica de incapacidade permanente total para a profesión habitual, co incremento a que se refire o número 2 do artigo 36, nos termos e condicións establecidos nel.»

Tres. O incremento da pensión de incapacidade permanente total para a profesión habitual, establecido nos artigos 36.2 e 41.1.c) do texto refundido das Leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, unicamente será de aplicación ás situacións de incapacidade permanente que se causen a partir da entrada en vigor da presente disposición.

Artigo 42. *Modificación do texto refundido das Leis 38/1966, do 31 de maio e 41/1970, do 22 de decembro, polas que se establece e regula o réxime especial agrario da Seguridade Social, aprobado polo Decreto 2123/1971, do 23 de xullo.*

Modifícanse os seguintes preceptos do texto refundido das Leis 38/1966, do 31 de maio e 41/1970, do 22 de decembro, polas que se establece e regula o réxime especial agrario da Seguridade Social, aprobado polo Decreto 2123/1971, do 23 de xullo.

Un. Engádenselle dous novos parágrafos, o segundo e o terceiro, ó número 1 do artigo 27 do texto refundido, nos termos que a continuación se expoñen:

«Os traballadores que teñan 55 ou máis anos percibirán, nas condicións que se establezan regu-

lamentariamente, a prestación económica de incapacidade permanente total para a profesión habitual, incrementada na porcentaxe que, pola súa vez, se fixe regulamentariamente.

Será requisito para o recoñecemento do incremento a que se refire o parágrafo anterior que o pensionista non exerza unha actividade retribuída, por conta allea ou por conta propia, nin teña a titularidade dunha explotación agraria ou marítimo-pesqueira ou dun establecemento mercantil ou industrial, como propietario, arrendatario, usufrutuario ou outro concepto análogo.»

Dous. Engádeselle un novo parágrafo, o segundo, ó número 2 do artigo 31 do texto refundido, nos termos seguintes:

«Os traballadores que teñan 55 ou máis anos percibirán a prestación económica de incapacidade permanente total para a profesión habitual, co incremento a que se refire o número 1 do artigo 27, nos termos e condicións establecidos nel.»

Tres. O incremento da pensión de incapacidade permanente total para a profesión habitual, establecido nos artigos 27.1 e 31.2 do texto refundido das Leis 38/1966, do 31 de maio, e 41/1970, do 22 de decembro, polas que se establece e regula o réxime especial agrario da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2123/1971, do 23 de xullo, unicamente será de aplicación ás situacións de incapacidade permanente que se causen a partir da entrada en vigor da presente disposición.

Artigo 43. *Modificación do texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial de Seguridade Social do persoal ó servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2000, do 23 de xuño.*

Modifícanse os seguintes preceptos do texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial de Seguridade Social do persoal ó servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2000, do 23 de xuño:

Un. Engádeselle un novo número, o 5, ó artigo 10 do Real decreto lexislativo 3/2000, coa seguinte redacción:

«5. A obriga de pagamento das cotizacións á mutualidade prescribirá ós catro anos contados a partir da data en que preceptivamente debesen ser ingresadas. A prescrición quedará interrompida polas causas ordinarias e, en todo caso, por calquera actuación administrativa realizada con coñecemento formal do obrigado ó pagamento da cotización conducente á liquidación ou recadación da débeda e, especialmente, polo requirimento ó debedor.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 25 do Real decreto lexislativo 3/2000, que pasará a te-la seguinte redacción:

«2. Os actos administrativos e resolucións dos órganos de goberno, administración e representación da Mutualidade Xeral Xudicial serán impugnables consonte o previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral

do Estado e no artigo 82 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.»

Tres. Engádesse unha nova disposición adicional, a quinta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta. *Reintegro de prestacións indebidas e prazo para a súa prescrición.*

1. Os mutualistas e as demais persoas que percibisen indebidamente prestacións da Mutualidade Xeral Xudicial estarán obrigados a reintegra-lo seu importe.

2. Quen por acción ou omisión contribuíse a facer posible a percepción indebida dunha prestación responderá subsidiariamente cos perceptores, salvo boa fe probada, da obriga de reintegrar que se establece no número anterior.

3. A obriga de reintegro do importe das prestacións indebidas percibidas prescribirá ós catro anos, contados a partir da data do seu cobro, ou desde que foi posible exercer-la acción para esixila súa devolución, con independencia da causa que orixinou a percepción indebida, incluídos os supostos de revisión das prestacións por erro imputable á mutualidade.»

Artigo 44. *Infraccións e sancións no ámbito dos réximes especiais de Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, das Forzas Armadas e do persoal ó servizo da Administración de xustiza.*

Un. A competencia para sancionalas infraccións cometidas no ámbito do réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, do réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas, e do réxime especial da Seguridade Social do persoal ó servizo da Administración de xustiza corresponderá, respectivamente, ó ministro de Administracións Públicas, ó ministro de Defensa, e ó ministro de Xustiza, así como ós órganos das citadas mutualidades que se designen regulamentariamente.

Dous. Autorízase o Goberno para que, no prazo dun ano a partir da entrada en vigor da presente lei, proceda a aproba-los preceptivos reais decretos, nos que, ademais de se designaren os órganos específicos que teñan atribuída a competencia sancionadora, de conformidade co establecido no número anterior, determinen as infraccións e sancións que deben rexer no ámbito do mutualismo administrativo, que serán as que están establecidas no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobada polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Artigo 45. *Modificación do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2000, do 23 de xuño.*

Modifícanse os seguintes preceptos do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2000, do 23 de xuño:

Un. Engádeselle un novo número, o 7, ó artigo 10, do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, coa redacción seguinte:

«7. Os mutualistas obrigados a cotizar terán dereito á devolución total ou parcial das cotas ou ó exceso destas, ingresadas indebidamente. O pra-

zo para exercer este dereito será de catro anos a partir da data en que se fixesen efectivas. Formarán parte da cotización para devolver as recargas, os xuros e as custas que se satisfixesen cando o ingreso indebido se realizase por vía de constrinximento, así como o xuro legal aplicado, de se-lo caso, ás cantidades ingresadas.»

Dous. O número 3 da disposición adicional oitava do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, terá a seguinte redacción:

«3. Co fin de facilita-la xestión do control do colectivo de MUFACE, mediante a comprobación da concordancia dos seus datos cos correspondentes do Rexistro Central de Persoal, este remitirá mensualmente as inscricións e anotacións que consten no dito rexistro en relación cos actos de toma de posesión, cambio de situacións administrativas, perda da condición de funcionario ou xubilación. Igualmente, facilitará a información desta natureza que, segundo a normativa de coordinación cos rexistros das restantes administracións públicas, reciba destas.»

Tres. O actual número 3 da disposición adicional oitava do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, pasa a denominarse número 4.

**Artigo 46.** *Subministración de información á Mutuabilidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE), ó Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS) e á Mutuabilidade Xeral Xudicial (MUGEJU).*

Un. Co fin de manter actualizados os rexistros dos seus respectivos colectivos, as comunidades autónomas informarán mensualmente a Mutuabilidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE), ó Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS) e á Mutuabilidade Xeral Xudicial (MUGEJU) da situación dos seus funcionarios incluídos no campo de aplicación do mutualismo administrativo, xestionado por cada unha delas.

Dous. Coa mesma periodicidade, as comunidades autónomas e as mutualidades arriba mencionadas intercambiarán a información correspondente ós colectivos que, en virtude dos concertos subscritos para o efecto con institucións da Seguridade Social, reciban asistencia sanitaria a través dos servicios de saúde de cada comunidade autónoma.

Os datos que se proporcionen en virtude do disposto no presente artigo, serán obxecto das medidas de seguridade previstas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, sobre protección de datos de carácter persoal, e nas súas normas de desenvolvemento.

### CAPÍTULO III

#### Outras normas en materia social

**Artigo 47.** *Programa de fomento do emprego para o ano 2003.*

Un. **Ámbito de aplicación.**

1. Poderán acollerse ás bonificacións establecidas para o programa de fomento de emprego:

1.1 As empresas que contraten indefinidamente, incluída a contratación de traballadores fixos discontinuos e de acordo cos requisitos e coas condicións que se sinalan nesta norma, traballadores desempregados,

inscritos na oficina de emprego e incluídos nalgúns dos colectivos seguintes:

- a) Mulleres desempregadas, entre dezaseis e corenta e cinco anos.
- b) Mulleres desempregadas, cando se contraten para prestar servicios en profesións ou ocupacións con menor índice de emprego feminino.
- c) Desempregados inscritos ininterrompidamente na oficina de emprego durante seis ou máis meses.
- d) Desempregados maiores de corenta e cinco anos e ata cincuenta e cinco.
- e) Desempregados maiores de cincuenta e cinco anos e ata sesenta e cinco.
- f) Desempregados perceptores de prestacións ou subsidios por desemprego, ós que lles falte un ano ou máis de percepción no momento da contratación.
- g) Desempregados perceptores do subsidio por desemprego a favor dos traballadores incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social.
- h) Desempregados admitidos no programa que considera a axuda específica denominada renda activa de inserción.
- i) Mulleres desempregadas inscritas na oficina de emprego que sexan contratadas nos vintecatro meses seguintes á data do parto.

1.2 Os traballadores incluídos no campo de aplicación do réxime especial da Seguridade Social de traballadores autónomos, dados de alta neste polo menos desde o 1 de xaneiro de 2002, que contraten indefinidamente, incluída a contratación de traballadores fixos discontinuos, traballadores desempregados inscritos na oficina de emprego, incluídos nalgúns dos colectivos do número anterior.

1.3 As empresas e as entidades sen ánimo de lucro que contraten, indefinidamente, incluída a contratación de traballadores fixos discontinuos, ou temporalmente, traballadores desempregados en situación de exclusión social, poderán acollerse ás bonificacións previstas nesta norma nos termos que nela se indican. A situación de exclusión social será acreditada polos servicios sociais competentes e queda determinada pola pertenza a algún dos seguintes colectivos:

- a) Perceptores de rendas mínimas de inserción, ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza, segundo a denominación adoptada en cada comunidade autónoma.
- b) Persoas que non poidan acceder ás prestacións ás que se fai referencia no parágrafo anterior, por algunhas das seguintes causas:

Falta de período esixido de residencia ou empadramento, ou para a constitución da unidade perceptora. Ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido.

- c) Mozos maiores de dezaioito anos e menores de trinta, procedentes de institucións de protección de menores.
- d) Persoas con problemas de drogadicción ou alcoholismo que se atopen en procesos de rehabilitación ou reinserción social.
- e) Internos de centros penitenciarios cunha situación penitenciaria que lles permita acceder a un emprego, así como liberados condicionais e ex-reclusos.
- f) Menores internos incluídos no ámbito de aplicación da Lei orgánica 5/2002, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, cunha situación que lles permita acceder a un emprego, así como os que se encontran en situación de liberdade vixiada e os ex-internos.

1.4 As cooperativas ou sociedades laborais ás que se incorporen desempregados incluídos nalgún dos colectivos establecidos nos números 1.1 e 1.3 deste número un, como socios traballadores ou de traballo, con carácter indefinido e sempre que a entidade optase por un réxime de Seguridade Social propio de traballadores por conta allea.

1.5 Os empregadores ós que se refiren os números 1.1, 1.2, 1.3 e 1.4 que contraten ou incorporen indefinidamente, incluída a contratación de traballadores fixos descontínuos, ou temporalmente, persoas que teñan acreditada pola administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.

2. Igualmente se incentivarán, nos termos previstos nesta norma, a transformación en indefinidos, incluída a modalidade de fixo descontínuo, dos contratos de duración determinada ou temporais, formalizados con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2003. Ademais, incentivarase a transformación en indefinidos dos contratos formativos, de relevo e de substitución por anticipación da idade de xubilación, calquera que sexa a data da súa formalización.

3. Así mesmo, os contratos de traballo de carácter indefinido, subscritos con traballadores de sesenta ou máis anos e cunha antigüidade na empresa de cinco ou máis anos darán dereito ás bonificacións previstas neste artigo.

As cooperativas terán dereito a estas bonificacións respecto ós seus socios traballadores ou de traballo, con vínculo de carácter indefinido, maiores de sesenta anos e coa antigüidade establecida no parágrafo anterior, sempre que a entidade optase por un réxime de Seguridade Social propio de traballadores por conta allea.

#### Dous. Requisitos dos beneficiarios.

Os beneficiarios das axudas previstas nesta norma deberán reuni-los seguintes requisitos:

a) Estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social tanto na data da concesión das bonificacións como durante a súa percepción. A falta de ingreso en prazo regulamentario destas obrigas dará lugar á perda automática das bonificacións reguladas no presente programa, respecto das cotas correspondentes a períodos non ingresados no dito prazo.

b) Non ter sido excluídos do acceso ós beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego pola comisión de infraccións moi graves non prescritas, todo isto de conformidade co previsto no artigo 46.2 da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

#### Tres. Incentivos.

1. Os contratos indefinidos iniciais, incluídos os fixos descontínuos, a tempo completo ou parcial, subscritos durante o ano 2003, darán dereito, a partir da data da contratación, ás seguintes bonificacións da cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns:

a) Contratación de mulleres desempregadas entre dezaseis e corenta e cinco anos: 25 por 100 durante o período dos vinte e catro meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato.

b) Contratación de mulleres para prestar servizos en profesións e ocupacións establecidas na Orde ministerial do 16 de setembro de 1998, para o fomento do emprego estable de mulleres nas profesións e ocupacións con menor índice de emprego feminino, que reúnan ademais, o requisito de permaneceren inscritas ininterrompidamente na oficina de emprego, por un período

mínimo de seis meses, ou ben sexan maiores de corenta e cinco anos: 70 por 100 durante o primeiro ano de vixencia do contrato; 60 por 100 durante o segundo ano de vixencia deste. Se non reunisen algún dos anteriores requisitos adicionais, a bonificación será do 35 por 100 durante o período dos vinte e catro meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato.

c) Contratacións de desempregados inscritos ininterrompidamente na oficina de emprego durante un período mínimo de seis meses: 20 por 100 durante o período dos vinte e catro meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato.

d) Contratacións de desempregados maiores de corenta e cinco anos e ata os cincuenta e cinco: 50 por 100 durante o primeiro ano de vixencia do contrato; 45 por 100 durante o resto da súa vixencia.

e) Contratacións de desempregados maiores de cincuenta e cinco e ata os sesenta e cinco anos: 55 por 100 durante o primeiro ano de vixencia do contrato; 50 por 100 durante o resto da súa vixencia.

f) Contratacións de perceptores de prestacións ou subsidios por desemprego, ós que lles falte un ano ou máis de percepción no momento da contratación: 50 por 100 durante o primeiro ano de vixencia do contrato; 45 por 100 durante o segundo ano da súa vixencia.

g) Contratacións de desempregados perceptores do subsidio de desemprego en favor dos traballadores incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social: 90 por 100 durante o primeiro ano de vixencia do contrato; 85 por 100 durante o segundo ano da súa vixencia.

h) Contratación de desempregados admitidos no programa que recolle a axuda específica denominada renda activa de inserción: 65 por 100 durante vinte e catro meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato; 45 por 100 durante o resto da súa vixencia no caso de traballadores maiores de corenta e cinco anos e ata os cincuenta e cinco; ou 50 por 100 durante o resto da súa vixencia no caso de traballadores maiores de cincuenta e cinco anos e ata os sesenta e cinco.

i) Contratación de mulleres desempregadas inscritas na oficina de emprego que sexan contratadas nos vinte e catro meses seguintes á data de parto: 100 por 100 durante os doce meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato.

2. A contratación indefinida a tempo completo ou parcial, incluída a contratación de traballadores fixos descontínuos, que realice un traballador autónomo dos referidos no número 1.2 do número un cun traballador desempregado, dará lugar á aplicación das bonificacións na cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns previstas no número 1 deste número, cun incremento de cinco puntos respecto do previsto para cada caso, agás no suposto do número i).

3. A incorporación ás cooperativas ou sociedades laborais como socios traballadores ou de traballo, con carácter indefinido e encadrados nun réxime por conta allea de Seguridade Social que se produzan ata o 31 de decembro de 2003, darán dereito a partir da data de incorporación ás bonificacións da cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns establecidas nos números 1, 5, 6, 7 e 8 do número tres deste artigo, segundo proceda en cada caso.

4. Cando as contratacións iniciais previstas nos parágrafos c), d), e), f) e h) do número 1 e nos puntos 2, 3, 5 e 6 deste número se realicen a tempo completo con mulleres desempregadas, as bonificacións de cotas incrementaranse en dez puntos.

5. As empresas e entidades que contraten indefinidamente, incluída a contratación de traballadores fixos descontínuos, ou temporalmente, ben mediante contratacións a tempo completo ou parcial, traballadores desempregados en situación de exclusión social, nos ter-

mos do número 1.3 do número primeiro, poderán aplicar unha bonificación na cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns do 65 por 100, durante un máximo de vinte e catro meses. Cando un mesmo traballador formalice distintos contratos de traballo, xa sexa cunha mesma empresa ou entidade, ou con outra distinta, con ou sen solución de continuidade, aplicarase igualmente o máximo de vinte e catro meses desde a data inicial do primeiro contrato.

6. Os empregadores ós que se refiren os puntos 1.1, 1.2, 1.3 e 1.4 do número un que contraten ou incorporen indefinidamente, incluída a contratación de traballadores fixos descontinuos, ou temporalmente, persoas que teñan acreditada pola administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, poderán aplicar unha bonificación na cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns do 65 por 100, durante un máximo de vinte e catro meses. Cando un mesmo traballador formalice distintos contratos de traballo, xa sexa cun mesmo empregador ou con outro distinto, con ou sen solución de continuidade, aplicarase igualmente o máximo de vinte e catro meses desde a data inicial do primeiro contrato.

7. As transformacións en indefinidos, incluídas as que se acorden á modalidade de fixo descontinuo que se realicen ata o 31 de decembro de 2003, dos contratos de duración determinada ou temporais subscritos a tempo completo ou parcial con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2003, así como a dos contratos formativos, de relevo e de substitución por anticipación da idade de xubilación concertados, de acordo co disposto na súa normativa reguladora, a tempo completo ou parcial, calquera que sexa a data da súa formalización, darán lugar a unha bonificación do 25 por 100 durante o período dos vinte e catro meses seguintes ó inicio da vixencia do novo contrato.

Darán dereito á mesma bonificación as transformacións de contratos de prácticas e de relevo subscritos inicialmente a tempo parcial, en indefinidos a tempo parcial. Neste suposto a xornada do novo contrato indefinido será como mínimo igual á do contrato de prácticas ou de relevo que se transforma.

8. Os contratos de traballo de carácter indefinido que estean subscritos con traballadores de sesenta ou máis anos e cunha antigüidade na empresa de cinco ou máis anos, darán dereito durante 2003 a unha bonificación sobre as cotas correspondentes á achega empresarial na cotización á Seguridade Social por continxencias comúns, salvo por incapacidade temporal derivada delas, da seguinte contía:

50 por 100 para os que reúnan os requisitos por primeira vez en 2003.

60 por 100 para os que xa reunían os requisitos no exercicio anterior.

Estas porcentaxes incrementaranse nun 10 por 100 en cada exercicio ata alcanzar un máximo do 100 por 100.

Se ó cumprir sesenta anos de idade o traballador non tivese unha antigüidade na empresa de cinco anos, a bonificación a que se refire o parágrafo anterior será aplicable a partir da data en que alcance a citada antigüidade.

As mesmas bonificacións aplicaranse no caso de cooperativas respecto ós seus socios traballadores ou de traballo, con vínculo de carácter indefinido, maiores de sesenta anos e coa antigüidade establecida no parágrafo primeiro deste número, sempre que a entidade optase por un réxime de Seguridade Social propio de traballadores por conta allea.

9. Os contratos de traballo acollidos ó presente programa de fomento do emprego estable formalizaranse

no modelo oficial que dispoña o Instituto Nacional de Emprego, agás no suposto de contratos indefinidos xa existentes, ós que se refire o punto 3 do número primeiro.

#### Catro. Concorrenza de bonificacións.

No suposto en que a contratación indefinida dun traballador desempregado ou a súa incorporación como socio traballador ou socio de traballo a unha cooperativa ou sociedade laboral formalizada en virtude deste programa de fomento de emprego, puidese dar lugar asemade á súa inclusión en máis dun dos supostos para os que están previstas bonificacións, só será posible aplicarlas respecto dun deles, correspondéndolle a opción ó beneficiario das deducións previstas nesta norma.

Non obstante o sinalado no parágrafo anterior, as bonificacións nas cotizacións previstas para os contratos indefinidos con traballadores de sesenta ou máis anos e cunha antigüidade na empresa de cinco ou máis anos, serán compatibles coas bonificacións establecidas con carácter xeral nos programas de fomento do emprego e serán por conta do Instituto Nacional de Emprego, sen que en ningún caso a suma das bonificacións aplicables poida supera-lo 100 por 100 sen prexuízo, de se-lo caso, do disposto no artigo 112 bis do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

#### Cinco. Exclusiones.

1. As bonificacións previstas neste programa non se aplicarán nos seguintes supostos:

a) Relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2 da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, ou outras disposicións legais, coa excepción da relación laboral de carácter especial dos penados en institucións penitenciarias e da relación laboral especial dos menores en centros de internamento, ás que se pode aplica-lo réxime de bonificacións establecidas para os traballadores desempregados en situación de exclusión social.

b) Contratacións que afecten o cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do empresario ou de quen desempeñe cargos de dirección ou sexa membro dos órganos de administración das entidades ou das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.

c) Contratacións realizadas con traballadores que nos vinte e catro meses anteriores á data da contratación prestasen servicios na mesma empresa, grupo de empresas ou entidade mediante un contrato por tempo indefinido.

O disposto no parágrafo precedente será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador con empresas ás que o solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

d) Traballadores que finalizasen a súa relación laboral de carácter indefinido nun prazo de tres meses previos á formalización do contrato.

e) Incorporacións de socios traballadores ou de traballo a cooperativas ou sociedades laborais cando mantivesen un vínculo contractual previo con estas sociedades superior ós doce meses.

2. As empresas ou entidades que extinguisen ou extingan, por despedimento declarado improcedente ou por despedimento colectivo, contratos bonificados ó abeiro da presente norma e do Real decreto lei 9/1997, do 17 de maio, polo que se regulan incentivos en materia de Seguridade Social e de carácter fiscal para o fomento e a estabilidade no emprego e da Lei 64/1997, do 26

de decembro; así como da Lei 50/1998, do 30 de decembro; da Lei 55/1999, do 29 de decembro; da Lei 14/2000, do 29 de decembro, da Lei 12/2001, do 9 de xullo; da Lei 24/2001, do 27 de decembro, así como do Real decreto lei 16/2001, do 27 de decembro e da Lei 35/2002, do 12 de xullo, quedarán excluídas por un período de doce meses, das bonificacións recollidas nesta disposición. A citada exclusión afectará un número de contratacións igual ó das extinguidas.

O período de exclusión contarase a partir da declaración de improcedencia do despedimento ou da extinción derivada do despedimento colectivo.

3. As bonificacións dos contratos indefinidos con traballadores de sesenta ou máis anos e cunha antigüidade na empresa de cinco ou máis anos, non serán aplicables ás achegas empresariais relativas a traballadores que presten os seus servizos nas administracións públicas ou nos organismos públicos regulados no título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Seis. Incompatibilidades.

As bonificacións aquí previstas non poderán, en concorrencia con outras medidas de apoio público establecidas para a mesma finalidade, supera-lo 60 por 100 do custo salarial anual correspondente ó contrato que se bonifica.

Sete. Financiamento e control dos incentivos.

1. As bonificacións previstas para a contratación establecidas na presente norma financiaranse con cargo á correspondente partida orzamentaria do Instituto Nacional de Emprego.

2. A Tesourería Xeral da Seguridade Social facilitaralle mensualmente ó Instituto Nacional de Emprego, o número de traballadores obxecto de bonificacións de cotas á Seguridade Social, detallados por colectivos, coas súas respectivas bases de cotización e as deducións que se apliquen como consecuencia do previsto na presente norma.

3. Coa mesma periodicidade, a Dirección Xeral do Instituto Nacional de Emprego facilitaralle á Dirección Xeral de Inspección de Traballo e Seguridade Social a información necesaria sobre o número de contratos comunicados obxecto de bonificacións de cotas, detallados por colectivos, así como canta información relativa ás cotizacións e deducións aplicadas a eles sexa precisa, para o efecto de lle facilitar a este centro directivo a planificación e programación da actuación inspectora que permita vixiala adecuada aplicación das bonificacións previstas nesta norma polos suxeitos beneficiarios dela.

Oito. Reintegro dos beneficios.

1. Nos supostos de obtención das bonificacións sen reuni-los requisitos esixidos, procederá a devolución das cantidades deixadas de ingresar por bonificación de cotas á Seguridade Social coa recarga correspondente.

2. A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do previsto na Lei sobre infraccións e sancións na orde social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Nove. Mantemento de bonificacións.

Poderanse mante-las bonificacións das cotas á Seguridade Social que se viñesen gozando pola contratación indefinida dun traballador cando este extinguiuse voluntariamente un contrato, acollido a medidas previstas nos programas anuais de fomento do emprego de aplicación a partir do 17 de maio de 1997, e sexa contratado sen solución de continuidade mediante un novo contrato

indefinido, a tempo completo ou parcial, incluída a modalidade de fixo discontinuo, por outra empresa ou entidade, dentro do mesmo grupo de empresas.

Neste caso, ó novo contrato seranlle de aplicación as bonificacións das cotas á Seguridade Social que respecto do traballador viñese gozando o anterior empregador, na mesma contía e polo tempo que falte para completa-lo período total previsto no momento da súa contratación indefinida inicial.

Se o primeiro empregador percíbise algunha outra axuda de fomento do emprego pola mesma contratación, non estará obrigado á súa devolución, nin se terá dereito a unha nova axuda, de se-lo caso, polo novo contrato.

## CAPÍTULO IV

### Axudas ós afectados por delitos de terrorismo

Artigo 48. *Modificación da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Modifícase a disposición adicional novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, na redacción dada polo artigo 44 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional novena. *Ámbito de aplicación da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo.*

Un. O ámbito temporal de aplicación da Lei 32/1999 esténdese ós feitos previstos nesta lei, acaecidos entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de decembro de 2003, sen prexuízo das demais axudas que puidesen corresponder por eles de acordo co ordenamento xurídico.

Dous. Cando en virtude de sentenza firme se recoñecese unha indemnización en concepto de responsabilidade civil por feitos acaecidos con posterioridade ó 10 de outubro de 1999, superior á cantidade global percibida polos conceptos recollidos na Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e na Lei 32/1999, a Administración xeral do Estado aboarlle ó interesado a diferenza.

Tres. O prazo para solicita-las axudas previstas na Lei 32/1999 por feitos ocorridos entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de decembro de 2003 será dun ano contado a partir da data en que se producen.»

Artigo 49. *Modificación da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Engádese un novo número, o 14, ó artigo 94 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificado polo artigo 43 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, coa seguinte redacción:

«14. En supostos de perentoria necesidade poderanse conceder anticipos á conta das axudas extraordinarias, gastos de asistencia médica, trasladados de afectados e aloxamentos provisionais, en contía que non excederá do 70 por 100 da cantidade que previsiblemente puidese corresponder na resolución que acorde a súa concesión. Tales anticipos poderán librarse como pagamentos por xustificar.»

## TÍTULO III

## Do persoal ó servizo das administracións públicas

## CAPÍTULO I

## Persoal funcionario e estatutario

SECCIÓN 1.<sup>a</sup> NORMAS XERAIS

Artigo 50. *Modificación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública:

Un. Engádeselle un novo parágrafo h) ó número 1 do artigo 20 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, do seguinte teor literal:

«h) A Administración xeral do Estado poderá adscribi-los funcionarios a postos de traballo en distinta unidade ou localidade, logo de solicitude baseada en motivos de saúde ou rehabilitación do funcionario, do seu cónxuxe ou dos fillos ó seu cargo, con previo informe do servizo médico oficial legalmente establecido e condicionado a que existan postos vacantes con asignación orzamentaria cun nivel de complemento de destino e específico non superior ó do posto de orixe, e se reúnan os requisitos para o seu desempeño. Esta adscripción terá carácter definitivo cando o funcionario ocupase con tal carácter o seu posto de orixe.»

O resto do número permanece coa súa actual redacción.

Dous. Engádesse un novo número 3 ó artigo 22 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, do seguinte teor literal:

«3. Por proposta do ministro de Administracións Públicas, o Goberno poderá determina-los corpos e as escalas de funcionarios ós que poderá acceder o persoal laboral dos grupos e das categorías profesionais equivalentes ó grupo de titulación correspondente ó corpo ou escala ó que se pretenda acceder, sempre que desempeñen funcións substancialmente coincidentes ou análogas no seu contido profesional e no seu nivel técnico, se deriven vantaxes para a xestión dos servizos, estean en posesión da titulación académica requirida e superen as correspondentes probas.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 24 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, que queda coa seguinte redacción:

«1. As contías das retribucións básicas dos parágrafos a) e b) do número 2 do artigo 23 desta lei, serán iguais en tódalas administracións públicas, para cada un dos grupos en que se clasifican os corpos, escalas, categorías ou clases de funcionarios. Así mesmo, as contías das pagas extraordinarias serán iguais, en tódalas administracións públicas, para cada un dos grupos de clasificación segundo o nivel do complemento de destino que se perciba.»

O soldo dos funcionarios do grupo A non poderá exceder en máis de tres veces o soldo dos funcionarios do grupo E.

Catro. Engádeselle unha nova disposición adicional, a vixésimo quinta, á Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo quinta.

Con carácter excepcional, e de acordo coas condicións e requisitos que se establezan para o efecto, nas convocatorias de promoción interna ó corpo xeral auxiliar da Administración do Estado, poderase utilizar-la participación nelas de persoal laboral coa categoría profesional de ordenanza do grupo profesional 7 dos previstos no Convenio único para o persoal laboral da Administración do Estado ou desde a categoría e grupo profesional equivalentes previstos nos restantes convenios colectivos de persoal laboral ó servizo da Administración xeral do Estado.»

Artigo 51. *Modificación do texto articulado da Lei de funcionarios civís do Estado aprobada polo Decreto 315/1964, do 7 de febreiro.*

Modifícase o artigo 68 do texto articulado da Lei de funcionarios civís do Estado aprobada polo Decreto 315/1964, do 7 de febreiro, que queda redactado como segue:

«Artigo 68.

1. Tódolos funcionarios terán dereito, por ano completo de servizos, a gozar dunha vacación retribuída dun mes natural ou de vintedous días hábiles anuais, ou ós días que corresponda proporcionalmente ó tempo de servizos efectivos.

2. Así mesmo, terán dereito a un día hábil adicional ó cumpriren quince anos de servizo, engadíndose un día hábil máis ó cumpriren os vinte, vintecinco e trinta anos de servizo, respectivamente, ata un total de vinteseis días hábiles por ano natural.

Este dereito farase efectivo a partir do ano natural seguinte ó do cumprimento dos anos de servizo sinalados no parágrafo anterior.

3. Para os efectos previstos no presente artigo, non se considerarán como días hábiles os sábados, sen prexuízo das adaptacións que se establezan para os horarios especiais.»

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> CORPOS E ESCALAS

Artigo 52. *Convocatoria extraordinaria para a integración de funcionarios de novo ingreso dos organismos públicos de investigación adscritos ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía na escala de investigadores titulares, creada pola Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Os funcionarios dos seguintes organismos públicos de investigación adscritos ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía: Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas (CIEMAT); Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA); Instituto Español de Oceanografía (IEO), e Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IGME), que accedesen a estes organismos por procesos selectivos convocados antes do 1 de xaneiro de 2001 e que tomasen posesión dos seus postos de traballo con posterioridade a esa data, poderán solicita-la integración na escala de investigadores titulares dos organismos públicos de investi-



gación, creada polo artigo 35.1 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, ou na relación de investigadores en funcións, de acordo coa convocatoria extraordinaria que no seu día se publique e sempre que cumpran os requisitos dos números 2 ó 3 do artigo 35 da citada Lei 14/2000, con referencia ó momento de entrada en vigor da presente lei.

A convocatoria extraordinaria á que se refire o número anterior rexerá polo procedemento establecido no número 7 do artigo 35 da Lei 14/2000, do 29 de decembro e no Real decreto 868/2001, do 20 de xullo, polo que se regula a integración nas escalas de investigadores titulares dos organismos públicos de investigación e de técnicos superiores especialistas dos organismos públicos de investigación, e estará suxeita ó establecido no número 8 do mesmo artigo.

#### Artigo 53. *Creación do corpo superior de xestión catastral.*

Un. Créase o corpo superior de xestión catastral, pertencente ó grupo A dos previstos na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública e adscrito ó Ministerio de Facenda.

Dous. A especialidade de xestión catastral da escala técnica de xestión de organismos autónomos queda extinguida á entrada en vigor da presente lei.

Tres. Quedan automaticamente integrados no corpo superior de xestión catastral os funcionarios que á entrada en vigor desta lei pertencen á escala técnica de xestión de organismos autónomos, especialidade xestión catastral.

Os funcionarios da escala técnica de xestión de organismos autónomos, especialidade xestión catastral, que se integren no corpo superior de xestión catastral, manteranse na mesma situación administrativa en que se encontren na citada escala e continuarán, de se-lo caso, desempeñando os seus actuais postos de traballo.

O cómputo da antigüidade no corpo superior de xestión catastral realizarase tendo en conta a data de ingreso na escala técnica de xestión de organismos autónomos, especialidade xestión catastral.

Catro. Os funcionarios do corpo superior de xestión catastral quedan incluídos no campo de aplicación do réxime especial de Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado nos termos previstos nos artigos 2 e 3 do Real decreto lexislativo 4/2000, do 23 de xuño.

Cinco. Os procesos selectivos para ingreso na escala técnica de xestión de organismos autónomos, especialidade xestión catastral, correspondentes ás ofertas de emprego público para os anos 2001 e 2002 seguiranse desenvolvendo de acordo co previsto nas bases de convocatoria, entendéndose que as prazas convocadas se refiren ó corpo superior de xestión catastral.

#### Artigo 54. *Creación da escala de axentes ambientais de parques nacionais.*

Co obxecto de instrumentar administrativamente a consecución dos fins da Lei 4/1989, do 4 de agosto, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, modificada pola Lei 41/1997, do 5 de novembro, créase a escala de axentes ambientais de parques nacionais, que se adscribe organicamente ó Ministerio de Medio Ambiente, quedando clasificada no grupo C dos escalas establecidos no artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública. Os funcionarios que pertencen á citada escala terán o carácter de axentes da autoridade no desempeño das súas funcións.

Artigo 55. *Integración nas escalas de técnicos especialistas de grao medio, de axudantes de investigación e de auxiliares de investigación dos organismos públicos de investigación dependentes do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, creadas no artigo 47 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Un. Os funcionarios pertencentes ás escalas de titulados técnicos especializados do Consello Superior de Investigacións Científicas e de axudantes diplomados de investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas quedan integrados na escala de técnicos especialistas de grao medio dos organismos públicos de investigación, dependentes do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, clasificada no grupo B dos previstos no artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública. As escalas de titulados técnicos especializados do Consello Superior de Investigacións Científicas e de axudantes diplomados de investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas decláranse extinguidas.

Dous. Os funcionarios das escalas de axudantes de investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas, de especialistas técnicos de investigación do Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas e de preparadores do Instituto Español de Oceanografía, quedan integrados na escala de axudantes de investigación dos organismos públicos de investigación dependentes do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, clasificada no grupo C dos previstos no artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública. As escalas de axudantes de investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas, de especialistas técnicos de investigación do Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas e de preparadores do Instituto Español de Oceanografía decláranse extinguidas.

Tres. Os funcionarios das escalas de auxiliares de investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas, de auxiliares técnicos de investigación do Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas, de caldeiros do Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas e de preparadores de 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria, quedan integrados na escala de auxiliares de investigación dos organismos públicos de investigación dependentes do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, clasificada no grupo D dos previstos no artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública. As escalas de auxiliares de investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas, de auxiliares técnicos de investigación do Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas, de caldeiros do Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas e de preparadores de 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria, decláranse extinguidas.

Catro. Os funcionarios integrados nas escalas ás que se refire este artigo conservarán o réxime de seguridade social que tivesen no momento da integración, e continuarán no desempeño dos seus actuais postos de traballo.

Cinco. Os funcionarios que cumpran os requisitos a que se refiren os números tres, catro ou cinco do artigo 47 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e que non pertencen ás escalas integradas nos números anteriores deste artigo, poderanse integrar nas escalas de técnicos especialistas de grao medio, de axudantes de investi-

gación e de auxiliares de investigación dos organismos públicos de investigación, de acordo co procedemento establecido no número seis do citado artigo 47 da Lei 24/2001.

Seis. A integración á que se refire o presente artigo non suporá incremento no gasto público.

**Artigo 56. *Cambio de denominación do corpo técnico de institucións penitenciarias.***

O corpo técnico de institucións penitenciarias, creado por Lei 39/1970, do 22 de decembro, sobre reestruturación dos corpos penitenciarios, pasa a denominarse corpo superior de técnicos de institucións penitenciarias.

**Artigo 57. *Modificación da Lei 16/2001, do 21 de novembro, pola que se establece un proceso extraordinario de consolidación e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias da Seguridade Social dos Servizos de Saúde do Sistema Nacional de Saúde.***

Engádeselle un segundo parágrafo á disposición adicional novena da Lei 16/2001, do 21 de novembro, pola que se establece un proceso extraordinario de consolidación e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias da Seguridade Social dos Servizos de Saúde do Sistema Nacional de Saúde do seguinte teor:

«Non obstante, cando as necesidades para o desenvolvemento e a execución da convocatoria así o determinasen, mediante resolución motivada do órgano convocante poderase prorrogalo prazo previsto no parágrafo primeiro polo tempo que fose necesario, que en ningún caso poderá supera-la data do 31 de decembro de 2003.»

SECCIÓN 3.<sup>a</sup> LICENCIAS E PERMISOS

**Artigo 58. *Modificación do artigo 30 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.***

Introdúcense as seguintes modificacións no artigo 30 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública:

Un. Modifícase o parágrafo a) do número 1 do artigo 30 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, que queda redactado da seguinte maneira:

«a) Polo nacemento, acollemento ou adopción dun fillo e polo falecemento, accidente ou enfermidade graves dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade, e cinco días hábiles cando sexa en distinta localidade.

Cando se trate do falecemento, accidente ou enfermidade graves dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, o permiso será de dous días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade e catro días hábiles cando sexa en distinta localidade.»

Dous. Engádesse un novo parágrafo e) no número 1 do artigo 30 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, pasando os actuais

parágrafos e), e bis) e f), a ser f), f bis) e g) respectivamente, que queda redactado da seguinte forma:

«e) As funcionarias embarazadas terán dereito a ausentarse do traballo para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ó parto, polo tempo necesario para a súa práctica e logo de xustificación da necesidade da súa realización dentro da xornada de traballo.»

Tres. Modifícase o contido do antigo parágrafo e) do número 1, que de acordo co establecido no número anterior pasa a se-lo parágrafo f), do artigo 30 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública que queda redactado da seguinte maneira:

«f) A funcionaria, por lactación dun fillo menor de nove meses, terá dereito a unha hora diaria de ausencia do traballo, que poderá dividir en dúas fraccións. Este dereito poderase substituír por unha redución da xornada normal en media hora ó inicio e ó final da xornada, ou nunha hora ó inicio ou ó final da xornada, coa mesma finalidade. Este dereito poderá ser exercido indistintamente polo pai ou pola nai, no caso de que ambos traballen.»

Catro. Engádesse un novo parágrafo, entre os parágrafos quinto e sexto, do número 3 do artigo 30 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, co seguinte teor literal:

«Os permisos a que se refire o presente número poderán gozarse en réxime de xornada completa ou a tempo parcial, por solicitude dos funcionarios e se o permiten as necesidades do servizo, nos termos que regulamentariamente se determinen.»

SECCIÓN 4.<sup>a</sup> FUNCIONARIOS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

**Artigo 59. *Modificación do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.***

Modifícanse os seguintes preceptos do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Un. Modifícase o número a) do artigo 151, que queda redactado como segue:

«Artigo 151. *Son órganos competentes para a imposición de sancións por faltas graves ou moi graves ó resolve-lo expediente disciplinario:*

a) O ministro de Administracións Públicas, cando se trate de impor sancións que supoñan a destitución do cargo ou a separación do servizo de funcionarios con habilitación de carácter nacional. Tamén o será para impoñe-la sanción de suspensión de funcións ós funcionarios con habilitación de carácter nacional cando a falta se cometese en corporación distinta daquela na que se encontran actualmente prestando servizos.»

Dous. Modifícase o parágrafo b) do número 1 da disposición derradeira sétima 1.b) que queda redactada como segue:

«Disposición derradeira sétima. 1:

b) Nas materias reguladas polos títulos VI e VII inferírase o carácter básico dos seus preceptos

segundo dispoña a lexislación estatal vixente naquelas. En todo caso, terá carácter básico o artigo 151.a.)»

**Artigo 60.** *Modificación do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.*

Modifícanse os seguintes preceptos do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Un. O número 2, do artigo 167, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, queda redactado como segue:

«2. A escala de administración xeral divídese nas subescalas seguintes:

- a) Técnica.
- b) De xestión.
- c) Administrativa.
- d) Auxiliar.
- e) Subalterna.»

Dous. O parágrafo 1.º, do número 1, do artigo 169, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, queda redactado como segue:

«1. Correspóndelles ós funcionarios da escala de administración xeral o desempeño de funcións comúns ó exercicio da actividade administrativa. En consecuencia, os postos de traballo predominantemente burocráticos deberán ser desempeñados por funcionarios técnicos, de xestión, administrativos ou auxiliares de administración xeral.»

Tres. O parágrafo 2.º letra b), do número 1, do artigo 169, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, queda redactado como segue:

«b) Pertencerán á subescala de xestión de administración xeral os funcionarios que realicen tarefas de apoio ás funcións de nivel superior.»

Consecuentemente, o anterior parágrafo b) pasa a ser parágrafo c); pola súa vez, o parágrafo c) pasa a ser parágrafo d) e, finalmente, o parágrafo d) pasa a ser parágrafo e).

Catro. O parágrafo b) do número 1, da disposición derradeira sétima, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, queda redactado como segue:

«b) Nas materias reguladas polos títulos VI e VII inferírase o carácter básico dos seus preceptos segundo dispoña a lexislación estatal vixente naquelas. En todo caso, terán carácter básico os artigos 167 e 169.»

#### SECCIÓN 5.<sup>a</sup> RÉXIME DE CLASES PASIVAS

**Artigo 61.** *Modificación do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril.*

Un. Modifícase o artigo 48 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. O dereito a pensión extraordinaria de xubilación ou retiro causarase calquera que sexa o tem-

po de servizos prestados ó Estado polo persoal de que se trate.

2. O dereito ás pensións extraordinarias en favor de familiares corresponderalle ó cónxuxe viúvo, ós orfos ou ós pais do falecido, sempre que reúnan os requisitos de aptitude legal esixidos nos artigos 38, 41 e 44 deste texto, e sen que se esixa que o causante dos dereitos completase ningún período mínimo de servizo.

3. Non obstante, cando a pensión extraordinaria estivese orixinada como consecuencia dun acto de terrorismo, terán dereito a pensión de orfandade os fillos do causante dos dereitos pasivos que fosen menores de vintetrés anos, así como os que estivesen incapacitados para todo traballo antes do cumprimento desta idade ou da data do falecemento do causante.

No suposto en que o orfo acredite as condicións económicas establecidas no número 2 do artigo 41 deste texto, poderá ser beneficiario da pensión de orfandade ata os vintecatro anos de idade, sempre que á data do falecemento do causante ou antes do cumprimento dos vintetrés anos non sobrevivise ningún dos pais.

Se o orfo maior de vintetrés anos se incapacitase para todo traballo antes de cumprirlos vintecatro anos de idade terá dereito á pensión de orfandade con carácter permanente, sendo para este efecto de aplicación o disposto no número 3 do artigo 41 deste texto.

4. O percibo das pensións extraordinarias estará suxeito ó réxime de incompatibilidades previsto nos artigos 33 e 43 deste texto.»

Dous. O límite de idade para ser beneficiario da pensión de orfandade, a que fai referencia o parágrafo segundo do artigo 48.3 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, na redacción dada polo número un do presente artigo, será tamén de aplicación ás pensións de orfandade que se extinguisen antes do 1 de xaneiro de 2002, sempre que os interesados acrediten os requisitos económicos e de idade alí establecidos.

**Artigo 62.** *Pensións extraordinarias de clases pasivas por actos de terrorismo.*

A contía das pensións extraordinarias do réxime de clases pasivas do Estado, derivadas de accións terroristas, causadas en propio favor ou no de familiares e con independencia da súa lexislación reguladora, será a que resulte de lle aplica-la porcentaxe única do 200 por 100 ó haber regulador que corresponda, entre os establecidos na Lei de orzamentos xerais do Estado para as pensións que se causen ó abeiro do título I do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, ó grupo de clasificación asignado ó corpo de pertenza do funcionario no momento do seu cesamento no servizo activo. A distribución da citada contía entre quen sexa beneficiario, segundo a lexislación en cada caso aplicable, axustarase ó disposto no artigo 49.3 do citado texto refundido.

**Artigo 63.** *Pensións extraordinarias causadas por actos de terrorismo.*

O importe mensual das pensións extraordinarias por actos de terrorismo, reguladas no número un da disposición adicional vixésimo oitava da Lei 31/1991, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1992, será o equivalente ó triple do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento.

A contía establecida no parágrafo anterior será garantía mínima para as pensións extraordinarias que, por actos de terrorismo, recoñece e aboa calquera réxime público de Seguridade Social. As diferencias existentes entre as contías das pensións que correspondesen e as que realmente se aboan, serán financiadas con cargo ós orzamentos do Estado.

Para os efectos previstos nos parágrafos anteriores, as pensións familiares causadas por un mesmo feito computaranse conxuntamente.

## CAPÍTULO II

### Outro persoal

Artigo 64. *Modificación da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil.*

Un. Engádenselle ó parágrafo primeiro do número 2 do artigo 72, da Lei 42/1999, do 25 de novembro, do réxime do persoal do corpo da Garda Civil os seguintes parágrafos:

«Os destinos correspondentes ó persoal de novo acceso a cada escala poderán outorgarse sen publicación previa da vacante correspondente.

En todo caso, os destinos aludidos estarán entre os que resultasen vacantes como consecuencia de concursos anteriores realizados para a escala á que se acceda. Excepcionalmente, en atención a necesidades do servizo, estes destinos poderán corresponder a postos de traballo non incluídos no inciso anterior.»

O resto do número e artigo seguen coa mesma redacción.

Dous. Engádenselle dous novos parágrafos, terceiro e cuarto, ó número 10 do artigo 86 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, coa seguinte redacción:

«Para os efectos do parágrafo anterior, entenderanse como retribucións do persoal en activo, as retribucións básicas e complementarias de carácter xeral asignadas ó emprego.

Nas retribucións a que se refire o parágrafo anterior considerarase comprendido o complemento específico de carácter singular asignado ós postos de traballo desempeñados por oficiais xerais ó constituír para estes empregos un único concepto que absorbe o compoñente xeral do complemento específico, a teor do disposto no artigo 4.º.II.4 do Real decreto 311/1988, do 30 de marzo, de retribucións do persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado.»

O resto do número e artigo seguen coa mesma redacción.

Tres. Engádenselle dous novos parágrafos, o terceiro e cuarto, ó número 1 da disposición transitoria terceira da Lei 42/1999, coa seguinte redacción:

«Para os efectos do parágrafo anterior, entenderase como retribucións do persoal en activo, as retribucións básicas, e complementarias de carácter xeral asignadas ó emprego.

Nas retribucións a que se refire o parágrafo anterior considerarase comprendido o complemento específico de carácter singular asignado ós postos de traballo desempeñados por oficiais xerais e coroneis, a teor do disposto no artigo 4.º.II.4 do Real decreto 311/1988, do 30 de marzo, de retribucións do persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado.»

O resto do número e disposición seguen coa mesma redacción.

## CAPÍTULO III

### Representación do persoal ó servizo das administracións públicas

Artigo 65. *Modificación da Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ó servizo das administracións públicas.*

Modifícase a disposición adicional quinta da Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ó servizo das administracións públicas, que queda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta.

Para efectos do disposto nos artigos 39 e 40 desta lei, en adecuación ás actividades e organización específica da Administración pública, nas eleccións a representantes do persoal laboral ó servizo das administracións públicas, constituirá un único centro de traballo a totalidade de establecementos dependentes do departamento ou organismo de que se trate, que radiquen nunha mesma provincia, sempre que os traballadores afectados se encontren incluídos no ámbito de aplicación dun mesmo convenio colectivo.

Para os mesmos efectos, nas eleccións a representantes do persoal laboral ó servizo da Sociedade Estatal Correos y Telégrafos S.A., constituirán un único centro de traballo a totalidade de establecementos dependentes desta sociedade que radican na mesma provincia.»

## TÍTULO IV

### Normas de xestión e organización administrativa

## CAPÍTULO I

### Da xestión

#### SECCIÓN 1.ª XESTIÓN FINANCEIRA

Artigo 66. *Modificación do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.*

Modifícanse os seguintes preceptos do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Un. Modifícase o artigo 49 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, coa seguinte redacción:

«O exercicio orzamentario coincidirá co ano natural, e a el imputaranse:

a) Os dereitos liquidados durante este, calquera que sexa o período de que deriven, e

b) As obrigas recoñecidas ata a fin do mes de decembro, sempre que correspondan a adquisicións, obras, servizos, prestacións ou gastos en xeral realizados antes da expiración do exercicio orzamentario e con cargo ós respectivos créditos.»

Dous. Modifícase o número 2, do artigo 58 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Exceptúanse da anterior disposición:

a) As devolucións de ingresos que declare indebidos o tribunal ou a autoridade competente.

b) O reembolso do custo dos avais presentados polos contribuíntes como garantía, para obter a suspensión cautelar do pagamento das débedas tributarias impugnadas, en canto estas fosen declaradas improcedentes e a dita declaración adquira firmeza.

c) As participacións na recadación dos tributos cando así estea previsto legalmente.»

Tres. Modifícase o artigo 66 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado da seguinte forma:

«Excepcionalmente terán a condición de ampliables aqueles créditos que de modo taxativo e debidamente explicitados se relacionen no estado de gastos dos orzamentos xerais do Estado e na súa virtude, poderá ser incrementada a súa contía en función do recoñecemento de obrigas específicas do respectivo exercicio, segundo disposicións con rango de lei.»

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 71 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, que queda coa seguinte redacción:

«1. Poderán dar lugar a xeracións de crédito nos estados de gasto dos orzamentos, os ingresos realizados no propio exercicio como consecuencia de:

a) Achegas do Estado ós organismos autónomos, así como dos organismos autónomos e outras persoas naturais ou xurídicas ó Estado ou outros organismos autónomos, para financiar conxuntamente gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos asignados a estes.

b) Vendas de bens e prestación de servizos.

c) Alleamentos de inmovilizado.

d) Reembolso de préstamos.

e) Ingresos legalmente afectados á realización de actuacións determinadas.

f) Ingresos por reintegros de pagamentos indebidos realizados con cargo a créditos do orzamento corrente.

A xeración só se poderá realizar cando se efectúen os correspondentes ingresos que a xustifiquen.»

Cinco. Modifícanse os números 3 e 4, e engádeselle un novo número, o 5, ó artigo 99 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, coa seguinte redacción:

Artigo 99, número 3:

«3. Os entes públicos a que se refiren as disposicións adicionais novena e décima da Lei de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, así como o resto das entidades integrantes do sector público español, estarán sometidos ó sistema de control da súa xestión económico-financieira por parte da Intervención Xeral da Administración do Estado, establecido na súa Lei reguladora e, no seu defecto, ó establecido para as entidades públicas empresariais.»

Artigo 99, número 4:

«4. As sociedades mercantís estatais e as fundacións estatais estarán sometidas a control financeiro, exercido de forma centralizada pola Intervención Xeral da Administración do Estado, en exe-

cución do plan anual en que se inclúa a súa realización. Este réxime de control será compatible coa auditoría de contas anual a que, de se-lo caso, poidan estar obrigadas de acordo co establecido pola lexislación vixente.»

Artigo 99, número 5:

«5. Os presidentes dos organismos, entidades públicas empresariais, sociedades mercantís estatais, fundacións estatais e resto de entes públicos estatais ós que se refire este artigo, que contén con consello de administración ou outro órgano de administración colexiado similar, deberánlle elevar los informes de control financeiro que emita a Intervención Xeral da Administración do Estado de acordo co previsto nos artigos 17 e 18 do presente texto refundido da Lei xeral orzamentaria.»

O resto dos números do artigo 99 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria permanecen coa súa actual redacción.

Seis. Dáselle nova redacción ó número 2 do artigo 100 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, que pasa a te-lo seguinte contido:

«2. A Intervención Xeral da Administración do Estado realizará anualmente a auditoría das contas dos organismos autónomos, as entidades públicas empresariais, os organismos públicos, as entidades a que se refiren as disposicións adicionais novena e décima da Lei de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e o resto dos entes públicos estatais, as fundacións estatais e as sociedades mercantís estatais nos supostos, na forma e co alcance establecido no artigo 129 desta lei.»

Sete. Modifícase o artigo 119 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, que queda coa seguinte redacción:

«1. A apertura dunha conta de situación de fondos do Tesouro Público fóra do Banco de España requirirá previa comunicación á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, con expresión da finalidade da apertura e das condicións de utilización. Tralo informe favorable deste centro directivo, que se emitirá no prazo de trinta días desde a comunicación, quedará expedita a vía para o inicio do correspondente expediente de contratación, que se axustará ó disposto no Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, mediante procedemento negociado, cun mínimo de tres ofertas e sen necesidade de esixir prestación de garantía definitiva.

Realizada a adxudicación, e antes da formalización do contrato, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira autorizará a apertura por un prazo de tres anos prorrogable por outros tres. Os contratos conterán necesariamente unha cláusula de exclusión da facultade de compensación e o respecto ó beneficio de inembargabilidade dos fondos públicos establecido no artigo 44 desta lei. Poderase pactar que os gastos de administración da conta se reduzan con cargo ós xuros devengados por esta.

2. No caso de contas que deban ser abertas no exterior, a nome das embaixadas, representa-

cións permanentes ou consulados de España, ou a nome de órganos da Axencia Española de Cooperación Internacional, será necesaria a emisión do informe favorable ó que fai referencia o parágrafo primeiro do presente artigo, para que se proceda á contratación. O expediente de contratación axustarase ó establecido nese mesmo parágrafo.

No caso de que non sexa posible obter polo menos tres ofertas, deberase xustificar tal circunstancia mediante informe emitido polo órgano de contratación. Nestes supostos, a autorización para a apertura da conta, a que se refire o segundo parágrafo do número 1 deste artigo, outorgarase no prazo máximo de oito días hábiles contado a partir da entrada da solicitude no rexistro da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira. Transcorridos estes sen resolución expresa, entenderase concedida.

3. A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira ordenará a cancelación ou paralización das contas a que se refire o número anterior cando se comprobe que non subsisten as razóns que motivaron a súa autorización ou que non se cumpren as condicións impostas para o seu uso.

4. A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira poderá subscribir convenios coas entidades de crédito, tendentes a determina-lo réxime de funcionamento das contas en que se encontren situados os fondos da Administración do Estado e os seus organismos autónomos e, en especial, o tipo de xuro ó que serán retribuídas, as comisións que se vaian pagar, de se-lo caso, os medios de pagamento asociados a elas e as obrigas de información asumidas polas entidades de crédito.»

Oito. Dáselle nova redacción ó artigo 125 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, que queda do seguinte modo:

«A Intervención Xeral da Administración do Estado é o centro directivo da contabilidade pública, ó que compete:

a) Proporlle ó ministro de Facenda a aprobación do Plan Xeral de Contabilidade Pública.

b) Promove-lo exercicio da potestade regulamentaria para regula-la rendición de contas polas entidades integrantes do sector público estatal, podendo dictar instrucións e circulares nesta materia.

c) Aproba-los plans parciais ou especiais de contabilidade pública que se elaboren conforme o Plan Xeral de Contabilidade Pública.

d) Inspecciona-la contabilidade dos organismos autónomos e doutras entidades suxeitas ó Plan Xeral de Contabilidade Pública.

e) Establece-los requirimentos funcionais e, de se-lo caso, os procedementos informáticos, relativos ó sistema de información contable, que deberán aplica-las entidades do sector público estatal suxeitas ó Plan Xeral de Contabilidade Pública.

f) Determina-las especificacións, o procedemento e a periodicidade da información contable que lle teñan que remitir á Central Contable da Intervención Xeral da Administración do Estado, as entidades do sector público estatal suxeitas ó Plan Xeral de Contabilidade Pública.

g) Establece-los criterios, os procedementos e as excepcións para a centralización na Intervención Xeral da Administración do Estado das bases de

datos do sistema de información contable das entidades do sector público estatal suxeitas ó Plan Xeral de Contabilidade Pública.»

Nove. Modifícase a letra e) do artigo 126 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, que queda redactada do seguinte modo:

«e) Elabora-las contas nacionais das unidades que compoñen o sector das administracións públicas, así como o das sociedades públicas non financeiras e das institucións financeiras públicas, de acordo cos criterios de delimitación institucional e imputación de operacións establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.»

O resto do artigo queda coa mesma redacción.

Dez. Modifícase o número 1 do artigo 129 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, que pasa a te-lo seguinte contido:

«1. A Intervención Xeral da Administración do Estado realizará anualmente a auditoría das contas que deban rende-los organismos autónomos, as entidades públicas empresariais, os organismos públicos, as entidades a que se refiren as disposicións adicionais 9 e 10 da Lei 6/1997, do 14 de abril, as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e o resto dos entes públicos estatais. Así mesmo, realizará a auditoría de contas das fundacións estatais e as sociedades mercantís estatais que, non estando sometidas á obriga de auditar en virtude da súa lexislación específica, se inclúsen no plan anual.»

Once. Modifícase o número 3 do artigo 139 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Para efectos do disposto no parágrafo e) do artigo 126, as unidades públicas proporcionarán a colaboración e información necesaria para a elaboración das citadas contas, así como a información que sexa necesaria para cumprilas obrigas que sexan fixadas pola normativa interna e comunitaria, en materia de contabilidade nacional.

As comunidades autónomas subministrarán a información necesaria para a medición do grao de realización do obxectivo de estabilidade orzamentaria conforme o procedemento previsto na Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

As corporacións locais subministrarán a información necesaria para a medición do grao de realización do obxectivo de estabilidade orzamentaria consonte o procedemento previsto na Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria e no seu regulamento de desenvolvemento.»

#### Artigo 67. *Modificacións orzamentarias.*

O previsto no artigo 16 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, non será de aplicación ás modificacións orzamentarias de calquera natureza, a aprobación das cales non reduza a capacidade de financiamento do Estado no exercicio, computada na forma establecida polo número 2 do artigo 3 da citada Lei 18/2001.

**Artigo 68.** *Modificación da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

Un. Adiciónanselle os seguintes parágrafos ó número 2 do artigo 7 da Lei 21/2001:

«Os saldos debedores que puidesen resultar das liquidacións definitivas de cada un dos recursos regulados nos artigos 8 ó 15, ás comunidades autónomas afectadas seranlles compensados de forma separada coas primeiras entregas á conta que se lles efectúen, polos mesmos recursos en que se producise o saldo debedor, ou coas sucesivas entregas á conta do exercicio en que se practique a liquidación, ata a súa total cancelación.

No caso en que non sexa posible efectuar totalmente algunha das compensacións anteriores, os saldos pendentes serán compensados co posible saldo acredor da liquidación do Fondo de Suficiencia e coas entregas á conta por este recurso. Se a comunidade autónoma ten fixado un Fondo de Suficiencia negativo, o saldo pendente será compensado co posible saldo acredor da liquidación da tarifa autonómica do IRPF e coas entregas á conta por este recurso.

No suposto en que non sexa posible efectuar as compensacións anteriores cos recursos do exercicio en que se practica a liquidación, empregaranse as entregas á conta do exercicio seguinte.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 16 da Lei 21/2001, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Traspaso de novos servicios, ampliacións ou revisións de valoracións de traspasos anteriores, acordados pola respectiva Comisión Mixta e aprobados polo real decreto. A revisión faraa de oficio o Ministerio de Facenda, de acordo coa valoración do traspaso, referida ó ano base, que se recolla no respectivo real decreto. O novo valor obtido polo Fondo de Suficiencia producirá efectos desde o comezo do exercicio seguinte a aquel en que se efectuase a súa revisión. Non obstante, dado que, no momento do traspaso, o ITE que se aplica para converter en valores do ano base 1999 o custo efectivo é provisional, o valor definitivo do Fondo de Suficiencia ocasionado polo traspaso axustarase unha vez que se coñeza o valor definitivo do ITE correspondente ó ano do traspaso.»

Tres. Engádese unha nova disposición transitoria sétima á Lei 21/2001, coa seguinte redacción:

«Non obstante o disposto no artigo 7.3 desta lei, no ano 2003, as comunidades autónomas deberán destinar ó financiamento dos servicios de asistencia sanitaria da Seguridade Social, como mínimo, o importe dos recursos que, no dito ano, proporcione para o financiamento destes servicios o novo sistema de financiamento.

Para estes efectos, considerarase como importe dos recursos que proporciona o novo sistema para

o financiamento destes servicios a suma das seguintes cantidades:

a) O rendemento do ano 2003 correspondente á cesión do 35 por 100 da recadación líquida polo imposto sobre o valor engadido.

b) O rendemento do ano 2003 correspondente á cesión do 40 por 100 da recadación líquida polos impostos sobre a cervexa, o viño e as bebidas fermentadas, produtos intermedios, alcohol e bebidas derivadas, sobre hidrocarburos e sobre elaborados do tabaco.

c) O rendemento do ano 2003 correspondente á cesión do 100 por 100 da recadación líquida polo imposto sobre a electricidade.

d) O rendemento do ano 2003 correspondente á recadación polo imposto especial sobre determinados medios de transporte.

e) O rendemento do ano 2003 correspondente á recadación polo imposto sobre as vendas detalladas de determinados hidrocarburos.

f) A parte do Fondo de Suficiencia do ano 2003 que corresponda ó financiamento dos servicios de asistencia sanitaria da Seguridade Social.»

**Artigo 69.** *Aplicación a orzamento do saldo de operacións por reembolsos de gastos de asistencia sanitaria en aplicación de normas de Seguridade Social.*

O saldo neto dos cobros e pagamentos, a xestión dos cales está encomendada ó Instituto Nacional da Seguridade Social, integrado pola diferenza entre o cobro da asistencia sanitaria prestada durante a estadia temporal ou residencia habitual en España, a asegurados en países da Unión Europea, Espacio Económico Europeo ou outros estados cos que España teña suscrito un convenio que inclúa a asistencia sanitaria no seu campo de aplicación material e o pagamento da asistencia sanitaria prestada a asegurados en España durante estadia temporal ou residencia habitual nalgún dos países citados, unha vez deducido o custo desta xestión, aplicarase ó orzamento do Estado durante o mes de febreiro do exercicio seguinte ó que se refire o saldo, incluíndo o total de operacións efectuadas desde a última liquidación.

**Artigo 70.** *Xeración de crédito do Ministerio de Xustiza.*

Para atender necesidades derivadas da actividade normativa do Ministerio de Xustiza poderase xerar crédito nos estados de gastos da sección 13, programa 141B e programa 142A, en función dos ingresos trimestrais procedentes dos rendementos das contas de depósitos e consignacións xudiciais, polo importe da diferenza entre as liquidacións que efectúe a entidade adjudicataria do contrato de servicios de apertura e xestión de contas de depósitos e consignacións xudiciais, e a cantidade que resulte de lles aplicar ós saldos medios mensuais o tipo de xuro «Euribor a un mes» que corresponda.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> XESTIÓN EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

**Artigo 71.** *Modificación do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.*

Modifícanse os seguintes preceptos do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas,

aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño.

Un. Engádeselle un novo parágrafo, o d), ó artigo 39 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, coa seguinte redacción:

«d) Nos concursos realizados ó abeiro do artigo 183.1 e o 199 desta lei de contratos das administracións públicas.»

Dous. Engádeselle unha nova disposición adicional, a décimo quinta, ó texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo quinta. *Rexistros de licitadores.*

1. O órgano de contratación poderá crear rexistros de licitadores nos que as empresas poderán inscribirse voluntariamente, presentando a documentación acreditativa da súa personalidade e capacidade de obrar, así como, de se-lo caso, a que acredite a representación de quen pretenda actuar no seu nome.

2. Os certificados expedidos por estes rexistros eximirán de presentar, en cada concreta licitación, os documentos acreditativos dos requisitos sinalados no número anterior.

3. Na Administración xeral do Estado, nos seus organismos autónomos, entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais, o Ministerio de Facenda poderá establecer os mecanismos de coordinación entre os rexistros previstos nesta disposición co obxecto de posibilitar a súa utilización polos distintos órganos de contratación.»

Tres. A disposición transitoria segunda do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, queda redactada como segue:

«Disposición transitoria segunda. *Fórmula de revisión.*

O Goberno, antes do 30 de xuño de 2003, aprobará as fórmulas tipo de revisión a que se refire o artigo 104. Ata que se aproben estas fórmulas, seguirán aplicándose as aprobadas polo Decreto 4650/1970, do 19 de decembro; polo Real decreto 2167/1981, do 20 de agosto, polo que se complementa o anterior, e polo Decreto 2341/1975, do 22 de agosto, para contratos de fabricación do Ministerio de Defensa.

Os reais decretos polos que se aproben fórmulas tipo para a revisión de prezos dos contratos de obras determinarán o índice ou índices de man de obra que resulten aplicables á revisión de prezos.

Ata que non se produza a aprobación prevista nos parágrafos precedentes, o índice da man de obra aplicable ás fórmulas-tipo vixentes reflectirá mensualmente o 85 por 100 da variación experimentada polo índice nacional xeral do sistema de índices de prezos ó consumo que elabora o Instituto Nacional de Estatística.»

Tres. Engádesese un inciso no número 1, da disposición derradeira primeira do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, que se insire entre o referido á disposición adicional décimo cuarta e o referido á disposición transitoria terceira, coa seguinte redacción:

«a disposición adicional décimo quinta.»

O resto do número e disposición quedan coa mesma redacción.

Artigo 72. *Modificación da Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas. Arrendamentos de vivendas militares.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas.

Un. Engádeselle un novo parágrafo ó artigo 10 da Lei 26/1999, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas, co seguinte teor:

«Os números 2 e 3 deste artigo serán de aplicación ós usuarios de vivendas militares desafectadas e postas á disposición da Xerencia de Infraestructura e Equipamento da Defensa.»

Dous. Dáselle nova redacción ó parágrafo a) da disposición adicional segunda da Lei 26/1999, que queda coa seguinte redacción:

«a) As vivendas ocupadas poderán ser ofrecidas ó titular do contrato ou, caso de falecemento deste, ó cónxuxe que convivise con el ó tempo do falecemento e, no seu defecto, ás persoas que se relacionan a continuación, se convivisen co titular os dous anos inmediatamente anteriores e sempre que a vivenda constituía a súa residencia habitual:

I. Persoa en análoga relación de afectividade que o cónxuxe;

II. Fillos do titular cunha minusvalidez igual ou superior ó sesenta e cinco por cento;

III. Demais fillos do titular; e

IV. Ascendentes do titular en primeiro grao.

Se existisen dúas ou máis persoas das relacionadas no parágrafo precedente, a vivenda só poderá ser ofrecida a unha delas, seguindo a orde na que se citan anteriormente e resolvéndose os casos de igualdade entre os fillos a prol do de menor idade.

Nos casos de vivendas que por sentenza firme de nulidade, separación ou divorcio, ou por resolución xudicial que así o declare, se encontren ocupadas por persoa distinta do titular do contrato, o alleamento da vivenda a este titular só será posible sempre que, concorrendo tódolos demais requisitos previstos nesta lei, se cumpra a condición de facer constar expresamente na escritura pública de compravenda, os extremos relativos á atribución do uso da vivenda familiar que figuren no convenio regulador aprobado polo xuíz ou, no seu defecto, nas medidas tomadas por este, así como en tódalas modificacións xudiciais dictadas por alteración substancial das circunstancias de conformidade co previsto nos artigos 90 e 91 do Código civil, e que se producisen antes do outorgamento da citada escritura.

Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, as vivendas ocupadas serán ofrecidas á persoa que tivese asignado o seu uso por sentenza firme de separación, divorcio ou nulidade, ou por resolución xudicial que así o declare, no suposto de que non constituía a residencia habitual do titular do contrato e que este renunciase expresamente a exercer-lo dereito de compra unha vez recibida a oferta, ou de forma tácita se no prazo de dous meses desde a recepción da citada oferta non manifesta a súa vontade de adquisición, ou proceda a revoga-la súa aceptación, perdendo este o dereito de ocupación permanente da vivenda en réxime



de arrendamento especial e séndolle de aplicación o establecido no artigo 12, número 1, parágrafo a), desta lei.

A habilitación contida nos parágrafos anteriores para que se poida proceder ó alleamento das vivendas, non se entenderá como dereito adquirido a prol dos posibles compradores ata que reciban a correspondente oferta. Non obstante, no suposto de que a persoa á que lle deba ser ofrecida a vivenda, conforme o disposto nos parágrafos primeiro e segundo deste parágrafo a), falecese antes de recibirla oferta correspondente, os que a sigan na orde de prelación poderán, se non lles correspondese o dereito de uso con carácter vitalicio conforme o disposto no artigo 6 desta lei, continuar transitoriamente no uso da vivenda ata que reciban a dita oferta.»

Tres. Dáselle nova redacción ó parágrafo c) do número 1 da disposición adicional segunda da Lei 26/1999, que queda redactada do seguinte modo:

«c) A adquisición da vivenda será potestativa, manténdose o dereito de usuario á ocupación permanente desta en réxime de arrendamento especial, conforme se determina no artigo 6 desta lei. Exceptúase o caso de ocupación transitoria da vivenda previsto no parágrafo último da letra a) do presente número, suposto no cal, se no prazo de dous meses desde a recepción da citada oferta que conste fidedignamente, o interesado non manifestase a súa vontade expresa de adquisición, o Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas poderá resolver de pleno dereito o contrato suscrito sobre ela, sen que sexa de aplicación a este caso o disposto no parágrafo d) do presente número. O ministro de Defensa fixará, en todo caso, os calendarios de venda e a orde de prelación de acordo cos intereses públicos.»

**Artigo 73.** *Contratos para o traslado de estranxeiros por razóns de expulsión, devolución ou retorno e para o traslado de presos entre centros penitenciarios por razóns de política penitenciaria.*

Excepcionalmente, e por causas que se deberán xustificar debidamente no expediente, para aqueles contratos que teñan como obxecto o traslado de presos entre centros penitenciarios por razóns de política penitenciaria ou o transporte de cidadáns estranxeiros ós seus países de orixe cando existan as correspondentes ordes de devolución, expulsión ou retorno, a tramitación do expediente de contratación só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación a el da factura correspondente.

O réxime de intervención dos gastos derivados destes contratos será o establecido no artigo 95.1 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria para os contratos menores.

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> XESTIÓN EN MATERIA PATRIMONIAL

**Artigo 74.** *Modificación do texto articulado da Lei de bases do patrimonio do Estado, aprobado por Decreto 1022/1964, do 15 de abril.*

Modifícanse os seguintes preceptos do texto articulado da Lei de bases do patrimonio do Estado, aprobado por Decreto 1022/1964, do 15 de abril.

Un. Engádenselle dous novos parágrafos ó artigo 2 do Decreto 1022/1964, do 15 de abril, coa seguinte redacción:

«Os contratos, convenios e demais negocios xurídicos sobre os bens e dereitos patrimoniais réxense polo principio de liberdade de pactos e, en consecuencia, a Administración pública poderá concertalas cláusulas e condicións que teña por conveniente, sempre que non sexan contrarias ó interese público, ó ordenamento xurídico, ou ós principios de boa administración.

En particular, os negocios xurídicos dirixidos á adquisición, explotación, alleamento ou permuta de bens ou dereitos patrimoniais poderán incluí-la realización polas partes de determinadas prestacións accesorias relativas ós bens ou dereitos obxecto deles ou a outros bens ou dereitos integrados no patrimonio da administración contratante, sempre que o cumprimento de tales obrigas se encontre suficientemente garantido. Estes negocios mixtos ou complexos tramitaranse en expediente único, rexéndose polas normas correspondentes ó negocio xurídico patrimonial que constitúa o seu obxecto principal.»

Dous. Engádesse un novo parágrafo ó artigo 24 do Decreto 1022/1964, do 15 de abril, coa seguinte redacción:

«Se os bens se adquirisen baixo condición ou modalidade da súa afectación permanente a determinados destinos, entenderase cumprida e consumada cando durante trinta anos servisen a este e aínda que logo deixasen de estalo por circunstancias sobrevidas de interese público.»

Tres. Engádenselle dous novos parágrafos ó artigo 63 do Decreto 1022/1964, do 15 de abril, coa seguinte redacción:

«O órgano competente para allear os bens ou dereitos poderán admitir-lo pagamento aprazado do prezo de venda, por un período non superior a dez anos e sempre que o pagamento das cantidades aprazadas se garanta suficientemente mediante condición resolutoria explícita, hipoteca, aval bancario, seguro de caución ou outra garantía suficiente usual no mercado. O xuro de aprazamento non poderá ser inferior ó xuro legal do diñeiro.

Poderanse concertar contratos de arrendamento con opción de compra sobre inmobles do patrimonio do Estado con suxeición ás mesmas normas de competencia e procedemento aplicables ós alleamentos.»

Catro. Modifícase o artigo 65 do Decreto 1022/1964, do 15 de abril, que quedará redactado como segue:

«1. Poderanse allear bens litixiosos do patrimonio do Estado sempre que na venda se observen as seguintes condicións:

a) No caso de venda por poxa, no prego de bases farase mención expresa e detallada do obxecto, das partes e da referencia do litixio concreto que afecta o ben e deberase preve-la plena asunción, por quen resulta adxudicatario, dos riscos e das consecuencias que deriven do litixio.

b) Nos supostos legalmente previstos de venda directa, deberá constar no expediente documentación acreditativa de que o adquirente coñece o obxecto e o alcance do litixio e que coñece e asume as consecuencias e riscos derivados de tal litixio.

En ámbolos casos, a asunción polo adquirente das consecuencias e dos riscos derivados do litixio figurará necesariamente no documento público en que se formalice o alleamento.

2. Se o litixio se formulase unha vez iniciado o procedemento de alleamento e este se encontrase nunha fase na que non fose posible o cumprimento do establecido no número anterior, retrotraeranse as actuacións ata a fase que permita o cumprimento do indicado nos citados números.

3. O ben considerárase litixioso desde que o órgano competente para o alleamento teña constancia formal do exercicio ante a xurisdicción que proceda da acción correspondente e do seu contido.

4. A suspensión das poxas, unha vez anunciadas, só se poderá efectuar por orde do ministro de Facenda, fundada en documentos fidedignos que proben a improcedencia da venda.»

Cinco. Engádeselle un segundo parágrafo ó artigo 74 do Decreto 1022/1964, do 15 de abril, coa seguinte redacción:

«A cesión formalizárase en documento administrativo, que será título suficiente para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade.»

Seis. Adiciónaselle un último parágrafo ó artigo 95 do Decreto 1022/1964, do 15 de abril, coa seguinte redacción:

«Os bens mobles poderán ser cedidos gratuitamente polo departamento ou organismo respectivo a outras administracións públicas ou a organismos ou institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, sen as limitacións previstas na sección 5.<sup>a</sup>, capítulo primeiro do título II, da presente lei, cando non fose posible vendelos ou permutalos, ou cando se considere de forma razoada que non acadan o vintecinco por cento do valor que tiveron no momento da súa adquisición. Se non fose posible ou non procedese a cesión, poderase acordar a súa destrución.»

Sete. Adiciónaselle un último parágrafo ó artigo 125 do Decreto 1022/1964, do 15 de abril, coa seguinte redacción:

«Non obstante, a mutación de destino dos bens mobles do Estado realizarana os propios departamentos interesados nela, a través da formalización das correspondentes actas de entrega e recepción, que constituirán título suficiente para as respectivas baixas e altas nos inventarios de bens mobles dos departamentos.»

Artigo 75. *Programa de dixitalización, conservación, catalogación, difusión e explotación dos elementos do Patrimonio Histórico Español.*

Un. Coa denominación «patrimonio.es», encoméndaselles ós ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Ciencia e Tecnoloxía, a través da entidade pública empresarial Red.es o deseño e a posta en marcha dun programa de dixitalización, conservación, catalogación, difusión e explotación dos elementos do Patrimonio Histórico Español.

O obxectivo deste programa é garanti-lo acceso do maior número posible de cidadáns a estes bens, fomentar a presenza de contidos de calidade en español na rede, contribuír á adecuada conservación e catalogación dos elementos patrimoniais, contribuír ó pulo do turismo de calidade e facilita-la adecuada utilización dos bens dixitalizados pola comunidade científica e investigadora, así como pola comunidade académica e escolar, para o que se encomenda o seu deseño e a súa execución a organismos públicos.

Dous. Para conseguir este obxectivo, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía elaborarán conxuntamente un plan de dixitalización e difusión dos elementos do Patrimonio Histórico Español, que se instrumentará a través dun convenio de colaboración entre ámbolos ministerios.

Correspóndelle á entidade pública empresarial Red.es, como ente instrumental da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, a posta en marcha e execución deste plan.

Tres. A entidade pública encargada da execución do plan de dixitalización establecerá os mecanismos adecuados para garanti-la participación doutras administracións públicas titulares de bens susceptibles de dixitalización, así como daquelas outras entidades públicas ou privadas a participación das cales resulte conveniente para conseguilo obxectivo do programa.

Catro. A entidade pública empresarial xestionará e explotará os fondos dixitalizados nas condicións que se determinen no convenio de colaboración, debéndose axustar ás directrices que estableza ó respecto o Ministerio de Facenda.

Cinco. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderá alcanzar acordos con outras entidades públicas ou privadas, nos termos previstos nesta disposición, para a extensión do programa de dixitalización a outros bens de interese cultural dos que lles corresponda a titularidade.

#### SECCIÓN 4.<sup>a</sup> XESTIÓN EN MATERIA DE EXPROPIACIÓN

Artigo 76. *Modificación da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954:

Un. Engádenselle dous novos parágrafos ó artigo 51 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, coa seguinte redacción:

«Para os efectos do disposto no artigo 91.2 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e 8.5 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa, unicamente terán a consideración de lugares cun acceso que depende do consentimento do titular, en relación coa ocupación dos bens inmoables expropiados, ademais do domicilio das persoas físicas e xurídicas nos termos do artigo 18.2 da Constitución española, os locais pechados sen acceso ó público.

Respecto dos demais inmoables ou partes deles nos que non concorran as condicións expresadas no parágrafo anterior, a administración expropiante poderá entrar e tomar posesión directamente deles, unha vez cumpridas as formalidades establecidas nesta lei, solicitando do delegado do Goberno, se for preciso, o auxilio das forzas e corpos de seguridade do Estado para proceder á súa ocupación.»

O resto do artigo continúa co mesmo contido.

Dous. Modifícase o número 6 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, que pasa a te-la seguinte redacción:

«6. Efectuado o depósito e aboada ou consignada, de se-lo caso, a previa indemnización por prexuízos, a Administración procederá á inmediata ocupación do ben de que se trate, tendo en conta o disposto nos parágrafos segundo e terceiro do artigo 51 desta lei, o que deberá facer no prazo máximo de quince días, sen que lle sexa admisible ó posuídor iniciar interdictos de reter e recobrar.»

## CAPÍTULO II

## Da organización

SECCIÓN 1.<sup>a</sup> ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO  
E ORGANISMOS PÚBLICOS

**Artigo 77.** *Modificación da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.*

Modifícanse os números 1 e 3 do artigo 29 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que queda coa seguinte redacción:

«1. En cada provincia e baixo a inmediata dependencia do delegado do Goberno na respectiva comunidade autónoma existirá un subdelegado do Goberno que será nomeado por aquel polo procedemento de libre designación entre funcionarios de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, ós que se lles esixa, para o seu ingreso, o título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.

Nas comunidades autónomas uniprovinciais nas que non exista subdelegado, o delegado do Goberno asumirá as competencias que esta lei lles atribúe ós subdelegados do Goberno nas provincias.

Poderán crearse polo real decreto subdelegacións do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais, e para isto deberanse ter en conta circunstancias tales como a poboación do territorio, o volume de xestión ou as súas singularidades xeográficas, sociais ou económicas.»

«3. Nas provincias nas que non radique a sede das delegacións do Goberno, o subdelegado do Goberno, baixo a dirección e a supervisión do delegado do Goberno, exercerá as seguintes competencias:

a) A protección do libre exercicio dos dereitos e liberdades, garantindo a seguridade cidadá, todo isto dentro das competencias estatais na materia. Para estes efectos, dirixirá as forzas e corpos de seguridade do Estado na provincia.

b) A dirección e a coordinación da protección civil no ámbito da provincia.

Na provincia na que radique a sede da Delegación do Goberno, os subdelegados do Goberno poderán exercer as anteriores competencias, logo de delegación do delegado do Goberno, e en todo caso baixo a súa dirección e supervisión.»

O número 2 do referido artigo 29 queda coa mesma redacción.

**Artigo 78.** *Modificación da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta. Comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.

Un. Modifícase o artigo 9 da Lei de asistencia xurídica gratuíta, que quedará redactado como segue:

«Artigo 9. *Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta.*

En cada capital de provincia, nas cidades de Ceuta e Melilla e en cada illa en que existan un ou máis partidos xudiciais, constituirase unha Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta como órgano responsable, no seu correspondente ámbito terri-

torial, de efectualo recoñecemento do dereito regulado na presente lei.

Non obstante, o órgano competente na comunidade autónoma poderá determinar un ámbito territorial distinto para a comisión.

Así mesmo, en relación cos xulgados e tribunais con competencia en todo o territorio nacional, constituirase na capital do Estado unha Comisión Central de Asistencia Xurídica Gratuíta dependente da Administración xeral do Estado.»

Dous. Modifícase o artigo 10 da Lei de asistencia xurídica gratuíta, que quedará redactado como segue:

«Artigo 10. *Composición das Comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta.*

1. A Comisión Central de Asistencia Xurídica Gratuíta estará presidida por un membro do Ministerio Fiscal, designado polo fiscal xeral do Estado, e composta polos decanos do Colexio de Avogados e do Colexio de Procuradores de Madrid, ou o avogado ou procurador que eles designen, un avogado do Estado e un funcionario do Ministerio de Xustiza pertencente a corpos ou escalas do grupo A, que ademais actuará como secretario.

2. As Comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta dependentes das comunidades autónomas estarán integradas por un membro do Ministerio Fiscal, designado polo fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza ou da Audiencia Provincial e integradas ademais polo decano do Colexio de Avogados e o do Colexio de Procuradores, ou o avogado ou o procurador que eles designen, e por dous membros que designen as administracións públicas das que dependen. O órgano competente da Comunidade Autónoma determinará cáles dos seus integrantes desempeñarán a Presidencia e a Secretaría.

3. Nas Comisións de Asistencia Xurídica Gratúitas dependentes da Administración xeral do Estado, os membros que corresponden á Administración pública serán un avogado do Estado e un funcionario do Ministerio de Xustiza pertencente a corpos ou escalas do grupo A, que ademais actuará como secretario.

Nas provincias onde exista máis dun Colexio de Avogados ou de Procuradores, o representante destas corporacións na Comisión designarano de común acordo os decanos daqueles.

Cando o volume de asuntos ou outras circunstancias xustificadas o aconsellen, poderanse crear delegacións da Comisión Provincial de Asistencia Xurídica Gratuíta, coa composición e o ámbito de actuación que regulamentariamente se determinen e garantindo, en todo caso, a homoxeneidade de criterios para recoñecerlo dereito á asistencia xurídica gratuíta.»

**Artigo 79.** *Modificación da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Xerencia de Infraestructuras da Defensa.*

Engádeselle un novo parágrafo, o cuarto, ó número seis do artigo 71 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, coa seguinte redacción:

«Unha vez anunciadas as poxas, só se poderán suspender por orde do ministro de Defensa, fundada en documentos fidedignos que proben a súa impropiedade.»

**Artigo 80. Modificación da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento. Axencia Española de Cooperación Internacional.**

Engádeselle unha nova disposición adicional, a cuarta, á Lei 23/1998, de cooperación internacional para o desenvolvemento, na redacción dada pola Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Delegación de competencias nas misións diplomáticas e oficinas consulares de España no estranxeiro.*

A Axencia Española de Cooperación Internacional poderá delegar o exercicio das competencias que lle atribúe esta lei, incluídas as mencionadas na disposición adicional terceira, nas misións diplomáticas e oficinas consulares de España, especialmente naqueles países nos que non conte con órganos propios de xestión.

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do previsto nesta disposición adicional.»

**Artigo 81. Centro de Estudios Xurídicos da Administración de Xustiza.**

Un. O Centro de Estudios Xurídicos da Administración de Xustiza, ademais de desempeña-las funcións que lle atribúe o artigo 434.2 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, poderá colaborar na formación continuada dos avogados do Estado no marco dos plans que elabore a Avogacía Xeral do Estado.

Dous. Así mesmo, o Centro de Estudios Xurídicos poderá desenvolver cursos de especialización para profesionais do dereito e subscribir para o efecto convenios con outras entidades públicas ou privadas.

Tres. O Centro de Estudios Xurídicos da Administración de Xustiza poderá expedir títulos acreditativos dos cursos formativos realizados.

**Artigo 82. Modificación da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990. Entidade pública empresarial Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA).**

Un. Dáselle nova redacción ó número dous do artigo 82 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990, que terá a seguinte redacción:

«Dous. Sen prexuízo das atribucións que ós ministerios de Defensa e do Interior lles confire o Real decreto lei 12/1978, do 27 de abril, encoméndanselle ó ente as seguintes funcións:

a) Ordenación, dirección, coordinación, explotación, conservación e administración dos aeroportos públicos de carácter civil, así como dos aeródromos, heliportos e demais superficies aptas para o transporte aéreo a xestión dos cales se lle encomende e dos servizos afectos a eles; a coordinación, explotación, conservación e administración das zonas civís das bases aéreas abertas ó tráfico civil.

b) Proxecto, execución, dirección e control dos investimentos nas infraestruturas e instalacións a que se refire o epígrafe anterior.

c) Ordenación, dirección, coordinación, explotación, conservación e administración das instalacións e redes de sistemas de telecomunicacións aeronáuticas, de axudas á navegación e de control da circulación aérea.

d) Proxecto, execución, dirección e control dos investimentos en infraestruturas, instalacións e redes de sistemas de telecomunicacións aeronáuticas, de axudas á navegación e control da circulación aérea.

e) Proposta de planificación de novas infraestruturas aeronáuticas, así como de modificacións da estrutura do espazo aéreo.

f) Desenvolvemento dos servizos de orde e seguridade nas instalacións que xestione, así como a participación nas ensinanzas específicas relacionadas co transporte aéreo e suxeitas ó outorgamento de licenza oficial, todo isto sen detrimento das atribucións asignadas á Dirección Xeral de Aviación Civil.»

Dous. A entidade pública empresarial «Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea» (AENA) percibirá, pola utilización por terceiros dos recintos dos aeródromos, heliportos e demais superficies aptas para o transporte aéreo, a xestión dos cales se lle encomende, así como polos servizos que esta preste nos citados recintos, a taxa por prestación de servizos e utilización do dominio público aeroportuario establecida na Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, a taxa de aterraxe regulada na Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, a taxa de seguridade establecida por Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e a taxa de aproximación regulada na Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Con tal fin, os feitos impositivos das citadas taxas, referidos na súa redacción actual só a aeroportos, quedan ampliados tamén ós aeródromos, heliportos e demais superficies aptas para o transporte aéreo que sexan xestionados por AENA.

Para os efectos previstos nos parágrafos anteriores, os citados aeródromos, heliportos e demais superficies aptas para o transporte aéreo que AENA xestione quedarán incluídos no grupo D da clasificación a que se refire o número 2 do artigo 5 da Lei 25/1998, na categoría terceira da clasificación contida no número 7 do artigo 11 da Lei 14/2000 e no terceiro grupo da clasificación contida no número sete do artigo 22 da Lei 24/2001, grupos e categoría na que tamén se incluírán os aeroportos xestionados por AENA que non estean expresamente incluídos noutro grupo ou categoría.

**Artigo 83. Modificacións da Lei 39/1995, do 19 de decembro, de organización do Centro de Investigacións Sociolóxicas.**

Modifícase o artigo 5 da Lei 39/1995, do 19 de decembro, de organización do Centro de Investigacións Sociolóxicas.

Un. Modifícase o título do artigo 5 da Lei 39/1995, do 19 de decembro, de organización do Centro de Investigacións Sociolóxicas, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 5. *Principio de actuación e réxime legal da investigación mediante enquisas.*»

Dous. Engádeselle un segundo parágrafo ó artigo 5 da Lei 39/1995, do 19 de decembro, de organización do Centro de Investigacións Sociolóxicas, co seguinte texto:

«As funcións previstas neste artigo que sexan realizadas tanto por entidades como por entrevistadores ou coordinadores da rede de campo do Centro, consideraranse comprendidas no artigo 196.3 e) da Lei de contratos das administracións públicas, e rexeranse pola dita lei.»

**Artigo 84. Modificación da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.**

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia:

Un. Engádeselle un novo segundo parágrafo ó número 1 do artigo 56, coa seguinte redacción:

«Cando o Tribunal de Defensa da Competencia devolva un expediente por estimación dun recurso contra un acordo de sobresemento ou para a práctica das dilixencias previstas no artigo 39 desta lei, o Servicio de Defensa da Competencia disporá dun prazo máximo de seis meses, contado a partir da notificación da resolución do tribunal, para practicala instrucción complementaria que resulte necesaria para completa-lo esclarecemento dos feitos e determinar responsabilidades.»

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 48, que queda coa seguinte redacción:

«4. Cumprido o trámite anterior, o tribunal resolverá dentro dos dez días seguintes, sen que poida exceder de tres meses o tempo que transcorra desde a interposición do recurso ata que se dicte e notifique a resolución. Cando se interpoña un recurso contra un acordo de sobresemento ou de arquivo do Servicio de Defensa da Competencia, o prazo máximo para dictar e notificar a resolución do recurso non poderá exceder de doce meses desde a data de interposición.»

**Artigo 85. Modificación da Lei 17/1975, do 2 de maio, de creación do organismo autónomo Rexistro da Propiedade Industrial, modificada pola disposición adicional décimo terceira.2 da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas. Oficina Española de Patentes e Marcas.**

Modifícase o número 1 do artigo 4 da Lei 17/1975, do 2 de maio, sobre creación do organismo autónomo Rexistro da Propiedade Industrial, modificado pola disposición adicional décimo terceira.2 da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, que queda redactado do seguinte modo:

«1. O presidente do organismo será o titular do órgano superior ou directivo do ministerio de adscrición da Oficina Española de Patentes e Marcas, de acordo co que estableza o seu estatuto.»

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> SOCIEDADES MERCANTÍS ESTATAIS

**Artigo 86. Modificación da Lei 53/1999, do 28 de decembro, pola que se modifica a Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas. «Sociedad Estatal de Gestión Inmobiliaria de Patrimonio, Sociedad Anónima» (SEGIPSA).**

A disposición adicional segunda da Lei 53/1999, do 28 de decembro, sobre réxime xurídico da «Sociedad Estatal de Gestión Inmobiliaria de Patrimonio, Sociedad Anónima», segundo redacción dada a esta polo artigo 52 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Engádeselle un novo parágrafo ó número 7 da disposición adicional segunda da Lei 53/1999, do 28 de decembro, coa seguinte redacción:

«A encomenda poderá establecer que a venda se efectúe con percepción de prezo en metálico ou mediante a entrega, total ou parcial, polo adquirente, doutros bens ou dereitos.»

Dous. Engádeselle un novo número á disposición adicional segunda da Lei 53/1999, do 28 de decembro, coa seguinte redacción:

«8. Para o exercicio das competencias que a Lei e o Regulamento do patrimonio do Estado, e as súas normas complementarias, lle atribúen ó Ministerio de Facenda, á Dirección Xeral de Patrimonio do Estado e ás delegacións provinciais de Economía e Facenda, estes órganos poderán solicitar de SEGIPSA a valoración ou taxación de bens, a emisión de informes sobre a súa situación física, urbanística ou demais circunstancias relativas a eles, a realización de xestións tendentes á súa adquisición ou requirir dela o asesoramento ou apoio técnico que coiden conveniente para o máis áxil e eficaz exercicio destas competencias, tendo SEGIPSA para estes efectos o carácter de servicio técnico dos ditos órganos. Iguais actuacións poderán solicitar de SEGIPSA o Ministerio de Tráballo e Asuntos Sociais, respecto ós bens do patrimonio sindical acumulado, e os organismos e entidades a que se refire o número 1 da presente disposición.»

**Artigo 87. Modificación da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. «Empresa de Transformaciones Agrarias, Sociedad Anónima» (TRAGSA).**

Engádeselle un novo número, o sete, ó artigo 88 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, coa seguinte redacción:

«Sete. Os contratos de obras, subministracións, consultoría e asistencia e servicios que TRAGSA e as súas filiais subscriban con terceiros, quedarán suxeitos ás prescricións da Lei de contratos das administracións públicas, relativas a publicidade, procedementos de licitación e formas de adxudicación, sempre que a contía dos contratos iguale ou supere a das cifras fixadas nos artigos 135.1, 177.2 e 203.2 da referida Lei de contratos das administracións públicas.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación resolverá as reclamacións que se formulen contra os actos de preparación e adxudicación destes contratos, adoptando as medidas cautelares que procedan e fixando, de se-lo caso, as indemnizacións pertinentes, e as súas resolucións poderán ser impugnadas ante a xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co artigo 2, letra b), da Lei 29/1998, do 13 de xullo.»

CAPÍTULO III

**Dos procedementos administrativos**

**Artigo 88. Réxime sancionador dos titulares dos puntos de venda da rede comercial de Loterías y Apuestas del Estado.**

Un.

1. Son infraccións administrativas dos titulares dos puntos de venda da rede comercial de Loterías y Apues-

tas del Estado as accións ou omisións tipificadas no presente artigo, que serán sancionables mesmo a título de simple negligencia.

2. As infraccións e sancións reguladas neste artigo poderán ser especificadas nas disposicións regulamentarias que o desenvolven, nos termos previstos no artigo 129 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Para os efectos do presente artigo, considéranse puntos de venda da rede comercial de Loterías y Apuestas del Estado, tanto os da rede básica, incluídas as administracións de loterías, como os da rede complementaria, sexan con carácter provisional, interino ou definitivo.

4. Serán suxeitos infractores os titulares dos puntos de venda que realicen as accións ou omisións tipificadas como infraccións neste artigo. Así mesmo, tamén serán responsables das accións ou omisións tipificadas neste artigo cando sexan realizadas polos seus empregados ou colaboradores.

Dous. A potestade sancionadora regulada neste artigo será exercida polo director xeral da entidade pública empresarial Loterías y Apuestas del Estado.

Tres. O procedemento sancionador axustarase ás normas da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e ó Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, sen prexuízo das normas específicas establecidas no presente artigo.

Catro.

1. Cando se iniciase un procedemento sancionador, o órgano competente para impoñela sanción poderá acordar, entre outras, algunha ou algunhas das seguintes medidas provisionais:

- Peche temporal do punto de venda.
- Precintaxe dos equipos ou aparellos informáticos.

2. As medidas sinaladas no número anterior poderán ser acordadas antes da iniciación do procedemento sancionador, nas condicións establecidas no artigo 72.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cinco.

1. As infraccións administrativas nas que poden incorrer os titulares dos puntos de venda da rede comercial de Loterías y Apuestas del Estado clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2. Son infraccións leves:

- a) A ausencia inustificada do titular, de forma reiterada, no punto de venda.
- b) A falta de decoro do establecemento onde radique o punto de venda.
- c) Non exhibir en lugar visible do punto de venda o distintivo anunciador, elementos da imaxe corporativa, propaganda, publicidade, prospectos e demais elementos ou documentos esixidos, ou exhibilos sen se axustar ás normas ou instrucións específicas.
- d) Faltar ó debido respecto e consideración ós usuarios dos puntos de venda.
- e) A inobservancia do deber de residencia do titular do punto de venda na localidade do seu destino ou na que fose autorizado.
- f) O incumprimento da normativa e instrucións sobre xestión de puntos de venda, cando non constituía infracción grave ou moi grave.

3. Son infraccións graves:

a) A resistencia, desobediencia ou obstrución á actuación dos servizos de inspección de Loterías y Apuestas del Estado.

b) Realizar reformas no establecemento onde radique o punto de venda sen a previa autorización, cando impliquen modificación das características que serviron de base para a súa adxudicación.

c) Realizar no punto de venda actividades distintas da autorizada, salvo cando se dispoña da correspondente autorización.

d) Perda, deterioración ou menoscabo dos bens de Loterías y Apuestas del Estado cedidos para uso dos titulares dos puntos de venda no exercicio da súa actividade, así como destinalos a un uso distinto á súa función, salvo cando se trate de equipos ou aparellos informáticos.

e) Realizar actividades de promoción ou publicidade por calquera medio do punto de venda ou dos xogos e apostas contravindo a normativa ou instrucións específicas ou sen a autorización de Loterías y Apuestas del Estado.

f) O pagamento indebido ou o non pagamento total ou parcial de premios cando non constituía infracción moi grave.

g) A reincidencia pola comisión de dúas ou máis infraccións leves nun prazo de dous anos contados desde a sanción por resolución firme en vía administrativa da primeira delas.

4. Constitúen infraccións moi graves:

a) O pagamento indebido ou o non pagamento total ou parcial de premios cando se cause un prexuízo grave a Loterías y Apuestas del Estado ou a terceiros.

b) A falta de ingreso en Loterías y Apuestas del Estado das cantidades recadadas por venda de xogos e apostas.

c) A detracción dos fondos recibidos para pagamento de premios ou a súa aplicación a usos alleos á súa función.

d) A cesión de comisións polos titulares dos puntos de venda.

e) O abandono do exercicio da actividade autorizada.

f) A transmisión da titularidade do punto de venda sen a correspondente autorización ou a cesión do seu uso por calquera título.

g) O traslado do punto de venda ou dos elementos informáticos deste sen a correspondente autorización.

h) A subministración de información ou documentación falsa á Administración.

i) A venda de participacións e de billetes de Lotería Nacional en forma distinta á que están representados ou poidan ser autorizados.

j) Perda, deterioración ou menoscabo dos equipos ou aparellos informáticos de Loterías y Apuestas del Estado cedidos para uso dos titulares dos puntos de venda no exercicio da súa actividade, así como destinalos a un uso distinto á súa función.

k) A non constitución dos avais, fianzas e demais garantías esixibles ou a súa constitución sen suxeición ás condicións establecidas por Loterías y Apuestas del Estado.

l) O incumprimento grave e reiterado das normas e instrucións sobre xestión de puntos de venda ou das obrigas impostas no título habilitante para o exercicio da actividade, cando se cause prexuízo a Loterías y Apuestas del Estado ou a terceiros.

ll) A reincidencia pola comisión de dúas ou máis infraccións graves nun prazo de dous anos contados desde a sanción por resolución firme en vía administrativa da primeira delas.

Seis.

1. As infraccións administrativas reguladas no presente artigo serán sancionadas na forma seguinte:

a) Pola comisión de infraccións leves imporase unha ou máis das seguintes sancións:

- Apercibimento por escrito.
- Multa de ata 600 euros.

b) Pola comisión de infraccións graves imporase unha ou máis das seguintes sancións:

- Multa desde 600,01 euros ata 6.000 euros.
- Suspensión por un período máximo de tres meses do exercicio da actividade autorizada.

c) Pola comisión de infraccións moi graves imporase unha ou máis das seguintes sancións:

- Multa desde 6.001 euros ata 60.000 euros.
- Suspensión por un período máximo de seis meses do exercicio da actividade autorizada.
- Revogación da concesión ou autorización do titular do punto de venda.

Sete. As sancións reguladas no número anterior graduaranse tendo en conta os seguintes criterios:

- A reiteración na comisión de infraccións.
- A intencionalidade do suxeito infractor.
- A transcendencia económica, comercial e social da infracción.
- A reincidencia pola comisión de infraccións da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.
- O prexuízo deparado á imaxe de Loterías y Apuestas del Estado.

Oito. As infraccións e sancións reguladas neste artigo prescribirán segundo o disposto no artigo 132 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Nove. O disposto neste artigo entenderase sen prexuízo da revogación do título de habilitación dos titulares dos puntos de venda cando conorra algunha das causas previstas na normativa específica.

Dez. Autorízase o Consello de Ministros para actualizarlo importe das sancións pecuniarias previstas neste artigo.

Once. Derróganse os artigos 297 ó 303 do Decreto do 23 de marzo de 1956, polo que se aproba a Instrucción Xeral de Loterías, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ó establecido neste artigo.

## TÍTULO V

### Da acción administrativa

#### CAPÍTULO I

##### Acción administrativa en materia de ordenación económica

###### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> SEGUROS

Artigo 89. *Modificación da Lei 87/1978, do 28 de decembro, de seguros agrarios combinados.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 87/1978, do 28 de decembro, de seguros agrarios combinados:

Un. Modifícase o artigo 3.<sup>o</sup> da Lei 87/1978, do 28 de decembro, que queda coa seguinte redacción:

«Un. Os riscos a cobertura dos cales atenderán os presentes seguros serán os danos ocasionados nas producións agrícolas, gandeiras, forestais e acuícolas a causa de variacións anormais de axentes naturais, sempre e cando os medios técnicos de loita preventiva normais non puidesen ser utilizados polos afectados por causas non imputables a eles ou resultasen ineficaces, e serán: sarabia, incendio, seca, xeadas, inundacións, vento furacano ou vento cálido, nevadas, carazos, exceso de humidade, pragas e enfermidades e outras adversidades climáticas.

Dous. Os riscos antes enumerados aseguraranse de forma combinada ou, excepcionalmente, illada.»

Dous. Modifícase o artigo 11.<sup>o</sup> da Lei 87/1978, do 28 de decembro, que queda redactado da seguinte forma:

«Un. As achegas do Estado ó importe global das primas que deberán satisfacer os agricultores fixaranse atendidas as circunstancias de cada zona e cultivo, protexéndose en todo caso os agricultores de economía máis modesta e primándose as pólizas colectivas, fixándose a porcentaxe das achegas por chanzos, segundo o valor da produción e excluíndose aquelas que non o requiran pola súa suficiencia económica. En todo caso, o importe da achega do Estado non poderá ser superior ó cincuenta por cento, nin inferior ó vinte por cento, do total anual das primas.

Dous. Os ministerios de Facenda e de Agricultura, Pesca e Alimentación, conxuntamente, establecerán, en cada caso e para cada zona, coa participación das organizacións e asociacións dos agricultores, a parte de prima que pagarán os agricultores e o auxilio que lle corresponda chegar á Administración en cumprimento desta lei e das determinacións do plan anual de seguros agrícolas, así como das posibilidades orzamentarias.»

Artigo 90. *Riscos derivados do comportamento desfavorable dos prezos no mercado.*

Con carácter experimental para o exercicio 2003, os riscos, regulados no artigo 3 da Lei 87/1978, de seguros agrarios combinados, ampliáranse tamén nas mesmas condicións ós riscos derivados do desfavorable comportamento dos prezos no mercado. Para a súa aplicación establecerase unha experiencia piloto, nunha produción determinada e nun ámbito xeográfico restrinxido, nos termos que estableza o Goberno a través do Plan de seguros agrarios combinados para o exercicio 2003.

###### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> ENERXÍA

Artigo 91. *Dereito preferente de «Red Eléctrica de España, S. A.».*

Un. «Red Eléctrica de España, S. A.» terá dereito de adquisición preferente sobre as instalacións de transporte definidas no artigo 35.1 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, no caso de que os titulares propietarios delas pretendesen realiza-la transmisión a outras empresas que reúnan os requisitos legais necesarios para desenvolve-la actividade de transporte en España.

Dous. As empresas que pretendan transmitir instalacións de transporte das que son titulares, deberán comunicar a «Red Eléctrica de España S. A.», a intención de proceder a esta transmisión. Para os efectos de que «Red Eléctrica de España, S. A.» poida exercer-lo dereito de adquisición preferente, a comunicación das empresas que pretendan transmitir instalacións de transporte das que son titulares deberá incluí-lo obxecto e alcance da transmisión, prezo, condicións, posibles adquirentes e prazo da oferta.

Asemade, as empresas que pretendan transmitir instalacións de transporte das que son titulares deberán comunicar esta decisión á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, remitindo copia da comunicación realizada a «Red Eléctrica de España, S.A.».

No prazo máximo dun mes, «Red Eléctrica de España, S.A.», poderá optar por adquiri-las instalacións, comunicándolles esta opción ás empresas propietarias das instalacións, así como á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía.

Tres. Se transcorrese o prazo establecido sen que «Red Eléctrica de España, S.A.» exercese o seu dereito de tanteo, a empresa propietaria das instalacións de transporte poderá proceder á transmisión destas instalacións a aquelas empresas que reúnan os requisitos legais necesarios para desenvolver-la actividade de transporte en España, e para este efecto deberán cumprirse os requisitos establecidos regulamentariamente para a transmisión de instalacións, debendo acreditarse, ademais, o cumprimento pola sociedade transportista vendedora dos seguintes requisitos:

a) As esixencias de comunicación previa recollidas no número dous do presente artigo, e o respecto dos prazos alí establecidos.

b) A identidade de condicións entre as comunicacións recollidas no número dous deste artigo e a oferta de transmisión ás sociedades transportistas adquirentes.

Catro. Poderá ser denegada a autorización administrativa da transmisión en caso de incumprimento dalgunha das condicións anteriores.

#### Artigo 92. *Modificación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Un. Modifícase o número 1 do artigo 34 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, que queda redactado da seguinte forma:

«1. O operador do sistema, como responsable da xestión técnica do sistema, terá por obxecto garanti-la continuidade e seguridade da subministración eléctrica e a correcta coordinación do sistema de produción e transporte.

O operador do sistema exercerá as súas funcións en coordinación co operador do mercado, baixo os principios de transparencia, obxectividade e independencia.

Actuará como operador do sistema unha sociedade mercantil, do accionariado da cal poderá formar parte calquera persoa física ou xurídica sempre que a suma da súa participación directa ou indirecta no capital desta sociedade non supere o 3 por 100 do capital social ou dos dereitos de voto da entidade, non podendo sindicarse estas accións para ningún efecto.

Para efectos de computa-la participación no dito accionariado, atribuiránselle a unha mesma persoa física ou xurídica, ademais das accións ou outros valores posuídos ou adquiridos polas entidades pertencentes ó seu mesmo grupo, tal e como este se define no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, aquelas das que a súa titularidade corresponda:

a) A aquelas persoas que actúen en nome propio pero por conta daquela, de forma concertada ou formando con ela unha unidade de decisión. Entenderase, salvo proba en contrario, que actúan por conta dunha persoa xurídica ou de forma concertada con ela os membros do seu órgano de administración.

b) Ós socios xunto ós que aquela exerza o control sobre unha entidade dominada, conforme o previsto no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

En todo caso, terase en conta tanto a titularidade dominical das accións e demais valores como os dereitos de voto que se gocen en virtude de calquera título.

Os dereitos de voto correspondentes ás accións ou outros valores que posúan as persoas que participen no capital da dita sociedade excedendo das porcentaxes máximas sinaladas neste precepto, quedarán en suspenso ata tanto non se adecúe a cifra de participación no capital ou nos dereitos de voto, estando lexitimada para o exercicio das accións legais tendentes a facer efectivas as limitacións impostas neste precepto a Comisión Nacional de Enerxía.

A sociedade que actúe como operador do sistema desenvolverá as súas actividades de xestión técnica e de transporte coa adecuada separación contable.»

Dous. Modifícase o número 1 da disposición transitoria novena da Lei 54/1997, do 27 de novembro, que queda redactada da forma seguinte:

«1. “Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima” exercerá as funcións atribuídas nesta lei ó operador do sistema e ó xestor da rede de transporte.

A adecuación das participacións sociais ó disposto no artigo 34.1 deberá realizarse nun prazo máximo de 12 meses desde a entrada en vigor da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, mediante a transmisión de accións ou, de se-lo caso, de dereitos de subscripción preferente. Dentro do prazo citado deberanse modifica-los estatutos sociais para introduci-la limitación de participación máxima establecida neste artigo.

A limitación da participación máxima a que se refire o artigo 34.1 non será aplicable á participación correspondente á Sociedade Estatal de Participacións Industriais, que manterá unha participación no capital de “Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima” de, polo menos, o 25 por 100 ata o 31 de decembro do ano 2003, mantendo posteriormente, en todo caso, unha participación do 10 por 100.

As transmisións de elementos patrimoniais derivadas da aplicación desta norma seralles aplicable o réxime fiscal das transmisións de activos realizadas en cumprimento de disposicións con rango de lei da normativa de defensa da competencia.»



**Artigo 93. Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.**

Un. Modifícanse os números 3 e 5 do artigo 52 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, que quedan coa seguinte redacción:

«3. Para asegura-lo cumprimento da obriga de manter existencias estratéxicas, a corporación poderá adquirir crus e produtos petrolíferos e concertar contratos cos límites e condicións que se determinan regulamentariamente.

Toda disposición de existencias estratéxicas por parte da corporación requirirá a previa autorización do Ministerio de Economía e deberase realizar a un prezo igual ó custo medio ponderado de adquisición ou ó de mercado, se fose superior, salvo as excepcións determinadas regulamentariamente. Así mesmo, a corporación contabilizará as súas existencias ó custo medio ponderado de adquisición desde a súa creación.

Os suxeitos obrigados ó mantemento de existencias mínimas de seguridade de produtos petrolíferos, incluídos os gases licuados do petróleo, e de gas natural, así como os obrigados á diversificación das subministracións de gas natural, deberán contribuir ó financiamento da corporación, mediante o pagamento mensual a esta dunha cota unitaria por cantidade de produto vendido ou consumo no mes anterior.

As achegas financeiras dos suxeitos obrigados estableceranse en función dos custos orzamentados en que incorra a corporación para a constitución, o almacenamento e a conservación das existencias estratéxicas, así como do custo das demais actividades de inspección e control que lle atribúe esta lei; a fixación e contía desta realizaraa o Ministerio de Economía, por proposta da corporación, de acordo co procedemento establecido regulamentariamente.

Esta achega financeira deberá permiti-la dotación pola corporación, nos termos determinados regulamentariamente, das reservas financeiras necesarias para o adecuado exercicio das súas actividades.

Os suxeitos obrigados ó mantemento de existencias mínimas de seguridade de produtos petrolíferos deberán ceder ou arrendar existencias, así como facilitarlle instalacións á corporación, na forma que se determine regulamentariamente.

As operacións de compra, venda e arrendamento de reservas estratéxicas, así como as referentes ó seu almacenamento, axustaranse a contratos tipo cun modelo aprobado polo Ministerio de Economía.»

«5. Regulamentariamente, desenvolveranse as funcións da corporación e establecerase a súa organización e o seu réxime de funcionamento. Nos seus órganos de administración estarán suficientemente representados os operadores por xunto a que se refiren os artigos 42 e 45 desta lei, os transportistas que incorporen gas ó sistema e comercializadores de gas natural regulados no artigo 58 desta lei, así como representantes do Ministerio de Economía e da Comisión Nacional de Enerxía.

Os representantes dos operadores por xunto, transportistas e comercializadores indicados no número anterior serán membros da corporación,

formarán parte da súa asemblea e o seu voto nela graduarase en función do volume da súa achega financeira anual.

O presidente da Corporación e a parte de vocais do seu órgano de administración que regulamentariamente se determine serán designados polo Ministerio de Economía. O titular deste departamento poderá impoñe-lo seu veto a aqueles acordos da corporación que infrinxan o disposto nesta lei e disposicións de desenvolvemento.»

O resto do artigo queda coa actual redacción.

Dous. Modifícase o punto 3 da disposición transitoria quinta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, quedando coa redacción seguinte:

«3. Un consumidor que exercese os dereitos que lle confire a condición de cualificado, poderá optar por seguir adquirindo o gas natural no mercado liberalizado ou adquirírllo ó distribuídor a tarifas, coas condicións que regulamentariamente se establezan.»

O resto da disposición transitoria queda coa súa actual redacción.

**Artigo 94. Metodoloxía para a aprobación ou modificación da tarifa eléctrica media ou de referencia durante o período 2003-2010.**

1. De conformidade co disposto no artigo 17.2 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, o Goberno establecerá, mediante real decreto, unha metodoloxía para a determinación da tarifa eléctrica media ou de referencia, podendo establecer un límite máximo anual ó incremento desta tarifa.

2. Para estes efectos, durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de decembro de 2010, a determinación da tarifa media ou de referencia deberá ter en conta polo menos as seguintes previsións:

a) O prezo medio previsto da enerxía correspondente ás instalacións de xeración en réxime ordinario será o seguinte:

1. Para aquelas instalacións con autorización anterior ó 31 de decembro de 1997 e pertencentes a sociedades con dereito a cobro de custos de transición á competencia, será de 3,6061 céntimos de euro por kWh.

2. Para o resto de instalacións calcularase tendo en conta as mellores previsións do prezo do gas no exercicio de que se trate.

b) Incluírase como custo na tarifa a contía correspondente á anualidade que resulte para recuperar linealmente o valor actual neto do déficit de ingresos na liquidación das actividades reguladas xerado entre o 1 de xaneiro de 2000 e o 31 de decembro de 2002.

Para os efectos da súa liquidación e cobro, este custo considerarase un ingreso das actividades reguladas.

c) Incluírase como custo na tarifa a contía correspondente á anualidade que resulte para recuperar linealmente as cantidades que se deriven das revisións que se establecen na disposición adicional segunda do Real decreto 3490/2000, do 29 de decembro, polo que se establece a tarifa eléctrica para o ano 2001 e na disposición adicional segunda do Real decreto 1483/2001, do 27 de decembro, polo que se establece a tarifa eléctrica para o ano 2002.

Para os efectos da súa liquidación e cobro, este custo considerarase un ingreso das actividades reguladas.

SECCIÓN 3.<sup>a</sup> SISTEMA FINANCIERO E MONETARIO

Artigo 95. *Modificación da Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo ó aforro familiar e á pequena e mediana empresa.*

Modifícase o parágrafo primeiro do número 1 da disposición adicional segunda da Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo ó aforro familiar e á pequena e mediana empresa, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Créase unha liña de apoio á capitalización de empresas de base tecnolóxica; o seu obxecto será o financiamento da toma de participación no capital de empresas de alto contido tecnolóxico por parte de entidades financeiras que teñan como obxecto social a participación temporal no capital de empresas non financeiras.

As citadas entidades financeiras deberán estar, en caso de resultaren legalmente obrigadas a isto, rexistradas ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores ou supervisadas polo Banco de España.»

Artigo 96. *Sistemas de indemnización dos investidores.*

Un. Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, segundo redacción da Lei 37/1998, do 16 de novembro, de reforma da Lei do mercado de valores.

1. Os números 1 e 2 do artigo 77 quedarán redactados como segue:

«1. Crearase un fondo de garantía de investimentos para asegura-la cobertura a que se refire o número 7 deste artigo con ocasión da realización dos servicios previstos no artigo 63, así como da actividade complementaria de depósito e administración de instrumentos financeiros.

2. O fondo de garantía de investimentos constituirase como patrimonio separado, sen personalidade xurídica, cunha representación e xestión que se lle encomendará a unha sociedade xestora que terá a forma de sociedade anónima, e cun capital que se distribuirá entre as empresas de servicios de investimento adheridas na mesma proporción en que efectúen as súas achegas ó fondo.»

2. Elimínanse os parágrafos a) e b) do número 5 do artigo 77.

3. Os parágrafos e) e f) do número 8 do artigo 77 quedarán redactados como segue:

«e) As regras para determina-lo importe das achegas que deban face-las entidades adheridas, que deberán ser suficientes para a cobertura da garantía proporcionada.»

«f) A periodicidade con que se deberán face-las achegas e o réxime de morosidade.»

4. Engádesse unha disposición adicional décimo novena coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo novena.

1. As sociedades xestoras de carteiras deberán adherirse ó fondo de garantía de investimentos de acordo co réxime establecido nas disposicións regulamentarias vixentes sobre a materia, quedando exentas da obriga de contratar un seguro de responsabilidade civil.

2. As referencias ás sociedades e axencias de valores contidas nas disposicións a que se refire

o parágrafo anterior, entenderanse efectuadas a tódalas empresas de servicios de investimento.

3. A adhesión das sociedades xestoras de carteiras ó fondo de garantía de investimentos deberá producirse antes do 1 de febreiro de 2003.»

Dous. Dáselles nova redacción ós seguintes artigos do Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores, que quedarán redactados do seguinte modo:

a) O número 2 do artigo 1.

«2. Nos termos e cos límites establecidos no presente real decreto, estes sistemas de indemnización terán como finalidade ofrecerlles ós investidores unha cobertura cando non poidan obter dunha empresa de servicios de investimento ou dunha entidade de crédito:

— o reembolso das cantidades de diñeiro que lles correspondan e que aquelas tivesen en depósito con motivo da realización de servicios de investimento; ou

— a restitución dos valores ou instrumentos financeiros que lles pertencen e que aquelas posúan, administren ou xestionen por conta do investidor con motivo da realización de servicios de investimento ou da actividade complementaria de depósito e administración de valores ou instrumentos financeiros.»

b) O número 1 do artigo 3.

«1. Serán entidades adheridas ó fondo de garantía de investimentos as empresas de servicios de investimento incluídas no artigo 64.1 da Lei do mercado de valores, con excepción das que xestionen sistemas organizados de negociación.»

c) O artigo 8.

«1. As entidades adheridas ó fondo de garantía de investimentos están obrigadas a cumprir co réxime económico das achegas anuais e derramas regulado neste artigo, de forma que o fondo de garantía poida cumprir coas obrigas fronte ós investidores impostas por esta norma.

2. As entidades adheridas deberán realizar unha achega anual equivalente á suma das seguintes cantidades:

A) Un importe fixo que se corresponde coa seguinte escala: 20.000 euros, para as empresas de servicios de investimento cuns ingresos brutos por comisións inferiores a 5 millóns de euros; 30.000, se se encontran entre 5 e 20 millóns de euros, e 40.000 cando sexan superiores a 20 millóns de euros.

B) O 2 por mil do diñeiro, máis o 0,05 por mil do valor efectivo dos valores e instrumentos financeiros nelas depositados ou xestionados, correspondentes a clientes cubertos pola garantía.

C) O resultado de multiplica-lo número de clientes cubertos pola garantía polo 0,15 por mil do importe mínimo a que se refire o artigo 6.1.

3. O ministro de Economía e, coa súa habilitación expresa, a CNMV determinarán as partidas contables e datos estatísticos que se deben incluír nos cálculos das achegas anuais. Así mesmo, o ministro de Economía poderá, por proposta da CNMV, acorda-la diminución dos importes e das porcentaxes a que se refire este artigo cando o patrimonio do fondo alcance unha contía suficiente para o cumprimento dos seus fins. En todo caso,

as achegas suspenderanse, cando o patrimonio non comprometido en operacións propias do obxecto do fondo supere a resultante de multiplica-la cobertura máxima prevista no artigo 6.1 polo 5 por cento do número de clientes cubertos pola garantía do total de entidades adheridas ó Fondo no exercicio anterior.

4. A sociedade xestora determinará o importe provisional da achega anual de cada entidade adherida a partir das informacións que, seguindo as instrucións que estableza ó respecto, lle sexan subministradas polas empresas de servizos de investimento adheridas sobre datos referidos ó exercicio anterior ó do ano ó que se refira o orzamento anual, de acordo co seguinte procedemento:

a) Para as contas ou posicións de diñeiro dos investidores, tomarase como valor efectivo base a media dos saldos en balance na fin de cada un dos meses do exercicio nos cales a entidade adherida tivese a obriga de lle remitir estados financeiros á CNMV.

b) Para os valores e instrumentos financeiros, tomarase como valor efectivo base o valor de cotización do último día de negociación do ano no mercado secundario correspondente daquelas contas ou posicións de valores ou instrumentos financeiros dos investidores existentes ó final do exercicio. Cando entre estas últimas figuren valores e instrumentos financeiros non negociados nun mercado secundario, a súa base de cálculo virá dada polo seu valor nominal ou polo de reembolso, que resulte máis propio do tipo de valor ou instrumento financeiro de que se trate, salvo que se declarase ou conste outro valor máis significativo para efectos do seu depósito ou rexistro.

Co obxecto de dispor da información necesaria para a elaboración do orzamento anual e para os cálculos das achegas das entidades adheridas e demais informacións contidas neste orzamento, a sociedade xestora solicitará cantos datos precise das entidades adheridas ó fondo.

5. As achegas anuais das empresas de servizos de investimento calcularanse e materializaranse a partir da data de peche de cada exercicio en, polo menos, dous desembolsos, nas porcentaxes que fixe a sociedade xestora do fondo á vista das súas necesidades. As achegas realizaranse sempre en efectivo e non serán obxecto de devolución ás entidades contribuíntes.

A sociedade xestora elaborará un orzamento anual, que coincidirá co ano natural, o cal incluírá o importe da comisión de xestión a favor da sociedade xestora, o importe provisional da achega anual que será requirido das entidades adheridas e, de se-lo caso, os posibles financiamentos. Este orzamento deberá incorpora-lo detalle explicativo da achega anual provisional esixible a cada entidade adherida. Así mesmo, o orzamento anual deberá incluír unha descrición do método de cálculo do importe previsto como achega inicial mínima para lles aplicar ás empresas de servizos de investimento residentes de nova creación ou, de se-lo caso, ás novas sucursais de empresas estranxeiras, que poidan incorporarse ó fondo no curso do ano.

A aprobación do orzamento anual co cálculo provisional da achega de cada entidade adherida e o resto de informacións que ha de incorporar deberá realizalo a sociedade xestora antes do 31 de marzo de cada ano e o primeiro desembolso da achega anual por parte das entidades adheridas terá lugar antes do 31 de maio sobre a base dos cálculos provisionais. O segundo desembolso debe-

rá facerse, antes do 30 de setembro, tralos axustes que fosen necesarios como consecuencia do cálculo final da achega de cada entidade adherida, unha vez considerada a información definitiva auditada do último exercicio cerrado.

6. Unha vez aprobado o orzamento anual pola sociedade xestora, esta deberallo remitir á CNMV para a súa aprobación nos trinta días naturais seguintes á súa recepción.

7. Cando a sociedade xestora do fondo preveña que os recursos patrimoniais e financiamentos dispoñibles por este no curso dun exercicio sexan insuficientes para o cumprimento das súas funcións e obrigas, o consello de administración da sociedade xestora deberá adopta-las medidas necesarias para emenda-lo desequilibrio financeiro, podéndolles requirir ás entidades adheridas a realización das derramas necesarias. Estas derramas distribuiranse entre as entidades adheridas na mesma proporción que as súas achegas ó fondo nos tres exercicios precedentes ou desde que a entidade se adherise ó fondo, cando non completase este prazo, considerando para estes efectos como primeiro exercicio computable o exercicio 2003, e deberán efectuarse na data que estableza a sociedade xestora, logo da posta en coñecemento da CNMV. O importe das derramas non poderá exceder-la contía necesaria para elimina-lo desequilibrio.

8. O patrimonio non comprometido do fondo deberá estar materializado en débeda pública ou noutros activos de elevada liquidez e baixo risco.

9. Cando se trate de sucursais de empresas de servizos de investimento con sede social noutro Estado, a CNMV consultará coa autoridade competente do Estado de orixe da sucursal antes de determina-la contía da súa achega. En todo caso, a CNMV terá en consideración o nivel de cobertura que ofrezca o sistema de garantía do dito Estado.»

d) O terceiro parágrafo do número 3 do artigo 12.

«En todo caso, ás entidades adheridas que non realicen as achegas ó fondo nos prazos establecidos aplicaráselles:

a) unha recarga do 20 por 100 sobre o importe da achega pendente de aboamento, que deberán facer efectivo ó tempo que efectúe esta achega; e

b) os xuros de demora calculados ó dobre do tipo de xuro legal do diñeiro sobre o importe da achega pendente de aboamento.

Quedarán exceptuadas desta recarga e dos xuros as entidades que estivesen declaradas en suspensión de pagamentos.»

e) O último parágrafo do artigo 17.

«O capital social da sociedade xestora distribuirase entre as empresas de servizos de investimento adheridas ó fondo, na mesma proporción que as súas achegas a este.»

f) O número 3 do artigo 19.

«A sociedade xestora deberá somete-las súas contas anuais e as do fondo a informe de auditoría, segundo o establecido no artigo 86 da Lei do mercado de valores.»

g) Engádeselle un último parágrafo ó artigo 21.

«Os membros do consello de administración e cantas persoas traballen na sociedade xestora esta-

rán obrigados a gardar segredo de tanta información coñezan en virtude da súa participación nas tarefas do fondo, e non poderán facer uso dela para finalidades distintas das relacionadas co exercicio do seu cargo.»

Tres. Autorízase o Goberno para que, mediante real decreto, modifique os preceptos afectados polo número segundo deste artigo.

Catro. Os preceptos afectados polo número primeiro deste artigo quedan incluídos na autorización efectuada pola disposición derradeira cuarta da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, para que, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno elabore o texto refundido da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Artigo 97. *Modificación da Lei 10/1975, do 12 de maio, de regulación de moeda metálica.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 10/1975, do 12 de maio, de regulación de moeda metálica.

Un. Modifícase o artigo 5.º, da Lei 10/1975, que queda redactado do seguinte modo:

«As moedas acuñaranse por conta do Estado na Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, quedando autorizado o Ministerio de Economía para outorga-los anticipos destinados a cubri-los respectivos custos de produción.

Se por razóns de urxencia ou cando as circunstancias así o esixan, fose necesario, a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, logo de autorización da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, poderá contratar con empresas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, algunha ou tódalas fases do proceso de fabricación.»

Dous. Adiciónanselle tres novos artigos, o 9, 10 e 11, á Lei 10/1975, coa seguinte redacción:

«Artigo 9.

1. Terá a consideración de infracción administrativa a reprodución con fins publicitarios de moedas que teñan ou poidan ter curso legal e moedas conmemorativas, especiais ou de colección, sen autorización da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

2. Terá a consideración de infracción administrativa a reprodución con fins comerciais ou de venda de moedas que tivesen, teñan ou poidan ter curso legal e moedas conmemorativas, especiais ou de colección, sen autorización da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

3. Terá a consideración de infracción administrativa a emisión, fabricación, almacenamento, comercialización, importación e distribución, sen autorización da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, de medallas, medallóns, fichas e obxectos monetiformes, ou que os conteñan, conmemorativas cun valor facial ou monetario específico, utilizando para tales fins os signos ou símbolos de:

a) A Unión Europea, en particular a inscrición “euro” ou “euro cent”, o símbolo euro ou similar combinado cunha indicación do valor nominal, ou un deseño idéntico ou similar, en todo ou en parte, ó que aparece na cara común ou a cara nacional das moedas de euro ou aquela que se fixe oficialmente para a cuñaxe de tales moedas no futuro.

b) A Coroa.

c) As administracións públicas ou os organismos públicos vinculados ou dependentes delas.

d) A marca de Ceca.

e) As demais institucións do Estado sen a autorización previa da institución titular correspondente.

4. Tamén terá a consideración de infracción administrativa a realización das actividades descritas nos números 1, 2 e 3 con incumprimento das condicións impostas na autorización pola Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.»

«Artigo 10.

1. As infraccións administrativas tipificadas no artigo anterior clasificaranse en moi graves, graves e leves de acordo co presente artigo.

2. Serán infraccións moi graves cando:

a) Causen un dano ó sistema monetario, ó patrimonio público ou á imaxe institucional.

b) O volume de vendas realizadas supere as 10.000 unidades.

c) Induza a grave confusión nos consumidores ou usuarios.

d) A utilización da marca de Ceca.

e) Unha infracción grave se prolongue durante máis dun ano.

f) A reincidencia na comisión dunha infracción grave.

3. Serán infraccións graves cando:

a) Poida inducir a confusión nos consumidores ou usuarios.

b) O volume de vendas realizadas supere as 100 unidades.

c) Se aprecie mala fe.

d) Unha infracción leve se prolongue durante máis dun ano.

e) O infractor obteña vantaxe con respecto a outros empresarios.

f) A reincidencia na comisión dunha infracción leve.

4. Serán infraccións leves cando non merezan a cualificación de graves ou moi graves.

5. A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, con suxeición ó procedemento sancionador aplicable ós suxeitos que actúan nos mercados financeiros, aprobado polo Real decreto 2119/1993, ó procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993 e os principios establecidos na Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, imporalles, ós que resulten responsables das infraccións administrativas descritas nos números anteriores, as seguintes sancións:

a) As infraccións moi graves serán castigadas con multa desde 200.000 ata 600.000 euros ou o duplo do beneficio obtido.

b) As infraccións graves serán castigadas con multa desde 1.000 ata 199.999 euros ou o duplo do beneficio obtido.

c) As infraccións leves serán castigadas con multa de ata 999 euros ou o duplo do beneficio obtido.

6. A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, sen prexuízo do regulado nos números anteriores, poderá impor multas coercitivas de 300 a 12.000 euros diarios en períodos bimestrais, coa finalidade de procura-la cesación inmediata dos actos e condutas prohibidas ou realizadas sen autorización.

7. As infraccións moi graves previstas nesta lei prescribirán no prazo de tres anos desde a data de comisión da infracción; as infraccións graves, no prazo de dous anos e as infraccións leves, no prazo dun ano. A acción para esixir-lo cumprimento das sancións prescribirá ós tres anos comezando a conta-lo prazo para a prescrición desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a pena. A prescrición nas infraccións e sancións interromperase e, de se-lo caso, proseguirá nos termos previstos no artigo 132 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

8. As infraccións e sancións reguladas neste artigo entenderanse sen prexuízo doutras responsabilidades que, de se-lo caso, puidesen establecerse nos diferentes ámbitos e xurisdiccións competentes.»

«Artigo 11.

O ministro de Economía, mediante orde ministerial, poderá actualiza-los importes das sancións previstas nesta lei coa finalidade de adecualas ás variacións dos índices de prezos ó consumo. Así mesmo, poderá establece-las condicións de utilización de moedas con fins publicitarios ou comerciais.»

**Artigo 98. *Modificación da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.***

Engádeselle unha nova disposición adicional, a décimo quinta, á Lei 26/1988, do 2 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo quinta.

Cando os órganos competentes das comunidades autónomas, e organismos ou entidades dependentes destas acorden, no exercicio das súas competencias en relación con caixas de aforros ou outras entidades, solicita-la colaboración de auditores de contas ou sociedades de auditoría de contas para levar a cabo, no exercicio de tales competencias, traballos distintos dos de auditoría regulados no artigo 1 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, a prestación da colaboración no exercicio desas facultades será incompatible coa realización simultánea ou nos cinco anos anteriores ou posteriores de calquera traballo de auditoría de contas nestas mesmas entidades ou nas súas sociedades vinculadas, todo isto sen prexuízo do establecido no artigo 8 da Lei de auditoría de contas.»

## CAPÍTULO II

### **Acción administrativa en materia de infraestructuras e transportes**

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> PORTOS E MARIÑA MERCANTE

**Artigo 99. *Modificación da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.***

Dáselle nova redacción ó número catro.1 e catro.2 parágrafos a) e c) á disposición adicional décimo quinta, da Lei 27/1992, do 24 de novembro, que queda redactada da seguinte forma:

Un. Número catro.1.

«Catro. Requisitos de inscrición das empresas navieiras e dos buques.

1. Poderán solicita-la súa inscrición no rexistro especial as empresas navieiras que teñan en Canarias o seu centro efectivo de control, ou que, téndoo no resto de España ou no estranxeiro, contan cun establecemento ou representación permanente en Canarias, a través do cal vaian exercer-los dereitos e cumprí-las obrigas atribuídas a elas pola lexislación vixente.

Para a inscrición das empresas navieiras, será necesaria unicamente a achega do certificado da súa inscrición no rexistro mercantil onde se reflicta que o obxecto social inclúe a explotación económica de buques mercantes baixo calquera modalidade que asegure a dispoñibilidade sobre a totalidade do buque.»

Dous. Número catro.2, parágrafo a):

«2. As empresas a que se refire o número anterior poderán solicita-la inscrición no rexistro especial daqueles buques que cumpran os seguintes requisitos:

a) Tipo de buques: todo buque civil apto para a navegación cun propósito mercantil, excluídos os dedicados á pesca, xa estean os buques construídos ou en construción.»

Tres. Número catro.2, parágrafo c):

«c) Título de posesión: as empresas navieiras deberán ser propietarias ou arrendatarias financeiras dos buques dos que solicitan a inscrición; ou ben te-la posesión daqueles baixo contrato de arrendamento a casco nu ou outro título que leve aparellado o control da xestión náutica e comercial do buque.»

O resto dos números e da disposición quedan co mesmo contido.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> AEROPORTOS

**Artigo 100. *Modificación da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea.***

Modifícase o artigo 43 da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, que terá a seguinte redacción:

«As administracións públicas territoriais e as persoas e entidades particulares nacionais dun estado membro da Unión Europea, deberán obter unha autorización previa, de acordo coas condicións que determine o Ministerio de Fomento, para construír ou participar na construción de aeroportos de interese xeral. En tales casos, poderán conserva-la propiedade do recinto aeroportuario e participar na explotación das actividades que dentro del se desenvolvan nos termos que se establezan.»

**Artigo 101. *Modificación da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.***

Dáselle nova redacción ó parágrafo terceiro do artigo 166 da Lei 13/1996, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que quedará redactado nos seguintes termos:

«3. As obras que realice AENA dentro do sistema xeral aeroportuario deberán adaptarse ó plan

especial de ordenación do espacio aeroportuario ou instrumento equivalente. Para a constatación deste requisito, deberán someterse a informe da administración urbanística competente, que se entenderá emitido en sentido favorable se non se emitise de forma expresa no prazo dun mes desde a recepción da documentación. No caso de que non se aprobase o plan especial ou instrumento equivalente, a que se refire o número 2 deste artigo, as obras que realice AENA no ámbito aeroportuario deberán ser conformes co Plan director do aeroporto.

As obras de nova construción, reparación e conservación que AENA realice no ámbito do aeroporto e na súa zona de servizo non estarán sometidas ós actos de control preventivo municipal a que se refire o artigo 84.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por constituír obras públicas de interese xeral.»

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> AUTOESTRADAS

**Artigo 102.** *Modificación da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Tarifas de autoestradas.*

Modifícase o último parágrafo da letra c) do artigo 77 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado da seguinte maneira:

«Unha vez que entrase en servizo algún treito da concesión, as revisións levaranse a cabo mediante o procedemento xeral establecido nos números anteriores, coa excepción de que, na primeira revisión posterior á posta en servizo, a modificación de prezos que servirá de fundamento á revisión (incremento IPC medio) se calculará como a variación da media dos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística dos últimos doce meses dos índices de prezos ó consumo (grupo xeral para o conxunto nacional), sobre a media de índices utilizada como numerador na obtención do incremento IPC medio na revisión previa á posta en servizo.»

O resto do número e artigo quedan coa mesma redacción.

**Artigo 103.** *Modificación do Real decreto lei 15/1999, do 1 de outubro, polo que se aproban medidas de liberalización e reforma estrutural e incremento da competencia no sector de hidrocarburos.*

Modifícase o artigo 7 do Real decreto lei 15/1999, do 1 de outubro, polo que se aproban medidas de liberalización e reforma estrutural e incremento da competencia no sector de hidrocarburos, que queda redactado como segue:

«1. Nos accesos ás autoestradas do Estado en réxime de concesión será obrigatoria a colocación de carteis informativos nos que se indique, en todo caso, a distancia ás estacións de servizo máis próximas ou ás situadas nas áreas de servizo, así como o tipo, prezo e marca dos carburantes e combustibles petrolíferos ofrecidos naquelas. Será responsabilidade do concesionario da autoestrada a instalación, a conservación e o mantemento destes carteis, así como a actualización da súa información, operacións que, en todo caso, se farán sen ningún risco para a seguridade vial. Para tal fin, os titulares de estacións de servizo deberán infor-

ma-lo concesionario das variacións dos prezos que se produzan.

2. Nas proximidades das estacións de servizo nas estradas estatais, e sempre que non se opte pola posibilidade prevista no parágrafo segundo deste número, será obrigatoria a colocación de carteis informativos nos que se indique, en todo caso, a distancia ás estacións de servizo máis próximas, así como o tipo, prezo e marca dos carburantes e combustibles petrolíferos ofrecidos naquelas. Será responsabilidade do titular da estación de servizo onde se sitúe o cartel, a instalación, a conservación e o mantemento destes carteis, así como a actualización da súa información, operacións que, en todo caso, se farán sen ningún risco para a seguridade vial.

Alternativamente, a obriga de información mediante a instalación de carteis a que se refire o parágrafo anterior entenderase cumprida mediante a adhesión dos titulares de estacións de servizo, situadas en estradas estatais, ó sistema de información de prezos de carburantes previsto no artigo 5 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia nos mercados de bens e servizos, de modo que os usuarios accedan, en todo caso, á información sobre situación das súas instalacións, tipo, prezo e marca dos combustibles ofrecidos, a través da telefonía móbil ou de calquera outro medio telemático.

3. A situación dos carteis mencionados nos números 1 e 2 deste artigo efectuarase nas zonas de dominio público ou de servidume das autoestradas ou estradas, e deberá ser autorizada pola Dirección Xeral de Estradas. A forma, cores e dimensións dos carteis informativos serán establecidos polo Ministerio de Fomento.

4. Os titulares de estacións de servizo ós que fai referencia o número 2, deberán notificar a utilización dun dos dous mecanismos de transmisión da información previstos á Dirección Xeral de Estradas ou administración competente.

5. Por estacións de servizo entenderanse todas as instalacións de distribución de produtos petrolíferos a vehículos abertas ó público con carácter xeral, que figuren nos rexistros de instalacións de distribución polo miúdo das comunidades autónomas e no rexistro do Ministerio de Economía.»

### CAPÍTULO III

#### **Acción administrativa en materia de réxime do solo e vivenda**

**Artigo 104.** *Modificación da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións.*

Modifícase o artigo 25 da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 25. *Criterio xeral de valoración.*

1. O solo valorarase conforme a súa clasificación urbanística e situación, na forma establecida nos artigos seguintes.

2. A valoración dos solos destinados a infraestructuras e servizos públicos de interese xeral supramunicipal, autonómico ou estatal, tanto se estivesen incorporados ó planeamento urbanístico como se fosen de nova creación, determinarase, de conformidade co disposto nesta lei, segundo a clase de solo en que se sitúen ou polos que discorran.

Sete. Dáselle nova redacción ó número 4 do artigo 15 da Lei 24/1998, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, quedando o texto final da seguinte maneira:

«4. O servizo postal universal incluírá, igualmente, a prestación dos servizos accesorios de certificado e de valor declarado. Os servizos de certificado e de valor declarado permiten, nos envíos postais a que se refire o número 2 do presente artigo, outorgarlle unha maior protección ó usuario fronte ós riscos de deterioración, roubo ou perda, mediante o pagamento ó operador dunha cantidade predeterminada a tanto alzado, no primeiro caso, ou dunha cantidade proporcional ó valor que unilateralmente lles atribúa o remitente, no segundo.»

Oito. Modifícase a letra B) do número 1 do artigo 18 da Lei 24/1998, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, coa seguinte redacción:

«B) A recollida, a admisión, a clasificación, a entrega, o tratamento, o curso, o transporte e a distribución dos envíos interurbanos, certificados ou non, das cartas e das tarxetas postais, sempre que o seu peso sexa igual ou inferior a 100 gramos. A partir do 1 de xaneiro de 2006, o límite de peso fíxase en 50 gramos.

Para que calquera outro operador poida realizar este tipo de actividades, respecto ós envíos interurbanos, o prezo que deberá percibir dos usuarios terá que ser, polo menos, tres veces superior ó correspondente ós envíos ordinarios da primeira escala de peso da categoría normalizada máis rápida, fixado para o operador encargado da prestación do servizo postal universal. A partir do 1 de xaneiro de 2006, o prezo será, polo menos, dúas veces e media superior.

Os envíos nacionais ou transfronteirizos de publicidade directa, de libros, de catálogos e de publicacións periódicas, sen prexuízo do establecido no artigo 15.3, non formarán parte dos servizos reservados.

O intercambio de documentos non poderá reservarse.»

Nove. Modifícase a letra C) do número 1 do artigo 18 da Lei 24/1998, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, coa seguinte redacción:

«C) O servizo postal transfronteirizo de entrada e de saída de cartas e tarxetas postais, nos mesmos termos de prezo, peso e data establecidos no número B). Enténdese por servizo postal transfronteirizo, para os efectos desta lei, o procedente doutros estados ou o destinado a estes.»

Dez. Dáselle nova redacción ó número 2 do artigo 18 da Lei 24/1998, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, co seguinte teor:

«2. A relación de servizos reservados determinada no número anterior poderá ser revisada polo Goberno, mediante real decreto, no marco das previsións contidas nas normas comunitarias.»

Once. Créase un novo artigo 24 bis da Lei 24/1998, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, co teor que se indica a continuación:

«Artigo 24 bis. Financiamento cruzado.

1. Prohíbese o financiamento cruzado de servizos universais do sector non reservado con ingre-

sos xerados por servizos do sector reservado, agás na medida en que resulte absolutamente indispensable para a realización das obrigas específicas de servizo universal vinculadas ó ámbito competitivo.

2. A Subsecretaría de Fomento deberá garantir a correcta aplicación do establecido no número anterior, adoptando as medidas para o efecto, que poderán incluí-la realización de auditorías.»

Doce. Cámbiase a denominación da sección 2.<sup>a</sup> do capítulo V do título III da Lei 24/1998, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, pola seguinte:

«SECCIÓN 2.<sup>a</sup> PREZOS»

Trece. Dáselle nova redacción ó artigo 30 da Lei 24/1998, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que queda da seguinte forma:

«Artigo 30. *Prezos dos servizos postais reservados.*

1. As contraprestacións económicas derivadas da realización de servizos reservados atribuídos ó operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal terán a natureza de prezos privados de carácter fixo na súa contía.

2. O réxime xurídico dos prezos ós que se refire o presente artigo será o de prezos autorizados polo Ministerio de Fomento, logo do informe do Consello Asesor Postal e da aprobación da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

3. As propostas de modificación dos prezos ós que se refire o presente artigo deberán ir xunto cunha memoria económico-financeira que xustifique o grao de cobertura financeira dos custos correspondentes e o importe dos prezos propostos.

4. Estarán exentos do pagamento de prezos pola prestación do servizo postal universal reservado:

a) Os remitentes de cecogramas.

b) Os remitentes de envíos ós que a Unión Postal Universal confira tal dereito, co alcance establecido nos instrumentos internacionais que fosen ratificados por España.»

Catorce. Dáselle nova redacción ó artigo 31 da Lei 24/1998, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 31. *Prezos dos servizos postais non reservados.*

1. Os prezos dos servizos postais non reservados, que leve a cabo o operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal e calquera outro operador en competencia, serán fixados libremente de acordo coas regras do mercado.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, para os servizos incluídos no ámbito do servizo postal universal que preste o operador ó que se lle encomenda, o Ministerio de Fomento poderá fixar prezos máximos que, en calquera caso, se deberán axustar ós principios de prezo asequible, orientación a custos e non discriminación, e serán únicos para todo o territorio nacional. Así mesmo, o Goberno poderá fixa-los criterios para a determinación dos prezos dos servizos incluídos no servizo postal universal. Estes criterios deberán garantir que os prezos que se establezan sexan asequibles.

2. Os operadores ós que se refire este artigo deberán comunicar á Subsecretaría de Fomento calquera modificación nos prezos con quince días de antelación á súa aplicación. Así mesmo, deberán comunicar ó Consello de Consumidores e Usuarios a través do Instituto Nacional de Consumo.»

Quince. Introdúcense dous novos artigos, o 31 bis e o 31 ter, á Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, co contido que se indica a continuación:

«Artigo 31 bis. *Tarifas especiais.*

Cando se apliquen tarifas especiais, tales como ós servizos ás empresas, ós remitentes de envíos masivos ou ós preparadores do correo de varios clientes, os provedores do servizo universal deberán respecta-los principios de transparencia e non discriminación polo que se refire ás tarifas e ás condicións asociadas. Estas tarifas deberán ter en conta os custos evitados en relación cos servizos ordinarios que inclúen a totalidade das prestacións ofrecidas para a recollida, transporte, clasificación e entrega de envíos postais individuais e aplicarse, xunto coas condicións correspondentes, tanto respecto a terceiros, como á relación destes cos provedores universais que prestan servizos equivalentes. Tales tarifas proporánselles tamén ós clientes particulares que utilicen estes servizos en condicións similares.»

«Artigo 31 ter. *Descontos.*

1. En relación cos servizos postais reservados poderanse aplicar descontos, sempre que a cantidade satisfeita cubra suficientemente o custo dos servizos afectados. Estes descontos efectuaranse en función do volume dos envíos que entregue un mesmo usuario e do aforro que supoña para o operador que presta o servizo postal universal a composición dos destinos, ou o que, de forma previa ó seu transporte ou distribución, aquel os clasifique e ordene, ou os deposite en determinados lugares de admisión. En todo caso, estes descontos deberán respecta-los principios de accesibilidade xeral e non discriminación.

2. Os descontos que se efectúen en relación coas tarifas dos servizos non reservados englobados no servizo postal universal deberán respecta-lo carácter accesible dos que se fixen, con carácter xeral, para tódolos usuarios. A fixación farase en función de condicións obxectivas, tanto de calidade técnica como económicas, transparentes e non discriminatorias, sen prexuízo do disposto nos artigos 15 e seguintes desta lei.»

Dezaseis. Modifícase o artigo 37 da Lei 24/1998, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que quedará coa seguinte redacción:

«Artigo 37. *Facultades do Goberno, do Ministerio e da Subsecretaría de Fomento.*

1. Correspóndelle ó Goberno a elaboración das previsións para a ordenación e o desenvolvemento do sector postal e, en particular, a aprobación do Plan de prestación do servizo postal universal e do contrato-programa ós que se refire o artigo 20, así como garanti-lo cumprimento das obrigas derivadas da presente lei.

2. O Ministerio de Fomento proporalle ó Goberno a política de desenvolvemento do servizo postal universal e asegurará a súa execución.

Correspóndelle, igualmente, ó Ministerio de Fomento, nos termos desta lei, o outorgamento dos títulos habilitantes para a prestación dos servizos postais.

Así mesmo, o Ministerio de Fomento, en coordinación co Ministerio de Asuntos Exteriores, proporá a política que se deberá seguir nas organizacións postais internacionais e nas relacións que se manteñan cos organismos e as entidades nacionais, en materia de comunicacións postais internacionais.

3. Á Subsecretaría de Fomento compéttelle a adopción das medidas necesarias para asegurala prestación do servizo postal universal e garanti-lo cumprimento das normas que regulan o funcionamento do mercado postal, así como as funcións de regulación, ordenación, inspección, réxime sancionador, control de calidade dos servizos, resolución de controversias e reclamacións e xestión das taxas postais. Estas funcións serán exercidas polo órgano regulador postal adscrito á citada Subsecretaría de Fomento.»

Dezasete. Modifícase o segundo parágrafo do número 2 do artigo 38 da Lei 24/1998, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que queda redactado da seguinte forma:

«O Consello informará, en todo caso e con carácter previo, sobre a modificación da contía das taxas e dos prezos regulados nesta lei.»

Dezaoito. Dáselle nova redacción ó número 1 do artigo 39 da Lei 24/1998, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que queda co seguinte teor:

«1. Serán competencias da Subsecretaría de Fomento a inspección dos servizos postais que se regulan nesta lei e a aplicación do réxime sancionador.»

Dezanove. O parágrafo a) do número 2 do artigo 41 da Lei 24/1998, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, queda redactado da seguinte forma:

«a) O incumprimento das condicións de prestación e de financiamento establecidas para a realización do servizo postal universal, que faga que este resulte gravemente comprometido.»

Vinte. Dáselle nova redacción ó artigo 47 da Lei 24/1998, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, co seguinte teor:

«Artigo 47. *Competencia sancionadora.*

A competencia para a imposición das sancións corresponderá:

Ó subsecretario de Fomento para as infraccións graves e moi graves. As súas resolucións porán fin á vía administrativa.

Ó subdirector xeral de Regulación de Servizos Postais ou ó órgano ó que se lle atribúan as competencias en materia postal dentro da Subsecretaría de Fomento para as infraccións leves. Contra as súas resolucións procederá recurso de alzada.»



## CAPÍTULO V

**Acción administrativa en materia de telecomunicacións, audiovisual e da sociedade da información**

**Artigo 107.** *Modificación da Lei 12/1997, do 24 de abril, de liberalización das telecomunicacións.*

Modifícase o parágrafo l) do número 2 do punto dous do artigo 1 da Lei 12/1997, de liberalización das telecomunicacións, que queda coa seguinte redacción:

«l) O exercicio da potestade sancionadora polo incumprimento das instrucións dictadas para salvagarda-la libre competencia no mercado das telecomunicacións e dos acordos e resolucións que adopte en execución das funcións públicas que se lle atribúen, así como polo incumprimento dos requirimentos de información formulados pola Comisión no desenvolvemento das súas funcións.

Nos procedementos que se inicien como resultado de denuncia por parte do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, o órgano instructor, antes de formula-la oportuna proposta de resolución, someterá o expediente a informe do dito Ministerio. A proposta de resolución deberá ser motivada se se separa deste informe.»

O resto do número e artigo queda coa mesma redacción.

**Artigo 108.** *Modificación do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións, modificado polo artigo 87 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Modifícase o artigo 2 do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións, modificado polo artigo 87 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Un. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 2 do Real decreto lei 7/2000, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións, que quedará redactado da forma seguinte:

«A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos establecerá, por proposta conxunta dos ministerios de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía, e logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, os prezos da primeira oferta de referencia ós que se refire o parágrafo anterior, correspondente a ámbalas modalidades de acceso ó bucle de abonado, así como os relativos á primeira oferta do servizo maiorista de aluguer de bucle virtual de abonado.»

Dous. Engádenselle dous novos parágrafos ó artigo 2 do Real decreto lei 7/2000, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións, coa seguinte redacción:

«Así mesmo, os operadores dominantes de redes públicas telefónicas fixas proporcionarán a outros operadores un servizo maiorista de aluguer de bucle virtual de abonado, de forma que estes lles poidan facturar ós seus clientes as chamadas e os servizos prestados polos citados operadores dominantes e a cota mensual pola dispoñibilidade da liña telefónica.

O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, logo do informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, establecerá as condicións en que se pro-

verá o servizo maiorista de aluguer de bucle virtual de abonado, así como, de se-lo caso, outros servizos que permitan que os abonados do servizo telefónico fixo reciban unha única factura que agrupe os conceptos sinalados no parágrafo anterior xunto ós servizos prestados por operadores alternativos ós operadores dominantes.»

**Artigo 109.** *Modificación da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres.

Un. Modifícase o artigo 1 da Lei 41/1995, de televisión local por ondas terrestres, que queda coa redacción seguinte:

«Artigo 1. Obxecto.

Esta lei ten por obxecto a regulación do réxime xurídico do servizo de televisión local por ondas terrestres. Enténdese por tal exclusivamente para os efectos de lei aquela modalidade de televisión consistente na emisión ou transmisión, con tecnoloxía dixital, de imaxes non permanentes dirixidas ó público sen contraprestación económica directa por medio de ondas electromagnéticas propagadas por unha estación transmisora terreal no ámbito territorial sinalado no artigo 3 desta lei.»

Dous. Modifícase o artigo 3 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, que queda coa redacción seguinte:

«Artigo 3. *Número de concesións de cobertura local.*

1. Corresponderalle ó Goberno a aprobación do Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local, á vista das solicitudes presentadas polas comunidades autónomas e tendo en conta as frecuencias dispoñibles, que se determinarán respectando o dereito ó acceso equitativo de todas elas ós recursos de espectro, a compatibilidade radioelétrica entre comunidades adxacentes, así como as limitacións derivadas da coordinación radioelétrica internacional.

O Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local determinará as canles múltiples necesarias e os ámbitos de cobertura destas canles múltiples destinadas á difusión dos servizos de televisión local.

2. O Plan reservará canles múltiples, con capacidade para a difusión de, polo menos, catro programas de televisión dixital, para atender-las necesidades de cada unha das capitais de provincia e autonómicas, e de cada un dos municipios cunha poboación de dereito superior a 100.000 habitantes se a capacidade do espectro o permite.

3. Cando a comunidade autónoma correspondente solicítase coberturas para municipios de menor poboación, sempre que existan frecuencias dispoñibles, o Plan poderá reservar canles múltiples para atender conxuntamente as necesidades de varios municipios estremeiros cunha poboación de dereito total superior a 25.000 habitantes ou cunha cobertura que inclúa tódolos municipios nun raio de, polo menos, 25 quilómetros.»

Tres. Modifícase o artigo 4 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, que queda coa redacción seguinte:

«Artigo 4. *Ámbito territorial de cobertura.*

O ámbito de cobertura de cada canle múltiple reservada para a cobertura local será o establecido en cada caso no Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local.»

Catro. Modifícase o número 4 do artigo 7 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, que queda redactado da maneira seguinte:

«4. O control da formación de cadeas e emisión en cadea nas televisións locais por ondas terrestres correspóndelles ás comunidades autónomas, salvo no suposto de que a formación de cadeas ou a emisión en cadea se realice no territorio ou en localidades de máis dunha comunidade autónoma, caso no que o control lle corresponderá á Administración xeral do Estado.»

Cinco. Engádeselle un novo número, o 5, ó artigo 7 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, que queda redactado da maneira seguinte:

«5. A comunidade autónoma competente e, no suposto de que se realice no territorio ou en localidades de máis dunha comunidade autónoma, a Administración xeral do Estado poderá autorizar, logo de conformidade dos plenos dos municipios afectados, e por solicitude dos xestores do servizo, emisións en cadea en atención a características de proximidade territorial e de identidades sociais e culturais destes municipios.»

Seis. Modifícase o artigo 9 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, que queda coa redacción seguinte:

«Artigo 9. *Modo de xestión.*

1. Unha vez aprobado no Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local, a reserva de frecuencia para a difusión dunha canle múltiple de televisión local nunha determinada demarcación, os municipios incluídos dentro dela poderán acordala xestión por si dun programa de televisión local con tecnoloxía dixital, dentro do múltiple correspondente a esta demarcación.

A decisión de acordala xestión directa dun programa de televisión dixital deberá ter sido adoptada polo Pleno da Corporación municipal.

No suposto de que o ámbito de cobertura da canle múltiple comprenda varios termos municipais, o programa reservado para a xestión directa municipal será atribuído conxuntamente ós municipios incluídos nese ámbito de cobertura que así o solicitasen.

2. Os restantes programas dispoñibles para a difusión do servizo de televisión local serán adxudicados polas comunidades autónomas de acordo co previsto no artigo 13 desta lei.

3. En ámbolos casos, correspóndelles ás comunidades autónomas o outorgamento das correspondentes concesións para a prestación do servizo.»

Sete. Modifícase o artigo 17 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, que queda redactado da maneira seguinte:

«Artigo 17. *Exercicio das competencias sancionadoras.*

A Administración xeral do Estado exercerá a súa competencia sancionadora de acordo co previsto nesta lei no que se refire ás infraccións cometidas polos operadores de televisión local por ondas terrestres con efectos que excedan do ámbito territorial dunha comunidade autónoma, así como de

acordo co previsto no artigo 82 da Lei xeral de telecomunicacións, no que se refire ás infraccións que, en calquera suposto, se poidan cometer contra a normativa reguladora de aspectos técnicos e de protección do espectro radioeléctrico.»

Oito. Modifícase o artigo 20 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, que queda redactado como segue:

«Artigo 20. *Número de estacións transmisoras.*

Será precisa autorización previa do secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información cando, para obter a cobertura completa de toda a zona de servizo, fose necesaria a instalación de máis dunha estación. O prazo para outorgala autorización á que se refire este número e para notificarla resolución será de tres meses.»

Nove. Modifícase o artigo 21 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, que queda redactado como segue:

«Artigo 21. *Características técnicas.*

Correspóndelle á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía establece-las características técnicas das estacións de televisión local, así como aproba-las proxectos técnicos das instalacións. Os proxectos técnicos das instalacións, que deberán cumprilas características técnicas establecidas pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, presentaranse ante o órgano competente da comunidade autónoma, para a súa remisión por esta á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información para a súa aprobación. Esta terá un prazo de tres meses para examinalo proxecto e notificarla resolución.»

Dez. A disposición transitoria única da Lei 41/1995, do 22 de decembro, pasa a ser disposición transitoria primeira, e engádesa unha disposición transitoria segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria segunda. *Plan Nacional da Televisión Dixital Local e procedemento de concesións.*

1. O prazo para a presentación de solicitudes polas comunidades autónomas, a que se refire o artigo 3.1, comezará o 1 de xaneiro de 2003, e finalizará o 31 de marzo do mesmo ano.

2. Dentro dos sete meses seguintes ó prazo de finalización de presentación de solicitudes, o Goberno aprobará o Plan Nacional da Televisión Dixital Local.

3. O prazo para determina-lo modo de xestión das canles asignadas ós municipios e ás agrupacións de municipios, a que se refire o artigo 9.1, será de tres meses, contado a partir da aprobación do Plan Nacional da Televisión Dixital Local.

4. Finalizado este prazo, as comunidades autónomas disporán de cinco meses para a convocatoria dos concursos e adxudicación das concesións.»

Artigo 110. *Modificación do artigo 19 da Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada.*

Dáselle nova redacción ó artigo 19 da Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, que pasa a te-lo seguinte contido:

«1. As persoas físicas ou xurídicas que participen no capital dunha sociedade concesionaria dun servizo

público de televisión de ámbito estatal non poderán participar en ningunha outra sociedade concesionaria dun servizo público de televisión, sexa cal sexa o seu ámbito de cobertura.

2. As persoas físicas ou xurídicas que participen no capital dunha sociedade concesionaria dun servizo público de televisión de ámbito autonómico ou local poderán participar no capital doutras sociedades concesionarias destes mesmos ámbitos, sempre que a poboación da demarcación cuberta polas súas emisións non exceda dos límites que se determinarán regulamentariamente, procurando o necesario equilibrio entre o pluralismo informativo e a liberdade de acceso a medios de comunicación

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, non se poderá participar no capital de máis dunha sociedade concesionaria dun servizo público de televisión cun ámbito de cobertura coincidente.

En caso de participarse no capital dunha sociedade concesionaria dun servizo público de televisión de ámbito autonómico, non se poderá participar no capital doutra sociedade concesionaria dun servizo público de televisión de ámbito local cun ámbito de cobertura comprendido no da televisión autonómica.

3. O disposto no presente artigo aplicarase a calquera forma de participación no capital das sociedades concesionarias de servizos públicos de televisión, sexa directa, indirecta ou a través dunha ou varias persoas físicas ou xurídicas interpostas e sexa cal sexa a participación que se posúa nestas sociedades.

4. En todo caso, será de aplicación o disposto na Lei 16/1989, do 19 de xullo, de defensa da competencia.»

**Artigo 111. *Modificación da Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada. Réxime transitorio de aplicación de incompatibilidades.***

Adiciónaselle unha nova disposición transitoria terceira á Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, co seguinte contido:

«Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio de aplicación das incompatibilidades previstas no artigo 19.*

As persoas físicas ou xurídicas que, no momento de entrada en vigor desta lei, incumpran os límites impostos no artigo 19, deberán adecuar as participacións das que sexan titulares no capital das sociedades concesionarias de servizos públicos de televisión, de calquera ámbito territorial, ós límites que neste precepto se establecen, no prazo dun ano contado desde o 1 de xaneiro de 2003. Transcorrido o prazo indicado sen que se efectuase a citada adecuación, será de aplicación o réxime sancionador ou de extinción da concesión, previsto para o efecto.»

**Artigo 112. *Modificación do artigo 17.1.b) da Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada.***

Dáselle nova redacción ó artigo 17.1.b) da Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, que pasa a te-lo seguinte contido:

«b) Por incumprimento dos requisitos establecidos polos artigos 18 e 19 desta lei, sempre que, neste último caso, a vulneración do artigo 19 sexa imputable ó socio maioritario, ou que, doutro modo, posúa o control da sociedade concesionaria.

Noutro caso será de aplicación o sinalado no capítulo IV desta lei.»

**Artigo 113. *Modificación do artigo 24.2 da Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada.***

Engádeselle un parágrafo h) ó artigo 24.2 da Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, co seguinte contido:

«h) O incumprimento do previsto no artigo 19 desta lei por aqueles socios das entidades concesionarias que non teñan a condición de maioritarios, ou non posúan, de calquera outro modo, o control da sociedade concesionaria.»

**Artigo 114. *Modificación da Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións, en relación coa radiodifusión sonora.***

Un. Modifícase o parágrafo a) do número dous da disposición adicional sexta da Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións, que pasa a te-la seguinte redacción:

«a) A concesión outorgarase por un prazo de dez anos e renovarase sucesivamente por períodos iguais, salvo que o titular incumprise algunha das obrigas esenciais da concesión ou fose condenado mediante sentenza firme por vulnerar algún dereito fundamental. O disposto neste número enténdese senprexuízo das condicións impostas polo ordenamento respecto dos títulos habilitantes para o uso do dominio público radioeléctrico.»

## CAPÍTULO VI

### Acción administrativa en materia de deportes

**Artigo 115. *Modificación da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.***

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte:

Un. Engádenselle ó número 2 do artigo 60 da Lei do deporte os parágrafos k), l), m) e n), coa seguinte redacción:

«k) A declaración dun acontecemento deportivo como de alto risco, para os efectos determinados nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

l) A coordinación cos órganos periféricos da Administración xeral do Estado, con funcións en materia de prevención da violencia no deporte, así como o seguimento da súa actividade.

m) Emitir informe preceptivo sobre as disposicións que en materia de espectáculos públicos diten as comunidades autónomas, en canto poidan afectar as competencias estatais sobre a prevención da violencia nos acontecementos deportivos.

n) No marco da súa propia regulamentación, ser un dos proponentes anuais da concesión do premio nacional que premia os valores de deportividade.»

O resto do número e artigo queda coa mesma redacción.

Dous. Dáselle nova redacción ó número 1 do artigo 58 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Tódolos deportistas con licenza para participar en competicións oficiais de ámbito estatal terán obriga de someterse ós controis previstos no artigo anterior, durante as competicións ou fóra

delas, por requirimento do Consello Superior de Deportes, das federacións deportivas españolas, das ligas profesionais ou da Comisión Nacional Antidopaxe.

Para estes efectos, estes deportistas terán a obriga de facilita-los datos que permitan en todo momento a súa localización, incluíndo o seu programa de adestramento.»

Tres. Modifícase o artigo 63 da Lei do deporte, que queda redactado do seguinte modo:

«1. As persoas físicas ou xurídicas que organicen calquera proba, competición ou espectáculo deportivo de ámbito estatal ou os eventos que constitúan ou formen parte das ditas competicións serán responsables dos danos e desordes que se puidesen producir pola súa falta de dilixencia ou prevención, todo isto de conformidade e co alcance que se prevé nos convenios internacionais sobre a violencia deportiva ratificados por España. Esta responsabilidade é independente daquela na que puidesen ter incorrido no ámbito penal ou no puramente deportivo como consecuencia do seu comportamento na propia competición.

2. Os xogadores, técnicos, directivos e demais persoas sometidas a disciplina deportiva responderán dos actos que poidan ser contrarios ás normas ou actuacións preventivas da violencia deportiva, de conformidade co disposto no título XI e nas disposicións regulamentarias e estatutarias.»

Catro. Modifícase o artigo 64 da Lei do deporte, que queda redactado do seguinte modo:

«As federacións deportivas españolas e ligas profesionais deberanlle comunicar á autoridade gubernativa competente por razón da materia a que se refire este título, con antelación suficiente, a proposta dos encontros que poidan ser considerados de alto risco, de acordo cos baremos que estableza o Ministerio do Interior.

A declaración dun encontro como de alto risco corresponderalle á Comisión Nacional contra a Violencia nos Espectáculos Deportivos, previa a proposta das federacións deportivas e ligas profesionais prevista no parágrafo anterior, e implicará a obriga dos clubs e sociedades anónimas deportivas de reforza-las medidas de seguridade nestes casos, que comprenderán como mínimo:

Sistema de venda de entradas.

Separación das afeccións rivais en zonas distintas do recinto.

Control de acceso para o estricto cumprimento das prohibicións existentes.»

Cinco. Modifícase o artigo 66 da Lei do deporte, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Queda prohibida a introducción e exhibición en espectáculos deportivos de pancartas, símbolos, emblemas ou lendas que, polo seu contido ou polas circunstancias nas que se exhiban ou utilicen, poida ser considerado como un acto que incite, fomenta ou axude os comportamentos violentos, xenófobos, racistas ou terroristas, ou como un acto de manifesto desprezo deportivo ós participantes no espectáculo deportivo. Os organizadores dos espectáculos están obrigados á súa retirada inmediata.

2. Queda prohibida a introducción e a tenza, activación ou lanzamento, nas instalacións ou recintos nos que se realicen ou desenvolvan espectáculos deportivos, de toda clase de armas ou de

obxectos que puidesen produci-los mesmos efectos, así como de bengalas, petardos, explosivos ou, en xeral, produtos inflamables, fumixenos ou corrosivos; e impediráselle-la entrada a todas aquelas persoas que intenten introducir tales obxectos ou outros análogos.»

Seis. Modifícase o artigo 67 da Lei do deporte, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Queda prohibida nas instalacións nas que se realicen competicións deportivas a introducción e venda, consumo ou tenza de toda clase de bebidas alcohólicas e de substancias estupefacientes, psicotrópicas, estimulantes ou produtos análogos.

2. Os envases das bebidas que se expendan ou introduzan nas instalacións en que se realicen espectáculos deportivos deberán reuni-las condicións de rixidez e capacidade que regulamentariamente se estableza, oída a Comisión Nacional contra a Violencia.

3. As persoas que introduzan ou vendan nos recintos deportivos calquera clase de bebidas sen respecta-las limitacións que se establecen nos parágrafos precedentes serán sancionadas pola autoridade gubernativa.

4. Os organizadores de espectáculos deportivos nos que se produzan situacións definidas no artigo 66 e nos números anteriores do presente artigo, poderán ser igualmente sancionados se incumprisen as medidas de prevención e control.»

Sete. Modifícase o parágrafo g) e incorpórase un novo parágrafo, o h), na letra A) do número 3 do artigo 69 da Lei do deporte, coa seguinte redacción:

«A) Son infraccións moi graves:

[...]

g) O incumprimento das prohibicións a que se refiren os artigos 66 e 67.1 desta lei cando concorran circunstancias de especial risco, perigo ou participación nelas, ou cando a súa aplicación resulte un acto de exaltación xenófoba, racista ou de apoio e xustificación das accións violentas ou terroristas, ou menosprezo das súas vítimas ou familiares.

h) O quebrantamento das sancións impostas en materia de prevención da seguridade e violencia no deporte.»

O resto da letra A) do número 3 queda coa mesma redacción.

Oito. Modifícase o parágrafo d) e incorpórase un novo parágrafo, o e), á letra B) do número 3 do artigo 69 da Lei do deporte, coa seguinte redacción:

«Letra B) Son infraccións graves:

[...]

d) O incumprimento da prohibición a que se refiren os artigos 66 e 67 desta lei cando non concorran as circunstancias previstas na letra A).g).

[...]

e) A irrupción non autorizada nos terreos de xogo, salvo que, como consecuencia disto, se alteren ou perturben gravemente as condicións de realización dos espectáculos deportivos ou se produzan danos ou riscos graves nas persoas ou nas cousas, caso no que constituirá infracción moi grave.»

O resto da letra B) do número 3 queda coa mesma redacción.

Nove. Modifícase a letra A) do número 4 do artigo 69 da Lei do deporte, que queda redactada do seguinte modo:

«A) Imposición das sancións económicas seguintes:

De 150 a 3.000 euros en caso de infraccións leves.

De 3.000,01 a 60.100 euros en caso de infraccións graves.

De 60.100,01 a 650.000 euros, en caso de infraccións moi graves.»

Dez. Modifícase o número 5 do artigo 69 da Lei do deporte, que queda redactado do seguinte modo:

«5. Ademais das sancións previstas no número anterior, poderán tamén imporse as seguintes atendendo ás circunstancias que concorran nos feitos, e moi especialmente á súa gravidade ou repercusión social:

a) Nos supostos dos números 3.A).e), f) e g), a expulsión ou prohibición de acceso ó recinto deportivo con carácter cautelar ou, de se-lo caso, a prohibición de acceso a calquera recinto deportivo por un período entre cinco meses e cinco anos. Esta sanción poderáselle impor igualmente a quen cometa as actitudes e comportamentos a que se refire o artigo 66 desta lei.

b) Nos supostos dos números 3.B).a), d) e e), a expulsión ou prohibición de acceso ó recinto deportivo con carácter cautelar ou, de se-lo caso, a prohibición de acceso a calquera recinto deportivo por un período non superior a cinco meses, agás no caso dos vendedores a que se refire o artigo 67.3, en que poderá acadar ata os cinco anos.»

Once. Modifícase o número 6 do artigo 69 da Lei do deporte, que queda redactado do seguinte modo:

«6. Das infraccións a que se refire o presente artigo serán administrativamente responsables os seus autores e quen colabore con eles como cómplice. Neste último caso as sancións económicas que correspondan imporanse atendendo ó grao de participación.»

Doce. Modifícase o número 2.º do número 7 do artigo 69 da Lei do deporte, que queda redactado do seguinte modo:

«2.º Cando a competencia sancionadora corresponda á Administración xeral do Estado, a imposición de sancións realizaraa:

- A) O delegado do Goberno, ata 60.100 euros.
- B) O secretario de Estado de Seguridade, ata 180.000 euros.
- C) O ministro do Interior, ata 360.000 euros.
- D) O Consello de Ministros, ata 650.000 euros.

A competencia para impoñe-las sancións de inhabilitación temporal para organizar espectáculos deportivos e para a clausura temporal de recintos deportivos corresponderalle ó secretario de Estado de Seguridade, se o prazo de suspensión fose igual ou inferior a un ano, e ó ministro do Interior, se fose superior a este prazo.»

Trece. Modifícase o número 8 do artigo 69 da Lei do deporte, que queda redactado do seguinte modo:

«8. No exercicio da potestade sancionadora a que se refire o presente título serán de aplicación, no non disposto nel, os principios e as prescricións contidos no título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións

públicas e do procedemento administrativo común, especialmente no que se refire á extinción da responsabilidade, prescrición das infraccións e sancións, execución de sancións e principios xerais do procedemento sancionador.»

Catorce. Dáselle nova redacción ó parágrafo d) do número 1 do artigo 76 da Lei do deporte, que queda redactado do seguinte modo:

«d) A promoción, incitación, consumo ou utilización de prácticas prohibidas a que se refire o artigo 56 desta lei, a negativa a someterse ós controis esixidos por órganos e persoas competentes, así como calquera acción ou omisión que impida ou perturbe a correcta realización destes controis, e o incumprimento da obriga de información imposta ós deportistas no artigo 58.1 desta lei, para a súa localización, ou a subministración de información falsa.»

Quince. Incorpórase un novo parágrafo, o h), ó número 1 do artigo 76 da Lei do deporte, coa seguinte redacción:

«h) A participación, organización, dirección, encubrimiento ou facilitación de actos, conductas ou situacións que poidan inducir ou ser considerados como actos violentos, racistas ou xenófobos.»

O resto do número continúa coa mesma redacción. Dezaseis. Incorpórase un novo parágrafo, o g), no número 2 do artigo 76 da Lei do deporte, coa seguinte redacción:

«g) A omisión do deber de asegura-lo correcto desenvolvemento dos espectáculos deportivos que impliquen risco para os espectadores e que se materialicen en invasións de campo, coacción fronte ós deportistas, árbitros ou equipos participantes, en xeral.»

O resto do número continúa coa mesma redacción. Dezasete. Dáselles nova redacción ós parágrafos c) e d) do número 1 do artigo 79 da Lei do deporte, que quedan redactados do seguinte modo:

- «c) As de carácter económico, nos casos en que os deportistas, técnicos, xuíces ou árbitros perciban retribución polo seu labor, debendo figurar cuantificadas no regulamento disciplinario e nos estatutos da federación correspondente. As sancións de carácter económico poderáselles impor a tódolos que interveñen ou participan nas competicións declaradas como profesionais, debéndose igualmente proceder á súa cuantificación nos regulamentos e estatutos correspondentes, así como, de se-lo caso, os da Liga Profesional.
- d) As de clausura do recinto deportivo.»

Dezaoito. Incorpórase un novo parágrafo, o f), ó número 1 do artigo 79 da Lei do deporte, coa seguinte redacción:

«f) A de apercibimento, nos casos en que o deportista, mesmo tendo facilitado os datos esixidos no artigo 58.1 desta lei, non sexa localizado ata en tres ocasións. En máis de tres ocasións aplícaranse as sancións previstas no número 1.a) do presente artigo.»

Dezanove. Dáselle nova redacción ó artigo 81 da Lei do deporte, que queda redactado do seguinte modo:

«As sancións impostas a través do correspondente expediente disciplinario serán inmediatamente

te executivas sen que as reclamacións e os recursos que procedan contra elas paralicen ou suspendan a súa execución, todo isto sen prexuízo das facultades que lles corresponden ós órganos disciplinarios das distintas instancias de adoptar, por instancia de parte, as medidas cautelares que xulguen oportunas para o aseguramento da resolución que, no seu día, se adopte.»

Vinte. Incorpórase unha nova disposición transitoria, a sexta, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria sexta. *Determinación das funcións, dereitos e obrigas das agrupacións de voluntarios.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente modificación, a Comisión Nacional contra a Violencia nos Espectáculos Deportivos levará a cabo as propostas a que fai referencia o número 2 do artigo 62 desta lei.»

## CAPÍTULO VII

### Acción administrativa en materia de agricultura

Artigo 116. *Declaración de interese xeral de determinadas obras de infraestructuras hidráulicas con destino a rega e outras infraestructuras.*

Un. Decláranse de interese xeral as seguintes obras:

A) Obras de modernización e consolidación de regadíos.

Andalucía:

Mellora dos sistemas productivos na zona regable da costa noroeste de Cádiz, no termo municipal de Chipiona.

Mellora de regadíos da Comunidade de Usuarios «Campo de Níjar-Rambla Morales», en Níjar e Almería (Almería).

Modernización da zona regable de Bornos (Cádiz).

Modernización da rega na zona regable da marxe esquerda do Baixo Guadalete, en Jerez de la Frontera e Puerto Real (Cádiz).

Modernización das instalacións de rega da Comunidade de Regantes do Pantano del Guadalmellato, en Almodóvar del Río e Córdoba (Córdoba).

Modernización dos regadíos da Comunidade de Regantes da Marxe Esquerda do Genil nos termos municipais de Lora del Río e Peñaflor (Sevilla) e Palma del Río (Córdoba).

Modernización dos regadíos da Comunidade de Regantes de El Villar nos termos municipais de Écija e Fuente Palmera (Sevilla).

Asturias:

Mellora da canle de rega da Comunidade de Regantes de Laneo, termo municipal de Salas.

Mellora do sistema de rega de La Vega de San Martín de Lodón, da Comunidade de Regantes de San Cristóbal, San Martín de Lodón e Longoria, termo municipal de Belmonte de Miranda.

Aragón:

Mellora de regadío da Comunidade de Regantes Sector VII do Canal do Flumen de Fraella, en Granén, Lalueza e Poleñino (Huesca).

Modernización das infraestructuras de regadío na Comunidade de Regantes «Cartuja-San Juan» da Cartuja de Monegros e San Juan de Flumen, en Sariñena (Huesca).

Mellora de regadío-modificación do regadío existente a regadío por aspersión, encoros de regulación, insta-

lacións de bombeo, redes de distribución, correspondente á Comunidade de Regantes de Lalueza, en Lalueza (Huesca).

Mellora de regadío-modificación do regadío existente a regadío por aspersión, instalacións de bombeos, rede de distribución correspondente á Comunidade de Regantes do Sector XI do Canal de Monegros-Comunidade de Regantes de Lanaja-Colectividade de Orillena, de Lanaja-Orillena (Huesca).

Modernización das infraestructuras hidráulicas da Comunidade de Regantes de Barbués, en Barbués (Huesca).

Modernización das infraestructuras de regadío na Comunidade de Regantes de Sangarrén, en Sangarrén (Huesca).

Mellora de regadío-modificación do regadío existente a regadío por aspersión, encoro de regulación, instalación de bombeos, rede de distribución, correspondente á Comunidade de Regantes do Sector X do Canal do Flumen, en Capdesaso, Alberuela de Tubo, San Lorenzo del Flumen e Huerto (Huesca).

Modernización de regadíos da Comunidade do Monte Saso da Comunidade de Regantes número V das regas de Bardenas no termo municipal de Biota (Zaragoza).

Transformación en rega á presión da Comunidade de Regantes de Tramaced (Huesca).

Modificación do regadío existente a regadío por aspersión (instalación de bombeo e rede de distribución) da Comunidade de Regantes de Lanaja, nos termos municipais de Lanaja, Poleñino, Lalueza e Alcubierre (Huesca).

Modificación do regadío existente a regadío á presión (balsas de regulación, rede de distribución, instalacións de filtrado e automatismos) da Comunidade de Regantes de Valmuel de Alcañiz, barrios de Valmuel e Puigmoreno de Alcañiz (Teruel).

2.500 hectáreas no denominado «Regadío del Monte» no termo municipal de Fuentes de Ebro, provincia de Zaragoza.

1.730 hectáreas para a realización de regadío social en Llanos de Fayón, provincia de Zaragoza.

Baleares:

Utilización das augas residuais de Artá para rega, Comunidade de Regantes de Artá (Mallorca).

Utilización das augas residuais de Capdepera para rega, Comunidade de Regantes de Torrent de Canyamel, en Capdepera (Mallorca).

Eliminación de vertidos de augas residuais da EDAR de Es Castell e aproveitamento agrícola, Comunidade de Regantes de Maó-Es Castell, termo municipal de Es Castell (Mallorca).

Canarias:

Rede de rega en Valle Gran Rey (La Gomera).

Balsa e rede de rega en Las Hayas, termo municipal de Valle Gran Rey (La Gomera).

Rede de rega en Santa Bárbara, termo municipal de Icod de los Vinos (Tenerife).

Rede de distribución de auga de rega en Fuerteventura, fase II (tramo Tiscamanita-Tuineje-Casas de la Florida-Juan Gopar-Mazacote), termo municipal de Tuineje (Fuerteventura).

Castilla y León:

Consolidación e mellora do regadío da Comunidade de Regantes da Zona Baixa das Canles do Arlanzón, marxe dereita (Burgos).

Consolidación e mellora do regadío na zona regable do Canal Campillo de Buitrago (Soria).

Consolidación e mellora do regadío na zona regable do Canal da Retención (Palencia).

Consolidación e mellora do regadío da Comunidade de Regantes do Canal de Riaza (Valladolid).

Consolidación e mellora do regadío da Comunidade de Regantes de Ejeme-Galisancho (Salamanca).

Rega por aspersión na zona regable do Canal de La Maya (Salamanca).

Mellora e consolidación do regadío do Canal Baixo do Bierzo, termos municipais de Ponferrada, Camponaraya e Carracedo (León).

Mellora e consolidación do regadío do Canal Alto do Bierzo, termos municipais de Ponferrada, Camponaraya, Carracedo, Arganza, Cabañas Raras, Cacabelos, Cubillos del Sil e Sancedo (León).

Cataluña:

Proxecto de revestimento da acequia da Plana de San Ruf da Comunidade de Regantes de San Ruf no termo municipal de Torreserona (Lleida).

Mellora de regadío da Comunidade de Regantes de Comastreta, tomas 69,5 e 70,6, do Canal de Aragón e Cataluña, no termo municipal de Almenar (Lleida).

Transformación en rega á presión da Comunidade de Regantes «Pla d'Escarp», toma 121 bis, no termo municipal de Massalcoreig (Lleida).

Mellora de rega mediante transformación en rega por aspersión da Comunidade de Regantes La Torrasa do Canal de Aragón e Cataluña no termo municipal de Masalcoreig (Lleida).

Mellora de rega na Comunidade de Regantes La Acequia de Escarp no termo municipal de Granja de Escarp (Lleida).

Entubamento da Acequia Maior de Aitona da Comunidade de Regantes da Acequia Maior nos termos municipais de Aitona, Serós, Soses e Torres de Segre (Lleida).

Mellora de regadío mediante transformación a rega á presión da Comunidade de Regantes número 85 do Canal de Aragón e Cataluña, no termo municipal de Almacellas (Lleida).

Proxecto de reparación da primeira toma do Canal de Aragón e Cataluña, no termo municipal de Serós (Lleida).

Mellora de regadío mediante construción dun enco para rega á presión natural da Comunidade de Regantes de Montagut, nos termos municipais de Lleida e Alcarrás (Lleida).

Mellora de regadío da Comunidade de Regantes do Molí no termo municipal de Salás de Pallars (Lleida).

Mellora de regadío mediante a transformación a rega por presión e localizado da Comunidade de Regantes «Plans de Sudanell» no termo municipal de Sudanell, El Segría (Lleida).

Mellora de regadío da Comunidade de Regantes de Coll de Nargó, no termo municipal de Coll de Nargó (Lleida).

Transformación da rede de rega á manta con elevación desde o río Segre, por rega á presión por goteo, da Comunidade de Regantes «Els Vilars», no termo municipal de Aitona (Lleida).

Mellora das acequias principais e secundarias e ampliación do pantano da Comunidade de Regantes de Aramunt no termo municipal de Conca de Dalt (Lleida).

Entubado da acequia de Torres de Segre, da Comunidade de Regantes de Torres de Segre, no termo municipal de Lleida e Albatarrac (Lleida).

Mellora de regadío mediante entubación de acequia en terra da Comunidade de Regantes de Artesa de Segre e Montsonís no termo municipal de Artesa de Segre (Lleida).

Transformación nunha rega á presión comunitaria na Comunidade de Regantes do Canal de Aragón e Cataluña de Soses nos termos municipais de Soses, Aitona e Fraga (Lleida-Huesca).

Acondicionamento, consolidación e obras anexas de enco para rega do sector I de Sucs (Lleida) para a Comunidade de Regantes de Sucs (Lleida).

Transformación de rega á manta a rega á presión no sector III (Zona de Pla) da Comunidade de Regantes de Gimennells-Pla de la Font, termo municipal de Gimennells (Lleida).

Mellora da rega do Pla de Valmanya, toma 10,0 esquerda, da Comunidade de Regantes de Pla de Valmanya, no termo municipal de Alcarrás (Lleida).

Modernización de regadío da Comunidade de Regantes de Bolós no termo municipal de Almenar (Lleida).

Construción de enco e encanamento de impulsión e distribución, da Comunidade de Regantes de Montagut de Alcarrás, no termo municipal de Alcarrás (Lleida).

Mellora de regadío mediante a transformación en rega á presión, da Comunidade de Regantes de Pla d'Escarp no termo municipal de Massalcoreig (Lleida).

Mellora da acequia do Molí do Compte, da Comunidade de Regantes de Balaguer, nos termos municipais de Camarasa e Balaguer (Lleida).

Transformación de rega por gravidade a rega por presión, da Comunidade de Regantes de Massalcoreig, toma 115,3 dereita do Canal de Aragón e Cataluña, no termo municipal de Massalcoreig (Lleida).

Mellora e modernización dos regadíos da Comunidade de Regantes da marxe dereita do río Muga, en diversos termos municipais (Girona).

Mellora e modernización dos regadíos da marxe dereita do río Ter, da Comunidade de Regantes Acequia do Molís de Pals, en diversos termos municipais (Girona).

Mellora e modernización dos regadíos da marxe dereita do río Ter, da Comunidade de Regantes da Presa de Colomers, nos termos municipais de Colomers, Jafre, Verges, La Tallada, Bellcaire d'Emporda e La Escala (Girona).

Mellora do regadío con rega á presión da Comunidade de Regantes de «Mora d'Ebre», no termo municipal de Mora d'Ebre (Tarragona).

Renovación da rede de rega da Comunidade de Regantes de Benissanet, no termo municipal de Benissanet (Tarragona).

Obras de modernización e mellora dos regadíos da Comunidade de Regantes Sindicato Agrícola del Ebro, nos termos municipais de Deltebre, Camarles, Ampolla, Aldea, Tortosa e Tivenys (Tarragona).

Substitución do «Canal Vell» e obras de renovación da rede de rega da Comunidade de Regantes «Pantà de Riudecanyes», en diversos termos municipais (Tarragona).

Depósito de regulación e obras auxiliares para a Comunidade de Regantes de Mas de Barberans, no termo municipal de Mas de Barberans (Tarragona).

Acondicionamento e mellora da acequia da Comunidade de Regantes Sindicato de Riegos de Cardona, no termo municipal de Cardona (Barcelona).

Proxecto de mellora da Acequia de la Solana da Comunidade de Regantes Acequia de la Solana de Ger, nos termos municipais de Guils de Cerdanya, Bolvir, Ger e Isòvol (Girona).

Madrid:

Obras de modernización e consolidación de regadíos na zona regable de Torremocha da Comunidade de Regantes de Torremocha de Jarama.

Obras de modernización e consolidación de regadíos na zona regable de Patones da Comunidade de Regantes de Patones.

Murcia:

Rega localizada e sistema de control informatizado nos regadíos tradicionais do Heredamiento de la acequia Caravija, termos municipais de Archena e Lorquí (Murcia).

Modernización dos regadíos da Comunidade Xeral de Regantes de Caravaca de la Cruz (Murcia).

Plan de mellora dos regadíos da Comunidade Xeral de Regantes da Acequia La Andelma en Cieza (Murcia).

## La Rioja:

Modernización e mellora de regadío do sector 1.º do tramo III do Canal da marxe esquerda do río Najerilla-Acequia de San Asensio (La Rioja).

Modernización e mellora de regadío do sector 2.º do tramo III do Canal da marxe esquerda do río Najerilla (La Rioja).

## Comunidade Valenciana:

Proxecto de transformación do sistema de rega tradicional polo de rega localizada da Comunidade de Regantes de Burriana, no termo municipal de Burriana (Castellón).

Proxecto de transformación do sistema de rega tradicional polo de rega localizada das Comunidades de Regantes de Nules, Mascarell e Fortuna e Marjalera de Nules, no termo municipal de Nules (Castellón).

Modernización do regadío da Acequia dos Quatre Pobles da Comunidade de Regantes Acequia Mayor de la Extinguida Villa y Honor de Corbera (Catro Pobos), nos termos municipais de Corbera, Riola, Fortaleny e Polinya do Xúquer (Valencia).

Modernización do regadío da Comunidade de Regantes de Cullera, no termo municipal de Cullera (Valencia).

## Extremadura:

Mellora e modernización dos regadíos tradicionais das Comunidades de Regantes do Val do Jerte (Cáceres).

## B) Obras de transformación en rega:

## Andalucía:

Transformación en regadío dos sectores XII, XIII, XIV, XV e XVI, da zona regable de Genil-Cabra, na provincia de Córdoba.

## Canarias:

Redes de rega das medianías de Tenerife: rede de Fasnía (Tenerife).

Balsa de «El Tesoro» e rede de rega de Erese Norte, termo municipal de Valverde (El Hierro).

Balsa de La Hoya de los Roques e rede de rega, termo municipal de La Frontera (El Hierro).

Balsa de Corralillos para a regulación en cola da rede de augas depuradas de Las Palmas ó sur, termo municipal de Agüimes (Gran Canaria).

## Extremadura:

Transformación en regadío da zona de Monterrubio de la Serena (Badajoz).

## Comunidade Valenciana:

Regadío de apoio á vide da S.A.T. de Riegos «Las Cuevas», termos municipais de Utiel e Camporrobles (Valencia).

Regadío de apoio á vide da S.A.T. de Riegos «Los Ruices», termo municipal de Requena (Valencia).

Regadío de apoio á vide da S.A.T. de Riegos «Casas-Corrales», termo municipal de Utiel (Valencia).

Regadío de apoio ó oliveiral da S.A.T. de Riegos «Pozo Figalet-Las Viñas», termo municipal de Quesa (Valencia).

Regadío de apoio ó oliveiral, da Comunidade de Regantes «Las Fuentes» e Cooperativa de Rega «Marjal Ichipos», termo municipal de Bolbaite (Valencia).

Regadío de apoio ó oliveiral, da Comunidade de Regantes «Manal», Canal de Navarres, termo municipal de Bicorp (Valencia).

## La Rioja:

Transformación en regadío no interfluvio Iregua-Leza, da Comunidade de Regantes dos novos regadíos do Iregua-Leza, nos termos municipais de Murillo de río Leza,

Ribafrecha, Agoncillo, Alberite, Villamediana de Iregua e Clavijo.

Transformación en regadío da zona regable do Oja-Tirón, fase I, da Comunidade de Regantes do Najerilla-Tirón, nos termos municipais de Cihuri, Tirgo, Cuzcurrita del río Tirón, Sajazarra e Anguciana.

Transformación en regadío da Comunidade de Regantes de Ausejo, termo municipal de Ausejo.

Transformación en regadío no termo municipal de Huércanos (La Rioja), para a Comunidade de Regantes de Huércano (ampliación).

Transformación en regadío no termo municipal de Cenicero (La Rioja), para a Comunidade de Regantes de Cenicero (La Rioja).

Ampliación de regadío no termo municipal de Fuenmayor (La Rioja).

## C) Outras obras de infraestructuras:

## Asturias:

Rede de camiños de concentración parcelaria nos termos municipais de Cabrales (Carreña-Asiego), Cangas del Narcea (La Escrita, Noceda de Rengos, San Pedro de Culiema), Castropol (Presno), Colunga (Lué), Illas (Illas), Llanes (Ardisana), Pravia (Villavaler), Tineo (Collada-El Prado, Gera, Navaral), Valdés (Villanueva-San Pelayo) e Villayón (Montes de Arbón, Villartorey).

Acceso e equipamento de pastos comunais e colectivos de altura para o seu aproveitamento e aplicación de medidas agroambientais no occidente de Asturias, nos termos municipais de Allande, Cangas de Narcea, San Tirso de Abres e Tineo.

Acceso e equipamento de pastos comunais e colectivos de altura para o seu aproveitamento e aplicación de medidas agroambientais no oriente de Asturias, nos termos municipais de Amieva, Cabrales, Cangas de Onís, Llanes, Onís, Peñamellera Alta, Peñamellera Baja, Piloña, Ponga, Rivadadeva e Ribadesella.

Acceso e equipamento de pastos comunais e colectivos de altura para o seu aproveitamento e aplicación de medidas agroambientais no centro de Asturias, nos termos municipais de Aller, Belmonte de Miranda, Grado, Lena, Proaza, Quirós, Riosa, Santo Adriano, Sobrescobio, Somiedo, Teverga e Yernes e Tameza.

Dous. As obras incluídas neste artigo levarán implícitas as declaracións seguintes:

a) A de utilidade pública para os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

b) A de urxencia para os efectos da ocupación dos bens afectados a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Tres. Esta declaración de interese xeral permitirá as expropiacións forzosas requiridas para estas obras e a urxente ocupación dos bens afectados.

*Artigo 117. Modificación da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias.*

Dáselle nova redacción ó número 1 do artigo 8 da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, que queda do seguinte modo:

«1. Adoptado un acordo no interior da organización interprofesional agroalimentaria, elevarase ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para a súa aprobación, de se-lo caso, mediante orde ministerial, a proposta de extensión de todas ou algunhas das súas normas ó conxunto total de pro-



ductores e operadores do sector ou produto. Cando esta proposta estea relacionada coa competencia doutros departamentos ministeriais, a aprobación farase mediante orde ministerial conxunta.

As propostas de extensión de normas deberán referirse a regras relacionadas con:

a) A calidade dos produtos, incluíndo nela tódolos aspectos relacionados coa sanidade deles ou das súas materias primas, así como a súa normalización, acondicionamento e envasado, sempre e cando non existan disposicións reguladoras sobre a mesma materia, ou, en caso de existiren, se coadruve ó seu cumprimento ou se eleven as esixencias destas.

b) A mellor protección do medio.

c) A mellor información e coñecemento sobre as producións e os mercados.

d) As accións promocionais que redunden en beneficio do sector ou produto correspondente.

e) As accións tendentes a promover a investigación, o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica nos diferentes sectores.»

## CAPÍTULO VIII

### Acción administrativa en materia de ambiente

Artigo 118. *Declaración de interese xeral de obras hidráulicas con destino a abastecemento.*

Un. Decláranse de interese xeral as seguintes obras:

A) Obras de abastecemento a localidades de Castela e León:

1. Abastecemento mancomunado «Vecindad de Burgos y Bajo Arlanza» (Burgos).

2. Abastecemento comarcal á Comunidade de Villa y Tierra de Pedraza. Toma no río Ceguilla (Segovia).

3. Abastecemento comarcal Araviana-Rituerto (Soria).

4. Abastecemento comarcal desde o río Cea. Villalón de Campos e outros (Valladolid).

5. Abastecemento ás localidades do Val de Esgueva. 2.<sup>a</sup> Fase (Valladolid).

6. Abastecemento en alta a Benavente e a outros municipios do Val do Tera (Zamora).

7. Ampliación do abastecemento á comarca das Cinco Villas (Ávila).

B) Obras de abastecemento a localidades de La Rioja:

1. Sistema Iregua. Subsistemas Iregua Oriental e Iregua Occidental.

2. Sistema Najerilla. Subsistemas Najerilla e Cárdenas-Tuerto.

C) Obras na Comunidade Autónoma de Baleares:

1. Ampliación e mellora da estación depuradora de augas residuais Ibiza-Vila.

2. Adecuación das acequias reais de Sa Pobla.

Dous. As obras incluídas no número anterior levarán implícita a declaración de utilidade pública para os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

Tres. As obras incluídas nos números 2 e 4 da letra A) do número un levarán así mesmo implícita a declaración de urxencia para os efectos da ocupación dos bens afectados a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Artigo 119. *Declaración de urxente ocupación de determinadas obras hidráulicas.*

Para os efectos previstos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase urxente a ocupación de bens afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras que a continuación se relacionan, que foron declaradas de interese xeral do Estado pola Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional:

Confederación Hidrográfica do Norte:

Mellora da depuración e vertido de Ferrol.

Mellora da depuración e vertido da Coruña.

Mellora do abastecemento de auga a Oviedo. Estación de tratamento de augas potables do Sistema Aramo-Quirós.

Mellora do abastecemento de auga a Oviedo. Conducción treito ETAP de Cabornio-Depósito de El Cristo.

Rede Automática de Información Hidrolóxica (SAIH) da Conca Norte.

Confederación Hidrográfica do Duero:

Depuradoras e emisarios das localidades do Alto Douro (Soria).

Sistema Automático de Información Hidrolóxica (SAIH) da conca do río Douro. Abastecemento das fontes de La Granja (Segovia).

Confederación Hidrográfica do Tajo:

Anteproxecto de estrada de conexión entre ámbalas marxes do encoro de Buendía.

Mellora do abastecemento a Hervás e Torrejón El Rubio.

Abastecemento a Aldeanueva de la Vera.

Abastecemento a Garrovillas desde o encoro de Alcántara.

Saneamento e depuración de varias vilas da provincia de Ávila.

Confederación Hidrográfica do Guadiana:

Saneamento integral das Lagoas de Ruidera.

Proxecto de Presa de Alcollarín. Termos municipais de Alcollarín e outros (Cáceres).

Proxecto da Presa do Burdalo e medidas correctoras do impacto ambiental (Cáceres).

Proxecto da Presa de Villalba de los Barros. Termos municipais de Villalba de los Barros e outros (Badajoz).

Confederación Hidrográfica do Guadalquivir:

Conducción Vejer e Barbate. Abastecemento de auga á zona gaditana (Cádiz).

Segunda conducción Barrio Jarana Ramal Norte (Cádiz).

Presa de Arenoso (Córdoba).

Canal de Castril (Granada).

Confederación Hidrográfica do Sur de España:

Anteproxecto para concurso de proxecto e obra para construción do tratamento secundario da estación depuradora de augas residuais de La Línea de la Concepción.

Proxecto de saneamento integral da Costa do Sol Occidental Tramo Istán. Colector Principal (Sector Estepona). Termos municipais de Istán e Marbella (Málaga).

Anteproxecto EDAR colectores interceptores, estación de bombeo e emisario submariño de Torrox e colector interceptor Algarrobo plan de saneamento integral Costa sector Torrox. Algarrobo Sol Axarquía (Málaga).

Anteproxecto para concurso de proxecto e obra de ampliación e remodelación da estación depuradora de augas residuais de Fuengirola. Termos municipais de Mijas e Fuengirola (Málaga).

Proxecto de obras de conexión cauce xeral. Regas Vega Zurgena con rede regas Vega Overa. Termo municipal Zurgena (Almería).

Proxecto de encauzamento do río Andarax desde La Boquera de la Higuera ata o mar. Termo municipal de Almería (Almería).

Proxecto de depósito regulador de 25.000 m<sup>3</sup> para a cidade de Melilla.

Confederación Hidrográfica do Segura:

Obras de modernización de regadíos da Veiga Media do Segura.

Obras de medición e control de caudais no río Segura.

Confederación Hidrográfica do Júcar:

Proxecto de encauzamento do río Seco entre a autoestrada A-7 e a súa desembocadura ó mar, en Castellón.

Confederación Hidrográfica do Ebro:

Proxecto de derivación de caudais do río Matarraña.

Proxecto de elevación de augas do río Ebro á conca do Matarraña.

Encoro de Mularroya.

Recrecemento de Santolea.

Canal Segarra-Garrigues.

Artigo 120. *Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

Un. Introdúcese un novo parágrafo no número 1 do artigo 12 da Lei 22/1988, coa seguinte redacción:

«O prazo para notificar a resolución dos procedementos de deslinde será de vinte e catro meses.»

O resto do número queda coa mesma redacción.

Dous. Introdúcese un novo número, o 4, no artigo 74 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, coa seguinte redacción:

«4. As concesións e autorizacións no dominio público marítimo-terrestre outorgáranse respectando o previsto nos instrumentos de planificación do territorio, ou no planeamento urbanístico, calquera que sexa a súa denominación e o seu ámbito, que afecten o litoral, salvo que non proceda o seu outorgamento por razóns de interese público ou cando atenten contra a integridade do dominio público marítimo-terrestre.

No suposto que as obras obxecto de concesión ou actividades ou instalacións obxecto de autorización non estean previstas nos instrumentos de planificación antes citados e non se opoñan ás súas determinacións, ou cando estes non existan, solicitaráselle informe á comunidade autónoma e ó concello nos ámbitos territoriais dos cales incidan, informes que non serán vinculantes para a Administración xeral do Estado.»

Tres. Introdúcese un novo número, o 3, no artigo 78 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, coa seguinte redacción:

«3. O prazo para notificar a resolución do procedemento polo que se declare a extinción do dereito á ocupación do dominio público marítimo-terrestre será de doce meses.»

Catro. Introdúcese un segundo número no artigo 102 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, coa seguinte redacción:

«O prazo para notificación da resolución dos procedementos sancionadores será de doce meses; transcorrido este sen que se produza aquela dicitarse resolución na que se declare a caducidade do procedemento e se ordene o arquivo das actuacións, cos efectos previstos na lexislación vixente.»

O resto do artigo queda coa mesma redacción.

Cinco. Modifícase o artigo 111 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, coa seguinte redacción:

«1. Terán a cualificación de obras de interese xeral e serán competencia da Administración do Estado:

a) As que se consideren necesarias para a protección, defensa, conservación e uso do dominio público marítimo-terrestre, calquera que sexa a natureza dos bens que o integren.

b) As de creación, rexeneración e recuperación de praias.

c) As de acceso público ó mar non previstas no planeamento urbanístico.

d) As situadas no mar e augas interiores, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas.

e) As de iluminación de costas e sinais marítimos.

2. Para a execución das obras de interese xeral, enumeradas no número anterior, solicitaráselle informe á comunidade autónoma e concello nos ámbitos territoriais dos cales incidan, para que no prazo dun mes notifiquen a conformidade ou desconformidade da obra con instrumentos de planificación do territorio, calquera que sexa a súa denominación e o seu ámbito, que afecten o litoral e co planeamento urbanístico en vigor. No caso de non se emitiren, estes informes consideraranse favorables. En caso de desconformidade, o Ministerio de Medio Ambiente elevará o expediente ó Consello de Ministros, que decidirá se procede executar o proxecto e, neste caso, ordenará a iniciación do procedemento de modificación ou revisión do planeamento, conforme a tramitación establecida na lexislación correspondente.

No suposto de que non existan os instrumentos antes citados ou a obra de interese xeral non estea prevista neles, o proxecto remitiráselles á comunidade autónoma e ó concello afectados, para que redacten ou revisen o planeamento co fin de acomodalo ás determinacións do proxecto, no prazo máximo de seis meses desde a súa aprobación. Transcorrido o prazo sen que a adaptación do planeamento se efectuase, considerarase que non existe ningún obstáculo para que se poida executar a obra.

3. As obras públicas de interese xeral citadas no número 1 deste artigo non estarán sometidas a licenza ou calquera outro acto de control por parte das administracións locais e a súa execución non poderá ser suspendida por outras administracións públicas, sen prexuízo da interposición dos recursos que procedan.»

Seis. Engádesse un segundo parágrafo ó artigo 114 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, coa seguinte redacción:

«A competencia autonómica sobre ordenación territorial e do litoral, á que se refire o parágrafo anterior, alcanzará exclusivamente ó ámbito terrestre do dominio público marítimo-terrestre, sen comprende-lo mar territorial e as augas interiores.»

Sete. Modifícase o número 3 da disposición transitoria terceira da Lei 22/1988, do 28 de xullo, que queda coa seguinte redacción:

«Os terreos clasificados como solo urbano á entrada en vigor desta lei estarán suxeitos ás servidumes establecidas nela, coa excepción de que a amplitude da servidume de protección será de 20 metros. Non obstante, respectaranse os usos e as construcións existentes, así como as autorizacións xa outorgadas, nos termos previstos na disposición transitoria cuarta. Así mesmo, poderanse autorizar novos usos e construcións de conformidade cos plans de ordenación en vigor, sempre que se garanta a efectividade da servidume e non se prexudique o dominio público marítimo-terrestre. O sinalamento de aliñacións e rasantes, a adaptación ou reaxuste dos existentes, a ordenación dos volumes e o desenvolvemento da rede viaria levarase a cabo mediante estudos de detalle e outros instrumentos urbanísticos adecuados, que deberán respectar as disposicións desta lei e as determinacións das normas que se aproban de acordo con ela.

Para a autorización de novos usos e construcións, de acordo cos instrumentos de ordenación, aplicaranse as seguintes regras:

1.<sup>a</sup> Cando se trate de usos e construcións non prohibidas no artigo 25 da lei e reúnan os requisitos establecidos no seu número 2.<sup>o</sup>, observarase o réxime xeral nela establecido e as determinacións do planeamento urbanístico.

2.<sup>a</sup> Cando se trate de edificacións destinadas a residencia ou habitación, ou daquelas outras que, por non cumpriren as condicións establecidas no artigo 25.2 da lei, non poidan ser autorizadas con carácter ordinario, só se poderán outorgar autorizacións de forma excepcional, logo de aprobación do Plan xeral de ordenación, normas subsidiarias ou outro instrumento urbanístico específico, nos que se conteña unha xustificación expresa do cumprimento de todos e cada un dos seguintes requisitos indispensables para o citado outorgamento:

a) Que coas edificacións propostas se logre a homoxeneización urbanística do treito de fachada marítima ó que pertencen.

b) Que exista un conxunto de edificacións, situadas a distancia inferior a 20 metros desde o límite interior da ribeira do mar, que manteña a aliñación preestablecida polo planeamento urbanístico.

c) Que na ordenación urbanística da zona se dean as condicións precisas de tolerancia das edificacións que se pretendan levar a cabo.

d) Que se trate de edificación pechada, de forma que, tanto as edificacións existentes, como as que poidan ser obxecto de autorización, queden unidas lateralmente ás contiguas.

e) Que a aliñación dos novos edificios se axuste á dos existentes.

f) Que a lonxitude das fachadas dos soares, edificados ou non, sobre os que se deba actuar para o logro da pretendida homoxeneidade, non supere o 25 por 100 da lonxitude total de fachada do treito correspondente.

O propio planeamento urbanístico deberá propoñer-lo acoutamento dos treitos de fachada marítima dos cales se propoña obte-lo tratamento homoxéneo mediante as actuacións edificatorias para as que se solicite autorización.

3.<sup>a</sup> Nos núcleos que foron obxecto dunha declaración de conxunto histórico ou doutro réxime análogo de especial protección serán de aplicación as medidas derivadas deste réxime con preferencia ás contidas nesta lei.»

**Artigo 121. Modificación da Lei 15/2002, do 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.**

O número 2 «Arquipélago das Illas Ons e Onza» do anexo da Lei 15/2002, do 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia queda redactado nos seguintes termos:

«O espacio marítimo-terrestre poligonal, configurado polos seguintes vértices:

Arquipélago de Ons e Onza

Punto	Denominación	X	Y
1	Punta Centolo (NE).	506.776	4.694.993
2	Baixos dos Camoucos (E).	507.742	4.693.313
3	Baixos Laxiña de Galeira (SE).	506.129	4.687.525
4	Baixo Menguella (S).	503.943	4.685.855
5	Baixo Cabeza do Rico (O).	503.233	4.691.413
6	Baixos de Bastián de Val (NO).	505.124	4.695.307

que rodea as illas de Ons e Onza, e illotes adxacentes. Este arquipélago está situado na entrada da ría de Pontevedra, termo municipal de Bueu, e comprende unha superficie de 2.171 hectáreas marítimas e 470 hectáreas terrestres.»

**Artigo 122. Modificación da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres.**

A Lei 4/1989, do 27 de marzo, queda modificada nos termos sinalados a seguir:

Un. No artigo 28, número 2, modifícanse os parágrafos c) e d) e engádese un novo parágrafo, o g), coa seguinte redacción:

«c) Para previr prexuízos importantes ós cultivos, ó gando, ós bosques, á pesca e á calidade das augas.»

«d) Cando sexa necesario por razón de investigación, educación, repoboación ou reintrodución, ou cando se precise para a cría en cativeiro orientada a estes fins.»

«g) Para protexer-la flora e a fauna.»

Dous. Dáselles nova redacción ós parágrafos b) e d) do número 3 do artigo 28, que quedan da seguinte forma:

«b) Os medios, os sistemas ou métodos que se empregarán e os seus límites, así como o persoal cualificado.»

«d) Os controis que se exercerán.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 33, que queda redactado da seguinte forma:

«A caza e a pesca en augas continentais só poderá realizarse sobre as especies que declaren as comunidades autónomas como pezas de caza ou pesca, declaración que en ningún caso poderá afectar as especies catalogadas ou as prohibidas pola Unión Europea.»

Catro. Modifícase o parágrafo b) do número 1 do artigo 34 da Lei 4/1989, que queda redactado da seguinte forma:

«Queda igualmente prohibido con carácter xeral o exercicio da caza de aves durante a época de celo, reprodución e crianza, así como durante o seu traxecto de regreso cara ós lugares de cría no caso de especies migratorias.»

Cinco. No artigo 38, dásele nova redacción á infracción décimo terceira e engádesa a infracción décimo cuarta, nestes termos:

«Décimo terceira. A perturbación, morte, captura e retención intencionada de especies de aves nas épocas de reprodución e crianza, así como durante o seu traxecto de regreso cara ós lugares de cría no caso das especies migratorias, sen a autorización correspondente.»

«Décimo cuarta. O incumprimento dos requisitos, obrigas ou prohibicións establecidos nesta lei.»

## CAPÍTULO IX

### Acción administrativa en materia de sanidade

#### Artigo 123. *Productos dietéticos.*

Un. Facúltase o Goberno para que, por proposta do Ministerio de Sanidade e Consumo e logo de informe do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, estableza importes máximos de financiamento por cada tipo de produtos facilitado nas prestacións con produtos dietéticos.

Dous. Para efectos do seu financiamento polo Sistema Nacional de Saúde, para cada produto dietético inscrito no Rexistro de alimentos para usos médicos especiais, destinado ás patoloxías ou trastornos metabólicos determinados polo Real decreto 63/1995, do 20 de xaneiro, sobre ordenación de prestacións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, e a súa normativa de desenvolvemento, decidírase se se inclúe, condicións de inclusión de se-lo caso, ou se exclúe das prestacións con produtos dietéticos, tendo en conta criterios xerais, obxectivos e publicados e concretamente os seguintes:

- a) Gravidade, duración e secuelas das distintas patoloxías ou trastornos metabólicos.
- b) Utilidade terapéutica do produto dietético.
- c) Balance risco/beneficio do produto.
- d) Limitación do gasto público destinado a prestacións con produtos dietéticos.
- e) Existencia de produtos dietéticos xa dispoñibles e outras alternativas mellores ou iguais para as mesmas patoloxías ou trastornos metabólicos a inferior custo de tratamento.

#### Artigo 124. *Prestacións ortoprotésicas.*

Facúltase o Goberno para que, por proposta do Ministerio de Sanidade e Consumo, e logo de informe do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, estableza importes máximos de financiamento para cada tipo de produtos incluídos como prestación ortoprotésica.

Artigo 125. *Modificacións da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, polas que se incorpora parcialmente a Directiva 2001/20/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de abril de 2001, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros sobre a aplicación de boas prácticas clínicas na realización de ensaios clínicos de medicamentos de uso humano.*

Un. Modifícase o número 11 do artigo 8 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, que queda redactado da seguinte maneira:

«11. "Medicamento en investigación": forma farmacéutica dunha substancia activa ou placebo, que se investiga ou se utiliza como referencia nun ensaio clínico, incluídos os produtos con autorización de comercialización cando se utilicen ou combinen (na formulación ou no envase) de forma diferente á autorizada, ou cando se utilicen para tratar unha indicación non autorizada, ou para obter máis información sobre un uso autorizado.»

Dous. Substitúese o contido do artigo 38 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, polo seguinte:

#### «Artigo 38. *Medicamento en investigación.*

1. Os medicamentos en investigación deberán ser cualificados como produtos en fase de investigación clínica nos casos que regulamentariamente se determinen.

2. A cualificación só se outorgará cando se realizen as probas preclínicas necesarias para establecer o perfil farmacolóxico e toxicolóxico do produto que garanta a súa aptitude para a investigación clínica.

3. Unha vez recaese sobre un produto a cualificación anterior poderán realizarse con el e con referencia ás indicacións mencionadas naquela, os ensaios clínicos que se soliciten se se axustan ó establecido no título III desta lei.

4. Unha especialidade farmacéutica non poderá ser obxecto de investigación en persoas, agás no marco dun ensaio clínico cando se cumpra o previsto no título III desta lei, cando se trate de demostrar indicacións terapéuticas distintas das autorizadas, novas dosificacións ou, en xeral, condicións diferentes para as que sexa autorizada.

5. Excepcionalmente, o Ministerio de Sanidade e Consumo poderá conceder autorización, coas condicións que nela se expresen, para a prescrición e a aplicación de "medicamentos en investigación" a pacientes non incluídos nun ensaio clínico, cando o médico, baixo a súa exclusiva responsabilidade e co consentimento expreso do paciente, considere indispensable tratalos con eles e xustifique ante a autoridade sanitaria os motivos polos que decide tal tratamento.»

Tres. Substitúese o contido do artigo 59 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, polo seguinte:

#### «Artigo 59. *Definición.*

1. Para os efectos desta lei, enténdese por ensaio clínico toda investigación efectuada en seres humanos, co fin de determinar ou confirmalos efectos clínicos, farmacolóxicos, ou demais efectos farmacodinámicos, ou de detecta-las reaccións adversas, ou de estudia-la absorción, distribución, metabolismo e eliminación dun ou varios medicamentos en investigación co fin de determina-la súa inocuidade ou a súa eficacia.

2. Non estarán sometidos ó disposto neste capítulo os estudos observacionais. Para os efectos desta lei, enténdese por estudo observacional o estudo no que os medicamentos se prescriben da maneira habitual, de acordo coas condicións normais da práctica clínica. A asignación dun paciente a unha estratexia terapéutica concreta non estará decidida de antemán por un protocolo de ensaio, senón que estará determinada pola práctica habitual da medicina, e a decisión de prescribir un medicamento determinado estará claramente dissociada da decisión de incluí-lo paciente no estudo. Non

se lles aplicará ós pacientes ningunha intervención, xa sexa diagnóstica ou de seguimento, que non sexa a habitual da práctica clínica, e utilizaranse métodos epidemiolóxicos para a análise dos datos recollidos.»

Catro. Substitúese o contido do artigo 60 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, polo seguinte:

«Artigo 60. *Respecto a postulados éticos.*

Tódolos ensaios estarán sometidos á autorización administrativa prevista no artigo 65, debendo respectarse, ademais, as seguintes esixencias:

1. Non se poderá iniciar ningún ensaio clínico mentres non se dispoña de suficientes datos científicos e, en particular, ensaios farmacolóxicos e toxicolóxicos en animais, que garantan que os riscos que implica na persoa en que se realiza son admisibles.

2. Os ensaios clínicos deberanse realizar en condicións de respecto ós dereitos fundamentais da persoa e ós postulados éticos que afectan a investigación biomédica na que resultan afectados seres humanos, seguíndose para estes efectos os contidos na declaración de Helsinki e sucesivas declaracións que actualicen os referidos postulados.

3. Co fin de evitar investigacións obsoletas ou repetitivas, só se poderán iniciar ensaios clínicos para demostra-la eficacia e seguridade das modificacións terapéuticas propostas, sempre que sobre elas existan dúbidas razoables.

4. O suxeito do ensaio prestará o seu consentimento libremente expresado por escrito, tras ser informado sobre a natureza, a importancia, as implicacións e os riscos do ensaio clínico. Se o suxeito do ensaio non está en condicións de escribir, poderá dar, en casos excepcionais, o seu consentimento verbal en presenza dunha testemuña.

No caso de persoas que non poidan emitir libremente o seu consentimento, este deberá ser outorgado polo seu representante legal logo de instrución e exposición ante el do alcance e riscos do ensaio. Será necesaria, ademais, a conformidade do representado se as súas condicións lle permiten comprende-la natureza, a importancia, o alcance e os riscos do ensaio.

5. O establecido no número anterior enténdese sen prexuízo do previsto no número 2 do artigo 9 da Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, nos termos que regulamentariamente se determinen.

6. No caso de ensaios clínicos sen interese terapéutico particular para o suxeito da experimentación, a contraprestación que se pactase polo sometemento voluntario á experiencia percibirase en todo caso, aínda que se reducirá equitativamente segundo a participación do suxeito na experimentación no suposto de que desista.»

Cinco. Modifícase o número 1 do artigo 62 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Só se poderá realizar un ensaio clínico cando previamente se adoptasen as disposicións regulamentarias sobre os seguros ou as indemnizacións que cubran os danos e perdas que como consecuencia do ensaio poidan resultar para a persoa en que se fose realizar.»

Seis. Modifícase o número 3 do artigo 63 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, que queda redactado da seguinte maneira:

«3. É investigador principal quen dirixe a realización do ensaio e asina en unión do promotor a solicitude, corresponsabilizándose con el. A condición de promotor e a de investigador principal poden concorrer na mesma persoa física.

Soamente poderá actuar como investigador principal un profesional sanitario suficientemente cualificado para avalia-la resposta á substancia ou ó medicamento obxecto do estudo.

A atención sanitaria dispensada ós suxeitos do ensaio clínico, así como as decisións médicas que se adopten, serán responsabilidade dun médico debidamente cualificado ou, de se-lo caso, dun odontólogo no suposto que este teña autorización de ensaio clínico.»

Sete. Substitúese o contido do artigo 65 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, polo seguinte:

«Artigo 65. *Intervención administrativa.*

1. Os ensaios clínicos con medicamentos en investigación estarán sometidos a réxime de autorización pola Axencia Española do Medicamento, conforme o procedemento regulamentariamente establecido.

2. A Axencia Española do Medicamento poderá interromper en calquera momento a realización dun ensaio clínico ou esixi-la introducción de modificacións no seu protocolo, nos casos seguintes:

- a) Se se viola a lei.
- b) Se se alteran as condicións da súa autorización.
- c) Se non se cumpren os principios éticos recollidos no artigo 60.
- d) Para protexe-los suxeitos do ensaio, ou
- e) En defensa da saúde pública.

3. As administracións sanitarias terán facultades inspectoras en materia de ensaios clínicos, e poderán investigar mesmo as historias clínicas individuais dos suxeitos do ensaio, gardando sempre o seu carácter confidencial. Así mesmo, poderán realiza-la interrupción cautelar do ensaio por calquera das causas sinaladas no punto anterior, comunicándollo de inmediato ó Ministerio de Sanidade e Consumo.

4. As administracións sanitarias velarán polo cumprimento das normas de "boa práctica clínica".

5. O investigador principal dun ensaio deberalle notificar inmediatamente ó promotor os acontecementos adversos graves que xurdan durante o ensaio, salvo cando se trate dos sinalados no protocolo como acontecementos que non requiren comunicación inmediata. O promotor deberá levar un rexistro detallado de tódolos acontecementos adversos que lle sexan notificados, e a súa comunicación ás administracións sanitarias e ó Comité Ético de Investigación Clínica deberase realizar nos termos e prazos que regulamentariamente se establezan.

6. Os resultados favorables ou desfavorables de cada ensaio clínico, tanto se este chega á súa fin como se se abandona a investigación, deberán ser comunicados á Axencia Española do Medicamento, sen prexuízo da súa comunicación ás comunidades autónomas correspondentes.»

Artigo 126. *Prezo de certificados médicos oficiais.*

O prezo dos impresos dos certificados médicos oficiais que edita o Consello Xeral de Colexios Oficiais de

Médicos, en tódalas súas clases, quedará suxeito, a partir do 1 de xaneiro do ano 2003, ó pagamento duns dereitos económicos únicos de 3 euros, que percibirá o citado Consello Xeral. Os Colexios Oficiais de Médicos, á marxe destes dereitos económicos, non poderán percibir ou esixir ningunha cantidade por tales impresos.

Estes dereitos económicos poderán ser actualizados polo Ministerio de Sanidade e Consumo, logo de informe do Ministerio de Economía.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación ás certificacións expedidas no ámbito do Sistema Nacional de Saúde nin ós certificados médicos que xa teñan establecido un réxime normativo específico.

Disposición adicional primeira. *Compensación e dedución de determinadas débedas das comunidades autónomas.*

Un. O Estado poderá deducir dos importes da participación na recadación líquida dos tributos cedidos xestionados por el e das entregas do Fondo de Suficiencia das comunidades autónomas o importe das débedas líquidas vencidas e esixibles contraídas por estas coa Facenda pública do Estado, así como polas entidades de dereito público delas dependentes, polos conceptos tributarios obxecto da dita cesión, así como por cotizacións á Seguridade Social.

Dous. As deducións serán acordadas polo Departamento de Recadación da Axencia Estatal da Administración Tributaria, no caso das débedas de natureza tributaria e pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, no caso das débedas por cotizacións á Seguridade Social.

As deducións serán aplicadas polo Ministerio de Facenda, que as practicará nas entregas á conta que lle correspondan á comunidade autónoma pola participación na recadación líquida dos tributos cedidos xestionados polo Estado e polo Fondo de Suficiencia.

Tres. Cando concorran na dedución débedas derivadas de tributos do Estado e débedas por cotizacións á Seguridade Social e excedan da contía das entregas á conta, imputaranse a estas entregas a pro rata do seu respectivo importe.

Catro. A resolución en que se declare a extinción, total ou parcial, da débeda corresponderalle ó órgano competente para determinala procedencia da dedución, e producirá os seus efectos desde o momento en que se practique e pola contía que se acorde.

Cinco. No caso de que á entrada en vigor desta lei existan débedas pendentes daquelas ás que se refire o número un anterior, o Ministerio de Facenda e a comunidade autónoma correspondente poderán acordar un plan de cancelación de tales débedas.

Disposición adicional segunda. *Beneficios fiscais aplicables ó «Ano Santo Xacobeo 2004».*

Un. O réxime de mecenado prioritario previsto na normativa vixente será de aplicación ós programas e actividades relacionados co «Ano Santo Xacobeo 2004», sempre que os aprobe o «Consello Xacobeo» e os realicen as entidades ou institucións ás que resulte aplicable tal réxime.

Para estes efectos, elevaranse en cinco puntos porcentuais as porcentaxes de dedución previstas con carácter xeral na súa normativa reguladora, en relación cos programas e actividades que se realicen para tal acontecemento ata o final do período da súa vixencia.

Dous. 1. Os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades poderán deducir da cota íntegra do imposto o 15 por 100 dos investimentos que, efectuados no ámbito territorial que regulamentariamente se determine, se realicen en cumprimento dos plans e programas

de actividades establecidos polo «Consello Xacobeo» e consistan en:

a) Elementos do inmovilizado material novos sen que, en ningún caso, se consideren como tales os terreos.

b) Obras de rehabilitación de edificios e outras construcións que reúnan os requisitos establecidos na normativa estatal sobre financiamento de actuacións protexidas en materia de vivenda que estea vixente no momento da execución das obras de rehabilitación.

As citadas obras deberán cumprir, ademais, as normas arquitectónicas e urbanísticas que ó respecto poidan establecerlos concellos correspondentes e o «Consello Xacobeo».

c) A realización en España ou no estranxeiro de gastos de propaganda e publicidade de proxección plurianual que sirvan directamente para a promoción do «Ano Santo Xacobeo 2004», e reciban a aprobación do «Consello Xacobeo».

A base da dedución será o importe total do investimento realizado cando o contido do soporte publicitario se refira de modo esencial á divulgación da celebración do «Ano Santo Xacobeo 2004». En caso contrario, a base da dedución será do 25 por 100 do investimento realizado.

2. Esta dedución, conxuntamente coas reguladas no capítulo IV do título VI da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, non poderá exceder do 35 por 100 da cota íntegra, minorada nas deducións para evita-la dobre imposición interna e internacional e as bonificacións, e será incompatible para os mesmos bens ou gastos coas previstas na citada Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades. As cantidades non deducidas poderanse aplicar, respectando igual límite, nas liquidacións dos períodos impositivos que conclúan nos dez anos inmediatos e sucesivos.

O cómputo dos prazos para a aplicación das deducións previstas no número dous desta disposición adicional poderase diferir ata o primeiro exercicio en que, dentro do período de prescrición, se produzan resultados positivos, nos seguintes casos:

a) Nas entidades de nova creación.

b) Nas entidades que saneen perdas de exercicios anteriores mediante a achega efectiva de novos recursos, sen que se considere como tal a aplicación ou capitalización de reservas.

Tres. Ós suxeitos pasivos que exerzan actividades económicas en réxime de estimación directa seralles de aplicación a dedución establecida no número anterior nos termos e coas condicións que prevé a normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Catro. As transmisións patrimoniais suxeitas ó imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados terán unha bonificación do 95 por 100 da cota cando o suxeito pasivo destine directa e exclusivamente os bens e dereitos adquiridos á realización de investimentos con dereito a dedución a que se refiren os números anteriores.

Cinco. 1. Os suxeitos pasivos do imposto sobre actividades económicas terán unha bonificación do 95 por 100 nas cotas e recargas correspondentes ás actividades de carácter artístico, cultural, científico ou deportivo que vaian ter lugar durante a celebración do «Ano Santo Xacobeo 2004» e que certifique o «Consello Xacobeo» que se enmarcan nos seus plans e programas de actividades.

2. As empresas ou entidades que desenvolvan exclusivamente os obxectivos de «Ano Santo Xacobeo 2004» segundo certificación do «Consello Xacobeo» terán unha bonificación do 95 por 100 en tódolos impostos e taxas locais que poidan recaer sobre as súas operacións relacionadas con este fin.

3. Para os efectos previstos neste número non será de aplicación o disposto nos números 2 e 3 do artigo 9.º da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Seis. A aplicación dos beneficios fiscais previstos nesta disposición requirirá o recoñecemento previo da Administración tributaria sobre a súa procedencia na forma que regulamentariamente se determine.

Para tal efecto, á solicitude de recoñecemento deberá selle xuntar certificación expedida polo «Consello Xacobeo» de que os investimentos con dereito a dedución se realizaron en cumprimento dos seus plans e programas de actividades así como das demais circunstancias previstas nesta disposición.

Posteriormente, a Administración tributaria comprobará a concorrencia das circunstancias ou requisitos necesarios para a aplicación dos beneficios fiscais, practicando, de se-lo caso, a regularización que resulte procedente da situación tributaria dos suxeitos pasivos.

Sete. O «Consello Xacobeo» remitiralle á Axencia Estatal de Administración Tributaria copia dos certificados emitidos en relación cos beneficios contidos nesta disposición adicional nos meses de xaneiro, abril, xullo e outubro, para a súa ulterior remisión ós órganos de xestión correspondentes.

Oito. 1. Esta disposición cesará na súa vixencia o 31 de decembro de 2004.

2. Autorízase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do previsto nesta disposición adicional.

*Disposición adicional terceira. Cesión de inmobles efectuada polas autoridades portuarias a favor doutras administracións públicas.*

Quedan exentas de calquera tributo de carácter estatal, autonómico ou local, as rendas positivas que se poñan de manifesto como consecuencia das cesións de inmobles efectuadas polas autoridades portuarias a título gratuito a favor de calquera administración pública, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que se formalicen en cumprimento de convenios de colaboración entre as autoridades portuarias e a administración correspondente.

b) Que os bens obxecto de cesión fosen desafectados e a súa cesión autorizada, conforme os requisitos, e polo órgano competente que por razón da contía, resulten do artigo 49.4 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

c) Que os inmobles se adscriban ó patrimonio da administración pública destinataria dos bens.

*Disposición adicional cuarta. Renovacións do catastro rústico.*

Ata tanto se produza a fixación de valores catastrais dos bens inmobles de natureza rústica de acordo co establecido nos artigos 68 e 70 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, os referidos bens continuarán tributando cos valores catastrais calculados conforme o establecido na disposición transitoria segunda da lei antes citada unha vez incorporadas as alteracións catastrais que experimentasen ou experimenten en cada exercicio, con aplicación dos tipos avaliatorios da contribución territorial rústica e pecuaria prorrogados en virtude do Real decreto lei 7/1988, do 29 de decembro, ou dos que se aprobasen posteriormente en substitución deles, e sen prexuízo da súa actualización anual, mediante os coeficientes establecidos e os que establezan as leis de orzamentos xerais do Estado.

Para os efectos da aplicación do artigo 31 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, entenderase que as bases liquidables a que se refire a disposición transitoria segunda da Lei 39/1988, do 28 de decembro, son as resultantes da aplicación dos tipos avaliatorios que se indican no parágrafo anterior.

*Disposición adicional quinta. Constancia documental da referencia catastral.*

O número tres do artigo 50 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, queda redactado como segue:

«Tres. A referencia catastral do inmueble farase constar nos instrumentos públicos e nos expedientes e resolucións administrativas polo que resulte do documento que o obrigado exhiba ou achegue, que deberá ser un dos seguintes:

a) Último recibo no que se xustifique o pagamento do imposto sobre bens inmobles sempre que neste documento figure de forma indubitada a referencia catastral.

b) Certificado ou outro documento expedido polo xerente do Catastro, ou escritura pública ou información rexistral, sempre que nestes documentos resulte de forma indubitada a referencia catastral.

c) Certificación catastral electrónica obtida polos procedementos telemáticos que se aproben por resolución da Dirección Xeral do Catastro, na que conste de forma indubitada a referencia catastral.

A competencia para expedir ou obte-lo certificado a que se refire o parágrafo b) anterior poderá ser delegada en órganos da propia ou distinta administración. Cando os notarios e rexistradores da propiedade obteñan directamente as certificacións catastrais a que se refire o parágrafo c), os outorgantes do documento público ou solicitantes da inscrición quedarán eximidos da obriga a que se refire o número dous deste artigo.»

*Disposición adicional sexta. Modificación do Real decreto legislativo 1/1999, do 23 de decembro, polo que se adecúa a normativa do recurso previsto no parágrafo terceiro da base novena do Real decreto lei do 11 de xuño de 1929, de bases de portos, zonas e depósitos francos, ó sistema tributario vixente.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Real decreto legislativo 1/1999, do 23 de decembro, polo que se adecúa a normativa do recurso previsto no parágrafo terceiro da base novena do Real decreto lei do 11 de xuño de 1929, de bases de portos, zonas e depósitos francos, ó sistema tributario vixente:

Un. Engádeselle un parágrafo ó artigo 3, que queda redactado da seguinte maneira:

«Para os efectos deste artigo enténdese por suxeitos pasivos establecidos nas zonas francas aqueles que dispoñan de establecemento permanente no ámbito territorial destas.»

Dous. O parágrafo último do artigo 6 queda redactado da seguinte maneira:

«O importe dos pagamentos ó consorcio polo recurso non superará anualmente o importe máximo que, de se-lo caso, fixase o ministro de Facenda en consideración ás súas necesidades financeiras. Neste suposto, o exceso de recadación do recurso sobre o importe máximo corresponderá ó Tesouro.»

Disposición adicional sétima. *Cancelación de débeda da Xerencia de Infraestructuras e Equipamentos de Educación e Cultura co Estado.*

O saldo pendente do préstamo outorgado polo Consello de Ministros na súa reunión do 10 de outubro de 1986, á Xunta de Construcións e Instalacións e Equipo Escolar, actualmente Xerencia de Infraestructuras e Equipamentos de Educación e Cultura, organismo autónomo do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, para a reposición de moblaxe e reconstrucción dos seus almacéns destruídos por un incendio o 9 de xullo de 1986, o reintegro do cal se debía efectuar mediante o ingreso da indemnización que recibise este organismo da Compañía de Seguros Albia, queda cancelado en virtude das resolucións das sentencias firmes do Xulgado de Primeira Instancia número 17 dos de Madrid, do 10 de xuño de 1996, e da Audiencia Provincial de Madrid, sección 13.<sup>a</sup>, do 8 de febreiro de 1999.

Disposición adicional oitava. *Baixa definitiva de vehículos con quince ou máis anos de antigüidade no Rexistro da Xefatura Central de Tráfico.*

Os titulares de vehículos cunha antigüidade de quince ou máis anos desde a súa primeira inscrición no Rexistro de Vehículos, poderán solicitar a súa baixa definitiva nas Xefaturas de Tráfico sen necesidade de achega-lo último xustificante de pagamento do imposto municipal de vehículos de tracción mecánica, respectándose o dereito dos concellos ó seu cobro. A anotación da baixa no Rexistro de Vehículos estará exenta do pagamento de taxa.

Disposición adicional novena. *Control preventivo municipal de obras en zonas de interese para a defensa nacional.*

As obras de nova construción, reparación e conservación, realizadas en zonas declaradas de interese para a defensa nacional ou nas instalacións militares sinaladas no artigo 8 do Real decreto 689/1978, do 10 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 8/1975, do 12 de marzo, de zonas e instalacións de interese para a defensa nacional e cualificadas como obras públicas que afecten directamente a defensa nacional non estarán sometidas ós actos de control preventivo municipal.

O ministro de Defensa, por proposta dos xefes de Estado Maior, sinalará aquelas obras de nova construción, reparación e conservación que afecten directamente a defensa nacional e que serán cualificadas como de interese xeral.

Disposición adicional décima. *Indemnizacións por residencia nas cidades de Ceuta e Melilla.*

O Goberno analizará durante o ano 2003 as condicións que determinan a fixación das indemnizacións por residencia do persoal en activo do sector público estatal nas cidades de Ceuta e Melilla, e procederá á súa revisión e á conseguinte modificación das contías con obxecto de adaptalas á realidade actual. Esta actualización non poderá supor, en ningún caso, unha minoraición das cantidades actualmente percibidas neste concepto.

Disposición adicional décimo primeira. *Exploración de hidrocarburos no exterior e no interior.*

Habílitase o Ministerio de Economía, logo de informe do Ministerio de Facenda, para a realización das propostas pendentes para a liquidación final dos compro-

misos derivados do cumprimento dos dous acordos do Consello de Ministros, adoptados con data do 30 de xullo de 1982, en relación coa exploración de hidrocarburos no exterior e no interior (España), de acordo cos criterios establecidos nestes acordos.

Disposición adicional décimo segunda. *Metro de Sevilla.*

No exercicio 2003, o Goberno, en consideración ás necesidades que concorren no transporte colectivo regular de viaxeiros na cidade de Sevilla, estudiará as condicións da participación económica da Administración xeral do Estado no financiamento das obras relativas ó metro de Sevilla, para a subscripción dun convenio para tal fin coas administracións andaluzas competentes.

Disposición adicional décimo terceira. *Reembolso do imposto sobre o valor engadido en importacións de bens mediante axentes de aduanas e persoas ou entidades que actúen en nome propio e por conta dos importadores.*

Modifícase a disposición adicional única da Lei 9/1998, do 21 de abril, que quedará redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional única. *Reembolso do imposto sobre o valor engadido en importacións de bens mediante axentes de aduanas e persoas ou entidades que, debidamente habilitadas pola Administración aduaneira, actúen en nome propio e por conta dos importadores.*

Para efectos do imposto sobre o valor engadido, nas importacións de bens mediante axentes de aduanas e persoas ou entidades que, debidamente habilitadas pola Administración aduaneira, actúen en nome propio e por conta dos importadores que fixesen efectivo o pagamento deste imposto por conta do importador, aplicaranse as seguintes regras:

1.<sup>a</sup> O documento xustificativo do dereito á deducción das cotas satisfeitas á importación será o documento acreditativo do pagamento do imposto, no que conste o recoñecemento do axente de aduanas ou da persoa ou entidade que actuase en nome propio e por conta do importador de ter obtido do seu cliente o reembolso do tributo.

Os axentes de aduanas e as persoas ou entidades que actúen en nome propio e por conta dos importadores terán dereito de retención do documento a que se refire esta regra ata que obtivesen o reembolso do imposto.

2.<sup>a</sup> Se transcorrido un ano desde o nacemento do dereito á deducción, o importador que teña dereito á deducción total do imposto devengado pola importación non reembolsou a cota satisfeita con ocasión da dita importación polo axente de aduanas ou a persoa ou entidade que actuase en nome propio e por conta do importador, aquel ou esta poderá solicitar da aduana a súa devolución, no prazo dos tres meses seguintes e nas condicións e cos requisitos que se determinen regulamentariamente.

O axente de aduanas ou a persoa ou entidade que actuase en nome propio e por conta do importador deberalle xuntar á solicitude de devolución o documento acreditativo do pagamento do imposto, que quedará inutilizado para os efectos do exercicio do dereito á deducción ou devolución.



3.<sup>a</sup> Nos casos a que se refire a regra 2.<sup>a</sup> anterior non serán de aplicación os supostos de responsabilidade previstos no número 3.<sup>o</sup> do número dous e no número tres do artigo 87 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.»

Disposición adicional décimo cuarta. *Modificación da Lei hipotecaria.*

Un. Engádeselle ó parágrafo quinto do artigo 327 da Lei hipotecaria o seguinte:

«Igualmente o trasladará ós titulares os dereitos dos cales consten presentados, inscritos, anotados ou por nota á marxe no rexistro e que poidan resultar prexudicados pola resolución que recaia no seu día. Cando a nota desestimatoria se funde na falta ou omisión dunha licenza ou autorización de calquera autoridade ou organismo público ou da falta ou omisión do consentimento dunha persoa física ou xurídica, o rexistrador notificarálle-la interposición, de se-lo caso, do recurso.»

Dous. Introdúcese un novo parágrafo cuarto no artigo 328 da Lei hipotecaria:

«Cando a resolución sexa estimatoria, o rexistrador que asinase a nota de cualificación revogada, así como os titulares de dereitos ós que se lles notificase a interposición do recurso, estarán tamén lexitimados para recorrer contra dela.»

Disposición adicional décimo quinta. *Fondos de Promoción de Emprego.*

Habilítase a Comisión Liquidadora dos Fondos de Promoción de Emprego creada polo artigo 31 da Lei 14/2000, para lle propor á Dirección Xeral de Patrimonio do Estado a cesión de uso, con anterioridade á extinción do proceso de liquidación dos fondos, do ben inmovible titularidade dos fondos existentes en Trapaga (Biscaia), á Fundación de Formación de Euskadi, a fins de formación profesional e de emprego.

A cesión de uso, unha vez autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, será acordada pola Comisión Liquidadora.

Extinguídos os fondos, o ben adscribirase ó Patrimonio do Estado, manténdose a cesión de uso mentres se manteña o fin que xustifique tal cesión.

Disposición adicional décimo sexta. *Programa PREVER para a modernización do parque de vehículos automóbiles.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2003, o número 1 do artigo 3 da Lei 39/1997, do 8 de outubro, pola que se aproba o programa PREVER para a modernización do parque de vehículos automóbiles, o incremento da seguridade vial e protección do ambiente, quedará redactado da seguinte forma:

«1. O fabricante, o primeiro receptor en España ou, de se-lo caso e en lugar destes, quen manteña relacións contractuais de distribución co concesionario ou vendedor final, poderá deducir da cota íntegra do imposto sobre sociedades ou da cota íntegra do imposto sobre a renda das persoas físicas o importe das bonificacións outorgadas ós compradores e, de se-lo caso, ós arrendatarios financeiros, de vehículos industriais novos de menos de 6 toneladas de peso máximo autorizado, que xustifiquen que deron de baixa para o desmantelamento outro vehículo industrial de menos de 6 tone-

ladas de peso máximo autorizado do que sexan titulares, cando concorran as seguintes condicións:

a) Que o vehículo para o desmantelamento teña máis de sete anos de antigüidade desde a súa primeira matriculación en España.

b) Que tanto o vehículo novo como o vehículo para o desmantelamento deberán estar comprendidos nos números 23 e 26 do anexo do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, así como nalgún dos supostos de non suxeición do imposto especial sobre determinados medios de transporte recollidos no parágrafo a) do número 1 do artigo 65 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.»

Disposición adicional décimo sétima. *Modificación da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Adiciónaselle un novo número once ó artigo 81 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, segundo a redacción dada polo artigo 51 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, co seguinte contido:

«Once. Sen prexuízo do establecido nos números anteriores, a Fabrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda poderá, en réxime de libre competencia, prestar servicios de certificación no uso da sinatura electrónica nas relacións que manteñan os particulares, así como realiza-la prestación de servicios técnicos para garanti-la seguridade, validez e eficacia dos servicios da sociedade da información e da contratación por vía electrónica conforme o disposto na lexislación reguladora do uso de sinatura electrónica, e de servicios da sociedade da información e comercio electrónico e demais normas complementarias.»

Disposición adicional décimo oitava. *Modificación da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.*

Dáselle nova redacción ó número primeiro do artigo 64 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, que queda como segue:

«Primeiro. Os datos rexistrados na C.I.R. conservaranse durante dez anos contados desde a data á que se refiran, e cancelaranse unha vez transcorrido este prazo. Non obstante, poderanse conservar indefinidamente mediante procedementos que non permitan a identificación do afectado, atendendo ós seus valores históricos, estatísticos ou científicos. Tamén poderán conservarse indefinidamente os datos que identifiquen as persoas xurídicas para permiti-lo exercicio das finalidades recollidas nos guións segundo e terceiro do número primeiro do artigo 59 desta lei.»

Disposición adicional décimo novena. *Modificación do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo. Subministración de información por empresas subministradoras de servicios enerxéticos.*

Créase un novo número, o 5, ó artigo 55 do texto refundido da Lei de augas aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo:

«5. As empresas subministradoras de servicios enerxéticos a que fan referencia a Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos e a Lei 54/1997, do sector eléctrico, facilitarán a información que lles sexa solicitada polo organismo de conca no exercicio das súas competencias, en relación coas potencias instaladas e os consumos de enerxía para extracción de augas subterráneas.»

Disposición adicional vixésima. *Modificación do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo. Réxime sancionador.*

Engádense novos números ó artigo 116 do texto refundido da Lei de augas; o contido actual do artigo pasa a se-lo seu número 3:

«O incumprimento do establecido nesta lei será sancionado de acordo co disposto neste título e no título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A responsabilidade será solidaria cando sexan varios os responsables e non sexa posible determina-lo grao de participación de cada un deles na comisión da infracción.»

Contido do actual artigo 116, que pasa a se-lo seu número 3:

«3. Incorrerán en responsabilidade pola infracción das letras b) e h), as persoas físicas ou xurídicas seguintes: o titular do terreo, o promotor da captación, o empresario que executa a obra e o técnico director desta.»

Disposición adicional vixésimo primeira. *Modificación da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional.*

Incorpórase un inciso no número 2 do artigo 17 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional, que quedará redactado nos seguintes termos:

«En ningún caso poderán destinarse as augas trasvasadas á creación de novos regadíos, á ampliación dos existentes nin á rega dos campos de golf nas zonas beneficiadas polas transferencias.»

Disposición adicional vixésimo segunda. *Beneficios fiscais aplicables ó «Caravaca Jubilar 2003».*

Un. O réxime de mecenado prioritario previsto na normativa vixente será de aplicación ós programas e ás actividades relacionados con «Caravaca Jubilar 2003», sempre que os aprobe a «Axencia para o Desenvolvemento da Comarca do Noroeste» e os realicen entidades ou institucións ás que resulte aplicable este réxime.

Para estes efectos, elevaranse en cinco puntos porcentuais as porcentaxes de deducción previstas con carácter xeral na súa normativa reguladora, en relación cos programas e coas actividades que se realicen para tal acontecemento ata a fin do período da súa vixencia.

Dous. 1. Os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades poderán deducir da cota íntegra do imposto o 15 por 100 dos investimentos que, efectuadas no ámbito territorial que regulamentariamente se determine, se realicen en cumprimento dos plans e programas de actividades establecidos pola «Axencia para o Desenvolvemento da Comarca do Noroeste» e consistan en:

a) Elementos do inmovilizado material novos sen que, en ningún caso, se consideren como tales os terreos.

b) Obras de rehabilitación de edificios e outras construcións que reúnan os requisitos establecidos na normativa estatal sobre financiamento de actuacións protexidas en materia de vivenda que estea vixente no momento da execución das obras de rehabilitación.

As citadas obras deberán cumprir, ademais, as normas arquitectónicas e urbanísticas que ó respecto poidan establece-lo Concello de Caravaca de la Cruz e a «Axencia para o Desenvolvemento da Comarca do Noroeste».

c) A realización en España ou no estranxeiro de gastos de propaganda e publicidade de proxección plurianual que sirvan directamente para a promoción de «Caravaca Jubilar 2003» e reciban a aprobación da «Axencia para o Desenvolvemento da Comarca do Noroeste».

A base da deducción será o importe total do investimento realizado cando o contido do soporte publicitario se refira de modo esencial á divulgación da celebración de «Caravaca Jubilar 2003». En caso contrario, a base da deducción será do 25 por 100 do investimento realizado.

2. Esta deducción, conxuntamente coas reguladas no capítulo IV do título VI da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, non poderá exceder do 35 por 100 da cota íntegra, minorada nas deduccions para evita-la dobre imposición interna e internacional e as bonificacións, e será incompatible para os mesmos bens ou gastos coas previstas na citada Lei 43/1995, do 27 de decembro. As cantidades non deducidas poderán aplicarse, respectando igual límite, nas liquidacións dos períodos impositivos que conclúan nos dez anos inmediatos e sucesivos.

O cómputo dos prazos para a aplicación das deduccions previstas neste número 2 poderá diferirse ata o primeiro exercicio en que, dentro do período de prescripción, se produzan resultados positivos, nos seguintes casos:

a) Nas entidades de nova creación.  
b) Nas entidades que saneen perdas de exercicios anteriores mediante a achega efectiva de novos recursos, sen que se considere como tal a aplicación ou capitalización de reservas.

Tres. Ós suxeitos pasivos que exerzan actividades económicas en réxime de estimación directa seralles de aplicación a deducción establecida no número anterior nos termos e coas condicións que prevé a normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Catro. As transmisións patrimoniais suxeitas ó imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados terán unha bonificación do 95 por 100 da cota cando o suxeito pasivo destine directa e exclusivamente os bens e dereitos adquiridos á realización de investimentos con dereito a deducción a que se refiren os números anteriores.

Cinco. 1. Os suxeitos pasivos do imposto sobre actividades económicas terán unha bonificación do 95 por 100 nas cotas e recargas correspondentes ás actividades de carácter artístico, cultural, científico ou deportivo que teñan lugar durante a celebración do «Caravaca Jubilar 2003» e que certifique a «Axencia para o Desenvolvemento da Comarca do Noroeste» que se enmarcan nos seus plans e programas de actividades.

2. As empresas ou entidades que desenvolvan exclusivamente os obxectivos de «Caravaca Jubilar 2003» segundo certificación da «Axencia para o Desenvolvemento da Comarca do Noroeste», terán unha bonificación do 95 por 100 en tódolos impostos e taxas locais que poidan recaer sobre as súas operacións relacionadas con tal fin.

3. Para os efectos previstos neste número non será de aplicación o disposto nos números 2 e 3 do artigo 9.º

da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Seis. A aplicación dos beneficios fiscais previstos na presente disposición requirirá o recoñecemento previo da Administración tributaria sobre a súa procedencia na forma que regulamentariamente se determine.

Para tal efecto, á solicitude de recoñecemento deberáse xuntar certificación expedida pola «Axencia para o desenvolvemento da Comarca do Noroeste» de que os investimentos con dereito a dedución se realizaron en cumprimento dos seus plans e programas de actividades así como das demais circunstancias previstas nesta disposición.

Posteriormente, a Administración tributaria comprobará a concorrencia das circunstancias ou requisitos necesarios para a aplicación dos beneficios fiscais, practicando, de se-lo caso, a regularización que resulte procedente da situación tributaria dos suxeitos pasivos.

Sete. A «Axencia para o Desenvolvemento da Comarca do Noroeste» remitiralle á Axencia Estatal de Administración Tributaria copia dos certificados emitidos en relación cos beneficios contidos nesta disposición adicional nos meses de xaneiro, abril, xullo e outubro, para a súa ulterior remisión ós órganos de xestión correspondentes.

Oito. 1. Esta disposición cesará na súa vixencia o 31 de decembro de 2003.

2. Autorízase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do previsto na presente disposición adicional.

*Disposición adicional vixésimo terceira. Modificación do réxime fiscal de determinados contratos de arrendamento financeiro.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro do ano 2002, modifícase o número 11 do artigo 128 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, quedando redactado da seguinte forma:

«11. O Ministerio de Facenda poderá determinar, segundo o procedemento que regulamentariamente se estableza, o momento temporal a que se refire o número 6, atendendo ás peculiaridades do período de contratación ou da construción do ben, así como ás singularidades da súa utilización económica, sempre que esta determinación non afecte o cálculo da base imponible derivada da utilización efectiva do ben, nin as rendas derivadas da súa transmisión que se deban determinar segundo as regras do réxime xeral do imposto ou do réxime especial previsto no capítulo VIII do título VIII desta lei.»

*Disposición adicional vixésimo cuarta. Entrada en vigor do canon do control de vertidos.*

O número un da disposición transitoria oitava do texto refundido da Lei de augas, aprobada polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, quedará redactado nos seguintes termos:

«1. O canon de control de vertidos entrará en vigor cando se determinen regulamentariamente os parámetros establecidos nesta lei para a súa cuantificación. Durante o exercicio 2002 e ata a entrada en vigor da norma regulamentaria anterior aplicarase o canon de vertido establecido no artigo 105 da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.»

*Disposición adicional vixésimo quinta. Aplicación do número 11 do artigo 128 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, ós activos dos que o período de construción rematase con anterioridade ó 31 de decembro de 2002.*

O momento temporal determinado polo Ministerio de Facenda, a que se refire o número 11 do artigo 128 da Lei do imposto, poderase facer coincidir co da posta en condicións de funcionamento, no caso de activos cun período de construción que rematase con anterioridade ó 31 de decembro de 2002 e dos que a solicitude ante o Ministerio de Facenda fose presentada antes desta data.

*Disposición adicional vixésimo sexta. Modificación da composición do Consello Superior de Cámaras.*

Engádeselle un número 1 bis ó artigo 19 da Lei 3/1993, do 22 de marzo, básica das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación, que quedará redactado como segue:

«Artigo 19.

1 bis. Os órganos de goberno e administración reflectirán de maneira adecuada a realidade económica española e poderán incluír entre os seus membros a representantes da organización empresarial de ámbito nacional máis representativa.»

*Disposición adicional vixésimo sétima. Excepción ó prazo de materialización en activos fixos da reserva para investimentos en Canarias.*

Un. Os suxeitos pasivos que dotasen reserva para investimentos en Canarias e cun proceso de materialización, xa iniciado, que quedase afectado directa e temporalmente polas directrices de ordenación xeral e do turismo en Canarias, de forma que non sexa posible a súa conclusión no prazo esixido no número 4 do artigo 27 da Lei 19/1994, do 6 de xullo de 1994, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, poderán solicitar á Administración tributaria a suspensión deste prazo ata a finalización da mencionada afectación.

O proceso de materialización deberá estar iniciado e terse desenvolvido sen solución de continuidade nin interrupcións anómalas imputables ó suxeito pasivo. A materialización realizada e a pendente de realizar deberán ser perfectamente cuantificables e cumprilo resto dos requisitos esixidos polo mencionado artigo 27 da Lei 19/1994.

As solicitudes tramitaranse segundo o procedemento que regulamentariamente se determine, entendéndose desestimadas unha vez transcorridos tres meses desde a súa presentación.

Dous. A entrada en vigor das modificacións contidas na presente disposición non se producirá ata que, unha vez autorizadas pola Comisión Europea, se promulgue o desenvolvemento regulamentario mencionado no número un.

*Disposición adicional vixésimo oitava. Reembolso do imposto xeral indirecto canario nas importacións de bens mediante axentes de aduanas e persoas ou entidades que actúen en nome propio e por conta dos importadores.*

O número décimo cuarto do artigo 9 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social quedará redactado como segue:

«Décimo cuarto. Reembolso do imposto xeral indirecto canario nas importacións de bens median-

te axentes de aduanas e persoas ou entidades que, debidamente autorizadas pola Administración tributaria canaria, actúen en nome propio e por conta dos importadores.

Para efectos do imposto xeral indirecto canario, nas importacións de bens mediante axentes de aduanas e persoas ou entidades que, debidamente autorizadas pola Administración tributaria canaria, actúen en nome propio e por conta dos importadores e que fixesen efectivo o pagamento deste imposto por conta destes, aplicaranse as seguintes regras:

1.<sup>a</sup> O documento xustificativo do dereito á deducción das cotas satisfeitas á importación será o documento acreditativo do pagamento do imposto, no que conste o recoñecemento do axente de aduanas ou da persoa ou entidade que actuase en nome propio e por conta do importador de ter obtido do seu cliente o reembolso do tributo.

Os axentes de aduanas e as persoas ou entidades que actúen en nome propio e por conta dos importadores terán dereito de retención do documento a que se refire esta regra ata que obtivesen o reembolso do imposto.

2.<sup>a</sup> Se transcorrido un ano desde o nacemento do dereito á deducción, o importador que teña dereito á deducción total do imposto devengado pola importación non reembolsou a cota satisfeita con ocasión da dita importación polo axente de aduanas ou a persoa ou entidade que actuase en nome propio e por conta do importador, aquel ou esta poderá solicitar da Administración tributaria canaria a súa devolución, no prazo dos tres meses seguintes e nas condicións e cos requisitos que se determinen regulamentariamente.

O axente de aduanas ou a persoa ou entidade que actuase en nome propio e por conta do importador deberalle xuntar á solicitude de devolución o documento acreditativo do pagamento do imposto, que quedará inutilizado para os efectos do exercicio do dereito á deducción ou devolución.

3.<sup>a</sup> Nos casos a que se refire a regra 2.<sup>a</sup> anterior non será de aplicación o suposto de responsabilidade previsto no número 3.<sup>o</sup> do número 2 do artigo 21 bis da Lei 20/1991.»

Disposición adicional vixésimo novena. *Militares de complemento.*

Prorróganse ata o 31 de decembro do ano 2003 os compromisos dos militares de complemento acollidos ó regulado no número 2 da disposición adicional cuarta da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, que o soliciten, estando exentos ata esa data, dentro das convocatorias por promoción interna dos límites de idade, emprego e número de convocatorias regulados no artigo 66 da citada lei.

Disposición adicional trixésima. *Modificación da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas.*

Modifícase o número 1 da disposición derradeira quinta da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. O tempo de servizos nas Forzas Armadas como militar profesional de tropa e mariñeiría ou como militar de complemento considerárase como mérito nos sistemas de selección respecto dos corpos, escalas, prazas de funcionario e actividades

de carácter laboral das administracións públicas, en tódolos supostos en que as súas funcións garden relación cos servizos prestados, aptitudes ou titulacións adquiridas como militar durante os anos de servizo, nos termos que legal ou regulamentariamente se determinen.»

Disposición transitoria primeira. *Imposto sobre bens inmobles.*

Os valores catastrais contidos nos padróns do imposto sobre bens inmobles de natureza rústica correspondentes ós períodos impositivos 1999, 2000, 2001 e 2002 dos municipios nos que resulte de aplicación un cadro de tipos avaliatorios provinciais aprobados no exercicio 1999, deberanlle ser notificados conxuntamente a cada suxeito pasivo polos órganos da Dirección Xeral do Catastro dentro do prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, conforme o procedemento previsto no artigo 105 da Lei xeral tributaria. Para tal efecto, a motivación destas notificacións consistirá na expresión da cualificación catastral, intensidade productiva, tipo avaliatorio, superficie, referencia catastral e lugar correspondentes ás parcelas e subparcelas a que se refiran. Unha vez efectuadas estas notificacións, os órganos competentes para a xestión tributaria deste imposto practicarán as liquidacións correspondentes ó citado período impositivo, que lles serán notificadas individualmente ós suxeitos pasivos, sen prexuízo da consideración como «á conta» das liquidacións xa practicadas e derivadas dos padróns anteriormente indicados.

Estes valores manterán a súa vixencia ata tanto se proceda á renovación do Catastro Rústico conforme o previsto á Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, sen prexuízo da súa actualización mediante a aplicación dos coeficientes establecidos e os que establezan as leis de orzamentos xerais do Estado.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio para a aplicación do artigo 134 bis da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Mentres non entre en vigor o desenvolvemento regulamentario do artigo 134 bis da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, aplícase, en canto resulte procedente, o desenvolvemento regulamentario do artigo 155 da dita lei.

Disposición transitoria terceira. *Modificación da Lei do patrimonio do Estado.*

A modificación do artigo 24 da Lei do patrimonio do Estado efectuada polo número dous do artigo 74 desta lei producirá efecto respecto das disposicións gratuítas de bens ou dereitos a favor do Estado que se perfeccionasen antes da súa entrada en vigor, sempre que previamente non se exercese a correspondente acción revocatoria.

Disposición transitoria cuarta. *Modificación da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.*

As modificacións introducidas no título XI da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2003, sen prexuízo de que as ligas profesionais, federacións deportivas e demais entidades comprendidas no ámbito de aplicación da citada lei, deban adapta-las súas normas estatutarias e regulamentarias, no prazo máximo de seis meses contados a partir da data citada.

Disposición transitoria quinta. *Mutualidade xeral xudicial.*

Ata a entrada en vigor do Real decreto de regulación dos órganos de goberno, administración e representación da Mutualidade xeral xudicial a que fai referencia a disposición derradeira quinta desta lei, subsistirán os anteriores órganos coa mesma composición e atribucións.

Disposición transitoria sexta. *Réxime transitorio das exencións do imposto sobre hidrocarburos en actividades piloto para o desenvolvemento tecnolóxico de produtos menos contaminantes.*

Os acordos de recoñecemento da exención prevista no número 3 do artigo 51 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, dictados con anterioridade ó 31 de decembro de 2002, manterán os seus efectos polo período expresado en tales acordos, sen posibilidade de ser prorrogados e sen que a dita vixencia se poida prolongar máis alá do 31 de decembro de 2010. Cando estes acordos de exención se refiran a biocarburantes que se mesturan con carburantes convencionais, directamente ou logo de transformación, a aplicación da exención comprenderá todos aqueles que fosen obxecto da certificación prevista no artigo 105.5.b) do Regulamento de impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, con independencia do destino que, á súa saída de fábrica ou depósito fiscal, reciba a mestura da que estes biocarburantes forman parte.

Non obstante, os acordos de recoñecemento perderán a súa vixencia a partir do momento en que os seus titulares lles apliquen ós produtos menos contaminantes que producen, importan ou utilizan, o tipo especial previsto no artigo 50 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

Disposición transitoria sétima. *Réxime transitorio da modificación do «Réxime fiscal da investigación e explotación de hidrocarburos».*

1. Os suxeitos pasivos que, con anterioridade ó 31 de decembro de 2000, tivesen dereito a aplicalo «Réxime fiscal da investigación e explotación de hidrocarburos» establecido no capítulo X do título VIII da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, poderán optar por continuar aplicando tal réxime, na súa redacción vixente o 31 de decembro de 2002, durante os períodos impositivos que conclúan ata o 31 de decembro de 2005.

2. Os saldos pendentes de investimento, á data de inicio do primeiro período impositivo que comece a partir do 1 de xaneiro de 2003, ou do 1 de xaneiro de 2006, de ter optado pola aplicación do réxime conforme o disposto no número anterior, das dotacións ó factor de esgotamento realizadas ó abeiro da Lei 21/1974, do 27 de xuño, de réxime xurídico para a exploración, investigación e explotación de hidrocarburos, e do capítulo X do título VIII da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, aplicaranse na forma establecida no artigo 117 da citada Lei do imposto sobre sociedades, segundo a redacción establecida por esta lei.

O prazo a que se refire o artigo 117 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, non será de aplicación cando as cantidades se destinen ó abandono de campos ou ó desmantelamento de plataformas mariñas sempre que correspondan a explotacións existentes á entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria oitava. *Supostos de non aplicación da incompatibilidade establecida pola disposición adicional décimo quinta da Lei 26/1988, do 29 de xullo.*

A incompatibilidade establecida pola disposición adicional décimo quinta da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito para os auditores de contas e sociedades de auditoría, non se lles aplicará a aqueles auditores e sociedades de auditoría que rescindan no prazo de seis meses desde a entrada en vigor da lei o contrato en virtude do que presentasen colaboración con comunidades autónomas e organismos ou entidades dependentes, no exercicio das súas competencias, en relación a caixas de aforros ou outras entidades de crédito.

Para tal efecto recoñécese durante este prazo un dereito de rescisión unilateral a favor dos auditores de contas e sociedades de auditoría fronte ás comunidades autónomas, organismos ou entidades dependentes cos que mantivesen un contrato polo que prestasen colaboración no exercicio das súas competencias en relación con caixas de aforros e outras entidades de crédito, con redución proporcional da contraprestación prevista polo período restante e sen que exista ningunha responsabilidade polo exercicio do referido dereito de rescisión.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Un. A partir da entrada en vigor desta lei quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) O artigo 72 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

b) O número 6 do artigo 75 do Regulamento do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto 828/1995, do 29 de maio.

c) O parágrafo 5.º do número 3 do artigo 4 do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións.

d) Os números 5, 6, 7 e 8 do artigo 104 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

e) Os artigos 6 e 8, e os números 3 e 4 do artigo 25 do Real decreto-lexislativo 3/2000, do 23 de xuño, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial de Seguridade Social do persoal ó servizo da Administración de xustiza.

f) A disposición adicional vixésimo primeira da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, queda derogada con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2003.

Dous. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Referencia catastral dos bens inmobles rústicos.*

A partir da entrada en vigor desta lei seralles de aplicación o establecido na sección cuarta do capítulo IV do título I, da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, ós bens inmobles rústicos situados nos municipios renovados conforme o previsto na disposición adicional terceira da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, así como naqueles outros nos que se vaia renovando o catastro rústico en virtude do establecido no artigo 31 da mesma lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor de certas regras de localización e outras disposicións complementarias no ámbito do imposto sobre o valor engadido e do imposto xeral indirecto canario.*

Un. As regras de localización contidas no número 4.º e no número 8.º, en canto a servizos de radiodifusión e televisión, do número un do artigo 70 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, así como o réxime especial previsto no novo capítulo VIII do seu título IX, entrarán en vigor o 1 de xullo de 2003. Igualmente, a regra establecida no número dous do artigo 70 da Lei 37/1992, en relación coas operacións previstas no punto 4.º do seu número un e en relación cos servizos de radiodifusión e televisión citados no punto 8.º deste número, resultará de aplicación a partir da referida data.

Dous. As regras de localización contidas na letra B) do número 5.º e no número 4.º, en canto a servizos de radiodifusión e televisión, do número 2 do artigo 17 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, así como a regra establecida no número 3 do artigo 17 da Lei 20/1991, en relación coas operacións previstas na letra B) do número 5.º e cos servizos de radiodifusión e televisión citados no número 4.º do número 2 deste artigo 17, entrarán en vigor o 1 de xullo de 2003.

Disposición derradeira terceira. *Fundamento constitucional.*

Os artigos 110, 111, 112, 113 e 114 desta lei dícense ó abeiro das competencias exclusivas estatais en materia de telecomunicacións, prevista polo artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución e en materia de normas básicas do réxime de radio, prevista polo artigo 149.1.27.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira cuarta. *Texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado.*

Autorízase o Goberno para que, no prazo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei, proceda á elaboración dun novo texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado que regularice, aclare e harmonice o texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril, e as súas modificacións posteriores, coas disposicións que incidisen no réxime de clases pasivas do Estado contidas en normas con rango de lei.

Disposición derradeira quinta. *Mutualidade xeral xudicial.*

Autorízase o Goberno para que, de conformidade coa natureza pública da Mutualidade xeral xudicial e no marco do establecido na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, proceda mediante real decreto á constitución ou reestructuración dos seus órganos de goberno, administración e representación, determinando a súa composición, o seu funcionamento e as súas atribucións.

Disposición derradeira sexta. *Traballadores autónomos*

No primeiro semestre do ano 2003, o Goberno emitirá informe relativo á situación dos traballadores autónomos que dependen economicamente dun ou varios empresarios, estudando o establecemento dun fondo de garantía en caso de cesamento por causas obxectivas.

Disposición derradeira sétima. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución desta lei.

Disposición derradeira oitava. *Vixencia de determinados artigos relativos ó Xestor de Infraestructuras Ferroviarias.*

Os artigos 23 a 25 desta lei estarán vixentes ata a entrada en vigor do novo marco normativo do sector ferroviario.

Disposición derradeira novena. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2003.

Polo tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 30 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**25413** *REAL DECRETO LEI 10/2002, do 27 de decembro, polo que se amplían os compromisos dos militares profesionais que manteñen unha relación de servizo de carácter temporal coas Forzas Armadas.* («BOE» 313, do 31-12-2002.)

A disposición adicional cuarta da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime de persoal das Forzas Armadas, prolonga ata o 31 de decembro do ano 2002 os compromisos dos militares de complemento e dos militares profesionais de tropa e mariñeiría que, por razóns de idade ou tempo de servizo, finalizarán os seus compromisos antes desa data. Preténdese estender este compromiso ata o 31 de decembro de 2003, para posibilitar que este persoal vexa incrementadas as súas expectativas de incorporación ás Forzas Armadas superando os procesos de promoción interna que a citada Lei 17/1999, do 18 de maio, establece.

Este persoal vería finalizado o seu compromiso o 31 de decembro do ano 2002, de aí a urxencia de estender ese compromiso. Á vista dos escasos días que quedan ata o 31 de decembro, parece imprescindible a aprobación dun real decreto lei para que, con rango adecuado, os que o soliciten poidan ser facultados para asinar un único compromiso ata o 31 de decembro de 2003, á finalización do cal cesarán na súa relación de servizos profesionais.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2002, e en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución,

DISPONGO:

Artigo único. *Compromiso dos militares de complemento e dos militares profesionais de tropa e mariñeiría.*

Os militares de complemento e os militares profesionais de tropa e mariñeiría que, por razón dos límites